
XOSE FARIÑA JAMARDO

MIGUEL PEREIRA FIGUEROA

1836·1986



A DEPUTACIÓN de PONTEVEDRA

Lugo

Sierra del Faro

Monasterio de Carboeiro

Golada

Salinas

Río Deza

Torre de Cira

Caldas de Reyes

Río Ulla

Torres del Oeste

Villagarcía

Cambados

Río Umia

Monte do Castro

Río Lérez

Pontevedra

Río Verdugo

Sanjenjo

Poyo

Marín

Combarro

Río Pontevedra

Isla de Arosa

El Grove

Bueu

Isla Ons

Diputación
Pontevedra
36-1986

Iren-Se

La Cañiza

del

Sur

Arbo

Castillo de Sotomayor

Castillo de Villa-Sobroso

Pont. d. Pago

Redondela

Puente Areas

Tomondar

Río Miño

Portugal

Limón

Rande

Vigo

Río Lerez

Cangas

Bayona la Real

Monasterio
Sta Mª la Real de Oya

La Guardia

Monte Tecla

Islas Cies

A DEPUTACION
de PONTEVEDRA

© COPYRGHT 1986

FARIÑA JAMARDO, Xosé
PEREIRA FIGUEROA, Miguel A.

Impresión:

ARTES GRAFICAS GALICIA, S.A.
Segovia, 15 - VIGO

Edita:

EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL

Fotografía:

MUSEU DE PONTEVEDRA
FOTO RUIZ, Pontevedra
POSTALES FAMA, Vigo
FOTO PINTOS, Pontevedra
FOTO NELSON, Pontevedra

Grabados:

ILUSTRACION AMERICANA

Debuxos:

NUÑEZ GONZALEZ, Rafael

Dirección Artística e Deseño:

NUÑEZ GONZALEZ, Rafael

I.S.B.N. 84-505-3674-X

Depósito Legal: VG-146-1986

XOSE FARIÑA JAMARDO

MIGUEL PEREIRA FIGUEROA

A DEPUTACION de PONTEVEDRA

1836·1986

NOTA:
Polas dificultades técnicas surdidas utilizamos os gráficos cos textos en castelán.

Colabouraron, con distintas aportacions, na realización deste libro os seguintes funcionarios:

- BLANCO FILGUEIRA, Manuel
- CARRO MOURIÑO, Juan
- COVELO NEIRA, José
- CRESPO ALFAYA, Manuel
- DIOS RODRIGUEZ, Manuel
- FERNANDEZ AUTRÁN, Luis
- FERNANDEZ NOGUEIRA, Mª. Soledad
- FERNANDEZ-VALDES RODRIGUEZ, Eloy
- FRAGA ABILLEIRA, Vicente
- GARCIA SANMILLAN, Laureano
- HEREDIA RODRIGUEZ, Carlos
- MARIÑO ACUÑA, Santiago
- OTERO BESADA, Alfonso
- OTERO TANOIRA, Ramona
- PAZ GARCIA, Laura
- PEREZ-ARDÁ CRIADO, Enrique
- PEREZ SUEIRO, Jaime
- PICALLO BAÑOS, José Mª.
- PIÑEIRO NOVO, Marina
- QUINTEIRO BLANCO, Antonio
- RODRIGUEZ GARCIA, José Luis

Outras colaboracións:

- ALSINA GOMEZ-ULLA, Mercedes (Redacción íntegra do apartado "Centro Coordinador de Bibliotecas")
- GARNELO MARIÑAS, Elena (Entidades financieiras).
- LOPEZ MARRAS, César (Plan de Arquivos Municipais).
- NUÑEZ PORTELA, Mª. Jesús (Composición e recolleita gráfica).
- PAREDES PAZOS, Mª. Luisa (Versión galega).
- SANCHEZ-ULLOA VILLAR, Francisco (Pazo Provincial).
- TABOADA MOURE, Pablo (Redacción íntegra dos apartados V.2. Presidentes e V.3. Evolución Política).
- VALLE PEREZ, J. Carlos (Redacción íntegra do apartado VII-7.7. Museu de Pontevedra).
- VILANOVA ARCA, Ana (Cooperación).

SUMARIO

I. PRESENTACION 7
II. INTRODUCCION 17
III. O MARCO LEGAL 21
IV. O MEDIO 29
1. *Territorio* 31
2. *Poboación* 55
3. *Organización territorial* 68
V. O MARCO POLITICO 105
1. *Instauración* 107
2. *Presidentes* 115
3. *Evolución* 128
VI. OS MEDIOS 153
1. *Económicos* 152
2. *Patrimoniais* 168
2.1. As dúas sedes da Deputación 175
2.2. O Castelo de Soutomaior 189
3. *Persoais* 193
4. *Organización Administrativa* 202
VII. AS ACCIONS 205
1. *Agrícola-Gandeiras* 207
1.1. Montes e repoboación forestal ... 208
1.2. Gandeiría 218
1.3. Acuicultura e pesca 227
1.4. Agricultura 233
1.5. Escola Agrícola 240
1.6. Banco de préstamos ós agricultores 245
1.7. Misión Biolóxica de Galicia 250
1.8. Centro Forestal de Lourizán 255

2. *Vías de Comunicación* 261
2.1. A estrada de Vigo a Castela 262
2.2. Estradas e camiños provinciais 269
2.3. Ferrocarrís 291
2.4. Tranvías 301
2.5. Teléfonos 309
2.6. Aeroportos 311

3. *Cooperación* 313
3.1. Evolución 315
3.2. Plans 320
3.3. Electrificación rural 322
3.4. Deportes 324
3.5. Servicio de Recadación 326
3.6. Caixa de Anticipos 327
3.7. Caixa de Aforros e Monte de Piedade 328
3.8. Caixa de Aforros Provincial 332
3.9. Patronato de Turismo 336

4. *Benéficas* 338
4.1. Evolución 340
4.2. Asilo de Anciáns 344
4.3. Cociña económica 345
4.4. Gota de leite 346
4.5. Hospicio-Fogar 349
4.6. Inclusa 363
4.7. Cidade Infantil "Príncipe Felipe" . 371

5. *Sanitarias* 382
5.1. Evolución 384
5.2. Instituto Antipestoso 387
5.3. Instituto Antirrábico 388

5.4. Instituto Antibaccinóxeno 389
5.5. Instituto Provincial de Hixiene . . . 390
5.6. Loita contra o lepra 391
5.7. Loita contra a tuberculose 392
5.8. Sanatorio Gil Casares 393
5.9. Hospital Provincial 397
5.10. Hospital Psiquiátrico do Rebullón 415

6. *Educativas* 421
6.1. Evolución 422
6.2. Instituto de Segunda Enseñanza . 426
6.3. Escuelas Normales 431
6.4. Escuela de Artes y Oficios 439
6.5. Colegio de Sordomudos de La Lanzada 441
6.6. Escuela de Formación Profesional 444
6.7. Escuela Universitaria de Enfermería 449
6.8. Centro Regional de la UNED 452
6.9. Escuela de Canteiros 454

7. *Culturales* 458
7.1. Becas y pensiones 462
7.2. Bienales de Arte 471
7.3. Otras artes 482
7.4. Publicaciones y Bibliotecas 486
7.5. Estudios e investigaciones 499
7.6. Archivos 502
7.7. Museo de Pontevedra 505

I

PRESENTACION



Ilmo. Sr. D. *MARIANO RAJOY BREY*

Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no acto de toma de posesión.

PRESENTACION

Unha das obrigas básicas que temos que vertebrar unha
axeitada responsabilidade pública é a de dar a coñecer
o coñecido dos cidadáns o valor que ten as nosas Insti-
tucións. E por iso que a Corporación que preside o compro-
meta data o 150 aniversario da constitución da Diputación de
Pontevedra, cun oportuno público acto Oficio que ten por
obxectivo dar a coñecer unha Institución da que o públi-
co en xeral ten pouca información ou coñecementos ou, en
todo caso, un coñecemento deformado que, en parte debido ás
diferentes competencias que á Deputación alcanza a Sociedade

A Deputación de Pontevedra foi a última en constituirse das de Galicia, xa que as outras tres fixérono o Longo do mes de novembro de 1.835. Tan a súa orixe, ó igual que as demais Deputacións actuais, no Decreto de Javier de Burgos de 30 de novembro de 1.833 que establece a actual configuración provincial e fixa a capitalidade desta Provincia na cidade de Pontevedra. O Decreto supón o fin do que podería denominarse etapa constituinte das Deputacións Provinciais que se iniciou coa Constitución de Cádiz do ano 1.812.

A partir do mesmo a cidade de Pontevedra pasou a ser Capital da Provincia do mesmo nome e sede da Xunta da Deputación Provincial. Constitución que como establece o Artigo 141-2 da actual Constitución española ten recoñecida "o gobirno e a Administración autónoma da Provincia".

Dicía Otero que existe gracias a capacidade e o esforzo de dúas persoas, unha delas da muller, lembrado hai días no Salón de Sesións da Deputación D. Xosé Fariña Jamardo, magnificamente secundado por D. Miguel Pereira Figueroa, Arquiveiro - Bibliotecario da Corporación Pontevedresa, recibindo dun xeito igual por o mesmo tempo elevados os aportes, tanto da labor da Deputación de Pontevedra nos últimos 150 anos. Poderíamos dunhas notas sobre a evolución lexislativa e política da Deputación, o lector podería atopar nel aportes, algúns a lo seguro descoñecidos, de grande incidencia na vida desta Provincia. A importancia que ten esta Institución ao longo ou tempo tanto o económico, sanitario, cultural agrícola ou de infraestruturas, salta á vista tan paladinos do mesmo.

É para que as dúvidas da necessidade das Deputações chegando a muitos inclusive à sua existência, é fundamental a sua leitura: quiçais hoje em dia nem deles muitos das competências que este exerciam, pois é o caso - que ao longo de 150 anos adquiriu um prestígio e uma incidência tal na vida das pessoas que a sua existência faça mais necessária que nunca, e é pelo mesmo, mexime na situação atual da vida espanhola na que aparecem as Comunidades Autónomas, uma nova regulação das mesmas que, coloca com Constituição espanhola, as configure como sujeitos das interesses especificamente provinciais e em particular, como órgãos de apoio dos pequenos municípios, os que os seus mínimos recursos não lhe permitam subsistir sem o apoio dum órgão supramunicipal.

Na esperanza de que por parte de que tenga-
cidade para iso así o/agra e de que este dito lle,
bxa a todos vosotros de utilidade, agradecendo ós
seus autores o traballo realizado, invitollos a o/bxi-
dar os apaixoante temas que a lectura do mesmo
suscita.

Gijón



II

INTRODUCCION

Cando, hai un ano, o Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Mariano Rajoy Brey, nos encargou a preparación dun libro onde se resumisen os avatares, actividade, problemas e realización da nosa Deputación nos cento cincuenta anos de vida que cumprirá o 12 de febreiro de 1986, como testemuña e recordo do pasado, e constancia e acicate no futuro, o problema fundamental con que nos atopamos, ademais da falta de estudios, investigación e precedentes bibliográficos, e do escaso tempo de que dispoñiamos, en relación coa magnitude da obra, foi o de determina-la estructura do libro e o seu contido.

En comenzo, o libro se concebía para acadar dous obxectivos —aparte de festexar unha efemérides—; que os habitantes da provincia puidesen coñecer básicamente o que significa e representa unha entidade, ignorada por uns, mal coñecida por outros, e denostada por algúns, chamada Deputación Provincial; e o que fixo realmente, ó longo e ó ancho do seu século e medio de existencia, a nosa de Pontevedra, na súa teima de cubrilo obxetivo para o que foi creada de "promove-la prosperidade da provincia".

Non se trataba, xa que logo, de facer unha historia ó uso, senón a historia singular dunha institución pública destinada ó goberno económico-político da provincia, segundo rezaban as primeiras instruccións para dito goberno de 1813 e 1823.

Por outra banda, para que o lector de hoxe puidera comprende-lo porqué a Deputación de Pontevedra desenvolveu a súa actividade en distintos eidos, segundo as épocas, e con distinta intensidade, e abandonan unhas actividades para centrarse noutras, consideramos necesario facer unha síntese da evolución, neste século e medio ben cumprido, do marco lexislativo, tan variado como diferente, e en ocasións efímero, no que as Deputacións tiveron que se mover, tanto as decimonónicas "superiores xerárquicos dos concellos", como as do presente século, entidades locais destiñadas a complementa-la acción municipal e a desenvolve-la supra-municipal.

E oferecerlle tamén unha descripción somera do medio físico ou territorio no que a Deputación de Pontevedra extende a súa acción; das características da súa poboación, e organización territorial, é dicir, os soportes físico e humano, que determinan a súa razón de ser e existir; para pasar logo a examina-los órganos do goberno, como responsables do pulo e administración dos intereses provinciais, a súa evolución política, e os feitos máis significativos da mesma.

E como dato obrigado, para poder xulgar accións e omisións, e poder establecer comparanzas, cos medios económicos e persoais con que contaron as sucesivas Deputacións.

E xa, finalmente, unha visión sucinta e apretada das accións desenroladas: benéficas, sanitarias, agrícola-gandeiras, de establecemento de canles de comunicación, educativo-culturais, e de cooperación, nas que con frecuencia se centrou a actuación corporativa deputacional, e que son, en realidade, as que van tecendo cos seus avances e retrocesos, os seus logros e frustracións, a pequena e grande historia da Deputación Provincial de Pontevedra.

Este foi o esquema do que partimos e que pretendemos desenvolver ó longo deste libro, complementado con abondosa ilustración gráfica e fotográfica, sendo as fontes principais empregadas as documentais: libros de actas, boletíns oficiais da provincia, e expedientes administrativos, que se conservan no arquivo da Deputación, con abundancia de datos, nuns casos, que foi preciso seleccionar e resumir nun arduo labor sintetizador, e escasos e con lagoas noutros, como poderán observar ó longo do noso traballo no que, certamente, non estivemos sós, posto que nos axudaron en maior ou menor grao un conxunto de persoas, compañeiros funcionarios a maioría, ós que faremos referencia nas páxinas finais do libro, e a quen agradecemo-la súa desinteresada axuda ó igual que ó noso Presidente e á Corporación Provincial no seu conxunto, que fixeron posible a realización e publicación deste traballo.

Agora ben, o que estas páxinas conteñen, non representan máis ca unha pequena parte, un esbozo se se quer, do que a Deputación Provincial de Pontevedra foi e fixo, neste século e medio de vida que agora cumpre. Quizais a maior virtude do traballo realizado, se algunha ten, se atope en que tentamos abrir un camiño para futuros investigadores, descoañizando un eido virxen no que poderán afondar e obter mellores e máis espléndidos froitos. No que a nós atingue daremos por ben empregado o esforzo feito, se con este libro os pontevedreses comenzan a coñecer mellor o que foi e é a súa Deputación Provincial, que tamén é a nosa.



III

O MARCO LEGAL

A Deputación Provincial como institución legal nace no Artigo 325 da Constitución de Cádiz de 1812: "en cada provincia haberá unha Deputación chamada Provincial para promove-la súa prosperidade, presidida polo Xefe Superior", e se desenvolve nos 173 anos decorridos dende entón en multitude de leis, decretos e instruccións e tamén preceptos constitucionais, sendo o último deles o que formula a Constitución vixente de 1978, no seu Artigo 141.2: "o goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendados a Deputacións ou outras corporacións de carácter representativo". Como é natural nun período de tempo tan delongado a Deputación Provincial como institución e corporación sufreu moitas transformacións e o seu "status" lexislativo, o marco legal de actuación, variou con bastante frecuencia.

As Deputacións actuais son distintas en organización, medios, compoñentes e competencias, das do pasado século, e dentro de cada século as diferencias establecidas pola mudante lexislación, significativas e importantes. Sen ter en conta as múltiples disposicións de rango menor, que na práctica moitas veces son as de maior rango, a lexislación reguladora das Deputacións Provinciais, a partir da Constitución de 1812, foi a seguinte: Lei-Instrucción para o goberno económico-político das provincias de 23 de xuño de 1813; Lei-Instrucción para o goberno económico-político das provincias de 3 de febreiro de 1823; Lei de 8 de xaneiro de 1845, de organización e atribucións das Deputacións Provinciais e a de 2 de abril do mesmo ano de Consellos Provinciais; Lei de 25 de setembro de 1863, para o goberno e administración das provincias; Lei Orgánica Provincial de 21 de outubro de 1868; Lei Provincial de 20 de agosto de 1870; Lei provincial de 2 de outubro de 1877; Lei para o réxime e administración das provincias de 29 de agosto de 1882; Estatuto Provincial de 20 de marzo de 1925; Lei de Bases de Réxime Local de 17 de xullo de 1945 e o seu texto articulado de 16 de decembro de 1950 e refundido de 24 de xuño de 1955; Lei 39/1978 de 17 de xullo de Eleccións Locais; e Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; amén de moitos R.D. algúns fundamentais en orde ó nacemento das actuais provincias e Deputacións e á súa estructura, como o de 30 de novembro de 1833, e o de 21 de setembro de 1835. Certamente algunhas destas Leis tiveron moi curta duración e apenas deixaron pegada, pero outras rexurdiron despois de sucesivas e drásticas derogacións, comō a Lei-Instrucción de febreiro de 1823 que afloraba en cada período revolucionario.

Resulta necesario, polo tanto, o exame, ainda que só sexa somero e nas súas liñas principais desta lexislación, se queremos entende-la actuación das Deputacións Provinciais, e concretamente da nosa, ó longo da súa existencia, porque nel podemos atopa-la motivación e xustificación de moitas actuacións, que no eido legal actual, puideran parecernos desacertadas ou inadecuadas, e que na súa época non só eran acertadas e adecuadas senón que se axustaban á máis pura ortodoxia legal.

Como dixemos ó comenzo, as Deputacións Provinciais teñen a súa orixe no Artigo 325 da Constitución de 1812, que xa transcribimos. O porqué os lexisladores das Cortes de Cádiz crearon as Deputacións, e cal era o obxectivo que pretendían, refléxase no Discurso Preliminar da Comisión, ó presenta-la Constitución, xa que os doceañistas no seu afán por establece-lo xusto equilibrio entre a autoridade do goberno e a liberdade dos cidadáns, consideraron, apartado LXXIII, que "o réxime económico das provincias debe quedar confiado a Corpos que estén inmediatamente interesados na mellora e adiantamentos dos pobos do seu distrito. Corpos que formados periódicamente pola elección libre das mesmas provincias, teñan ademais da súa confianza as luces e coñecementos locais que sexan preciso para promove-la súa prosperidade, sen que a perpetuidade dos seus individuos ou a súa directa dependencia do goberno poida en ningún caso frusta-lo conato e dilixencia dos pobos en favor da súa felicidade".

Para iso, propoñen, apartado LXXV, que o goberno económico das provincias "estea a cargo dunha Deputación composta por persoas elexidas libremente polos pobos do seu distrito e do xefe político e o da Facenda Pública". No canto ó obxectivo, exprésano no apartado LXXVI, ó dicir que os vocais da Deputación "ocuparanse baixo a inspección do Goberno de todo o que poida promove-la prosperidade da provincia en xeral, e os intereses dos seus pobos en particular".

A Constitución de 1812, adica ó goberno político das provincias e das Deputacións Provinciais, no Capítulo II do Título VI, un total de catorce artigos, do 324 ó 337, que son despois regulamentados e complementados polas dúas Leis-Instruccións para o goberno económico-político das provincias de 23 de xuño de 1813 e 3 de febreiro de 1823, que se ben tiveron unha vida breve cinguida ós dous períodos liberais: 1812-1814 e 1820-1823, volveron rexe-la vida provincial a partir do Motín de La Granja e do R.D. de 13 de agosto de 1836, e da Lei de 15 de outubro do mesmo ano ata a posta en vigor da do 8 de xaneiro de 1845, e esta mesma Lei de 1845, despois de derogada volveu ser posta en vigor por R.D. de 16 de outubro de 1856 e R.O. de 18 do mesmo; mentres outras como a de 1863, ou a de 1868, tiveron moi curta vida e as modificacións parciais e reenvios ás anteriores mediante RR.OO. RR.DD. e Leis foron abondosas, ó igual que o foron os pronunciamentos e contrapronunciamentos, ó longo do século XIX.

Por outra banda, e en canto á súa orixe, convertíuse nun lugar común ó afirmar que a organización provincial española non foi máis que un simple calco da francesa. Así o fai constar na "Exposición" o Estatuto Pro-

vincial de 20 de marzo de 1925: ''A nosa organización administrativa Provincial ten notoria ascendencia: calcouse da francesa, a raigame que ''en honor á verdade, debese recoñecer, sen embargo, que a Lei española de 1882, outorgue ás Deputacións unha relativa liberdade de movementos insospeitada na lei do veciño país''. Sen embargo, a Comisión redactora da lei de 1870, segundo propia confesión, non se inspirou no sistema francés, senón no belga, por considerar que o erguer ás Deputacións Provinciais ''ata a altura dos intereses que representan e da grande idea que simbolizan'' podía conseguirse organizando estas corporacións con arreglo ó sistema belga, que non é, en suma, senón o mesmo que rexe nas nosas provincias forais, acomodado ós costumes modernos.

Pola súa parte, os autores do Estatuto de 1925, que rexeitaban, como vimos, o sistema francés, aplican outro: o inglés, e así o declaran, sen paliativos: ''En definitiva a nosa concepción edifícase sobre un dos dogmas que serven de base ó admirable sistema administrativo inglés, modelo e exemplo, como é sabido, de autonomismo san''.

Certamente estas tres influencias ''declaradas'' e outras máis que non o foron, determinaron modificacións de rumbo na organización das Deputacións Provinciais, natureza da que nos di Posada Herrera, que xa en 1843, crian uns que a asociación Provincial ''é un resultado natural, independente da vontade do goberno, atribucións que proveñen da súa mesma natureza e nas cales, polo tanto, non pode ter intervención algunha o lexislador'', mentres que o grande administrativista galego do século XIX, Colmeiro, a firma que a provincia é: ''un todo e a parte dun todo: baixo o primeiro aspecto, ten intereses propios que afectan á súa existencia particular: baixo o segundo, acolle intereses comúns coa nación da cal é membro. Como parte atópase suxeita á autoridade inmediata do Goberno ou ós seus delegados, como todo réxese a se mesma baixo a vixianza da administración superior''. Pero, na ''Exposición'' do Estatuto de 1925, escríbese, que é fácil advertir, ''a orixe legal, puramente legal, que as Provincias teñen no noso dereito constituido'', se ben con posterioridade, Solmi, considera que se pode ''afirmar con certeza que a provincia é un ente natural e necesario o mesmo có concello, non un ente ficticio e artificial, mera creación do lexislador'', referíndose á italiana, e, Lentini, afirma que a doctrina en xeral recoñece, ''que a provincia ten unha base histórica e natural incontestable e real''.

En opinión de Martínez Díaz: ''A Deputación como corpo administrativo encargado da prosperidade da provincia e do fomento dos seus intereses, estivo ben concebida polos seus creadores, pero algo fallou nas previsións lexislativas adicadas a conferirlle a súa propia e axeitada fisonomía e, para diagnosticar e correxi-lo defecto, acudiron a leis sucesivas, a un tecer e destecer que, lonxe de palia-lo problema, agravárono pola poderosa razón de ter desenfocado os fins asignados ó organismo provincial''.

Unha síntese desta evolución lexislativa, dende as Cortes de Cádiz ata a data da súa aparición en 20 de marzo de 1925, ofrécenola a ''Exposición'' do Estatuto Provincial: ''A

Provincia era, ante todo, unha división territorial que o Estado empregaba en pro dos seus servicios e fins; unha circunscripción que o Estado creaba para chegar facilmente coa súa acción e tutelaxe, a tódolos ámbitos e a tódolos cidadáns. Pero a Provincia aparecía tamén como entidade dotada de fins propios que debía promover "a educación da mocedade", e os intereses materiais, e en relación, fundamentalmente; cos Concellos, dos que había ser unha especie de tutor, fiscal, superior xerárquico e ata conselleira espiritoal. Para iso tería cada provincia a súa Deputación, presidida polo xefe político de entón, hoxe Gobernador Civil; e tamén para iso, a Deputación podería distribui-las contribucións entre os pobos examina-los seus presupostos, censura-las súas contas, fiscaliza-las súas eleccións, etc. Todo isto desenvólvese con pormenor na Constitución de 1812, e o que este inmorrente corpo lexislativo sentara, non se desdebuxa no decurso do tempo. Poden lerse e relerse as diversas leis orgánicas da nosa administración provincial promulgadas na pasada centuria, e en todas atoparémonos coa silueta de Deputación que acabamos de deseñar.

A Lei de 1882, hoxe vixente, que é en esencia a de 1870, considera que as Deputacións teñen por fin o fomento dos intereses morais e materiais das provincias, e, ó propio tempo, lles confire prerogativa de superior autoridade sobre os Concellos.

O proceso lexislativo, polo tanto, evoluciona moi pouco dende 1812 ata 1882, en canto á subsistencia vital propia da provincia. Outra cousa sucede respecto á súa estructuración, pero iso non é deste instante.

Pode que, efectivamente "a substancia vital da provincia" evolucionase pouco, pero en canto á súa estructuración a "movida" como o propio Estatuto de 1925 prevé, non deixa de ser importante. Ós órganos de goberno e administración iniciais da provincia: Xefe Político, logo chamado Gobernador Civil, e Deputación, engádense, o Conçello Provincial (1845), sustituido pola Comisión Provincial (1870), que moi cedo deixa de ter funcións de tribunal contencioso-administrativo, conservando as asesoras (1882), para pasar a ser órgano interno e permanente da Deputación que se converte en entidade local e o Gobernador no Delegado representante do Goberno na Provincia (1925). Esta Comisión desaparece e nace a Comisión Provincial de Servicios Técnicos (1950), ó tempo que se considera un novo órgano de Goberno: o Presidente da Deputación, volvendo o Gobernador Civil a ser Presidente nato da Corporación Provincial, para deixar de selo, ó igual cá Comisión Provincial de Servicios Técnicos (1978) e a aparece-la Comisión de Goberno, que na actualidade permanece como órgano da Deputación, en unión do Presidente, os Vicepresidentes, e o Pleno (1985).

Tanto o número de membros da Deputación, que comenzou con sete vocais, logo Deputados, e determinouse sucesivamente, polo número de partidos xudiciais da provincia, ou por agrupacións destes, ou de distritos electorais, segundo base poboacional, ou por escadas en relación con esta base; e as formas de sufraxio: limitado, indirecto,

universal, ó igual que a duración dos mandatos e as condicións para ser elexido Deputado que, ademais de ser natural ou veciño da provincia con residencia ó menos de sete anos e maior de vintecinco, segundo o artigo 330 da Constitución de 1812, habería de ter "o suficiente para manterse con decencia", ou, segundo a Lei de 1863 "unha renda anual de seis mil reais vellón ó menos", condición que desapareceu logo, esixindo só a cidadanía e as xerais estabelecidas para os Deputados a Cortes ou os Concellais; o mesmo que as sesións da Deputación que só tiñan lugar nos períodos sinalados, e que convocaba o Goberno, sen que puidesen exceder de noventa días ó ano, nin durar cada unha menos de catro horas, a non ser no caso, como rezaba o artigo 153 da Instrucción de 1823, de que "absolutamente falten negocios en que ocuparse"; pasando pola creación de Comisións internas especiais permanentes, para o exame e preparación dos negocios, reguladas xa na Lei de 1868, ata chegar ás Comisións Informativas actuais; ou dos Presidentes natos xefes políticos e Gobernadores, ós nacidos no seo da propia Deputación con funcións, carácter e tempo de duración de mandato dispares, e coexistencias máis ou menos pacíficas, que reflexaremos con detalle ó estudia-las da nosa provincia; demostran que as variacións de estructuración e organización foron moitas.

En orde ás facultades das Deputacións Provinciais, foron enumeradas xa polo miúdo no texto da propia Constitución de 1812, da que naceu. Eran, en síntese, segundo o artigo 335 da mesma: 1. Intervir e aproba-lo repartimento feito ós pobos das contribucións; 2. Velar pola boa inversión dos fondos públicos dos pobos e examina-las súas contas; 3. Coidar de que se establezan Concellos onde corresponde que os haxa; 4. Propoñer ó Goberno os arbitrios que crean más convintes para a execución de obras novas de utilidade común da provincia, ou a reparación das antigas; 5. Promove-la educación da mocedade, e fomenta-la agricultura, a industria e o comercio; 6. Dar parte ó Goberno dos abusos que se noten na administración das rendas públicas; 7. Forma-lo censo e a estadística da provincia; 8. Coidar que os establecementos piadosos de beneficencia enchan o seu respectivo obxeto; e 9. Dar parte ás Cortes das infraccións da Constitución que se noten na provincia.

Nas leis sucesivas, con variantes, adaptacións e enumeracións máis ou menos detalladas, estas facultades ou atribucións, que xa na Lei orgánica provincial de 21 de outubro de 1868, denomínanse competencias, conservando o que o Estatuto chamou "a sustancia vital" inicial, e se expresan xa na Lei de 1870 cunha cláusula xeral: "É da exclusiva competencia das Deputacións provinciais a xestión, o goberno e dirección dos intereses peculiares das provincias, en canto, segundo esta Lei ou a municipal, non corresponden ós Concellos, e en particular o que se refire ós obxetos seguintes: 1º Establecemento e conservación de servicios que teñan por obxeto a comodidade dos habitantes das provincias, e o fomento dos seus intereses materiais e morais, tales como camiños, canles de navegación e de rego, e toda clase de obras públicas de interés provincial,

establecementos de beneficencia ou de instrucción, concursos, exposicións e outras institucións de fomento, e demais obxetos análogos. 2º Administración dos fondos provinciais, xa sexa para o aproveitamento, disfrute e conservación de toda clase de bens, accións e dereitos que pertenzan á provincia ou a establecementos que dela dependan...''; con enumeración na de 1882 das tradicionais que á Deputación como superior xerárquico dos Concellos correspondíanlle de revisa-los acordos destes e xirar visitas de inspección para enteirarse do estado dos servicios municipais, contas e arquivo; facultades estas que desaparecen no Estatuto de 1925, onde despois da clausula xeral, faise unha enumeración en 18 apartados das materias que en especial lle competen, dende a construcción e conservación de camiños e estradas, ferrocarrís e tranvías interurbáns, ata a recaudación das contribucións do Estado na provincia, pasando pola desecación de terreos, institucións de beneficencia, hixiene e sanidade, creto popular agrícola, aforro e cooperación, escolas, fomento gandeiro, agrícola e forestal, e conservación de monumentos artísticos e históricos; e que en liñas xerais, aínda que con tres apartados máis, se reproducen na Lei de Réxime Local do 1950, para na vixente de 1985 sinalar como competencias propias as que lle atribúan as leis, e en todo caso: a coordenación dos servicios municipais entre sí para a garantía da súa prestación integral e adecuada; a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios; a prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal; e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia.

No canto das facultades que como superiores xerárquicos dos Concellos tiveron as Deputacións Provinciais ata 1925, o tratadista Martínez Díaz consideraas negativas: ''En Cádiz, reservouse ás Deputacións o goberno económico, non o político, das provincias, mais ós dez anos, ante a penuria financieira, o lexislador, no seu afán de vitalizalas, comete o erro de introduci-la dualidade de ''goberno económico e político'' e proclama-las superiores xerárquicos dos Concellos.

A Deputación víuse implicada no xogo da política, caciqueou na vida municipal e ostentou unha especie de delegación do poder central no lexislativo e executivo, interveu en materia de quintas, eleccións municipais, problemas económico financieiros dos pobos e formou parte dos tribunais contencioso-administrativos, mentras abandonou os seus propios servicios e os reducíu a rexer establecementos benéficos e a reparar camiños veciñais con diñeiro alleo''.

Outros dous aspectos da lexislación provincial decimonónica foron considerados como negativos, non só polos comentaristas, senón polas propias leis de réxime local do século en que vivimos nas súas exposicións ou preámbulos. O primeiro, a falta de executoriedade dos acordos das Deputacións, a subordinación ó Gobernador Civil e ó Goberno Central, e a falta de autonomía: ''Pode dicirse que ata agora as Deputacións non tiveron nin sombra de autonomía. Os seus acordos eran frecuentemente revocables pola Autoridade gubernativa, que tamén podía

suspender ós Deputados; determinadas resolucións esixían previo placet de ditas autoridades; o Gobernador presidía a Deputación con voz e voto, nos seus labores deliberantes; executaba en todo caso os seus acordos, e podía por mil motivos suspendelos indefinidamente. Nunha palabra, non era factible que as Deputacións desen un só paso nin deseñasen decisión algunha, sen a mediación anterior ou posterior do Poder executivo; (Estatuto Provincial de 20 de marzo de 1925). "En verdade, o panorama que ofrecían as Institucións locais finiseculares era desolador. No plano provincial as Deputacións permanecen subordinadas por completo ós Gobernadores Civís..." (Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local).

O segundo, a falta de medios económicos suficientes para cumpri-los fins que determinaron a súa creación, como puxo de releve, entre outros moitos comentaristas, Martínez Díaz: "A enfermidade longamente padecida non foi outra que a insuficiencia de medios económicos indispensables para dar cume ó nobre cometido, de índole local, atinadamente asignado á entidade. Pola súa vitalidade superior á doenza, as Deputacións puideron sobrevivir, non sen triste raquitismo, en espera do fácil remedio.


Naceran certeramente investidas de competencia e de fins a desenvolver, pero non recibiron en par igual proporción os recursos indispensables para dotar obras e servicios, e o desequilibrio conducíu a deformidades e desviacións. A impotencia económica impedíu o desenvolvemento de actividades consagradas ó fomento de intereses locais e derivou cara a intensificación de actuacións exentas de sacrificios pecuniarios..."

E tamén fixérono constar na "exposición" do Estatuto de 1925: "As Deputacións, en efecto, salvo honrrosas excepcións, forzadas a vivir en penuria económica lamentable, só abordaron con amplitude a tarefa política"; ou no discurso que o Ministro Pérez González pronunciou ó presentar nas Cortes a Lei de Bases de 1945: "A provincia é xa, quérano ou non os seus detractores, unha realidade que vive sobre o solar de España. Mais se estamos convencidos disto, tamén estamos convencidos doutra realidade: a da súa descomposición presente, pola falta de medios económicos. Hoxe, o seu órgano representativo, as Deputacións parecen reduci-lo seu cometido ó cumprimento deficiente de funcións benéficas e a recibir, para gastar en camiños veciñais, certas cantidades que lles xira o Ministerio de Obras Públicas".

Tentamos sintetiza-lo marco lexislativo en que tiveron que moverse as Deputacións Provinciais dende o seu nacemento; os principios e obxetivos que determinaron a súa creación, a súa evolución e variacións de estructura, organización e atribucións; e os principais obstáculos e problemas que tiveron que soportar; como unha información necesaria para que o lector poida comprender e xulga-las accións da Deputación Provincial de Pontevedra durante os seus 150 anos de existencia, que enchen as páxinas deste libro, e que xulgamos importantes a pesar de tódalas carencias económicas e lexislativas.

IV

O MEDIO



1

TERRITORIO

O Decreto de 30 de novembro de 1833, que dividíu o territorio español en corenta e nove provincias —división que, en termos xerais, aínda subsiste—, determina e describe a extensión e límites de cada unha delas, facéndoo en relación coa nosa así:

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
A súa capital Pontevedra

Esta provincia linda polo N. coa de A Coruña, polo L. coas de Ourense e Lugo, polo S. co Reino de Portugal, e polo O. co Océano. O seu límite polo N. e o río Ulla, dende a súa desembocadura na mar ata a confluencia do Pambre.

O seu límite L. é a Cordilleira que dende este punto se dirixe á altura do Farelo co nome da Pena por entre as parroquias de San Pedro de Ramil, San Cristobo de Borraxeiros cos seus anexos, Trabancas e os seus pertencentes a esta parroquia e as de Santa Mariña do Castro de Amarante, San Xulián de Facha, San Martiño e San fiz de Amarante, que corresponden á de Lugo. Dende o cume do Farelo pasa o límite á do Penedo ou Castro das Somozas sobre Santa Cristina de Areas, continuando de alí ó Salto de Agoela entre San Estebo deste nome e San Mamede do Salto, que pertence a Lugo. Segue polo cume da cordilleira do Faro, desfiladeiros de pobladura e as Pallotas, polo monte de Pena de Francia, o Testeiro, desfiladeiro das Antas, ó da Portela de Lamas ata o que media entre as parroquias de Barcia e Pesqueiras xunto á ermida de Santo Domingo dividindo sempre as augas do Miño e do Ulla. Dende este desfiladeiro continúa polos montes do Suído, que as dividen, ó Oitaven e ó Abia polo desfiladeiro de Camposancos e altura do Faro de Abión, que as dan ó Abia e ó Tea, descende polos altos do Pedroso, desfiladeiro do Burgo, altura de Chandemoira sobre Melón, e polos confíns orientais das parroquias de Oroso, Ameixeiras e Filgueira sobre o río Miño.

O límite S. é o curso deste río ata a súa desembocadura do mar.

E o límite O. é a costa dende a embocadura do Miño ata a do Ulla, con inclusión das illas de Arousa e Cortegada''.

O transcribir esta histórica delimitación, a través da cal, e do Decreto que a contén, nace oficialmente a nosa provincia, pareceunos necesario; pero queremos reflexar, tamén, as características xeográficas do territorio no que a Deputación Provincial de Pontevedra desenvolveu a súa actividade encamiñada a cubri-lo obxectivo que, segundo o Discurso preliminar da Constitución de 1812, se asignaba ás Deputacións: ''promove-la prosperidade da provincia, en xeral, e os intereses dos seus pobos en particular''. E para iso, como máis axustado ó noso propósito, polo seu carácter, contido e concrección, elixímolo texto que á provincia de Pontevedra e as súas características físico-xeográficas dedica o Nomenclátor do INE, de 1981, recentemente publicado:

''É a provincia de Pontevedra a menor en extensión das catro en que se dividiu o antigo Reino de Galicia. Foi creada como todas, polo Decreto do 30 de novembro de 1833, dos mesmos límites e territorio que na actualidade a constitúen. Formouse englobando a de Tui na súa totalidade, os territorios pertencentes á de Santiago situados ó sur do río Ulla e, por último, os situados ó oeste dos montes Farelo e Serra do Faro, que antes eran da xurisdicción de Lugo. Facilmente se comprende que, ó formar esta provincia, tratouse de asigna-los lindes naturais que, polo seu fundamento xeográfico, superan en transcendencia a todas outras razóns administrativas ou políticas, tan variables ou fugaces.



Río Lérez a seu paso polo Mosteiro de S. Bieito.

No seu aspecto xeral, o territorio da provincia é montañoso. Pola súa arcaica formación, a erosión suavizou os seus montes, verténdose en suaves e amenos vales, dominados por unha intensa vida vexetal que os viste dunha perenne cor verde, surcados por centos de correntes de augas, que forman numerosos ríos, non caudalosos, pero sí dun réxime relativamente constante, constituíndo hoxe o que noutro tempo foi o curso inferior dalgún deles, as incomparables Rías Baixas —verdadeiros vales fluviais sumerxidos—, que dan á súa costa un aspecto sumamente irregular e recortado, en certo modo análogo á costa noruega, cos seus fiordos.

A distribución das terras desta provincia, segundo a súa altitude, pode estimarse así: menor de 200 metros, o 38 por 100; de 200 a 400 metros, o 21 por 100, porcentaxe que se repite entre 400 e 600 metros; entre este último nivel e 800 metros áchase algo máis dun 17 por 100, e tan só un escaso 3 por 100 excede dos 800 metros, sendo moi contados os casos en que o territorio provincial supera os 1.000 metros de altitude. Pode dicirse que a provincia é montañosa, pero, en xeral, sen grandes nin rápidas elevacións.

CARACTERISTICAS XEOGRAFICAS

Provincia marítimo-fronteiriza, situada ó noroeste da Península Ibérica, ocupa o ángulo suroeste da rexión galega. Xeográficamente, localízase así:

Latitudes extremas: Norte, 42º 51' Norte, na parroquia de Portodemouros (Vila de Cruces); Sur, 41º 53' Norte, na punta de Santa Tegra (A Guarda).

Lonxitudes extremas referidas ó meridiano de Madrid: oriental, 4º 12' Oeste, na parroquia de Vilela (Rodeiro); occidental, 5º 15' Oeste, na parroquia de San Vicente (O Grove).

Altitude máxima: 1.187,25 metros sobre o nivel do mar, e corresponde á Serra do Faro (Municipio de Rodeiro), no límite coa provincia de Lugo.

Límites.-

Aproximadamente, o perímetro da provincia constitúeno 535 kilómetros, que se descompoñen en 295 kilómetros de límites terrestres e 240 kilómetros de litorais.

Límite Norte: Coas provincias de A Coruña e Lugo, esta última en moi pequena extensión, uns cinco kilómetros. Soe dicirse que segue o sinuoso cauce do río Ulla, dende a súa desembocadura ata a súa confluencia co Pambre. Esto é tan só unha verdade relativa, por canto o territorio de A Coruña pasa ó Sur do Ulla por dúas veces, unha correspondente ó municipio de Padrón e outra ó de Vedra.

Límite Leste: Coas provincias de Lugo e Ourense. En dirección Norte-Sur, segue o límite coa primeira dende a citada confluencia Ulla-Pambre, polo Pico do Farelo e a Serra do Faro. O límite coa provincia de Ourense presenta a orma dun grande arco —como se ésta restase superficie á de Pontevedra—, que segue os estribos meridionais dos montes Pena de Francia, Foxo do Cabirto, montes do Testeiro, Serra do Suído, Faro de Avión e o monte Pedroso, ata acada-lo río Miño na parroquia de Filgueira (Crecente), polo que continúa ata a súa confluencia co Barxas ou Troncoso.

Límite Sur: segue o curso do Miño ata a súa desembocadura, constituíndo a fronteira con Portugal.

Límite Oeste: co Océano Atlántico. Constitúe a costa da provincia que se extende dende a desmbocadura do Ulla ata a do Miño.

Litoral.-

A costa atlántica nesta provincia preséntase baixo dous aspectos totalmente distintos, isto é, como dúas zonas separadas polo Cabo Silleiro. Ó norte deste é recortada e sinuosa, con abundantes illas e illotes, e o mar intérnase polos vales dos ríos formados polas Rías Baixas, de costas suaves e salpicadas de abundantes praias, pobiños e terras de labor. Ó sur do citado cabo ata a punta de Santa Tegra, sobre a desembocadura do Miño, é abrupta, bravía e pouco accidentada, recibindo de cheo os golpes do océano que rompe nun litoral rocoso e pouco articulado.

Excluída a de Muros, as outras tres Rías Baixas, que reseñaremos, é á que máis propiamente se aplica este calificativo.

Ría de Arousa.-

É a máis articulada e ampla de todas, pero presenta frecuentes illotes e baixos. A súa lonxitude é de 15 millas, e a súa anchura, moi variable, alcanza 8 millas, tendo pouco máis de 4.000 metros na súa boca. No seu seo áchanse as illas de Cortegada e Arousa, illotes de Loraña, Mariña, Tourés, Toxa Grande e Toxa Pequena e outros penascos, además da illa de Sálvora, á entrada da ría. Emplázanse na mesma, os portos de Carril, Vilagarcía, Vilanova de Arousa, Cambados e O Grove, enclavado éste último na península do seu nome. A beira norte desta ría pertence á provincia de A Coruña.

Entre as rías de Arousa e Pontevedra atópase a praia de A Lanzada, batida directamente polo Atlántico, e a punta Cabicastro, na cal comenza a segunda.

Illa de Arousa.



Ensenada de Combarro.

Ría de Pontevedra.-

De contornos máis suavizados que a anterior, alternan nela as praias coas puntas rocosas metidas no mar. É limpa para a navegación; a súa lonxitude é de 11 millas. Nela atópanse os portos de Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Combarro, Pontevedra, Estribela, Marín e Bueu; as praias de Sanxenxo, Areas, Raxó, Samieira, Chancelas, Combarro, Placeres, Portocelo, Mogor, Loira, Ardán e Beluso; punta de Festiñanza, Cabo Udra e punta de Couzo; entre estas dúas últimas ábrese a ensenada de Aldán, de 4 kilómetros de lonxitude.

No interior da ría está a illa de Tambo, é na súa entrada, as de Ons e Oncela ou Onza.

Ría de Vigo.



Ría de Vigo.-


Separada da anterior pola Península do Morrazo, é a máis longa, 18 millas; 9 millas é a anchura á súa entrada, reducida tan só a uns centos de metros no estreito de Rande. Iníciase á súa costa polo norte en Cabo Home, continuando por Punta Subrido, ensenadas de Barra, Liméns e Cangas, co porto deste nome; ensenada do Con, na que se sitúan os portos de Moaña e Meira; puntas de Arroás e Borna, estreito de Rande, ensenada de San Simón coa illa do mesmo nome. Xa na beira meridional: desembocadura do Verdugo, praia de Cesantes e porto de Redondela; seo de ríos, punta da Guía e grande porto de Vigo; porto de Bouzas, cabo de mar, costa areosa con abondosas praias, illa de Toralla, cabo Estai, punta de Meda (no Monte Ferro), frente á cal atópanse os penascos coñecidos por As Estelas e Serralleiras; seo do porto de Baiona e, por último, o cabo Silleiro.

Situadas á entrada desta ría, e defendéndoa dos embates do Océano, atópanse as tres illas Cíes: Monteagudo, Do Faro e San Martiño; as dúas primeiras unidas en baixamar.

Extensión das principais illas:

	Hectáreas
Tambo	32
Ons e Onza	442
Cíes	507
Arousa	600

Extensión.- Coa cifra de 4.391,32 kilómetros cadrados que se dá oficialmente para esta provincia, resulta ser unha das máis pequenas de España. Só supera ás dúas Canarias e ás tres Vascongadas. Os 883.267 habitantes de dereito fanlle alcanzar unha densidade de poboación de 201 habitantes por kilómetro cadrado.



Orografía.-

O estudio de releve desta provincia, como, en xeral, toda a orografía galega, resulta a primeira vista difícil de sistematizar, por presentar as súas montañas formando un conxunto sen alineacións ben definidas.

Pode tomarse, nembargantes, como liña principal a divisoria das augas Miño-vertente atlántica, que constitúe o límite oriental da provincia, e o resto dos montes provinciais como secundarias, que, a xeito de estribos, derrames ou contrafortes desprendidos da anterior, diríxense, uns cara a costa, con orientación predominante de Nordeste a Sudoeste, e outros, nas máis diversas direccións.

Segue a considerada alineación principal a dirección Norte-Sur, desviándose cara o Oeste, aproximadamente, no segundo cuarto do seu percorrido, volvendo logo colle-la súa orientación anterior. Áchase constituída polo Pico do Farelo (951 metros), Serra do Faro, na que cos seus 1.187 metros atópase o punto culminante da provincia, ambos no límite con Lugo. Continúa despois ó Sudoeste, formando xa o límite con Ourense, polos montes do Testeiro; orientándose ó Sur polo Suído (1.020 metros), o Faro de Avión (1.153 metros), prolongación natural que a constitúe o monte Pedroso (1.073 metros), e remata polo monte Chandemoira, no río Miño.

Virxen da Roca
(Baiona)

No partido xudicial de Lalín, e separadas da anterior alineación polo río Arnego, atópanse os Montes do Carrío e a Pena de Francia, que deixan na súa vertente ocidental ó río Deza, val cerrado polo Mediodía, o monte Foxo do Cabirto, e por Occidente, desprendéndose do Testeiro, os montes Coco, Candán (1.020 metros) e Chamor; un pouco máis ó oeste, o de San Sebastián (751 metros) e o de Castrovite. Todos eles constitúen, con frecuentes solucións de continuidade, unha alineación divisoria de augas río Ulla-vertente atlántica, que marcha primeiramente ó Norte ata o río Ulla, volvéndose despois cara o Oeste polo monte Xesteiras —separado do de San Sebastián polo río Liñares—, os montes de Zo ó Sudoeste de A Estrada, e o monte Xiabre, ladeira de ponente que se perde na ría de Arousa.

Do Candán e cara Occidente sae unha terceira alineación formada polos montes da Baiuca, Cádebo, Montouto, Acibal e Castrobe (608 metros), que pechan polo Sur o val do Umia.

A dirección Leste a Oeste que presentan os montes do Testeiro para continuar polos montes do Seixo (990 metros), Abeleira, Pé da Múa e polo monte da Fracha, que domina a capital da provincia.


A península do Morrazo, situada entre as rías de Pontevedra e Vigo está percorrida en toda a súa lonxitude pola serra de Marín, co Faro de Domaio.

Ó ponente do Faro de Avión, separando augas do Oitavén e Tea, atópase o monte Maior, que ten os picos de Couto da Cerca e Couto da Eira que chegan ós 910 metros de altura. Un pouco máis ó Oeste, e en dirección Norte-Sur, sitúanse os montes Galleiro (740 metros), Confurco e o Faro de Budiño, que dividen augas do Tea e Louro, ambos afluentes do Miño.

Arrancando do Galleiro, pechando a conca do Louro a Occidente e dirixíndose ó Miño, aparecen os montes Galiñeiro (709 metros) e San Xulián, xa nas proximidades de Tui, onde é coñecido polo nome de monte Aloia. Ó Oeste do Galiñeiro áchase o monte Sereixo.

Ó Sur de Baiona están, o monte da Groba, cos derrames occidentais que chegan á costa, o monte Torroso e, na extremidade Sudoeste da provincia, o de Santa Tegra.

Arrancando do monte Pedroso e ó sudoeste do mesmo, álzase a serra de Fontefría e os montes de Paradanta, co pico de San Fins (668 metros) e o de San Mamede (691 metros).



Río Umia
a seu paso por Segade.

Hidrografía.-

A natureza amosouse moi pródiga en canto a dotar a esta provincia de correntes de auga superficiais, que serpentean polos innumerables vales que a súa complicada orografía orixina, véndose surcada por infinidade de rianchos e abundantes ríos, caracterizados pola irregularidade do seu caudal, alimentado e sostido por frecuentes choivas.





Torres do Oeste ó pe do río Ulla.

Os dous máis importantes de cantos regan coas súas augas terras pontevedresas non teñen o seu nacemento na provincia; son éstes, o Ulla e o Miño, surcos que a limitan polo Norte e polo Sur, respectivamente. O resto dos ríos netamente provinciais, ou son afluentes dos dous anteriores, do primeiro ou pola súa marxe esquerda e do Miño pola dereita, ou levan as súas augas directamente á costa atlántica, contribuíndo á formación das Rías Baixas.

O Ulla.- Percorre dende o seu nacemento na alta Ulloa, ó oeste das cimas de San Cristobo (Lugo), ata o seu estuario en Catoira, ría de Arousa, onde desemboca, 115 kilómetros. Deles, os 95 kilómetros que constitúen os seus cursos medio e baixo son os que separan as provincias de A Coruña e Pontevedra. Recibe nesta última como afluentes, ó Arnego, Deza e Liñares, que transcurren por amplos vales, decrecentes en extensión canto máis baixo é o curso do Ulla. É navegable para pequeno calado ata Pontecesures.


O Arnego.- Afluente do anterior, de 36 kilómetros de percorrido, a través da chamada terra de Camba.

O Deza.- Río de 47 kilómetros de percorrido, afluente do Ulla e que recibe pola súa esquerda ó Asneiro. Cruza este río a chamada terra de Deza e deixa á súa esquerda a de Trasdeza.

O Liñares.- Nace nos montes do Zo, rega a bisbarra de Tabeirós (A Estrada) e aflúe ó Ulla, despois dun breve percorrido de 11 kilómetros.



Río Deza a seu paso polo Mosteiro de Carboeiro.




Río Liñares bañando a Comarca de Tabeirós.



Río Lérez.



Río Verdugo na desembocadura de Pontesampaio.




O Umia.- Nace en plena Terra de Montes, nas proximidades de Filloi (Forcarei). Río de agreste val superior, pero que a partires de Caldas de Reis, pola que pasa, ensánchase, constituíndo a fértil bisbarra chamada terra do Salnés. Desemboca, despois de 55 kilómetros de percorrido, ó sur de Cambados, na ría de Arousa.

O Lérez.- De 44 kilómetros de curso, nace en terra de montes (monte Coco), pasa por Cerdedo e desemboca, xuntamente co Alba na ría de Pontevedra por esta cidade. O seu principal afluente é o Almofrei.


O Oitavén e o Verdugo.- Nacen ambos na serra do Suído (A Lama), confluén a catro kilómetros da súa desembocadura co nome do segundo, e por Ponte Sampaio verten as súas augas na ría de Vigo. Ata a súa confluencia os seus respectivos cursos son de 19 e 23 kilómetros.

Río Oitavén.





Río Miño
na súa desembocadura
na Guarda.



O Miño.- Dende o seu nacemento, en Fonte Miña (Lugo), ata desembocar no Atlántico entre Caminha (Portugal) e A Guarda, percorre 340 kilómetros, dos cales só uns 85 do seu curso inferior, pola súa marxe dereita, corresponden a esta provincia, na que recibe como afluentes máis importantes ó Ribadil, Deba, Tea, Louro e Tamuxe. Os seus últimos 70 kilómetros sinalan a fronteira con Portugal e é navegable ata Tui.


O Tea.- Ten o seu nacemento no Faro de Avión (Covelo), pasa por Mondaríz e Ponteareas, verte as súas augas ó Miño por Fillaboa (Salvaterra de Miño). O seu curso é de 35 kilómetros.

O Louro.- Aflúe ó Miño, despois do seu nacemento no Galleiro e percorridos 20 kilómetros.

O Tamuxe.- Percorre 14 kilómetros e aflúe ó Miño en Tabagón.

Outros ríos de menos importancia son: o Con, que desemboca na ría de Arousa por Vilagarcía; o Tomeza, que desemboca por Pontevedra na súa ría, e o Lagares ou Castrelo, que percorre o val de Fragoso e verte as súas augas na ría de Vigo, ó oeste de Alcabre''.

O Miñor.- De 12 kilómetros de percorrido polo término municipal de Gondomar, desemboca por Ramallosa no Atlántico.



Río Miñor baixo a
ponte da Ramallosa.

Para completa-la descripción do territorio, e dende outra vertente: a literaria, ofrecémoslles a versión realmente singular e magnífica, chea de encanto, humanidade e poesía, que o grande ALVARO CUNQUEIRO escribíu, en 1980, para o nº 0 da revista da Deputación.



LA PROVINCIA

por Alvaro Cunqueiro

Esta é a máis fermosa parcela da terra galega, deitada dende altos montes ao Océano, que se adentra nela sosegado e cheo de claridade polas rias, é á ribeira do Miño, o noso rio maior. Ten terras esgrevias e abesías de montaña, pro tamén vales fecundos nos que medra o millo, e boca-rribeiras nas que as viñas dan fermosos viños humáns, que son parte esencial da alegría do vivir galego. Ten Pontevedra a riqueza da terra cereal e pratense, e tamén a riqueza do mar, usada polos seus fillos dende os dias dos "concheiros"



prehistóricos. Ten nos altos montes manadas de cabalos salvaxes, que levan os ventos nos seus lombos, e naves no mar, fertil en peixes. Como si fose ún reino antigo. Vilas ten terra adentro, asentadas no medio do vivir labrego e gandeiro, e vilas beira do mar, nacidas do traballo dos ousados pescadores, da aventura cotián da dorna e tamén dos lonxanos caladeiros, en naves maiores. Algunhas destas vilas, Pontevedra, a capital, e Vigo, o gran porto atlántico, foron chamadas a máis altos destinos. Pro tanto nunha parte como noutra, viviu unha tribu, por decila así, soñadora, intelectual, e a ánima relixiosa, o que probou nos petroglifos de Campo Lameiro, na pedra ben labrada dos mosteiros de Acibeiro e de Armenteira, na faciana de Santa Maria dos Mareantes de Pontevedra, nas ducias de eirexas románicas que decoran a paisaxe. Terra de doce vivir e

clima humán, que dende o Ulla ao Miño énchese de pazos, en cuios xardíns, dende fai douscentos anos, frolece unha frol, a camelia, que tanta amistade fixo cos galegos en xeral e cos pontevedreses en particular.

País de ríos, súcan as fermosas correntes de augas caudales, o Umia, o Lérez, o Oitavén, o Tea, e outras fontes nacen nela, medicinaes, salutíferas, con virtudes recoñecidas dende remotos tempos, e usadas polos románs e polos nosos devanceiros. Polos nosos rios suben dende o mar o salmón, o reo, a lamprea, e non hai no mundo pobo máis lampreeiro que o pontevedrés. Pro non sempre foi nesta terra a dozura do vivir, e dende as Torres do Oeste á Catedral de Tui, recoñécense altivas pedras militares, fortes torres que gardaron a terra do normando, en Monterreal de Baiona do inglés, e en Salvaterra a fronteira




miñota. Ainda están en pé hoxe esas pedras como testigos dos dias belicosos. Pro a vida do pontevedrés foi e é unha vida de traballo, dende o arado nos sucos deica á carpintería de ribeira,

dende o ilustre oficio de canteiro á tecedora de redes, e nos novos tempos, nos talleres e nas fábricas grandes e pequenas, nas serrerías e na labranza, e nas colleitas do mar. E non habendo pan pra todos na terra natía, o pontevedrés, como todo outro galego, coñeceu os camiños da emigración ultramariña e da europea. Triste destino da raza dende os dias medievaes, que un quixera ver truncado pra sempre. Porque a xente que néla naceu, ten dereito a vivir neste fermosísimo anaco de Galicia, mormo como o colo maternal. Mais hoxe, agora mesmo, é dia de canto e de loubanza aos altos ermos e montesíos pasteiros, aos piñeiraes que fungan á beira do mar, aos acios que pintan no Salnés, no Condado e no Rosal; ás romerías á Virxe Pelengriña, a Santa Marta, a San Bieito e a San Roque; á alegría do verán e aos mil areás que se tenden



ao sol pra recibir a caricia das ondas; ás feiras das vilas e ás rulas dos portos; aos antigos oficios que aínda seguen entre nós; ás costeiras do mar e ás colleitas, á vendimia e á esfolla do millo...

E tamén sí o xeito de vivir, as gracias de cantar e de decir das xentes, tan grave nas terras interiores, tan vivaz e froleado nas xentes da ribeira. Poucas veces lle haberá sido dada a unha xente unha terra máis adoita pra vivir: o pontevedrés e Pontevedra fixéronse mutuamente, e recoñécese no home o rastro da terra e no rostro da terra o rastro do home que puxo aqui un bosque e acolá un muiño, aqui unha eirexa e acolá un prado, aqui unha fábrica e acolá un peirao, aqui un camiño e acolá unha viña. Hai nesta terra un equilibrio humán e meserudo, que lle concede unha dignidade especial, e lle da dereito á prosperidade e ainda á riqueza. Que é o que este lugués de nación lle desexa a este país pontevedrés, a cuia dozura de vivir está acollido, país no que colorean as laranxas e frole o limoeiro.



2

POBOACION

Cando a Deputación Provincial de Pontevedra nace, o territorio da provincia do seu nome tiña unha poboación de feito de 360.002 habitantes, que era a maior por kilómetro cadrado de Galicia. No Censo de 1981 a poboación elévase a 859.897 habitantes de feito e 883.267 de dereito, que en relación coa súa extensión de 4.477 Km^2., segundo a última rectificación, xa que oficialmente e aínda no Nomenclátor de 1981 fíxase en 4.391,32 Km^2., segue sendo a maior relativa de Galicia, e unha das maiores de España.

A evolución da poboación de feito da provincia, a partir do Decreto do 30 de novembro de 1833, reflexouse nos Censos Oficiais da seguinte forma:


EVOLUCION DE LA POBLACION DE HECHO DE LA PROVINCIA DESDE LA FECHA DE CONSTITUCION DE LA DIPUTACION PROVINCIAL

TOTAL HABITANTES	AÑOS	CRECIMIENTO %
360.002	1833	80,4
411.300	1847	91,8
429.035	1857	95,8
440.259	1860	98,3
451.946	1877	100,9
443.385	1887	99,0
457.262	1900	102,1
495.356	1910	110,6
533.419	1920	119,1
568.011	1930	126,8
641.763	1940	143,3
671.609	1950	150,0
680.229	1960	151,9
750.701	1970	167,6
859.897	1981	192,0

Como se pode apreciar e se expresa gráficamente no diagrama adxunto a poboación da provincia foi aumentando, en maior ou menor medida, de Censo en Censo con excepción de 1887, que presenta un pequeño retroceso de 8.561 habitantes de feito, en relación co de 1877; e fixoo gradualmente, sen grandes alteracións, a non ser no último decenio: 1970-1981, no que o aumento é de 109.196 habitantes, sendo éste aumento no século e medio estudiado de 499.895, o que representa un índice de crecemento poboacional do 238,85%.

Por sexos, a poboación actual de feito, intégrana 408.431 varóns e 451.466 mulleres, con certo predominio femenino, sendo as porcentaxes de 47,5 e 52,5 respectivamente. En canto á de dereito na que o total como xa dixemos, é de 883.267 habitantes, compon-se de 424.803 varóns e 458.465 mulleres, loxicamente máis equilibrada, que representan o 48,09 e o 51,90 do total.

A poboación de dereito, por idades, distribúese polo INE nos seguintes apartados:




Idades	*Varóns*	*Mulleres*	*Total*
0 a 4 anos	40.196	38.823	79.018
5 a 9 anos	41.047	39.075	80.122
10 a 14 anos	39.958	38.339	78.297
15 a 19 anos	37.166	36.143	73.309
20 a 24 anos	34.745	33.527	68.271
25 a 29 anos	29.964	29.819	59.783
30 a 34 anos	29.773	29.963	59.736
35 a 39 anos	27.140	27.564	54.703
40 a 44 anos	23.018	24.278	47.297
45 a 49 anos	27.206	29.218	56.424
50 a 54 anos	23.174	25.634	48.808
55 a 59 anos	19.157	23.059	42.215
60 a 64 anos	15.973	21.593	37.566
65 a 69 anos	14.192	19.396	33.588
70 a 74 anos	10.663	17.578	28.240
75 a 79 anos	6.517	12.556	19.073
80 a 84 anos	3.207	7.416	10.623
85 e mais...	1.707	4.485	6.192
TOTAL....-	424.803	458.465	883.268

A través dos datos da pirámide de idades vemos que a poboación pontevedresa menor de 40 anos é de 553.239 persoas, que representan o 62,64% do total, e que a de 70 e máis anos, que suma 64.128 persoas, alcanza só o 7,26%. Do grupo de ata 40 anos os menores de 15 anos son 237.437, o que supón un 42,91% do seu grupo, e un 26,88% da poboación total da provincia. En canto a sexos, dentro dos menores de 15 anos, hai máis varóns, 121.201, que mulleres, 116.231, que en porcentaxes representan o 51,04 e o 48,95; mentres que nos de 70 e máis anos, cun total de 64.128 persoas o predominio das mulleres é notorio, 42.035, e só 22.094 varóns, ou sexa o 65,54 e o 34,45% respectivamente o que pon de releve que as mulleres son realmente as que alcanzan máis anos de vida.


Polo que se refire ó estado civil das persoas, a poboación de dereito está composta por 422.473 solteiros, 402.551 casados, 52:248 viúdos e 5.966 divorciados e separados, que representan o 47,83; 45,58; 5,92; e 0,67% respectivamente, dos 883.268 habitantes de dereito da provincia.

Estas cifras descompóñense por sexos da seguinte forma:



Mentres o equilibrio entre os solteiros varóns e mulleres é case total, pois non chega ó milleiro a diferencia en máis dos varóns solteiros; é notoria, a diferencia entre viúdos, 9.611, e viúdas, 42.637, que representan un 18,39% de varóns e un 81,61% de mulleres, verdadeiramente significativo, e do que pode deducirse que as mulleres soportan mellor os avatares da vida matrimonial cos varóns.

POBLACION RESIDENTE SEGUN COMUNIDADES AUTONOMAS DE ORIGEN -1.981



CEUTA	133
MELILLA	132
EXTRANJERO	23.159
NO CONSTAN	839

POBLACION RESIDENTE SEGUN PROVINCIAS DE ORIGEN-1.981



CEUTA	133
MELILLA	132
EXTRANJERO	23.159
NO CONSTAN	839


A poboación provincial, en relación co lugar de nacemento, exprésase numéricamente no mapa adxunto, e cabe sinalar que nesta época de grandes desprazamentos poboacionais 763.758 habitantes, dun total de 883.268, naceron na provincia, o que representa un 86,46% do total, e engadindo ós mesmos os restantes nacidos en Galicia, suman 826.677, ou sexa un 93,59% do total da poboación de Pontevedra.

En relación coa actividade económica que desenvolven, a poboación de 16 e máis anos, que se eleva a 630.792 habitantes, divídese en:



CUADRO DE LA POBLACION OCUPADA

CENSO DE 1981



EDADES	16 a 19	20 a 24	25 a 29	30 a 34	35 a 39	40 a 44	45 a 49	50 a 54	55 a 59	60 a 64	65 a 69	70 a 74	75 mas
POBLACION	17.696	31.391	35.681	36.495	33.166	28.334	32.800	27.388	20.913	13.456	4.801	1.924	1.501

TOTAL 285.546

Como curiosidade, polo seu carácter singular anotamos que as persoas de 75 e máis anos, 1.058 traballan na agricultura, 280 nos servicios, 92 na industria e 41 na construcción; e das que traballan na agricultura, 580 son mulleres e 478 varóns, con proporción semellante en servicios: 150 mulleres e 130 varóns.

A poboación económicamente inactiva comprende:

Retirados, xubilados e pensionistas	103.013
Rendistas	1.017
Escolares e estudiantes	30.618
Labores do fogar	155.917
Incapacitados permanentes para o traballo	9.268
Outros inactivos	3.293
TOTAL	303.126

dos cales son varóns, 69.523, e mulleres 233.602.

En canto ó nivel de instrucción da poboación pontevedresa de 10 e máis anos, obtemos do estudio sobre características de poboación do INE, referido á nosa provincia, os seguintes datos:

Analfabetos	41.924
Sen estudios	93.652
Estudios 1º grao completos	211.796
Estudios 1º grao incompletos	131.896
Estudios 2º grao ciclo 1º completos	78.738
Estudios 2º grao ciclo 1º incompl.	62.354
Estudios 2º grao 2º ciclo completos	14.981
Estudios 2º grao 2º ciclo incompl.	47.916
Estudios 3º grao, esc. univ. compl.	16.924
Estudios 3º grao, esc. univ. incompl.	3.795
Estudios 3º grao, facultades univ. E.T.S., doctorado completos	10.955
Estudios 3º grao, facultades univ. E.T.S., doctorado incompletos	7.937
Non clasificados ou non ben especif.	1.249
TOTAL	724.127





Cidade de Vigo.

A densidade de poboación non é a mesma en todo o territorio provincial, producíndose a maior concentración nos municipios ribeireños das Rías, alcanzando unha media, os cinco da de Pontevedra, de 474 habitantes por km^2., e os oito da de Vigo, de 992. As máis baixas densidades, atopámolas no interior e bisbarras lindantes coa provincia de Ourense, sendo os municipios de menor poboación relativa que non chegan a alcanzar os 30 habitantes por km^2.: A Cañiza, 12; A Lama, 27; Fornelos de Montes, 28; e Rodeiro, 28. Non chegan ós 50, seis máis; Campo Lameiro, Cotobade, Dozón, Forcarei, Agolada e Oia. Os que superan os 500 habitantes por km^2. son: Vigo, 2.365; cunha notabilísima diferencia sobre os demais, e séguenlle, Vilagarcía, 625; Marín, 572; Pontevedra, 554; Cangas, 546; Cambados, 537; e Redondela, 523. En canto ás tasas de crecemento, podemos dicir que están en relación directa coa densidade de poboación sendo positivas en maior ou menor grao nas cidades, vilas e zonas das Rías, e negativas nas zonas rurais e de menor densidade poboacional.




Cidade de Pontevedra.

E para completar estas breves notas sobre a poboación da provincia de Pontevedra e as súas características, dirémoslles que os seus habitantes viven en 6.294 entidades singulares de poboación das que, segundo o Nomenclator do INE de 1981, tres son cidades: Pontevedra, Vigo e Tui; 34 vilas; 934 aldeas; 347 caseríos; e 4.976 lugares. Un total de 126.559 familias que suman unha poboación de feito de 477.341 persoas, residen en núcleos de poboación agrupada, ocupando 170.056 vivendas e aloxamentos. Os restantes 382.556 habitantes agrupados en 95.984 familias, residen en núcleos diseminados e ocupan 114.357 vivendas familiares e aloxamentos. As tres cidades referidas teñen unha poboación, no casco urbano, de 171.210 habitantes Vigo, 258.724, o término municipal; 38.682 Pontevedra, 65.137, o municipio; e 4.458 Tui; 14.975 a totalidade do término municipal.


Cidade de Tui.






3


ORGANIZACION TERRITORIAL







Dende que a Constitución de Cádiz de 1812, determinou que "para o goberno interior dos pobos haberá Concellos" e no seu artigo 310 dispuxo: "Porase Concello nos pobos que non o teñan, e en que conveña o haxa, non podendo deixar de habelo nos que por sí ou coa súa bisbarra cheguen a mil almas, e tamén sinalaráselle término correspondente"; iniciouse o proceso para a creación dos Concellos chamados constitucionais, en sustitución da organización municipal do antigo réxime, que en Galicia asentábase fundamentalmente nos coutos e xurisdicións.



Pero o proceso de creación de novos concellos e o sinalamento dos términos municipais conseguintes, non foi fácil e estivo suxeito á pugna de intereses "pueblerinos" e persoais de concepcións contrapostas, e vaivéns políticos que convertiron ás súas primeiras etapas nun continuo tecer e destecer como o pon de manifesto o que os concellos nacidos ó amparo da Constitución de Cádiz e da Instrucción do 23 de xuño de 1813, coa chegada de Fernando VII e a súa proclamación como Rei absoluto, desaparezan, xa que por R.D. do 4 de maio de 1814, o Rei declara "Nula e sen ningún valor" a Constitución de 1812, á igual que tódolos Decretos das Cortes de Cádiz, e en consecuencia a división territorial volve ós coutos e xurisdicións do antigo réxime.


A sublevación de Riego en Cabezas de San Juan é a causa, de que Fernando VII teña que volver a restablecer a Constitución de 1812, pósta de novo en vigor ó igual que a Instrucción do 23 de xuño de 1813, que por Decreto do 7 de marzo do 1820, retornando ós Concellos constitucionais e á súa reimplantación, completando o marco legal para a súa instalación e funcionamento, a Instrución para o goberno económico-político das provincias do 3 de febreiro do 1823. Pero neste mesmo ano, a volta ó poder absoluto de Fernando VII apoiada polos Cen Mil Fillos de San Luis, conduce ó Decreto de 1º de outubro de 1823, que deroga toda a lexislación constitucional, e con ela a división territorial nacida ó seu amparo, restablecendo por segunda vez a do antigo réxime.

Nos dous períodos liberais do século XIX, de tan curta duración, e con maior amplitude

e extensión no segundo, establecéronse e funcionaron no territorio da nosa provincia, un total de 147 Concellos, agrupados en once partidos, que sustituíron ás 107 entidades territoriais: 38 coutos e 69 xurisdiccións, existentes no antigo réxime, e que retornaron ó finalizar cada un dos dous indicados períodos.

En canto á división en provincias, que a Constitución de Cádiz dispuxo, e o establecemento das súas respectivas Deputacións provinciais, no que a Galicia e á de hoxe provincia de Pontevedra se refire, ante as dificultades xurdidas na súa creación, as Cortes, en 13 de maio de 1812, dispuxeron se procedese a constituí-las Deputacións Provinciais nos territorios a que facía referencia o artigo 10 da Constitución, na que Galicia figuraba como unha soa provincia e por conseguinte despois do proceso electoral correspondente, o 19 de marzo de 1813 constitueuse en Santiago a Deputación Provincial, única para toda Galicia, que ós dous meses, o 13 de maio de 1813, trasladouse a A Coruña, cidade na que funcionou como tal Deputación ata o 27 de xuño de 1814, data na que cesou no exercicio das súas funcións, dando cumprimento ó R.D. de 15 de xuño do mesmo ano, que suprimíu as Deputacións Provinciais.


No segundo período liberal, e como consecuencia do restablecemento do réxime constitucional polo Decreto de 7 de marzo de 1820, volve establecerse en A Coruña a Deputación Provincial de Galicia o 9 de xullo de 1820, funcionando como tal ata o 13 de abril de 1822, en que se extingue como Deputación única, para dar paso ás novas catro



provincias e Deputacións galegas, creadas polo Decreto de 27 de xaneiro de 1822, de: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, que se instalaron nas súas respectivas capitais nos meses de maio e xuño de dito ano de 1822, facendoo a Deputación provincial de Vigo, precedente da actual de Pontevedra, e que abarca o seu mesmo territorio, o día 24 de maio.

Pero a volta ó absolutismo e a derogación da lexislación constitucional polo Decreto de 1 de outubro de 1823, trae consigo a desaparición das deputacións recén nacidas, e que non chegaron a alcanzar o ano e medio de vida.

Dez anos despois, o R.D. de 30 de novembro de 1833, de Javier de Burgos, establece unha nova división provincial para España na que continuan as catro provincias de Galicia, aínda que coa variación de que a de Vigo pasa a chamarse de Pontevedra, cidade na que se asenta a capital da mesma e da súa Deputación Provincial, iniciándose un lento e complicado proceso que conducirá á instalación definitiva destas novas Deputacións Provinciais, que ten lugar, no que as de Galicia se refire, no mes de novembro de 1835, as de A Coruña, Lugo e Ourense, facéndoo a de Pontevedra, tres meses despois, o 12 de febreiro de 1836 e continuando ata os nosos días nos que se cumpre o século e medio da súa constitución.



Outra división territorial importante, que serviría de base electoral e de xestación de servicios e de primeira agrupación de municipios, foi a dos partidos xudiciais. Establecidos xa éstos nos dous períodos liberais, de principios do XIX, na etapa que estamos examinando é o R.D. de 21 de abril de 1834, en relación co de 30 de novembro de 1833, e no seu artigo 1º, no que efectúa a división das provincias en partidos xudiciais. Na de

Individuos que componen las Comisiones de los Partidos Judiciales, que han de intervenir en el establecimiento de los Ayuntamientos Constitucionales segun se indicó ya en el Boletin número 94 con arreglo á las instrucciones que particularmente se les comunican.

PARTIDO JUDICIAL DE PONTEVEDRA.

Srs. Coronel D. Fernando Saravia.
D. Antonio Pardo Lis.
D. Ramon Gonzalez Cadavid.
D. Ramon Godoy.

PARTIDO JUDICIAL DE LA CAÑIZA.

Srs. D. José Rivera y Gil.
D. Pedro Vazquez y Puga.
D. José Maria Araujo.

PARTIDO JUDICIAL DE CAMBADOS.

Srs. D. Ricardo Bobo.
D. Antonio Saumartin.
D. Ventura Lis y Congil.
D. Francisco Javier Serrapio.

PARTIDO JUDICIAL DE CALDAS DE REYES.

Srs. D. José María Muliarte y Eudarro.
D. Lorenzo Varela.
D. Pedro Felipe Cobian.
D. Joaquin Rey Vasadre.

PARTIDO JUDICIAL DE LALIN.

Srs. D. José Crespo.
D. José Ulloa.
D. José Maria Teijeiro.

PARTIDO JUDICIAL DE LA LAMA.

Srs. D. Tomas Huet.
D. José Lis.
D. Manuel Araujo y Alcalde.

PARTIDO JUDICIAL DE PUENTEAREAS,

Srs, D. Rafael Manteca.
D. Juan Caballero.
D. José Maria Pesqueira,

PARTIDO JUDICIAL DE REDONDELA.

Srs. D. Francisco Saucho Gutierrez.
D. Manuel Araujo.
D. Antonio Rubin.
D. José Veiga.
D. Francisco Maria Romay.

PARTIDO JUDICIAL DE TABEIROS.

Srs. D. Antero Rubiu de Oroña,
D. Juan Otero.
D. Manuel Otero.
D. Andres Antonio Raposeiras,

PARTIDO JUDICIAL DE TUY.

Srs. D. José Gamboa y Ortiz,
D. Florencio Rodriguez Bamonde.
D. Antonio Medrano.
D. Lorenzo Cuença,

PARTIDO JUDICIAL DE VIGO.

Srs. Brigadier D. Sebastian Cuesta,
D. Leopoldo Menendez,
D. Vicente de Vicente,



Pontevedra permanecen os once anteriores co cambio de Bemposta por Tabeirós. Estes partidos xudiciais nacidos do R.D. do 21 de abril de 1834, son os que van servir de base para a designación dos Vocais-Deputados que constituirán en 12 de febreiro de 1836 a primeira Deputación Provincial de Pontevedra. Levaban o nome do pobo no que estaba a capital, e foron os seguintes: Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, A Lama, Lalín, Pontevedra, Ponteareas, Redondela, Tabeirós, Tui e Vigo, que cos mesmos nomes, salvo nos casos de Tabeirós e A Lama, que pasaron máis tarde a chamarse e establece-la súa capitalidade en A Estrada e Ponte Caldelas, subsistiron en términos xerais ata que a aplicación do Decreto de 11 de novembro e a Orde de 14 de decembro do 1965, de reforma xudicial, fan que a partires de 1968 o número de partidos xudiciais territoriais da provincia, que non o número de xulgados, disminúa, e quede reducido a sete, aínda que posteriormente se cree un novo: o de Vilagarcía de Arousa, pasando polo tanto a ser oito, os actuais.

Houbo ó longo do século e medio que estudiamos unha continuidade no mantenemento dos once partidos xudiciais da provincia, que podemos chamar tradicionais, ata o punto de que bastantes expedientes de segregación e agregación de parroquias dun a outro municipio, lindantes pero pertencentes a distintos partidos xudiciais, non prosperaron porque de facerse alteraban e modificaban a división xudicial. Isto non quere dicir que non se producisen incidencias, nin

Posiciones principales del Distrito Judicial de Cambados

.....Demarcacion de los ayuntam.tos

=====Demarc.n del distrito judicial

. Villa.


Parroquia

. Lugar.

1 -- Ayuntam.to de Cambados
2 -- Ayuntam.to del Grove.
3 -- " del Carril
4 -- " de Villagarcia
5 -- " de Loid
6 -- " de Vilanova
7 -- " de Vilasaño
8 -- " de Sangenjo
9 -- " de la Isla de Arosa.

















existisen problemas en relación coa mesma. Dúas vilas importantes da provincia: Baiona e Cangas, aspiraron a ser cabeza de partido xudicial e loitaron por elo, sen conseguilo. Cangas solicitao en 1835, e volve interesa-la súa creación en 1843, os argumentos expostos son moitos e o expediente voluminoso, pero a resolución favorable non se produce. Tamén Baiona, en 1836, fai unha exposición á S.M. interesando a creación en Baiona dun partido xudicial, segregado do de Vigo, que merece informe favorable do Xefe Político, pero que non obtén unha resolución afirmativa, polo que, en febreiro de 1844, volve á carga, e alega que Baiona tivo sempre Correximento integrado polos 22 pobos do Val Miñor, e por outras razóns, nas que se apoia a Deputación Provincial para informar favorablemente o expediente, que da orixe á R.O. de 11 de marzo de 1846 na que se dispón: "que sen facer alteración por agora nos límites do referido partido xudicial de Vigo, téñanse presentes as observacións que fai na súa instancia o Concello de Baiona, cando se trate do Proxecto de nova división do territorio".

Pero a nova división do territorio cando se proxectou despois, en lugar de crear máis partidos xudiciais, intentou a desaparición de algúns. Neste senso o R.D. de 27 de xuño de 1867, dispuxo a supresión dos xulgados de 1ª instancia de Ponte Caldelas e Redondela, e a Deputación de Pontevedra en sesión de 28 de xullo de 1867, acordou quedar enteirada de que os Deputados dos partidos suprimidos, conforme á R.O. de 4 de xuño

de 1867, continuarían no cargo ata que se efectuara a renovación parcial dos compoñentes da Corporación. En sesións do 27 de setembro de 1867 e de 4 de marzo de 1868, a nosa Deputación examina para informe, un anteproxecto de nova división territorial, tanto municipal como de partidos xudiciais, e propón que os once partidos se queden reducidos a nove, coa desaparición dos de Ponte Caldelas e Redondela, pasando a integrarse os Concellos que os compoñían nos partidos de Caldas de Reis, Pontevedra, Pontareas e Tui. Pero continuaron os once, e despois doutros acordos e trasacordos, xa neste século, a Deputación ten que emitir informe en relación con outro proxecto de demarcación xudicial do territorio da Audiencia de A Coruña, na parte que afectaba á provincia de Pontevedra, e faino en sesión do 27 de maio de 1927, expoñendo con amplitude as razóns polas que considera deben subsistir os xulgados dos que se proxecta a súa desaparición na nova demarcación; Caldas de Reis, Redondela, A Cañiza e Camb ados, ó tempo que piden o restablecemento do Partido de Ponte Caldelas que, unha vez máis, fóra suprimido. A reforma proxectada, dician no que a Caldas se refire "significa con frase gráfica descuartiza-lo partido" e cercenar e reducir un pouco a provincia, pois de levarse a cabo deixarían de pertencer a ela os municipios de Valga e Pontecesures.

En canto ó cambio de capitalidade e de nome dos inicialmente chamados A Lama e Tabeirós, antes de que se fixese efectiva a "nova planta" dos Concellos da provincia,















C O R
Ria de Arosa
Isla Arosa
Isla Salvora
Cambados
Peninsula de Grobe
Grobe
Ria de Pontevedra
Redondela
Vigo
Ria de Vigo
Puerto de Bayona
Cabo Silleiro
Pta Nariz del Basar
Amorin
Valença do Minho (P)
Caminha (P)
Villa Nova de Cerveira
Rio Minho
Longitud del Meridiano de Mad
PORTU











A
Tabeiros
Lalin
PONTEVEDRA
Signos convencionales.
CAPITAL de Estado
CAPITAL de Provincia
Cabeza de Partido
Pueblo con Ayuntamiento
Pueblo ó Lugar
(T) Estacion telegráfica
Canales.
Los faros están indicados por círculos cuyo rádio es el alcance de su luz.
Límite de Estado
Id. de Provincia
Id. de Partido
Ferro-carriles
Id. en construccion
Carreteras
Id. en construccion
La sonda y las elevaciones del terreno estan expresadas en métros.
Los ayuntamientos que no tienen calidad recib de su nombre, se ponen entre paréntesis en la localidad cabeza de ayuntam.to
Escala en leguas.
Escala en kilómetros
J. Ramos grabo.







no 3 de setembro de 1836, as aínda xurisdicións de Caldebergazo, Cotobade, Pontesampaio e Soutomaior, que eran as que compoñían o partido xudicial de A Lama, solicitaron que a capital do partido, establecida na parroquia de San Salvador de A Lama, se trasladase a Ponte Caldelas, pero non se autorizou, ata que a R.O. do 4 de marzo de 1845 atendendo unha solicitude de tres dos catro concellos do partido, dispuxo o traslado interesado ó pobo de Ponte Caldelas ''atendidas tódalas favorables circunstancias que concurren neste e fanno máis apropiado'', e aínda que contra esta R.O. recurriron os concellos de A Lama e Cotobade, a mesma foi modificada e o traslado da capitalidade, non sen algún pequeno incidente burocrático, realizouse. O recoñecemento e autorización oficial para o cambio de nome e capitalidade entre Tabeirós e A Estrada non tivo lugar ata 1869, pero de feito e desde 1841, o xulgado xa viña funcionando en A Estrada.


Como xa dixemos, a aplicación do Decreto de 11 de novembro de 1965, xenera as seguintes Ordes de supresión de xulgados de primeira instancia e instrucción na provincia de Pontevedra: 4 de abril de 1968, o de Caldas de Reis, que pasa a depender con tódolos concellos que o compoñían do de Pontevedra; 9 de novembro de 1968, o de Ponte Caldelas, que queda adscrito integramente no de Pontevedra; 7 de xullo de 1970, o de Redondela, do cal se anexionan ó partido xudicial de Vigo os municipios de Redondela e Pazos de Borbén; ó de Pontevedra, os de


Soutomaior e Fornelos de Montes; e a Tui, o de Mos; 30 de marzo de 1971, o de A Cañiza, que se incorpora integramente a Ponteareas.

Por outra banda, a Lei do 31 de marzo de 1982, creou o xulgado de primeira instancia e instrucción de Vilagarcía de Arousa, partido xudicial que quedou formado polos municipios de Vilagarcía e Vilanova de Arousa, segregados do partido de Cambados, e os de Caldas de Reis, Barro, Campolameiro, Catoira, Cuntis, Portas, Pontecesures e Valga, do de Pontevedra. A entrada en funcionamento deste xulgado e novo partido xudicial tivo lugar, con arreglo ó disposto na Orde do 3 de marzo de 1983, o día 1º de xuño de dito ano.

Actualmente está en tramitación un novo proxecto de división en partidos xudiciais da provincia de Pontevedra, no cal, ademais de confirmar os oito existentes, propónse a reinstalación dos tradicionais que foron suprimidos, e créanse "ex novo" algúns máis.


Dende o momento da súa instalación a Deputación de Pontevedra, ó igual que as demais, e en especial as galegas polo seu disperso asentamento poboacional, teñen que ocuparse con urxencia e intensidade da división territorial, que xa, como obrigación primeira lle impoñía a Lei-Instrucción do 23 de xuño de 1813: "sendo do cargo das Deputacións Provinciais coidar do establecemento dos Concellos nos pobos onde non o haxa, nos términos que prevé o artigo 335 da Constitución, deberán tomar razón exacta do vecindario de cada pobo onde haxa de es-





















tablecerse concello, para que se chegara por sí ou coa súa bisbarra a mil almas, establéza-se dende logo; e senon chegara a ese número, pero por otras razóns de ben público conviñera establecelo, fórmese o expediente instructivo que as faga constar; éste expediente e o que a Deputación faga, tamén instructivamente, e o que a Deputación faga, tamén instructivamente, e previos os convintes informes dos pobos da bisbarra sobre sinalamento de término a calquera pobo onde haxa de establecerse novo Concello, serán remitidos polo Xefe Político co parecer da mesma Deputación ó Goberno''.

Estas disposicións ampliadas en canto á forma e contido dos expedientes e á súa tramitación, recóllense na Lei-Instrucción do 3 de febreiro de 1823, artigos 83 a 87 ambos inclusive. Pola súa parte o R.D. do 21 de setembro de 1835, no seu artigo 27, determina que as Deputacións, ademais de elabourar informes ''terán unha intervención necesaria na instrución dos expedientes e informarán dando o seu dictame'' en ''os de división territorial e xudicial e sobre designación de capitais de partido''. Pero este Decreto, como sabemos, aínda que impulsou e facilitou a creación das novas Deputacións, foi de curta duración, e despois do motín de A Granxa, en agosto de 1836, cando éstas daban os seus primeiros pasos, restableceuse a vixencia da Lei-Instrución do 3 de febreiro de 1823.

Pero a división territorial municipal que se estructura e empeza a poñerse en vigor en 1836, faise fundamentalmente na maioría




das provincias españolas, con arreglo ó disposto no R.D. para o arreglo provisorio dos Concellos do 23 de xullo de 1835, se ben nas de Galicia, a aplicación do artigo 4º do mesmo, en canto dispoñía que "se a poboación estivese dispersa e sen centro de reunión", "marcaríase o territorio correspondente a cada Concello, que non debería exceder de catro leguas en cadro, nin dunha poboación de 500 veciños, pouco máis ou menos. Nos casos referidos ó Gobernadores Civís formarán os correspondentes expedientes nos términos máis sinxelos, e dirixiranos á soberana aprobación da S.M."; prantexou moitos problemas. Dispoñía tamén "que os pobos que dependen de cidades ou vilas en canto ó seu réxime municipal, poderán solicita-la formación de Concello propio sempre que a súa poboación chegue a cen veciños, ben sexa por sí sós ou reuníndose con outros pobos lindantes". Os Gobernadores Civís das provincias galegas, expoñen os inconvintes que















presenta a aplicación do R.D. de 23 de xullo de 1835, dirixíndose o de Pontevedra á Raíña Gobernadora de maneira inmediata, o 8 de agosto de 1835, decíndolle que de acordo do R.D. só poderán reorganizarse na provincia os Concellos das cidades de Tui, Vigo e Pontevedra, pero que "os demáis pobos rurais absolutamente ou con aldeas agregadas necesitan constituírse de novo", e que "ó arreglo case total da provincia que resultará por virtude de aqueles non se opón o término municipal de que se fala no artigo 49, porque non se dá onde non existen municipalidades, e no seu lugar deben gardarse os límites parroquiais, como se observou na división territorial".

E o de A Coruña, noutra exposición dirixida a S.M. no 13 de xaneiro de 1836, expresa, na mesma liña que o de Pontevedra, que facéndose "cargo do sistema administrativo municipal que dende tempos moi remotos rexe en Galicia, e do costume en que se atopan as parroquias de nomear un funcionario co nome de maiordomo, vigario ou alcalde pedáneo, demostrou que nada parecía nin máis útil nin máis expédito que aproveitar este elemento e, conforme a él forma-lo arreglo provisorio das municipalidades rurais".

As exposicións dos Gobernadores, deberon ter efecto, posto que o 28 de marzo de 1836, a Raíña Gobernadora suscribíu unha R.O na que dispoñía: "1º.- Que cada parroquia dos pobos rurais nomee de acordo co R. D. do 23 de xullo, un rexidor pedáneo e un teniente. 2º.- Que un número determinado de parroquias circunveciñas designado

polo Goberno Civil de acordo coa Deputación Provincial, forme un Concello, o cal comporase dun alcalde, un teniente, tantos rexidores pedáneos como cantas sexan as parroquias e un procurador xeral''. Así o fixeron, e ó longo de 1836, a partires do mes de xuño foron aparecendo nos boletíns oficiais das catro provincias de Galicia, os Concellos que constituían a nova división territorial municipal, sendo a de Pontevedra a última en completar o que denomina ''Nova planta dos Concellos constitucionais desta provincia'', publicación que fianliza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de agora en diante BOP, do 28 de decembro de 1836.

Pero, cinguíndonos á nosa provincia, a xestación da nova división territorial municipal, que ía sustituir á concebida e posta en marcha nos dous curtos períodos liberais do primeiro tercio do século XIX e a do Antigo Réxime, iníciase tan pronto se publica o R.D. do 23 de xullo de 1835, e aínda antes, pois xa no 18 de xullo de 1834, o Procurador nas Cortes Xerais, José Valladares, autor dun Proxecto de Concellos rurais para Galicia escribe dende Tabeiros ó Gobernador da recén nacida provincia de Pontevedra, dicíndolle que ''Galicia na súa poboación rural presenta unha singularidade que exise regras diferentes, non fáciles de previr para o que non tivera observado moito aquela'', e exténdese nunha serie de consideracións en canto a como debe facerse, ó seu entender, a división territorial na provincia.





















Pola súa banda o Gobernador en relación co R. D. sobre arreglo provisorio dos Concellos, dá o pistoletazo de saída cara o exterior, no BOP do 10 de outubro de 1835, no que se inclúe unha Circular para que os pobos que se achen no caso do artigo 4º ''e crean convirlles usar da gracia que lles concede o mesmo'', dirixan as súas solicitudes ó Goberno Civil ó longo do mes de outubro, pois os que non o fagan así, ''quedarán suxeitos ó arreglo que se fará daqueles corpos municipais no próximo mes de novembro''.


Sinala, ademais, que o pobo que desexe Concello propio, nomeará un representante para que no seu nome dirixa a solicitude, e se varios pobos conviñesen formar un só Concello, cada un nomeará o seu representante que en unión cos outros fará a solicitude. Fixérono así moitos dentro do prazo e fóra del, e o Gobernador designou Comisionados para cada partido xudicial, para que estudiasen e formulasen proposta dos Concellos a establecer nos mesmos.

Constituída xa a Deputación, o Gobernador, como Presidente da mesma, publica unha Circular no BOP do 23 de marzo de 1836, que despois de poñer de releve que: ''a influencia dos Concellos nos pobos, os beneficios que producen ó pro común pequenos sacrificios dos habitantes dunha municipalidade son tan notorios, que sería violenta-la natureza e a política máis recomendable non cooperar á súa perfección, segundo unha experiencia ilustrada e os desexos do Goberno'', e que se ben o R. D. do 23 de xullo, ''para supera-lo desorde existente

na organización territorial e as súas anomalías", prantexa a reforma esixida hai moitos anos, deixou un valeiro respecto de determinadas localidades, que se propuxo encher co nomeamento de Comisionados nos partidos xudiciais, quen prepararon unha división municipal, que é unha proba palpable de "un patriotismo, ilustración e progreso inestinguible" pero que a mesma foi detida "por reclamacións impertinentes, resistencias lugareñas e polo choque do antigo e o moderno".

Da conta logo da tramitación posterior, e dí, que constituída a Deputación, a fin de ultimala, pasou a coñecemento da mesma o voluminoso expediente, e que a Deputación "penetrouse da importancia dun proxecto tan fecundo en resultados benéficos; pois trazados os Concellos en círculos proporcionados á poboación e topografía a acción administrativa será máis eficaz, os recursos para o pro comunal máis fáciles, menos sensibles e vencido ese noxo funesto a tomar parte nas municipalidades onde hai homes que elixir". Pero a Deputación considerou tamén "que non era fácil extender un informe exacto sobre un negocio que require o coñecemento material dos pobos e por iso acordou que cada señor Deputado recollese do seu Partido as novas e datos que podan ilustrar a división para comunicalos á Corporación; e o Gobernador, pola súa banda espera, que tódolos Concellos, autoridades e individuos ilustrados da provincia "non só non presenten obstáculos ás súas operacións, senón que lle suministren cantos da-






tos e novas lle reclame, penetrados de que niso líbrase a felicidade dos pobos, único anceio desta Deputación''.


Pero a Administración Central impacientábase e o Gobernador de Pontevedra xustificábase ante o Ministro da Gobernación cunha nova exposición datada o 31 de agosto de 1836, na que se fala da necesidade de considera-la situación topográfica da provincia, o carácter dos seus naturais e a pobreza dos seus recursos, ó tempo que os malos recordos que teñen as parroquias polos males e perxuicios que nos períodos liberais lles producíu a multiplicidade de Concellos. Refírese igualmente á dispersión das entidades, e ó feito de que ó estar composta a poboación pola clase agricola, non se atopan persoas a quen confia-los cargos municipais e que as entidades non teñen bens propios, e que se se extende a man e se deixan correr ''as intrigas parciais dalgúns que están habituados a vivir do sangue dos pobos'', o número de muncipios pasaría dos douscentos, para os que precisarían dous millóns de reais de presuposto que teríanse que cubrir por repartimento. E ademais, afirma, os cargos municipais sustraerían polo menos mil brazos diarios útiles de labregos, ''que non recollen outro froito de ocuparse en negocios concellís, senón desgastarse e habituarse ó trato de xente que corrompendo a súa boa moral familiarízanse cos pleitos e coas intrigas, ás que quedan afeitos, e de que non soen desprenderse con dano das súas familias''.


No BOP de 1º de outubro de 1836, publícase R. O. de 27 de setembro, en relación cos traballos da división territorial e a súa necesaria conclusión, esperando "do celo e patriotismo desa Deputación Provincial, que contribuirá coa maior eficacia a tan interesante obxecto, remitindo sen demora á comisión presidida polo Director Xeral de Camiños e Canais, as novas ou informes que lle pedise ou pedira en adiante".


As peticións e reclamacións das parroquias afectadas pola división territorial preconizada non só se fan a escala Deputación-Goberno Político, senón que se elevan ó Ministro do ramo e á Raíña Rexente. O Gobernador, informou en novembro de 1836 que "multitude de parroquias mal aconselladas seguramente e descoñecendo a súa verdadeira comenencia, acudiron a este Goberno Civil en solicitude de Concello propio, apoiándose no que pon de manifesto a primeira parte do artigo 4º do citado Decreto do 23 de xullo". Pero a maioría destas reclamacións son informadas desfavorablemente polos Comisionados dos Partidos xudiciais, fundamentándose en que cada crego quixera na súa parroquia un Concello para exercer maior influencia, e que en tódalas parroquias atópanse tres ou catro "magnates", inclusive na clase labrega, que queren figurar e son os que piden Concellos independentes, pretextando inconvintes que non existen, e sen que o resto da parroquia teña niso a menor parte.


Os esforzos mancomunados dos Comisionados de Partido, Deputación Provincial e






1837



1842



1900



1920


1857


1877


1950


1985




Xefe Político dan cume ó difícil traballo encomendado e a "nova planta dos Concellos Constitucionais" da Provincia de Pontevedra, empeza a publicarse no BOP do 30 de novembro de 1836 e segue nos do 3, 7, 11, 24 e 28 de decembro do mesmo ano, cos seguintes datos: Nomes dos Concellos-Parroquias de que se compoñen, número de veciños, número de almas-Electores Parroquiais que corresponden.


Os comisionados e a Deputación Provincial, axustándose ás directrices do Xefe Político, non abriron en exceso a man e os novos Concellos pontevedreses nacidos cando remata 1836, foron 63, bastante menos da mitade, dos 147 da época liberal. Esta división territorial municipal da provincia de Pontevedra reflexámola —partindo das parroquias asignadas a cada un na nova planta— no mapa de 1837, ano no que realmente empeza a ser operativa a mesma, pero temos que aclarar que no BOP do 3 de decembro que publica a "nova planta" do Partido de Cambados, figuraba un Concello: Lois, formado por seis parroquias, que non chegou a constituírse, facéndoo en cambio outro que non figuraba na relación: Vilaxoán, formado por tres parroquias, a súa de Sobrán, e as de Sobradelo e András. O que sucedeu e que, ó enteirarse da nova división o procurador xeral de Vilaxoán fixo unha reclamación, para continuar tendo Concello propio, ó ser vila e cabeza de xurisdicción, e os da Comisión e a Deputación e Xunta de Armamento, no mesmo mes de decembro de 1836, consideraron a reclamación xustifi-


cando que se non lle asignaran Concello propio e incluído no de Vilargarcía, foi porque non o solicitaron, e creron que se conformaban. Como contrapeso, e para non altera-lo número, deixaron sen efecto a creación do de Lois "que non ten local nin edificio que sirva para o seu despacho, nin que poda contar con Concellais capaces das atribucións, causando gastos e contribucións desusadas naqueles pobos rústicos".

No BOP do 25 de febreiro de 1837, publícase a R. O. do día 8 do mesmo mes "aprobando a planta de Concellos de división municipal" da provincia de Pontevedra, que di: "S. M. a Raiña Gobernadora tivo a ben aproba-la planta de Concellos desa provincia que V. S. remitíu a este Ministerio o 31 de decembro último, así como tamén as medidas adoptadas por V. S. de acordo coa Deputación Provincial, para levar a efecto dita organización sen perxuicio de que no sucesivo se fagan en dito sistema as alteracións e rectificacións que o tempo e a experiencia aconsellen, e que a utilidade e conveniencia dos pobos reclamen".


Os pobos ou parroquias, aínda que non todos, seguiron reclamando abundantemente e chegaron ás máis altas instancias, que influenciadas ou non por elas, deberon pensar na necesidade de facer unha nova división territorial, que o goberno quería presentar de inmediato nas Cortes, e para iso e por R.O. que aparece no BOP de 16 de novembro de 1840, interesan un nomemclator ou lista alfabética de pobos cunha serie de datos a expresar nun formulario-modelo.






















Axitáronse de novo as aspiracións de moitos e as peticións de aldeas, parroquias e vilas pedindo Concellos propios, ou segregacións e agregacións, abondaron, aínda que non foron capaces de alterar en demasía o mapa municipal inicial de 1836. En nota de 20 de decembro de 1842 incluída no BOP de 23 do mesmo mes e ano, dise: ''Segundo as rectificacións feitas pola Excma. Deputación Provincial dende que se verificou a división municipal desta provincia no ano 1836, resulta que a parroquia de San Pedro de Cea e Couto de Loenzo que pertencían ó Concello de Carril, engadíronse ó de Vilagarcía. A do Prado da Canda que pertencía ó de A Cañiza, agregouse ó de Covelo. As de Rivadumia, Sisán, Barrantes, Leiro, Besomaño e Lois, que pertencían ó distrito municipal de Cambados, forman un Concello, con capital en Ribadumia. As de Santa María e San Bartolomé, da cidade de Pontevedra, constitúen un Concello. As de Salcedo e Lourizán que pertencían ó de Pontevedra, compoñen un, con capital en Salcedo. As de Alva, Lérez e Campañó, que igualmente pertencían ó de Pontevedra, e Cerponzóns ó de Berducido, constitúen un con capital en Alva; e a parroquia de András que pertencía ó de Vilaxoán agregouse por disposición da Excma. Deputación desde o 1º de xaneiro de 1842 a Vilanova de Arousa''.

Estas alteracións recollémolas no mapa da división territorial de 1842, no que os municipios de Pontevedra pasan a ser 67, con catro novos: Alva, Mourente, Ribadumia e Salcedo, en relación cos 63 de 1837, e dici-

Plano topográfico parroquial del Partido judicial de Vigo, en que se comprenden las 42. notables



Partido Judicial de Vigo, dividido en seis Ayuntamientos las 42. Parroquias

Nota 1ª

Comprehende la Ciudad expresada y muy pequeña agregada al Ayuntam.to de Vigo las Parroquias de Vigo, Candeán, Cabral, Labradores, Beade, la mitad de Freijeiro (antigua) y excelentes montes (calvos, y arenales del Canal, y lugar de Canido) todos regulados a distancia de una legua de Vigo a aquella parte del Norte. Candeán y Cabral, y otras agregadas a esta Ciudad y del Camino Real de Madrid, y encargado del Ayuntam.to de Vigo por ser cabeza del mismo Ayuntam.to de Vigo y del Camino Real de Madrid, y encargado en estremo Centro de Parroquias de Vigo, Bouzas, Salvatierra, y Pazos (antiguas) a la misma, y en anexo de Ayunt.to de Vigo. De convino la mitad agregada Coya (antigua) de la Feligresía de S.ta Eulalia de Bouzas, muy cerca del Ayuntamiento.

Nota 2ª

Comprende de la Parroquia grande mal construida y de mugre población, la agregada la Feligresía colocada del Ayuntamiento esta antigua Villa de Bouzas, y el mismo Ayuntam.to grande constituido por las antiguas de la misma Villa de Vigo, de sus agregadas y mismas estramuros, separadas por el mismo que de S.ta Victoria.

Nota 3ª

Comprende la Feligresía colocada del Ayuntam.to del Valle Mayor de la Parroquia de S.ta Eulalia de Gondomar, como Lugar cercano mas al centro real, y poblado con el antiguo Concejo de Freijeiro, y Candeán agregados a Vigo. El mismo S.ta del Castillo y el mismo que de Bouzas de cercanía y segundo del Canal mencionados, que corresponden del guarnecidos en dos tiempos, y mucha atención.

Nota 4ª

Bayona, antigua Comunidad, con Plaza de armas, fortificada Nombre de Dios de Bayona, y Presidio, fuerte de Ingeniería, Medio general de Retaguardia principal de Ejercitos Ayuntam.to de aquel Partido y numeroso de armas, de que consta de quince Milicias de S.ta Ma. de Gabia, y las Libertades Patria, concurso de guardia, S.ta que distingue en el Ayuntam.to de la Villa, y grande quartel Patria Nacional, y servicio Vecinos de su Jurisdicción en que de las acometidas de los enemigos del estado, Por esas Plazas, fue conquistada por Soldados Bayoneses, Bayonas, S.ta Pedro, y N.ra Señora de la Asumpción.

Nota 5ª

Comprende el Gondomar, y concurso de este Ayuntam.to Gondomar Bayona en dos Feligresías en dos tres partidos, y Lugares agregados a Villa de Vigo, en un grande local, con Cuartel en Palacio de los Condes, con Casas, y Real asistencia de las Personas Reales, Comunidades, Ordenes Religiosas, Nobleza inmediata, y del Comercio circunvecino, al Ayuntam.to de S.ta Brixta que extiende la grandeza, y el todo Palacio Gobernador, con cerca de una de Comercio del Ferrol, y Cuartel de Infantería, Caballería, y artillería de S.ta Brixta, que Feligresías, o Lugares de Gondomar, que fue la mayor distancia y numeroso vecindario, de un Gobierno Militar.

Nota 6ª


Comprende la Situación de N.ra Sra de Vila Ayuntam.to de Nigran, el local cercanías situado, Retaguardia de Vigo, con Plaza de armamento de guerra del 2º Ayuntam.to, y Ntra Sra de Guadalupe como de comunicación de la gente de Extremadura, la Parroquia de Comesaña, Salvaterra con Parroquia del 3er Ayuntam.to, el mismo el Nombre de la Concepción Inmaculada del Pensamiento, que Vila agregada, y numerosa con otra de Nigran, de cercanía Plaza de verdad. Este Ayuntam.to como Cabeza del mismo, y cercano de Bouzas, el tercero de segunda clase a aquella mismo Ayuntam.to como Gobierno Militar de la Concepción de Nigran, y de cuyo mismo numeroso de sus naturales de Vila de Nigran de cada clase, y del ofrecen en frontera.


Vigo 8 de Octubre de 1796

Juan Dn. de Sojiano

José Dn. Pazos


Ayuntam.tos	Distancia a la Cabeza de Partido	Parroquias	Distancia a la Cabeza de Ayuntam.to	Vecinos	Almas	Total de Vecinos	Total de Almas
Vigo		Vigo, Ciudad		900	4367		
		Vigo, Santiago	Inmediata	176	735		
		Teis, S.ta Eulalia	ydem	203	1314		
		Candeán, S.ta Christina	2 de Legua	104	362	2222	11031
		Cabral, N.ra Señora	2 de Legua	110	339		
		Labradores, S.ta Christina	2 de Legua	343	2715		
		Freijeiro, S.ta Thomas	Inmediata	86	924		
		Bouzas, Villa		142	613		
		Coya, S.ta Martha	Inmediata	109	349		
		Alcabre, S.ta Eulalia	ydem	36	134		
Bouzas	1 milla	Navia, S.ta Victoria	2 de Legua	137	396	1091	4745
		Comesaña, S.ta Eulalia	2 de Legua	97	334		
		Carnoy, S.ta Catharina	2 de Legua	227	959		
		Coya, N.ra Señora	2 de Legua	332	1526		
		Gondomar, S.ta Victoria		159	726		
		Castrelos, S.ta Maria	2 de Legua	54	220		
S.ta Victoria de Gondomar	1 milla	Matamá, S.ta Victoria	2 de Legua	126	504	364	1617
		Valladares, S.ta Eulalia	2 de Legua	170	1039		
		Beade, S.ta Eulalia	Inmediata	140	667		
		Bembrive, Santiago	ydem	132	816		
		Bayona, Villa		463	1779		
		Jandó, N.ra Señora	Inmediata	158	566		
		Baiona, S.ta Maria	ydem	203	639		
		Oubiña, S.ta Ignacia	4 de Legua	270	934		
		Ventoxo, S.ta Eulalia	3 de Legua	104	634	2172	7903
Bayona	3 leguas	Aguete, S.ta Victoria	una milla	378	1460		
		Gargantá, S.ta Maria	una milla	197	611		
		Senra, S.ta Baya	3 leguas	269	1153		
		Gondomar, S.ta Victoria		268	908		
		Alcabre, S.ta Victoria	Inmediata	267	943		
Gondomar	2½ ydem	Saltiños, S.ta Maria	ydem	224	797	1272	4666
		Margen del Ria, Santiago	1 de Legua	240	1013		
		Chaín, S.ta Maria	2 de Legua	173	663		
		Nigran, S.ta Eulalia		220	810		
		Vilaboa, N.ra Señora	Inmediata	204	914		
		Lavadas, Santiago	ydem	168	672		
Nigran	2 ydem	Chaín, S.ta Maria	2 de Legua	316	1482	1559	5059
		Gamel, N.ra Candida	Inmediata	219	824		
		Chaín de Barro, S.ta Benita	2 de Legua	174	611		
		Orbeja, S.ta Maria	2 de Legua	149	515		
		Vilaza, S.ta Maria	Inmediata	118	490		













mos catro e non tres como figuran na nota oficial publicada no BOP de 23 de decembro de 1842, e que transcribimos literalmente, porque na mesma omitiron o novo Concello de Mourente, que se constituíu paralelamente ós de Alva e Salcedo, por descomposición do de Pontevedra, e que comprendía as parroquias de Bora, Marcón, Mourente e Tomeza. Tamén en 1841 o Concello de Cereixo, cambia de nome e capitalidade e pasa a chamarse A Estrada e o de Caldebergazo, sustitúe o seu polo de A Lama. Igualmente en 1842 o Concello de Meis traslada a capitalidade a San Vicente de Nogueira, e o de Portas, a súa desde Porta do Conde a San Xoán de Portas, ó mesmo tempo que a Deputación Provincial, que intervén en todos estes cambios, considera que o Concello de Lalín debera subdividirse, polo menos en catro.

Sen embargo, o criterio da Deputación, como xa vimos, non era o de aumentar senón o de reducir Concellos, e en tal senso producíuse na maioría dos expedientes e reclamacións que en orde a división territorial tiñan entrada na súa secretaría, ben directamente ou a través do Goberno Civil, ou dirixidas ó Ministerio da Gobernación ou á mesma Raíña, e que lle eran reenviadas para tramitación ou informe. Así o manifesta na sesión do 18 de outubro de 1850, na que se acorda enviar á S. M. unha exposición sobre o excesivo e perxudicial número de Concellos que existe na provincia, e que dexeneraron "ata tal punto que se considera como a institución máis contraria ó fomento e desenvolvemento da riqueza pública", exten-



A ponte de Redondela.

déndose nos feitos que orixinaron dita situación, e abogando porque os 68 Concellos que a provincia de Pontevedra tiña entón, ó ter-se constituído un novo en O Rosal, redúzanse en máis dunha terceira parte. O mesmo criterio mantén nas sesións do 27 de setembro de 1867 ó examina-lo anteproxecto de división municipal formado en relación co disposto na R. O. do 23 de outubro de 1866, no que se reducen a 32 os 68 Concellos da provincia; que manteñen en sesión do 4 de marzo de 1868, ó considerar só 30 Concellos en total, e se non fan maior reducción, é pola falta de bós medios de comunicación, a pouca poboación dalgunhas bisbarras é as longas distancias; tentando superar, coa que propoñen, a penuria económica que leva ós Concellos a recurrir a recursos extraordinarios "que humillan ó país e agotan as fontes da súa riqueza, e aínda así deixan desatendidas obrigas perentórias e sagradas".





Pero estas reduccións, e outras propostas con posteridade, non prosperaron. En realidade, e ó longo do século XIX, cada vez que se producía un cambio de rumbo político iniciábase un proceso de modificación da división territorial, e volvían ser abundantísimas as propostas e reclamacións, ó igual que os expedientes que se tramitaban, moitos dos cales consérvanse no arquivo da nosa Deputación, e que polo seu contido, en canto reflexan un dos aspectos máis conflictivos e cargados de paixóns e intereses contrapostos da vida local, merecen o estudio detallado que dos mesmos estamos facendo, e que neste libro e polas súas naturais dimensións e equilibrio, é imposible recoller.


Por iso, e exposta en síntese a función inicial da Deputación de Pontevedra, e a súa intervención na organización territorial municipal da provincia, ó igual que a súa concepción da mesma, imos reflexar dun xeito conciso as variacións esenciais que na división municipal se producen a partires do ano 1842, e que reflexaremos nos mapas de 1857, 1877, 1900, 1920 e 1950, coincidentes cos censos xerais respectivos, ata chegar ó actual 1985, facendoo só en canto ós feitos que alteraron a división territorial municipal como tal ou o nome do municipio, pero non dos cambios ou traslados de capitalidade, que eles sós ocuparían moitas páxinas, nin das alteracións temporais e de curta duración como o cambio de nome e capitalidade por R. O. de 12 de xullo de 1858 do Concello de Forcarei, que pasa a ser Soutelo de Mon-


tes, que volve a ser Forcarei por R. O. de 20 de xaneiro de 1862. Ou a peripecia de O Rosal que se volve integrar en A Garda, de onde procedía, pouco despois de constituírse, pero que en aplicación do R. D. de 26 de agosto de 1854, a Deputación acordou que fose novamente segregado, volvendo constituírse como propio coas mesmas parroquias que tiña antes dunha agregación feita por acordo mutuo das municipalidades. Ou da segregación do de Marín, para formar un Concello propio, que nin sequera tivo tempo de funcionar, das parroquias de Piñeiro, Ardán e Campo; e o de tantas outras que forman a longa e complexa historia dos nosos Concellos constitucionais, e da súa nada fácil organización territorial.


Consecuentemente, é obrigado consignar que no período 1843-1857 prodúcense as seguintes alteracións que reflexamos no mapa de 1857: Constitúese (1847) o novo Concello de O Rosal, coas parroquias de Santa Mariña de O Rosal, San Xoan e San Miguel de Tabeigón, e Eiras, que se segregan do de A Garda, pasando a provincia a ter 68 municipios. O Concello de Borbén, pasa a chamarse Pazos de Borbén, e traslada a súa capital a Pazos (1844). O Concello de Berducido, cambia o seu nome polo de Xeve, trasladando a capitalidade a Santa María de Xeve (1846). O de Chapa, pasa a chamarse Silleda, e traslada a súa capital a esta localidade (1853). O Concello de Caldelas completa a súa denominación e pasa a chamarse: Ponte Caldelas.












No período 1858-1877, prodúcense os seguintes feitos que afectan ó mapa da división municipal e que se reflexan no de 1877. Desaparecen os Concellos de Alva, Salcedo e Mourente, que se incorporan integramente ó Pontevedra (1869), e créase o novo Concello de Fornelos de Montes coas parroquias de Calvos, Estacas, Fornelos, Laxe, Oitaven, Trasielas e Ventín, que se segregan do Concello de Soutomaior, quedando a provincia con 66 municipios. O Concello de Meira sen alterar o número de parroquias nin o territorio convírtese no Concello de Moaña (1874). As parroquias de Aldán e Hío segréganse do Concello de Bueu e intégranse no de Cangas (1873).

No período de 1878-1900 o feito máis relevante é a desaparición do Concello de Saiar que se incorpora totalmente ó de Caldas de Reis (1894) co que se reducè a 65 o número de municipios da provincia, como figuran no mapa de 1900.

Dende 1901 a 1920, as variacións máis significativas son a desaparición dos Concellos de Vilaxoán e Carril, que se agregan totalmente ó de Vilagarcía de Arousa (1912); do mesmo xeito o Concello de Bouzas incorpórase co seu territorio e parroquias ó de Vigo (1910). Co que o número de municipios da provincia, como se reflexa no mapa de 1920, pasa a ser 62, aclarando que as datas sinaladas son as dos acordos da Deputación, constando no libro de actas estes feitos, se ben no caso de Bouzas a súa agregación xestase en 1904, e para os de Vilaxoán e Carril, hai que ter en conta as R. O. de 8 de xuño de 1899 e 15 de novembro de 1909. Tamén neste período ten lugar o cambio de nome do Concello de Setados, pola nova denominación de As Neves, completando o seu nome os de Campo, Salceda e Salvaterra, que pasan a chamarse respectivamente: Campo Lameiro, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño (1907).


No período de 1921-1950, o mapa municipal da provincia movese bastante, aínda que o número total de municipios siga sendo 62, posto que desaparecen dous: Xeve que se agrega integramente a Pontevedra (1944), e Lavadores, que con tódalas súas parroquias e territorio incorpóranse a Vigo (1941); pero créanse outros dous: o de Pontecesures, que se segrega de Valga, e constitúese co territorio da entidade local menor do seu nome que se corresponde coa parroquia de San Xulián de Requeixo (1925), e a denominación de Pontecesures, é aceptada pola Deputación en sesión do 15 de xaneiro de















1927; o de Mondariz-Balneario, que se segrega do de Mondariz, e o término correspóndese coa parroquia de Nosa Señora de Lourdes de Mondariz (1924). Tamén o antigo Concello de Carbia, pasa a chamarse Vila de Cruces, lugar no que xa se instalara a capitalidade con anterioridade. E non podemos deixar de reseñar o feito da anexión ó Concello de Vilagarcía de cinco parroquias petencentes ó de Vilanova: as de András, Baión, Caleiro, Illa de Arousa e Tremoedo, segundo acordo do 10 de xullo de 1935 do que tivo coñecemento a Deputación en sesión do 2 de outubro do mesmo ano: acordo de segregación que deu orixe a notorios incidentes e que foi recurrido ante o tribunal contencioso provincial, que o declarou nulo en sentencias do 31 de outubro do 1936 e 23 de febreiro de 1937, recurridas á súa vez ante a Audiencia Territorial de A Coruña, que dictou veredicto o 4 de abril de 1945, e chegou ata o Tribunal Supremo, quen por Auto do 21 de febreiro de 1945, confirmou a nulidade do acordo de segregación, e a conseguinte incorporación das cinco parroquias ó seu antigo Concello de Vilanova de Arousa, a tal efecto o de Vilagarcía, no mes de novembro de 1945, designou unha Comisión que executou o Auto e producíu a reincorporación.

Ou a aprobación pola Deputación en sesión do 9 de outubro de 1935 do expediente de segregación da parroquia de Teis, do municipio de Lavadores para constituírse nun municipio independente, que tería por patrimonio o dos bens comunais que o Concello de Lavadores tiña na parroquia de Teis.

Finalmente consignar que dende 1951, ata a data prodúcense a desaparición do Concello de Ponte Sampaio, que se fusiona e integra no de Pontevedra (1960), co que o número de municipios da provincia establécese nos 61 que figuran no mapa de 1895. Sinalar tamén, por que a Lei as considera como entidades de ámbito territorial propio, aínda que integrado no xeral dun municipio, que na provincia de Pontevedra existen oito entidades locales menores: Arcos da Condesa (Caldas de Reis); Bembibre (Vigo); Camposancos (A Garda); Chenlo (Porriño); Morgadáns (Gondomar); Pazos de Reis (Tui); Quimadelos e Vilasobroso (Mondaríz); e que o número de parroquias aínda non recoñecidas como entidades locais propias de Galicia, aínda que o Estatuto de Autonomía así o exprese, con territorio propio e delimitado, é de 711 das cales poden considerarse urbáns 30, e 681 rurais, número no que inclúen 124 consideradas como anexos.





V

O MARCO POLITICO

Visita á Deputación de Pontevedra de SS.MM. Alfonso XIII e Victoria Eugenia.

En 1822, a chamada "Comisión especial de división do territorio", prantexaba as posibilidades de distribuir Galicia en varias provincias e Deputacións, barallándose catro, cinco e ata seis posibles provincias, resolvéndose finalmente en favor da opción que creaba as catro actuais de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, correspondénse esta última coa que o é de Pontevedra.


O logro da consecución da provincia viguesa correspondeu ós denodados esforzos de D. Javier Martínez, que tivo que derrotar os argumentos de dúas importantes vilas, Tui e Pontevedra, que tamén optaban á capitalidade.

A sesión de Cortes do 19 de xaneiro de 1822, declaraba a Vigo como capital da súa provincia, designándose, catro meses despois, os vocais que constituírian a súa corporación, formada por:

1º D. Manuel de la Bárcena. 2º D. Miguel Antonio Pérez (veciño de Lalín). 3º D. Francisco Javier Martínez (Marqués de Valladares). 4º. D. Juan Felipe Osorio (Coronel e veciño de Pontevera). 5º D. Francisco Troncoso Almanza (veciño de Ponteareas). 6º D. Juan Bautista Losada (cura de Salcidos). 7º D. Juan Nepomuceno (Conde de Priegue).

Como suplentes: 1º D. Antonio Arias Teijeiro. 2º D. Antonio Rubín. 3º D. Francisco Suárez Puga.

Edificio "López Araujo" antiga sede do Goberno Político da Provincia de Vigo.



Núm.° 1.°

SEMANARIO PATRIOTICO DE VIGO.

Del viernes 2 de Mayo de 1823.

El obgeto principal de este periódico, que saldrá una vez cada semana, es el de comunicar por medio de él á todos los Ayuntamientos de la provincia, las órdenes, decretos y circulares de la Diputacion provincial, y del Gefe político é Intendente, y se dará en la forma de este primer número para que se pueda fijar en los sitios mas públicos de cada pueblo, y llegue lo que en él se inserte á noticia de todos. Se pondrá primeramente todo lo que sea de oficio. Los Editores insertarán á continuacion las noticias mas dignas de saberse, entresacadas de otros periódicos asi nacionales como estrangeros, de las cartas que mas crédito merezcan, y de las que oficialmente reciban las Autoridades para que los pueblos no sean engañados por los enemigos de la libertad, que tanto interés tienen en alarmarlos, valiéndose para ello de imposturas. Atendida la poca capacidad del periódico para insertar articulos comunicados, no se admitirá ninguno, á no ser que su contenido interese mucho al bien general, y sea muy conciso, dirigiéndolo, franco de porte á los Editores. Por la misma razon tampoco se pondrán avisos de ventas, pérdidas, hallazgos y otros poco mas ó menos de igual clase.

ANIVERSARIO

DEL DIA 2 DE MAYO DE 1808.

HABITANTES DE LA PROVINCIA DE VIGO.

Cuando aun humea la sangre de las ilustres víctimas sacrificadas en Madrid el 2 de Mayo de 1808 por la barbárie francesa, cuando aun resuenan en nuestros oidos los tristes ayes de tantas infelices viudas y de tantos huerfanos inocentes, vedlos Ciudadanos, vedá esos mónstruos profanar por segunda vez el suelo Español, y prepararse á cometer en él nuevos horrores: tal vez ocupan yá la Capital de las Españas; acaso, acaso en este momento corre por sus calles la sangre Española, y se renuevan las horribles escenas de aquel memorable dia. ¿y seremos insensibles á tamaña afrenta? ¿y dejaremos nuestra amada y afligida Patria hecha presa de la rapacidad y del furor de un orgulloso estrangero.?

HABITANTES DE LA PROVINCIA DE VIGO: vosotros que por tantos títulos sois dignos de la gratitud nacional, por vuestro valor y sacrificios en la última guerra de la independencia, ahí teneis los mismos enemigos que en aquella época con tanta gloria supisteis combatir y humillar. Si entonces peleasteis por conservar la libertad amada, esa misma libertad tratan de arrebataros en el dia; si os inflamó entonces el santo obgeto de defender la Religion de vuestros padres, ellos son, los mismos impíos que profanaron vuestros Templos y cometieron dentro de sus sagrados muros, abominaciones inauditas ¿En qué pues nos detenemos? corramos Ciudadanos á empuñar las armas, teñidas todavia de su impura sangre: peleemos sin descanso por conservar la libertad, la independencia y la Constitucion que nos asegura tan preciosos dones: peleemos hasta arrojar de nuestro suelo á tan viles enemigos, dejando á nuestros nietos el noble egemplo del valor, del honor y de las virtudes que heredamos de nuestros abuelos.= Vigo 2 de Mayo de 1823.= Joaquin Escario.

Tan pronto como la Diputacion provincial tuvo la noticia de que el egército francés habia invadido el territorio español, halló por conveniente poner una vigia en monte Castelo. Ayer quedó establecida, y hoy por la mañana tuvimos la satisfaccion de saber que la primera señal que habia hecho fué para anunciar la llegada de un paquete Ingles que ya se esperaba. Abordo de él vino el General Sir Roberto Wilson, acompañado de varios Ayudantes de Campo, y de otros jovenes de las principales familias de Inglaterra, y entre ellos el nieto del Lord Hastings: á las 3 de la tarde pusieron pie en tierra; y las baterias de la plaza y los buques de guerra lo saludaron con varias salvas de artilleria. La Diputacion provincial, el Ayuntamiento constitucional, el Comandante militar, el Intendente y las demas Autoridades fueron al momento á cumplimentarle.

Durante la noche hubo iluminacion, música y otros regocijos. Todo esto y mucho mas se merecen los que abandonando su pais, intereses y comodidades, vienen á España á combatir contra nuestros enemigos, y á defender la causa sacrosanta de la libertad. ¡Honor y gloria á estos magnánimos Ingleses, siempre libres, y siempre grandes! ¡Oprobio y execracion á los viles esclavos, y á los franceses que los protejen!= Vigo 1.° de Mayo.

La Excma. Diputacion provincial ha pasado á D. José Oubiña, Capitan retirado de los Egércitos nacionales, 2.° Alcalde constitucional y Comandante del Batallon de la Milicia nacional voluntaria de esta Ciudad, el oficio siguiente:

Seccion 3.ª= Esta Diputacion provincial, satisfecha de los sentimientos patrióticos, conocimientos militares y mas buenas circunstancias que concurren en V., ha tenido á bien elegirle Capitan de la Compañía de Cazadores voluntarios de esta provincia de cuyo reglamento se acompañan á V. egemplares para su conocimiento; teniendo entendido que la Diputacion ha hecho en el art. 1.° de su acuerdo de 21 de Marzo último las variaciones siguientes.


A los cabos segundos cinco rs. y medio diarios.

A los Soldados que acrediten haber servido en el Egército, 5 rs. diarios y 4 á los que no.

La Diputacion espera que V. se sirva aceptar el destino que se le concede, y activar por todos los medios que le dicte su celo, el reclutamiento de los soldados para que cuanto antes se halle la Compañía en disposicion de hacer el servicio para que se instituye, debiendo los individuos que quieran pertenecer á ella dirigir sus solicitudes documentadas segun previene el acuerdo citado de 21 de Marzo, por conducto de V., á fin de que S. E resuelva lo conveniente; sirviéndose V. tambien informar en ellas lo que le conste acerca de las circunstancias de los que las promuevan = Dios guarde á V. muchos años. Vigo 30 Abril de 1823.= Sr. D. José Oubiña.

CIUDADANOS: ya teneis aquí el nombramiento que guardaba con tanto anhelo para volar á inscribiros en esta brillante Compañía, que ha de ser la predilecta de la provincia, y la que la ha de purgar de cuantos forajidos, malhechores y toda clase de enemigos se atrevan á infestarla, ¡Que tiemblen los malvados que lleguen á poner el pie en ella! ¡Que se regocijen los buenos al considerar la proteccion y seguridad que van á gozar! ¡Loor á las Autoridades que se desvelan en proporcionarnos todas las comodidades y beneficios de una sociedad bien constituida! ¡Y gloria á los valientes que á porfia y con una emulacion noble y patriótica ambicionarán el alistarse en esta Compañía!

(Museo Municipal).



Sélos da Deputación Provincial e do Goberno Político da Provincia de Vigo (1820-1823).

A escasa homoxeneidade ideolóxica dos membros da nacente Corporación viguesa, non permitíu, a pesares dos esforzos do Xefe Político D. Ramón Losada, que tivese unha vida activa, sendo moi poucas as ocasións en que conseguiron xuntarse en Pleno.

A xustificada ledicia dos vigueses polo triunfo da súa capitalidade non foi duradeira, xa que, coa volta do absolutismo e o Decreto de 10 de outubro de 1923, anulábase novamente a Constitución e con ela as disposicións saídas da mesma. Unha década enteira manteríase esta situación de predominio absolutista, téndose que agardar ata o ano 1833, co puxante movemento dos chamados liberais moderados, a que se conseguira a instalación das catro provincias galegas que coñecemos na actualidade. O animador e facedor principal da empresa reformadora será Javier de Burgos, que coa nova distribución territorial situaría a España en 49 provincias, devolvendo a Galicia as catro xa conseguidas no trienio liberal.

As provincias de Lugo e Ourense non tiveron problemas na asignación das súas capitalidades, A Coruña loitaría con Santiago

de Compostela, ganando aquela. En Pontevedra entraban en litixio catro importantes vilas, Tui, Redondela, Vigo e Pontevedra.

As argumentacións de Redondela, apenas tiveron eco algún. Tui, que consideraba que se lle arrebatara en 1822, adiantaríase, nesta ocasión ós acontecementos, enviando unha extensa carta á S. M. o 14 de xuño de 1829, na que argumentaba no seu favor a superior protección da vila, lembrando que Vigo e Pontevedra foran saqueadas sen que poidesen facer nada por impedilo. Pero a forte puxanza de Vigo e Pontevedra farían entrar a Tui nun prolongado silencio que non lle permitíu intervir en posteriores disputas.


As forzas equilibradas atópanse entre Pontevedra e Vigo, impóndose a primeira, tal vez non pola forza dos seus argumentos, senón pola habilidade e influencia dos seus políticos.

A loita por Pontevedra, foi levada, principalmente, por D. Manuel Silvestre Armero, quen, dende o seu posto oficial na capital do Reino, solicitara para Pontevedra unha Compañía de Gardas Mariñas e lograra que unha representación pontevedresa, fose recibida pola S. M., co fin de logra-las comunicacións con Castela e situar en Pontevedra unha Audiencia. Con este camiño xa percorrido non resultaría extrano o resultado do Decreto do 30 de novembro de 1833, no que se situaba a Pontevedra como capital de provincia, que sería moi ben recibido polos pontevedreses, como se traduce no bando que a continuación insertamos:

"O plausible acaecemento de ter sido elevada a capital de provincia da súa denominación. Esta M. N. e L. e Vila pola Augusta Piedade da súa Maxestade a Raíña Gobernadora durante a menor idade da Nosa Monarca, a Señora Dona Isabel Segunda. Se ben é un testimonio máis co que acredita a rexia vontade de difundi-lo ben e a prosperidade entre os españois, e tamén un xusto título que pon a este vecindario no deber de estimar coa máis sumisa gratitude este novo beneficio no que somos os principais interesados e favorecidos. Para celebrar tan fausto suceso, acordou o Concello que entre as demostracións públicas coas que se explique o xúbilo que cabe a este pobo, sexa a primeira dar gracias a Deus, na man de quen están as xustas determinacións dos Reis. A tal fin a corporación, acompañada coas demáis, e particulares desta Vila, pasará ás dez á Igrexa conventual de S. Francisco, a rende-lo tributo do seu recoñecemento, celebrando unha Misa Solemne con Te Deum, á que asistirá o Concello, impetrando a continuación da preciosa existencia das SS.MM. e o acerto das súas providencias. Polo tanto, co obxecto de que tódolos veciños concurran a xunta-los seus votos cos do Concello que desde as nove á unha se adornen con cortinaxes as fiestras das casas: e que mañá á noite haxa iluminación xeral desde as oito ás once.

Dáo a saber polo presente bando, para cumprimento e satisfacción do vecindario".

A reforma de Javier de Burgos culminaría co Decreto de 21 de setembro de 1835 polo que se posibilitou a creación das Deputacións, en base ó cal nacería a DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, que sendo a última das catro galegas, instalarase o 12



Acta

De instalacion de la Diputacion Provincial

de Pontevedra.

En la Sala Consistorial de la Ciudad de Pontevedra, Estado de su Cap.l á doce de febrero de mil ochocientos treinta y seis reunidos bajo la presidencia del Sr. Gefe superior civil D. Miguel del Pino, los Sres. D. Fernando Saavedra Diputado por el partido judicial de Ponteareas, D. Juan de Dios Duque y Patiño, por el de Cambados, el Licdo. D. Juan Antonio la Vega por el de Vilagarcia, D. Juan Caballero por el de Puentareas, el Dr. D. Lucas Garcia Mancegra por el de Tuy, el Licdo. D. Athanasio Fontana por el de Vigo. D. Jose Mariano Arcayo por el de la Cañiza, D. Manuel Marco Rubin por el de Redondela, nombrados para los nombrados por los Partidos de Lalin y Lama. D. Miguel Antonio Pino y el Licdo. D. Francisco Portela, no se presentaron por personalmente, y este este ultimo oficio que se hallaba indispuesto y no podia concurrir en dia

Padecian aprobadas las elecciones de primero de los Sres. Diputados, D. Fernando Saavedra, D. Juan de Dios Duque y Patiño, D. Juan Caballero, D. Jose Mariano Arcayo, D. Manuel Marco Rubin, D. Miguel de Pino Rodriguez, y el Licdo. D. Antonio Portela. Los cinco primeros Sres. asi mismo reconocieron las actas de elecciones, certificados y mas documentos de calidad legal de los Sres. de la Comision, cuyos nombramientos fueron ejecutoriados aprobados en el pleno sesion resultando en una y otra determinacion y reconocimiento de actas que tanto los Sres. presentes, como los de ausentes, a escepcion del nombrado por el partido de Cambados, reunen las calidades que requiere el art.o 5.o del mencionado Real decreto. El Sr. Gobernador civil Presidente ordeno y los Sres. que componen la Diputacion prestaron el juramento segun la formula del art.o 14, del precitado Real decreto. Se nombro por Secretario para autorizar la instalacion al Licdo. D. Mariano Fontana, Diputado por el partido de Vigo, firmaron el Sr. Presidente, y los vocales, de que certifico.

Miguel del Pino

Juan Antonio de la Vega Diputado Secretario


Fernando Saavedra

Juan Jose Duque Diputado

Juan Caballero Diputado por Puentareas

Juan Fontana Diputado por Vigo

Pontevedra del 12 de Febrero de 1836



Chegada ó peirao das Corbaceiras, en Pontevedra, dunha embaixada viguesa de concordia, en Abril de 1880.

Aínda a pesares de estar instalada xa, a Deputación en Pontevedra, Vigo, non cesaría na súa tenacidade para intentar facer valer o que supoñían os seus lexítimos dereitos á capitalidade, conseguindo que, un Decreto do 26 de maio de 1836, ordenase o traslado da capital a Vigo. Temos dúbidas da existencia de tal Decreto, que de calquera maneira, non conseguiría ve-la luz pública. O feito, é que, en realidade, existián certas dúbidas sobre a definitiva ubicación, xa que nunha R. O. da S. M. do 4 de setembro do mesmo ano 1836, solicitábase da Deputación, dictame sobre a conveniencia do seu traslado a Vigo. O dictame da Corporación Provincial en sesión extraordinaria do 29 do mesmo mes e ano, determinou o seu mantenemento en Pontevedra, naturalmente, cos votos desfavorables dos deputados Sr. Caballero e Sr. Fontano, de Vigo e Ponteareas respectivamente.

Tampouco esta ocasión resultará favorable a Vigo, que non deu por finalizado o asunto xa que catro anos despois, en 1840, tralo asedio de Pontevedra polas tropas de Vigo e a súa rendición ante a bandeira liberal dos constitucionalistas vigueses, Vigo autodeclárase en capitalidade, permanecendo á espera do dictame real para que ratificara, como premio da súa acción, esta nova situación. O esperado Decreto frustaría, outra vez, os desexos vigueses xa que determinaría, novamente, a ubicación da capital en Pontevedra.

Non foi, precisamente, un repousado xardín sobre o que se instalou a nacente Corporación pontevedresa.

Dunha banda, a dura crise de subsistencia que asediaba á rexión galega e, doutra, a loita pola Coroa que enliaba ós pobos nunha Guerra Civil, e, por se non fose pouco, o cólera facía a súa penetración dende o veciño Portugal. Pero, ademais, tería que enfrentarse á difícil tarefa de compoñe-la estructura administrativa e territorial duns pobos non moi confiados ás novidades, todo iso, unido a un precario presuposto que case na totalidade se destinaba a persoal. A verdade é que esta penosa situación non amedrentou á nacente Corporación que amosaba os seus desexos de traballar, obrigándose a realizar un cento de sesións no ano.

2

PRESIDENTES DA DEPUTACION

1

INSTAURACION

Os máis inmediatos antecedentes da provincia, tal como a entendemos hoxe, son as Xuntas Superiores de Subsidio, Armamento e Defensa a través das cales canalizouse a representación nas Corte de Cádiz, das que naceron as provincias. A Galicia considerouselle unha soa provincia constituída nunha única Deputación, que fixou a súa sede, en 1813, Santiago de Compostela e o seu Presidente, o Marqués de Campo Sagrado serviría de enlace coa última Xunta Superior, da que tamén foi Presidente.

Se as Cortes gaditanas de 1812, asignaran para Galicia, unha única Deputación para todo o seu territorio, a anulación da Constitución doceanista por Fernando VII, coa conseguinte volta ó sistema de particións xurisdicionais, propias do dominio absolutista, mantería suprimida dita Deputación única, dende 1813 ata o ano 1820 no que, por Decreto do 7 de marzo volve poñerse en vigor a Constitución Gaditana, reintegrándose as 31 provincias e as súas Deputación, entre as que se inclue a Deputación única de Galicia.

2.- *Presidentes da Deputación*

As distintas formas de nomeamento obrigannos, para que o lector poda ter un coñecemento claro e cronolóxico dos Presidentes que ó longo destes cento cincuenta años, dirixiron a Deputación Provincial de Pontevedra, a relacionalos seguidamente expresando as circunstáncias de cada período e características dos mesmos.

Período dos Gobernadores Civís Presidentes da Deputación en exclusiva.

Nome	*Data da toma de posesión ou do Real Decreto de nomeamento*
Miguel del Pino	12-II-1836
Javier Martínez	27-VI-1836
José Valladares (interino)	11-X-1836
Miguel del Pino	4-XI-1836
Manuel Gutiérrez de Caviedes	25-III-1837
Rafael Pérez de Guzmán el Bueno	12-I-1838
José Valladares	26-I-1839
Pedro Donoso Cortés	17-XI-1839
Francisco Javier Carramolino	1-IX-1840
Ramón Novoa	2-XII-1840
Juan Falomir (Orde do Rexente)	22-IX-1841
José Carlos de la Fuente (Decreto)	24-XII-1842
Juan Falomir (Non chega a tomar posesión)	
Ramón García Florez (Nomeado pola Xunta Central do Goberno de Galicia)	6-VIII-1843
Ventura Díaz	7-IX-1843
Francisco Páez de la Cadena	23-V-1847
Joaquín del Rey (Real Decreto)	18-V-1848

Dende outubro de 1836 ata decembro de 1849 os Gobernadores Políticos denomínanse Xefes Políticos.

Vólvese á denominación de Gobernadores Civís.

Juan de los Santos Méndez	15-I-1850
Juan Saiz de Arroyal	22-VII-1851
José Mª de Michelena (Real Decreto)	11-XI-1851
José Mª Delgado (Real Decreto)	4-VIII-1852
José Ulloa Pimentel (Real Decreto)	30-XII-1852
José Mª Michelena	6-V-1853
José Mª Palarea	19-XI-1853
Juan Manuel Pereira (Nomeado pola Xunta de Goberno)	VII-1854
Manuel Somoza	IX-1854
Manuel Alcayde (Gobernador militar e civil)	24-VIII-1856
Bartolomé Romero Leal	20-VIII-1856
Luciano Quiñones de León	28-X-1856
José Oller Menacho	16-IV-1858
Ramón Mª Suárez	VIII-1858
José Corzo (Real Decreto)	13-VII-1861
Cosme Errea (Real Decreto)	25-I-1862
José Mateo de Urrutia (Real Decreto)	17-V-1862
Genaro Alas	1-III-1863
Francisco Martínez Mondelo	30-VI-1863
Vicente Calderón, Conde de San Juan	12-XII-1863

Período dun Presidente da Deputación para cada sesión.

Este período ven regulado pola Lei de Gobernos de Provincia de 25 de setembro de 1863 que no seu artigo 37 contempla a elección de Presidente: "A Deputación Provincial no primeiro día de cada reunión ordinaria ou extraordinaria, nomeará de entre os seus individuos un Presidente".

Nome	*Sesión que preside*	*Partido Xudicial polo que saíu elexido*
Ramón Martínez Saco	1-I, 10-V-1864	Redondela
José Espinosa	5-VIII-1864	Lalín
Ramón Martínez Saco	6-X-1864	Redondela
	16-VIII-1865	
	28 y 29-XII-1865	
Ramón Villar González	1-II-1866	Lalín
Joaquín Yáñez Rodríguez	12-IV-1866	Vigo
Joaquín Angel	28-V, 27-VII	Tui
Manuel Cea Gándara	1-I, 24-IV-1867	Vigo
Pedro M.ª Pardo Vilariño	6-VII-1867	Lalín
José Urrutia Caballero	28-VII, 24-IX, 30-X-1867	Pontevedra
Agustín Cobián de Seijas	25-XI-1867	Pontevedra
Manuel Ogando Tojo	29-II-1868	A Estrada
Pedro M.ª Pardo Vilariño	16-IV-1868	Lalín
Ramón de la Maza	18-VII-1868	Cambados

Dende o inicio do denominado ''Sexenio revolucionario'' ata que entra en vigor a Lei Provincial do 20 de agosto de 1870, retorna a figura do Gobernador-Presidente da Deputación de forma similar ó período inicial.

Nome	*Primeira sesión que preside*
Indalecio Armesto	27-X-1868 (nomeado pola Xunta revolucionaria) (republicano)
Vicente Lobit	2-I-1868 (tendencia liberal)
Eugenio Alau	23-III-1869 (tendencia liberal)
Baltasar Genme Fuertes	25-VII-1869
Fausto Garagarza	26-III-1870

Período dos Presidentes da Deputación para tódalas sesións.

Na Lei Provincial do 20 de agosto de 1870, así como nas sucesivas, queda perfectamente perfilada a figura do Presidente cun carácter máis permanente e cunha clara continuidade ó longo de todo o período de sesións que lle corresponda á Corporación. Así, o artigo 28 obriga a ''A elección dun Presidente, un Vicepresidente e dous Secretarios para tódalas sesións que teñan que celebrarse ata a renovación''.

A pesares da clara e concreta regulamentación os inicios deste período comprenden unha sucesión de Presidentes en curto espacio de tempo.

Nome	*Primeira sesión que preside*	*Partido Xudicial que representa*
Miguel Vidal López (radical)	22-II-1871	—
Francisco Pereira (liberal)	22-VI-1871	—
Cayetano Taboada Sotelo (liberal)	28-VII-1871	A Estrada
Francisco Fernández Anciles (radical)	12-VIII-1871	Pontecaldelas

Durante los años 1874 y 1875 las Corporaciones Provinciales se constituyen con la intervención directa de los Gobernadores Civiles. Los Presidentes son nombrados por el Gobernador aunque en algún caso ratificados por la misma Corporación.

Nombre	*Primera sesión que preside*
Manuel Barcena Franco	6-IV-1874
Benito M.ª de Oca	26-VII-1874
Manuel Uhagón	12-III-1875

Con la entrada en vigor de la Ley Provincial de 2-X-1877 se retorna al procedimiento de elección de Presidente por parte de la Corporación.


Nombre	*Primera sesión que preside y reelecciones*	*Partido Judicial que representa*	*Tendencia política*
Evaristo Pérez de Castro	21-III-1877 14-XI-1878 3-XI-1880	Covelo-Cañiza	Conservador
Francisco Javier Mugartegui Parga	26-IV-1881 3-I-1883	Caldas-Cambados	Conservador
Ramón Romero López Vázquez	8-VII-1884	Pontevedra	Liberal
Agustín Cobián de Seijas	4-XI-1884	Pontevedra	Conservador
Eduardo Matos	5-XI-1886 5-XI-1888	Pontevedra	Liberal
José M.ª Guerra Cobián	5-I-1891 4-XI-1892	Redondela-Puentecaldelas	Conservador
Eugenio Fraga Mascató	5-XI-1894	Caldas-Cambados	Liberal
Sabino González Besada	4-XI-1896	— —	Conservador
Gumersindo Otero García	4-XI-1898	La Estrada-Lalín	Liberal
José Boente Sequeiros	24-IV-1901	Pontevedra	Liberal
José M.ª Vidal González	22-IV-1903	Redondela-Puentecaldelas	Conservador
Antonio López de Neira	24-IV-1905 24-IV-1907	Redondela-Puentecaldelas	Conservador
Antonio Pazos Fontenla	2-XII-1909 3-V-1911 3-V-1913	Pontevedra	Liberal
Felipe Ruza García	1-V-1915	La Estrada-Lalín	Conservador
Antonio Pazos Fontenla	2-V-1917	Pontevedra	Liberal
Carlos Casas Medrano	2-VIII-1919 2-VIII-1921	Puenteareas Cañiza	Conservador
José Echevarría Harguindey	2-VIII-1923	Cambados-Caldas	— — —




Francisco Fernández Anciles.



Manuel Bárcena Franco.



Benito M.ª de Oca.



Evaristo Pérez de Castro.




Francisco Javier Mugartegui Parga.



Ramón Romero López Vázquez.



Agustín Cobián de Seijas.



Eduardo Matos.



José M.ª Guerra Cobián.



Eugenio Fraga Mascató.



Sabino González Besada.



José Boente Sequeiros.



José M.ª Vidal González.



Antonio López de Neira.



Antonio Pazos Fontenla.



Felipe Ruza García.

O Real Decreto do Directorio Militar de data 12-I-1924 restablece de novo o sistema de nomeamento de Deputados polo Gobernador e elección entre eles do Presidente.


Nome	*Sesión*
Daniel de la Sota Valdecilla	20-I-1924

Polo Estatuto Provincial do 20-III-1925 establecese de novo o nomeamento dos Deputados polo gobernador e a elección dun Presidente por un período de seis anos.

Nome	Sesión
Daniel de la Sota Valdecilla	1-IV-1925
Casto Sampedro Folgar (interino)	25-II-1930

Por Real Orde do 8-IV-1930 e segundo Real Decreto do 15-II-1930 o Gobernador da posesión ós Deputados e elíxese Presidente.

Nome	*Sesión*
Manuel Casas Medrano	14-IV-1930



Daniel de la Sota Valdecilla.



Manuel Casas Medrano.

Os Presidentes durante a Segunda República.



Amancio Caamaño Cimadevila.

O 15 de abril de 1931 toma posesión o Comité que se fai cargo da Deputación por delegación do Goberno Provisorio da República e nomease Presidente por delegación a Amancio Caamaño Cimadevila (republicano).

O 25-IV-1931 toma posesión a Comisión Xestora da Deputación procedéndose no sucesivo á elección do Presidente entre os membros que a compoñen.

Nome	*Sesión*
Bibiano Fernández Osorio Tafall (republicano)	25-IV-1931
Amancio Caamaño Cimadevila (republicano)	25-V-1931 30-XII-1931
Valentín García Temes (republicano)	1-VIII-1932
Joaquín Maquieira Fernández (republicano, O.R.G.A.)	31-V-1933
José Viñas del Monte	5-I-1934
Ramón Domínguez Ferradás	28-X-1935
Luis Fontaíña Serrapio	31-XII-1935
José Adrio Barreiro	19-III-1936
Maximiliano Pérez Prego	26-III-1936

Presidentes por designación.


O 24 de xullo de 1936 o Goberno Militar da posesión como Delegado-Presidente da Deputación a Rafael González Fernández Besada.

O 15-XII-1936 constitúese a nova Comisión Xestora sendo os Presidentes nomeados por designación a través do Goberno da Provincia.

Nome	*Sesión de toma de posesión*
Javier Puig Llamas	18-VIII-1937
Jacobo Rey Daviña	7-X-1938
Luis de Toledo Freire	9-VIII-1939
Rafael Picó Cañeque	7-VII-1942

Entre o 16-VI-1948, data na que renuncia á Presidencia Rafael Picó e o 13-IX-1951, figura como Vicepresidente Manuel Fontoira. Perante este período promúlgase a Lei de Réxime Local do 16 de decembro de 1950 na que se expecifica que o nomeamento do Presidente corresponde ó Ministro da Gobernación.

O 13-IX-1951 toma posesión de Presidente Luis Rocafort Martínez.



Javier Puig Llamas.



Rafael Picó Cañeque.



Manuel Fontoira.



Luis Rocafort Martínez.

A serie de Presidentes restantes é a seguinte:

Nome	*toma posesión Sesión en que*
Luis Suarez-Llanos Menacho	20-II-1958
Prudencio Landín Carrasco	24-VII-1959
Enrique Lorenzo Docampo	12-VI-1963
José Luis Peláez Casalderrey	6-V-1970



Luis Suárez-Llanos Menacho.



Prudencio Landín Carrasco.



Enrique Lorenzo Docampo.



José Luis Peláez Casalderrey.

Presidentes por elección.

Neste período os Presidentes son elexidos entre os membros da Corporación por votación interna.

Nome	*Sesión*
Federico Cifuentes Pérez (U.C.D.)	26-IV-1979
Mariano Rajoy Brey (A.P.)	11-VI-1983



Federico Cifuentes Pérez.



Mariano Rajoy Brey.

(Este apartado: "2. Presidentes", o mesmo que o seguinte: "3. Evolución"; foron redactados por D. Pablo Taboada Moure, tomándoos do traballo "Historia Política da Deputación Provincial de Pontevedra (1835-1936)", que como becario da mesma está facendo).

3

EVOLUCION

A Deputación Provincial de Pontevedra basa as súas orixes no Decreto do 21 de setembro de 1835 que propiciaba a creación de Deputacións por sufraxio popular.

No caso da Deputación de Pontevedra a súa acta de instalación é do 12 de febreiro de 1836 e quedou constituída cos seguintes membros:

Presidente: D. Miguel del Pino
(Gobernador Civil).

Diputados: D. Fernando Sarabia
(Pontevedra).
D. Juan de Dios Duque y Patiño
(Cambados).
D. Juan Antonio de la Vega
(Tabeirós).
D. Juan Caballero
(Ponteareas).
D. Lucas García Maceira
(Tui).
D. Atanasio Fontano
(Vigo).
D. José Mariano Araujo
(A Cañiza).
D. Manuel Alvaro Rubín
(Redondela).
D. Miguel Antonio Pérez
(Lalín).
D. Francisco Portela
(A Lama).
D. Joaquín Rey Basadre
(Caldas).

Secretario: D. Lorenzo Besada

HABITANTES DE LA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Despues que á errores sin número, á males sin cuento ha sustituido una era regeneradora, merced á la Augusta Regenta de las Españas, los individuos de esta Diputacion provincial instalada en el dia de hoy, que se ven honrados con la confianza de vuestra eleccion, os recuerdan cuanto debemos á la regia solicitud por restablecer esta institucion, que tanto debe contribuir á labrar la prosperidad de esta Nacion abatida, cuanto importa el conocimiento de esta situacion, y cuanto depende de nuestros recíprocos esfuerzos mejorarla y legar á nuestros descendientes la suma de ventura, á que nos invita la MADRE del PUEBLO y la ilustracion del siglo. Si, Ciudadanos: La inocente ISABEL, la escelsa CRISTINA, la libertad Nacional, la prosperidad de la Provincia, ahi teneis el programa de vuestra Diputacion Provincial. Sus individuos sienten la mas grata emocion al emitir nombres tan dulces, cuyo éco repite toda la Provincia, este suelo clásico de fidelidad no desmentida, donde reina la paz, residen las artes y se acatan obgetos tan sagrados. Si desgraciadamente se agita en otras esa guerra ominosa, que tiende á despojar la angelical REINA del trono de sus mayores y ahogar las libertades nacientes, pronto la veremos cesár por los desvelos del Gobierno, por los sacrificios de la Nacion y por la justicia de la mejor de las causas, la legitimidad, la inocencia. La Diputacion no perdonará medio ni fatiga en el circulo de sus atribuciones para tan grandioso obgeto; y mientras que el patriotismo y sabiduria de los dignos gefes que conducen á los campos del honor nuestra juventud animosa, nos restituyen la paz que ansiamos, no olvidemos que solo por el órden y el trabajo, caminan los pueblos á la prosperidad. Los medios de impulsarlo son variables segun las circunstancias de cada Provincia; y su direccion solo puede dictarse con acierto por los que la conocen: y aqui está el principal obgeto de las Diputaciones. ¡Cuantas desgracias no han ocurrido en todas las Naciones y en la nuestra de olvidar aquel principio! Leyes dictadas en tiempos remotos desde las orillas del Tiber y del Bósforo, y en tiempos mas cercanos desde las llanuras de Castilla mandadas observar en esta Provincia y las mas de Galicia, donde las necesidades y los hábitos eran tan distintos. ¿Como podrian labrar su felicidad? cabaron simas insondables, donde sucesivamente se han ido sepultando grandes fortunas y grandes arroyos de felicidad general. La esperiencia de los desaciertos era insuficiente á dictar un remedio; y pocas ó ningunas esperanzas habia de conseguirlo, y dar á cada manantial de riqueza la direccion mas util, si un Gobierno ilustrado, presidido por un Astro luminoso y benéfico no nos alargase su mano omnipotente para salir de situacion tan lamentable.

Ya instalada esta Diputacion, los individuos que la componen con su digno Presidente se esforzarán en coadyubar á tan grandioso obgeto. Estados ecsactos de todas las producciones, noticias circunstaciadas de los estorbos que la cercenan y de los medios de removerlos, un censo de poblacion con que desaparezcan los vicios de los anteriores, causa de enormes injusticias, y una Guardia nacional numerosa que garantice el órden público, he aqui lo que necesita para conseguirlo. A todos, y en particular á las corporaciones municipales, incumbe el deber de proporcionarlos. Unámonos todos, y esta Diputacion se congratulará con sus colaboradores de haber abierto el campo á las mejoras, haber secundado los dulces sentimientos de la REINA GOBERNADORA, y haber cimentado la prosperidad de esta Provincia. Pontevedra 12 de Febrero de 1836.

Miguel del Pino — Presidente.
Fernando Sarabia — Diputado por Pontevedra.
Juan Antonio de la Vega — Diputado por Tabeyrós.
Juan de Dios Patiño — Diputado por Caubados.

José Mariano Araujo — Diputado por la Cañiza.
Juan Caballero — Diputado por Puenteareas.
Lucas Garcia Maceyra — Diputado por Tuy.
Atanasio Fontano — Diputado por Vigo.

Manuel Rubin
Diputado por Redondela.

Por acuerdo de la Diputacion.

Lorenzo Besada
Secretario.

Os primeiros pasos da Corporación dánse baixo un tenso ambiente de inestabilidade política motivado, por unha banda, polas incursións dos carlistas que nalgún caso chegaron incluso a asedia-la mesma capital, e pola outra, as loitas sostidas entre Pontevedra e Vigo pola capitalidade da provincia.

A situación de guerra civil na que se atopaba o país durante o período de instalación da Deputación propiciara a creación das Comisións de Armamento e Defensa a través do Decreto de 25 de agosto de 1836. A creación destas Comisións foi a fórmula legal para resolver unha situación de duplicidade orgánica que se producira nalgunha provincia ó coexistir a Xunta Gubernativa e as novas Deputacións con fins e funcións moi similares. Despois do mencionado Decreto as Xuntas Gubernativas existentes fusionáronse coas Deputacións constituíndo as Comisións de Armamento e Defensa.

No caso de Pontevedra resultaba ser a mesma Deputación a encargada de nomear catro persoas de "absoluta confianza" para formar, conxuntamente cos Deputados provinciais, a Comisión de Armamento e Defensa. A xuntanza para a súa constitución ten lugar o 12 de outubro de 1836 e nela faise mención ó "patriotismo e celo dos señores concurrentes "que" lles obrigou a arrostrar o mal temporal e outros perigos para consagrarse exclusivamente ó servicio extraordinario por razóns das circunstáncias coas que se lles distinguira".

Os obxectivos que se fixan son claros e rotundos: "a conclusión da guerra civil, consolidación da liberdade e afianzamento do trono de Isabel II".

Durante os primeiros meses de actividade, e tendo en conta que o obxectivo prioritario era a guerra civil, a Comisión foi moi activa, anulando practicamente á Deputación como tal institución, chegando incluso ó confusionismo ata os membros da Comisión que en sesión do 3 de novembro de 1836 deliberan sobre unha moción do Sr. Fontenla, membro da Comisión pero non da Deputación, na que se pedía que "se declarase das atribucións da Deputación e Xunta de Armamento eran unhas mesmas e que desde a instalación destas non debía haber diferencias no coñecemento e que a maior abundamento se consultase á S.M.".

A moción foi rechazada acordando que non se podía conceder ás Xuntas de Armamento "as mesmas facultades que ás Deputacións provinciais pois éstas tiñan limitadas as súas por regulamentos especiais".

En virtude do R.D. do 14 de xaneiro de 1837 normalízase a situación ó aumentar o número de Deputados ata igualar ó de Partidos Xudiciais e cesando nas súas funcións ós membros das Xuntas de Armamento e Defensa, disolvéndose a de Pontevedra o 31 de xaneiro do mesmo ano.

En xuño de 1839 continúa o proceso de organización da Deputación e fórmase a Comisión Permanente composta polo Xefe Político como Presidente, tres Deputados Provinciais e coa posibilidade de asistencia do Intendente. Os asuntos sobre os que trataba de forma preferente eran os exames dos

presupostos e as contas municipais e as quintas.

Xa dende os seus comenzos a Deputación ten tensións coas Cortes e co Goberno Civil. En canto ás primeiras manifféstanse con motivo da anulación, por parte das Cortes, das actas de eleccións da provincia por non ter sido remitidas as listas electorais xustificadas, o que dá lugar a unha longa e emotiva intervención do Deputado Claudio González na que ó remate da mesma solicita a disolución das Cortes.

Polo que respecta ó conflicto co Goberno Civil ten lugar en 1839 cando unha Xunta constituída en Vigo de xeito ilegal, usurpa as funcións da Deputación sobre inscripcións nas listas electorais para elexir Deputados a Cortes. A Deputación tenta cortar as súas actuacións cunha circular dirixida ós Concellos para que non sigan as súas instruccións, pero queda bloqueada polo Goberno Civil sen causa xustificada. Ante as insistentes peticións de xustificación a resposta foi pouco satisfatória.

Ó ano seguinte rexurden os roces entre o Xefe Político ou Gobernador Civil e o Deputado Claudio González sobre atribucións e competencias da Deputación en relación co Goberno Político. Ese mesmo ano iníciase a serie de "pronunciamentos políticos" que repercutirán na composición da Deputación provocando cambios bruscos por procedementos alleos ó proceso electoral.

Neste caso a Deputación limítase a suspender as súas sesións pasando a actividade política ás Xuntas Provisorias, que no caso da Xunta da capital foi presidida por D. Ramón García Flórez.

Este pronunciamento destacou a nivel provincial polo enfrentamento entre as poboacións de Pontevedra e Vigo e como resultado da división entre as respectivas Xuntas, actuando como problema de fondo o complicado asunto da capitalidade da provincia.

A Xunta de Pontevedra e o Xefe Político interino non recoñecen ó novo Capitán Xeneral de Galicia, Iriarte, nin ó Comandante Xeneral da Provincia de Pontevedra, propensos a trasladar a capitalidade a Vigo, pedindo axuda este último, ante a imposibilidade de controlar a situación en Pontevedra á Milicia Nacional de Vigo. O enfrentamento entre ambas poboacións prodúcese concluíndo coa capitulación da Xunta pontevedresa, que se dirixíu ós cidadáns, o 6 de outubro de 1840, cunha alocución na que xustificaba á súa actitude nestes términos: "A vosa Xunta, pois, honrados e xuiciosos galegos, encarécevos de sobre maneira que non esquezades canto vale conservar ilesos a orde e tranquilidade pública, seguros de que non hai clase de traballo que non estea disposta a abrazar e de risco que non estea disposta a correr no obsequio daquel inapreciable ben, único que pode salvarnos e consolidar os principios políticos adoptados pola Nación e garantizados polo nobre pronunciamento co que acaba de asombrar a Europa".

O conflicto máis importante que se prantexa, dende o punto de vista da acción da Deputación, durante o tempo que dura o pronunciamento e o relacionado cos inten-

Art. 74. Ademas de la primera enseñanza que se proporcionara a los niños y niñas de estas casas, conforme a lo prevenido en el articulo 11, 12 y 120 del reglamento general de instruccion publica, en todas ellas se establecerán las fábricas y talleres que sean mas análogos á las necesidades y producciones de la provincia, tomando las debidas precauciones para que con este motivo no decaigan las fabricas particulares.

Art. 75. Luego que un niño haya recibido la primera enseñanza, se destinará al arte, profesion ú oficio á que mas disposicion tenga, y él quiera elegir, procurando proporcionarle esta segunda enseñanza fuera de la casa en cualquier pueblo de la provincia: y solo en el caso de que esto no pueda conseguirse se entregará á un maestro de la casa, observándose lo mismo con las niñas segun sus circunstancias. *(Se continuará)*

HABITANTES DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Los individuos que componen la Junta de Armamento y Defensa de esta Provincia, conocieron luego la necesidad de proveer á la defensa de la Provincia. Sin medios, ningun designio por provechoso que sea, puede tener efecto ni resultados: asi esta corporacion se ocupó luego que se ha reunido, y con la atencion mas madura y diligente, en discurrir recursos y arbitrios que gravasen menos vuestras fortunas, demasiado cargadas con el peso de contribuciones indispensables para el sostén del órden público. No era posible llenar nuestros deberes sin ecsigir de vosotros algun sacrificio por una causa tan justa. Creed, ciudadanos, que ecsaminamos con la detencion mas escrupulosa cuantos lugares pudieran favorecer nuestra idea; y ninguno nos parecio menos incomodo á vuestro bienestar. Si nos equivocamos, nuestra intencion benévola debe justificarnos en el tribunal de vuestra opinion. La multitud de concurrentes al arriendo de los arbitrios, la actividad laudable de los ayuntamientos en el despacho de estos espedientes (pues aunque no fué igual en todos, todos manifestaron que no desestimaban las órdenes de sus representantes): aquella docilidad, pues, y y obediencia, aquel interés vital ¿no es una prueba del vigor y fuego que abrigan vuestros corazones?

Sin la concurrencia y cooperacion de las autoridades municipales, son nulos nuestros desvelos: vosotros sois las manos ausiliares de vuestra Junta, y con ellas harémos todo el bien que podamos proporcionar á la Provincia. Simpatizad el afecto que profesamos á los vecinos de vuestras municipalidades. No se separe de vuestra idea que sois los padres y protectores de vuestros pueblos. Sean las bases inalterables de vuestro gobierno la justicia, la humanidad y el desinterés. No se oigan rumores de parcialidad y pasiones mezquinas. Sed sufridos, indulgentes y generosos con vuestros pueblos, segun lo dictan la honradez, la moral y la religion santa que profesamos. Una pequeña estafa se abulta por la malignidad de vuestros rivales, y trae consigo una mancha indeleble á la reputacion y buen nombre, que es el alimento mas nutritivo de un alma noble. Unamonos y obremos de modo que todos se unan á nosotros. Una provincia reunida es inconquistable á los esfuerzos mas combinados de la tiranía. Con nuestro ejemplo mostremos a la España libre que la division es y fué siempre el arma mas poderosa de los enemigos de nuestro bien; sed dociles a la voz de vuestros representantes provinciales: sedlo a las disposiciones de nuestro sabio Gobierno. Es cierto que la necesidad impone contribuciones que apliquen vuestro ánimo y disminuyen vuestros goces; pero no perdamos de vista que la libertad, la dicha futura y la de las generaciones que vengan, ecsigen aquel duro sacrificio. Con él anticipareis las bendiciones que os dará la posteridad española, y serán el glorioso premio de las incomodidades que sufrimos.

¡Con que gozo y fruicion vuestros Diputados provinciles os dan gracias por los servicios que acabais de prestar, tanto mas meritorios, cuanto mas complicados con otras atenciones importantes que desempeñais! ¡Que garantia mas pronunciada de la fidelidad y cooperacion que esperamos de [illegible]icipalidades tan flecsibles al bien comun! ah, y que dolor no afectará nuestra alma si llegamos á vernos en la precision de reprenderos y mucho mas cruel si llegase el caso de penaros! No llegará, no; el valor y la honradez de esta Provincia jamas se ha desmentido. Viva Isabel II, S. M. la Madre Gobernadora y las libertades patrias.

Asi se insinua vuestra Diputacion y se lisongea de que repite los ecos de los ciudadanos de su provincia. Pontevedra 10 de Noviembre de 1836.=*Miguel del Pino*, Presidente.=*José Valladares.--Juan Orrea y Sanchez.--Andrés Gayoso.--Roque Amado.—Dámaso Rivera y Gil.--Juan Buet.—Ruperto Mateo de Roda.--Ramon Eugenio Carbon.—Benito de Reins.--Ignacio Salgado.--Benito* Espinosa *Pardo.--Juan Manuel Fontenla.--Antonio Rotea.--Jose Antonio Caire.*--P. A. de la D. y J. de A. y D.--*Lorenzo Besada*, Srio

Subdelegacion de Rentas Reales de la ciudad de Vigo y su distrito.

En los dias 20, 25 y 30 del presente mes de Noviembre se sacan á pública subasta los derechos de las aguardientes y licores que se consuman en dicha ciudad, su unido, Santiago de Vigo, Villa de Bouzas, las parroquias de su antigua jurisdiccion y Valle de Fragoso, en el año próximo de 1837; lo que se hace notorio á los habitantes de esta provincia para su inteligencia. Vigo 14 de Noviembre de 1836.—Rafael Sempere.

PONTEVEDRA: OFICINA DEL BOLETIN OFICIAL.

tos da Xunta de Vigo de proxectar a súa xurisdicción más alá dos límites territoriais que lle correspondían, véndose obrigado o Xefe Político a dirixirse, a través do BOP, extraordinario, do 19 de setembro de 1840, ós Concellos da provincia, advertíndolles "que a Deputación provincial, o Goberno Político, a Intendencia e demais autoridades e Corporacións Provinciais residen nesta cidade (Pontevedra) e que baixo ningún pretexto poderán prestar obediencia para satisfacer as contribucións nin facer outro calquera pago dos fondos que corresponden ó Estado e ás atencións provinciais, á expresada Xunta (provisoria de Vigo) nin a outra algunha sen incurrir na máis estreita responsabilidade despreciando amenazas e supostas declaracións de capitalidade, que en tódolo caso deberán ser comunicadas polas autoridades lexitimamente constituídas e recoñecidas pola Xunta provisoria de Goberno desta Provincia".

Durante certo tempo, co apoio do Capitán Xeneral, Vigo consigue agregarse varios Partidos Xudiciais e incluso intentou formar a súa propia Deputación Provincial, ata que o 24 de outubro o mesmo Xefe Político comunica ós Concellos que por Orde da Rexencia quedaba sen efecto a agregación dos mencionados Partidos Xudiciais, e además non debían permiti-la circulación do Boletín Oficial que se imprimía en Vigo por disposición da Xunta daquela cidade, considerandoo subersivo e oposto ó espírito e letra das ordes emanadas dende a Rexencia do Reino".

Unha Orde da Rexencia do 6 de novembro pon fin á cuestión confirmando a capitalidade en Pontevedra, ratificando posteriormente esta decisión as Cortes.

O primeiro de xaneiro de 1841 instálase unha nova Corporación presidida polo Gobernador D. Ramón Novoa e formada por unha serie de Deputados ilustres e de grande talla na política da época: Domingo Fontán (A Lama), José Valladares (Lalín), Ramón García Flórez (Pontevedra), Antonio Arias Seoane (Pontevedra), Juan Ramón Patiño (Cambados), Antonio Mª Sarmiento (A Cañiza), Eugenio Salgado (Caldas), Manuel Otero (Tabeirós), Esteban Areal (Tui), Ramón Buch (Vigo), e Leodegario Rubín (Redondela). Todos eles xuraron "Gardar e facer garda-la Constitución de 1837 e obediencia á Rexencia".

Outra situación crítica pola que pasa a Deputación ten lugar con motivo do pronunciamento de 1843 ó recibir un oficio da Xunta Auxiliar de Armamento e Defensa de Pontevedra, do 11 de agosto de dito ano, polo que lle traslada outro da Xunta Central de Galicia, segundo o cal se decretaba a disolución da Deputación e traspasábanse as súas atribucións á mencionada Xunta Auxiliar. A Deputación acorda non aceptar en principio a resolución por non proceder dunha xunta con existencia legal nin lexitimamente constituída.

A Deputación soporta os vaivéns do pronunciamento e o primeiro de setembro constitúese cos mesmos Deputados pois considera a Corporación que ningún dos seus membros contrariara o "pronunciamento nacional".

BOLETIN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE VIGO.

NÚMERO 1.º — MIÉRCOLES 21 DE OCTUBRE DE 1840.

ARTICULOS DE OFICIO

Capitanía general de Galicia.=Escmo. Sr.=Al Escmo Sr. Presidente de la Junta de gobierno de Pontevedra digo con esta fecha lo que sigue.=Escmo. Sr.=Para cortar toda duda é interpretacion en mi circular de 10 del corriente, se entiende que las dos Juntas de Vigo y Pontevedra son independientes entre sí, y la de Vigo debe gobernar toda la izquierda del rio Caldelas principiando desde el Puente de S. Payo, que comprende los partidos de Vigo, Tuy, Redondela, Puenteareas y Cañiza. La de Pontevedra toda la derecha del mismo rio y partidos que no se mencionan. =Lo que se servirá V. E. publicar en el Boletin oficial como adicion á mi espresada circular de 10 del corriente.»= Lo que digo á V. E. con igual objeto.=Dios guarde a V. E. muchos años. Vigo 11 de Octubre de 1840.=Escmo. Sr.= Martin José Iriarte.=Escmo. Sr. Presidente de la Junta de Gobierno de Vigo.

Habitantes de esta Provincia.

Vuestra Junta provisional de Gobierno se considera en el deber sagrado de dirigiros su voz, ahora que dichosamente se halla ausiliada del divino arte de la imprenta para tributaros los merecidos elogios; daros cuenta de la confianza y poder que en ella habeis depositado, y demostrar la ninguna justicia con que vuestros émulos y hasta algunas corporaciones quisieron empañar vuestra esclarecida reputacion. Oprimidos y desesperados los pueblos por el yugo insufrible de una camarilla abominable: desmoralizada la Nacion con toda clase de abusos; rasgadas paginas preciosas de la CONSTITUCION, y rotos con sanciones de leyes violentas los suaves lazos que unieron al Pueblo a una Reina idolatrada, conocieron los verdaderos liberales su peligro inminente, y el heróico Ayuntamiento de Madrid levantó el grito de LIBERTAD É INDEPENDENCIA NACIONAL.

¡Gratitud eterna á tan dignísima Municipalidad! Su voz resonó con estrepitoso entusiasmo y pasmosa rapidez por toda la Nacion; y Vigo, el primero de Galicia, quesin seguridad de ausilios de ninguna parte, y hasta con fundados recelos de que Coruña y Santiago pudiesen secundarle, se arrojó valeroso á la arena contra el despotismo opresor. Amenazado por el Comandante general, digno instrumento del feroz Sanz, de llevarlo todo á fuego y sangre, y sitiado por sus tropas, no se arredró ni un momento; antes creciendo su valor a proporcion del riesgo, despues de salvar su constancia muchas víctimas en Santiago, impulsó el pronunciamiento de Galicia.

No se detendrá esta Junta á encarecer la inmarcesible gloria que en tan señalado dia contrajo este pueblo ciertamente admirable. Bien patente está: nadie puede disputársela, y sabido es de toda España, que sin su apoyo no podia el invicto Iriarte derribar tan pronto al tirano. Sus comunicaciones de fechas 12, 13 y 21, (números 1, 2 y 3) acreditan esta importante verdad. Y hé aquí demostrado el fundamento de su capitalidad. Pero, no en una disposicion tan solemne y respetable, cual es la que cita el ilustre Capitan General, se fundó únicamente la Junta de Vigo: en principios mas elevados é inconcusos, y sobre todo en los de verdadera *Soberanía Nacional*. En todas las revoluciones del mundo, cuando un Gobierno indigno destruye el pacto que une las naciones á sus Reyes, y tienen los pueblos que alzarse contra sus tiranos, recobran sus primitivos derechos volviendo á los tiempos en que el hombre, para proveer á su propia conservacion, se vió precisado á sacrificar parte de su ilimitada libertad, depositandola en manos, que sin oprimirles, cuiden de su seguridad. En este caso no hay supremacía entre individuos y pueblos; todos son iguales, hasta que ellos mismos constituyen el poder en donde mejor les place; y aquel lleva la preferencia que primero se ha proclamado, ó que mejores títulos tiene de interés y aprecio general. Vigo reunió tan ventajosas circunstancias, y decididos y entusiasmados todos los pueblos de la izquierda del rio Caldelas, península de Morrazo y Carril, se apresuraron á saludarle Capital. ¿Quien podra disputarle tan legítima superioridad? Solo un Centro de autoridad nacional; y esta Junta esta sobradamente persuadida que lejos de contrariar ésta la voluntad libre de unos pueblos, que en ocasion tan solemne se espontanearon por Vigo, confirmará su decision uniéndole los temas de la Provincia, que acaso por coaccion, ó por reconocer bastante sus verdaderos intereses, no se le adhirieron aun.

Esta Junta se lisongea que lo manifestado confundirá á sus obcecados detractores, y á mayor abundamento los Boletines sucesivos demostrarán con datos oficiales las causas verdaderas de la última salida de los nacionales de Vigo á Pontevedra. Mientras tanto, para justa satisfaccion de los pueblos administrados por esta Junta, debe manifestar que por la declaracion del Capitan general que encabeza este Boletin oficial, y mucho mas por los irrecusables títulos que acaba de demostrar, podia nombrar autoridades de Provincia; pero sus individuos que aspiran á la gratitud de sus conciudadanos y penetrados ademas de las escaceses del Erario y de que la intendencia y gefatura política traen consigo oficinas, sueldos y gastos de mucha consideracion, han resuelto hacer un nuevo sacrificio, reasumiendo atenciones de tanta magnitud, dividiéndose en secciones, que trabajando asíduamente marche todo con órden, sin costar á la Nacion mas salarios, que los precisos para los empleados en la secretaría. Y hay mas: esta Junta que acaba apenas de hacerse cargo de la administracion y recauda-

Número 1º del Boletín Oficial de la provincia de Vigo, *al reinstaurarse ésta en Octubre de 1840 en virtud de un acto de fuerza de la Milicia Nacional.*

A realidade foi que a peculiaridade do pronunciamento, que empeza sendo un simple reaxuste de forzas dentro do progresismo e que conclúe canalizado polos moderados no seu proveito, permitíu á Deputación, manténdose á expectativa, reanuda-la súa actividade sen maior novidade. Así en sesión posterior aproba unha serie de votos de gracias ó Xefe Político, Intendente e Xuntas da Provincia nuns términos tan ambiguos como contemporizadores: "A Deputación provincial que é o órgano verdadeiro dos sentimentos dos pobos perfectamente penetrados do excelente comportamento do Sr. Xefe Político dende que se acha neste destino, evitando co seu tino e prudencia os conflictos que se preparaban polas circunstáncias especiais nas que se atopaba a provincia, acordou darlle un voto de gracias..."

A pesares de todo, a Corporación renóvase ó pouco tempo e o primeiro de novembro reúnense os novos Deputados elexidos con grandes dificultades sobre todo na zona de Vigo, onde o escrutinio demorouse por "receos de incursións polos sublevados".

Vigo, ante o caríz que tomara o final do pronunciamento, volverá pronunciarse, no mes de outubro, en favor da restauración do partido progresista, entremezclándose de novo nas súas reivindicacións o problema da capitalidade da provincia. A instalación definitiva da Deputación fíxose o 11 de Novembro de 1843 xustamente o mesmo día que o Xeneral Cotoner daba en Vigo un bando anunciando a derrota dos pronunciados e a adopción de medidas militares e civís co obxectivo de pacifica-lo territorio que estiveron vixentes ata o 1 de decembro en que por medio doutro bando levantábase o estado de guerra.

Con motivo da proclamación de Isabel II como Raiña de España, o 1 de decembro de 1843, reúnense no Concello o Xefe Político, o Intendente, os Deputados Provinciais xuntamente cos notables da cidade para celebra-lo acontecemento. Además dos discursos de rigor durante todo o día seguiron os festexos que, segundo a descripción dos cronistas deberon ser moi animados: "as gaitas do país e a instruída danza de espadas do gremio de mareantes de Marín, percorreron as rúas da cidade durante o día, dando maior animación ó regocixo do que estaban poseídos tódolos habitantes.

Pola noite foi moi lucida a iluminación sobresaíndo nela a que se vía nas fachadas principais de dito Pazo Provincial, fiestras que corresponden ó local que ocupa o Goberno Político, a Intendencia e a Deputación Provincial. Na balconada da casa consistorial estivo tocando pezas de moito gusto a música do provincial de Tui ata as 11 da noite. Os fogos artificiais foron moi variados e abundantísimos".

A cada vez maior complexidade de funcionamento da Deputación fai que se sinta a necesidade de elaborar un regulamento interior de goberno "que ó paso que exprese facilmente as formas de exerce-la Deputación as súas atribucións existentes, contribúa pola súa redacción a presentar armonizadas disposicións gubernativas vixentes".

Para tal fin decídese, en abril de 1844, formar unha Comisión encargada de examina-las bases do regulamento e apróbanse unhas medidas de carácter transitorio.

Coa Lei sobre organización e atribucións de Concellos e Deputacións do 8-I-1845 introducíanse cambios importantes no réxime das Corporacións provinciais, ata tal punto que a Corporación, ante as novas de prensa da súa inminente aprobación, acorda o 2 de xaneiro que "polos encargados das respectivas mesas (...) fórmense inventarios minuciosos de tódolos expedientes (...) para que o presente Secretario faga o xeral por aqueles así como de tódolos móveis e efectos costeados dos fondos provinciais".

A actividade prosegue en novembro do mesmo ano nomeando como era preceptivo, posto que coa nova Lei cesaba o anterior Secretario, a D. Manuel Cea Gándara como novo Secretario elexido entre os membros da Corporación.

As primeiras novas do levantamento progresista de 1846 chegan á xeralidade dos cidadáns pontevedreses a través do Boletín Oficial da Provincia que, nos primeiros días do mes de abril, introducía circulares relativas á marcha dos acontecementos e bandos nos que se tomaba medidas de tipo preventivo. A partires do 10 de abril xa son as Xuntas constituídas tralo pronunciamento as que utilizan o Boletín para difundi-los seus comunicados.

A actitude que podería adopta-la Deputación ante a nova situación política quedaba fóra de toda dúbida trala publicación, por parte da Xunta de Goberno de Pontevedra, do bando do 10 de abril no que se acordaba nos seus primeiros párrafos o seguinte: "Toda persoa constituída en autoridade civil, política, militar ou eclesiástica, que no preciso término de catro horas dende a publicación deste bando non se adhira por escrito ó alzamento manifestándoo así á Xunta, declárase separado de feito do destino ou emprego que exerza".

Toda a actividade política e administrativa durante o período do levantamento quedou asumida polas Xuntas, que se convertiron en auxiliares no momento en que se creou a Xunta Superior provisoria de Galicia. Esta última acordou tamén que os Concellos cesaran definitivamente nas súas funcións sendo reemplazados polos existentes no ano 1843.

Trala derrota dos pronunciados e o conseguinte fusilamento dos xefes militares da rebelión a actividade política retorna á situación previa ó levantamento repoñéndose os Concellos e demáis autoridades.

Novos acontecementos políticos repercuten no discorrer ordinario da Deputación ó triunfa-lo pronunciamento progresista de 1854. O Real Decreto de 7 de agosto obrigaba a repoñer na Deputación Provincial ós Deputados que o eran en abril de 1843, producíndose dificultades insalvables ó ter morto algúns deles, véndose na obriga de recorrer a membros das Corporacións de 1842, 1841 e 1840, coa excepción dun Deputado, o conflictivo D. Ramón Buch, o cal, aínda que vivo e pertencente á mentada Corporación de abril de 1843, non foi convocado "xa pola ausencia de dito Sr., xa porque lle compren-

den circunstáncias especiais por virtude das que non debe formar parte da Excma. Deputación".

Dito Deputado era o representante dunha das dúas correntes máis importantes do progresismo vigués.

O primeiro acordo da nova Corporación foi elaborar un Manifesto ós habitantes da provincia e unha Exposición ó Duque da Victoria, Espartero, manifestándolle o seu apoio á nova situación política. O Manifesto iniciábase cun talante quizais excesivamente protector dos cidadáns "chegou o momento de dirixi-la súa voz paternal ós pobos que representa" e detíñase, na súa primeira parte, nunha dura crítica do papel que desempeñaran as Deputacións nos anos anteriores "Unha política bastarda meticulosa, e que só tiña por sistema abroga-lo voto político, centralizando ata a esaxeración tódalas aspiracións e sentimentos, traballou con desvelo incesante ó longo de 11 anos nesta escola de perdición, tocándolle unha grande parte deste odioso sistema ás Deputacións Provinciais, ás que só se lle conservou un nome tradicional sen atribución algunha das peculiares á súa índole e natureza, e deixándolle só como por escarnio a ocupación noxenta de reparti-las contribucións máis gravosas ó pobo, como se esto non fose bastante, nin aínda se lle otorgara o dereito de dar conta ó público dos seus desexos, das melloras que poidera concebir en ben da provincia, do remedio que precisaran os seus males, sen o preciso consentimento do seu presidente que moitas veces receaba ver en cada deliberación destes corpos un voto de censura ós seus patronos".

Continuaba afirmando que fora necesario unha revolución para recobra-lo que consideraba "dignidade humillada" e anunciaba ós habitantes da provincia unha nova época en base ó programa que tiña como eixe central a bandeira da liberdade, moralidade e xusticia. Prometía tamén perseguir ós que estaban afeitos a vivir a espensas do patrimonio dos pobos, aínda que a situación concreta da provincia era máis saudable e auguraba un futuro optimista: "Por fortuna na nosa provincia vense escasas mostras desa inmoralidade contaxiosa e os Concellos saberán acreditar que no repartimento e exacións os seus administrados non hai excesos que correxir; saberán propoñer a esta Corporación cantas melloras consideren posibles no estado de postracción dos pobos e aprobadas, executalas sen facelas odiosas como ata aquí, saberán aplica-los dereitos políticos e municipais que as leis lles encargan, sen as miras exclusivistas de formar pandillas e perpetuarse nun mando que se pechaba nun círculo xeralmente odiado, e saberán restituir á provincia de Pontevedra o bon nome que sempre tivo de adhesión ós principios proclamados e que a fan acreedora de tódala consideración, a súa beleza topográfica, os seus portos e a índole dos seus habitantes".

Por outra banda o primeiro problema político co que se enfrentou foi a perpetua tensión co Concello de Vigo plasmada na acta da sesión do 29-VIII-1854 na que recolle unha reiterada desobediencia de dito Concello ós mandatos da autoridade provincial, polo que pedía o Gobernador consello á Deputación, a cal resolvía con grande diplomacia: "deixabao a discrepción e prudencia do

Gobernador sen perxuicio do que resolvese o Goberno nas mans de quen estaba o asunto".

Co fin do bienio progresista a Deputación sofre unha nova disolución decretada polo Brigadier D. Manuel Alcayre, Gobernador Civil e Militar da provincia de Pontevedra o cal "en uso das facultades extraordinarias de que se achaba revestido, e por motivos de conveniencia e orde público resolvera disolve-la Excma. Deputación Provincial".

Ó mesmo tempo convoca, como representantes dos Partidos Xudiciais, a D. Francisco A. Riestra (Pontevedra), José Garrido (Vigo), José Buceta Ramírez (Cambados), Juan Gregorio Maceira (Tui), Joaquín Vázquez de Puga (A Cañiza), Angel Amores (Ponteareas), Eduardo Matos (Pontecaldelas), Marcial Valladares (Tabeirós), José Mateo Otero (Redondela), para formar provisoriamente a nova Corporación.

Instalada ésta diríxese a través do BOP ós habitantes da mesma cunha alocución que se inicia cun breve resume sobre o clima social do momento: "Instalada no día de hoxe (30-VIII-1856) esta Deputación provincial (...) deber é seu aprecia-lo estado ata certo punto anómalo da Nación e a ansiedade de que naturalmente deben acharse poseídos os ánimos dos habitantes da provincia, a fin de calmar aquela e devolver a estos a tranquilidade perdida, así como na esfera do Goberno e administradión dos seus bens a regularidade e concerto necesarios á súa boa e convinte xestión".

Para consegui-los seus obxectivos apelaban o bo criterio do pobo "Curados estos de ilusións e quimeras, comprenderán a non dubidalo que así é necesario a orde para a sociedade como o alimento para a vida, e se o estravió nas ideas causa e efecto dunha serie de acontecementos lamentables que esta Corporación abstense de calificar para dalos máis facilmente ó olvido, producíu as perturbacións por que varios pobos da Monarquía acaban de pasar, esta Corporación espera da proverbial sensatez e cordura dos desta provincia, o que este estravío desaparecerá moi en breve con só a respetuosa observancia das leis".

Pouco ía durar esta Corporación porque o 10 de outubro do mesmo ano o recén chegado Gobernador Civil, D. Bartolomé Romero Leal, vese na obriga de renovala con persoal máis adicto segundo as súas propias palabras: "a pesares de atopar unha Deputación composta de persoas moi dignas e celosas do desempeño do seu cometido, a necesidade de constituír este Corpo dunha maneira que corresponda á política tolerante e expansiva que inaugurou o Goberno da S.M. e de que se atopen nel tódolos partidos legais movéranlle a executa-la reorganización actual".

Entre os novos Deputados destacaban polo seu propio peso o Marqués de Valladares (Vigo), Juan Ramón Patiño (Cambados) e Ignacio Caballero (Redondela).

Coa chegada a fins dese mesmo ano de 1856 dun novo Gobernador Civil, D. Luciano Quiñones de León, hai unha reorganización aínda que parcial, destacando sobre todo o feito de que o programa de intencións desplázase do político cara os chamados in-

...VIERNES 12 DE FEBRERO. ...

...oletin Oficial

PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

...meses en esta capital, 10 rs.; tres idem 28; número suelto, el pliego, 1 real; fuera franco de porte, por trimestre, 32 ... pueblos los ...rnes y viernes.—Se hace toda clase de composiciones en tipografía y litografía á precios arreglados. Se suscribe en la calle Real, núm. 6, ... Edicion oficial.

calde del distrito á que corresponda el espresado Manuel Garcia, á quien encargo recoja del mismo la licencia que se reclama y la remita al señor Cobernador militar conforme se dispone.

Pontevedra 9 de Febrero de 1858. —El V. P. del C. P., Gobernador interino, Pedro Maria Pardo.

PROGRAMA

de los festejos públicos y actos de Beneficencia que la Excelentísima Diputacion provincial de Pontevedra ha dispuesto en celebridad del fausto natalicio de S. A. el Príncipe de Asturias D. Alfonso Francisco, Fernando Pio, los que tendrán lugar en los dias 20 y 21 del corriente mes en la forma siguiente:

El 20 á las doce de su mañana, despues de un repique de campanas en todas las iglesias, se izará el pabellon español en el palacio provincial, descubriéndose el retrato de S. M. la Reina, que se hallará colocado en el balcon del mismo palacio, donde una guardia de honor custodiará el mencionado retrato.

En seguida se procederá á la inauguracion de una fuente en la plaza de la Constitucion, que tomará el nombre de *Fuente del Príncipe de Asturias*; cuyo rótulo será colocado en alto relieve en uno de los frentes de ella.

Por la tarde en medio de la referida plaza habrá cucañas de varias especies.

La música del Hospicio tocará en aquel punto para que bailen las gentes del pueblo.

El Hércules español, natural de esta ciudad, ejecutará al aire libre suertes y juegos gimnásticos y acrobáticos de los mas difíciles y vistosos.

Por la noche una hermosa y magnífica iluminacion de colores con varios trasparentes, formando un conjunto de caprichosas y elegantes figuras, que se adaptará á la fachada del palacio de provincia, hará el aspecto de una obra arquitectónica del mejor gusto: coronado todo por el escudo de armas de España, y con lemas alusivos al objeto de la funcion.

En un estremo de la plaza aparecerá el esterior de un palacio fantástico, adornado é iluminado con fuegos de colores segun los últimos adelantos del arte pirotécnico.

Se lanzarán á los aires multitud de cohetes de todas clases durante un largo espacio de tiempo con intermedios de música.

La ascension de un globo aereostático, terminará el divertimiento del primer dia.

En el segundo, ó sea el 21 por la mañana, secundando los deseos filantrópicos del Gobierno, se distribuirán pingües limosnas al Hospicio de esta capital; de igual donativo disfrutarán los establecimientos de beneficencia de Vigo y Tuy: se dará una comida á los presos de la cárcel, y mantas y otros efectos a las presas en el local de la compañía.

Por la tarde, nuevas cucañas, música, ejercicios de funambulismo, y baile del pueblo en la plaza, el cual durará hasta las nueve de la noche, concluyendo con la ascension de otro globo.

En seguida tendrá lugar un baile de etiqueta en el gran salon de la casa del Excmo. Señor Conde de San Roman preparado y decorado aquel con todo esmero y en cuyo testero estarán colocados los retratos de SS. MM. la Reina y el Rey, bajo su correspondiente dosel.

La entrada al salon del baile será por un jardin, alumbrado y exornado convenientemente; y la calle del tráusito estará cubierta por una arcada de diferentes enredaderas, apareciendo entre los cuadros del parterre

tereses xerais e materiais, figurando como asuntos preferentes o proxecto de ferrocarril Valladolid a Vigo, o proxecto de camiños vecinais e o presuposto do ano.

No sucesivo as renovacións das Corporacións sucédense con normalidade ata que entra en vigor a Lei do 25-IX-1863 de Gobierno e Administración da Provincia, modificada despois polo Decreto do 21-X-1866.

A novidade máis importante que introducía era a aparición da elección do Presidente da Deputación para cada período de sesións, segundo o disposto no artigo 37 de dita Lei: "a Deputación Provincial no primeiro día de cada xuntanza ordinaria ou extraordinaria, nomeará de entre os seus individuos un Presidente".

Como consecuencia do R.D. do 20-X-1863 as Deputacións quedaban disoltas e obrigábase a instalación doutras novas o 1-I-1864, data na que se elixe por vez primeira a un Presidente aínda que sexa por un curto período de sesións, resultando ser o máis votado o Deputado por Redondela D. Ramón Martínez Saco.

A revolución de 1868 supón outro cambio brusco na Deputación. Neste caso a Xunta Provincial revolucionaria nomea directamente ós novos Deputados, os cales constitúense en nova Corporación o 27-X-1868 baixo a Presidencia do Gobernador interino D. Indalecio Armesto. Esta Corporación dá claras mostras de seguir pausadamente o acontecer político do país, así cando os sucesos de Cádiz, onde a paisanaxe loitaba contra a forza pública ó berro de "república

federal ou morte'', fai constar en acta o acordo de manifestar ó Goberno provisorio da Nación ''o seu franco e decidido apoio para o sostenimento da orde pública e a consideración das liberdades patrias a tanta costa conquistadas''.

Unha nova incursión da Deputación na política nacional ten lugar coa aprobación, o 3-II-1869, dunha exposición a ''as Futuras Cortes Constituíntes'' sobre os cambios nos impostos. Despois dunha introducción na que se describe graficamente a situación anterior ata a abolición do imposto de consumos: ''longo prazo correu sen que o país recibise alivio nos seus impostos, un ano tras outro viñeron as pasadas dominacións recargando ominosamente ó contribuínte, convertido en mísero colono de Gobernos opresores, que xordos á voz da xusticia sementaron de loito o pobo Español empobrecido con noxento cinismo as clases todas da sociedade. O sufrimento tocou ó seu término, e a Revolución de Setembro, levantando o pendón da liberdade, creou lexitimas esperanzas, realización que aconsellan razóns de conveniencia pública. O imposto de consumos abolido polas Xuntas revolucionarias deixou de existir dende entón por que aquelas o proclamaron así, e ésta saudable medida, non menos que o desestanco do sal (...) encheron de entusiasmo ó pobo e santificaron o Alzamento Nacional''.

Remataba a exposición manifestando o seu pesar polo feito de que o Goberno provisorio sustituíse o imposto abolido polo de capitación, e transmitindo a reacción do pobo ó gravalo dun xeito máis sensible: ''segundo o están xustificando a súa resistencia pasiva e as queixas diarias que eleva a esta Corporación popular''.

Por outra banda a Corporación non podía manterse ó marxe nos actos de promulgación da Constitución de 1869 polo que acepta a invitación do Ministro da Gobernación e manda a Madrid unha Comisión formada polo Vicepresidente D. José Quiroga e o Deputado por Vigo D. Miguel Vidal López para que representen á provincia no acto de promulgación do 6 de xuño de 1869.

Paralelamente a nivel provincial acordouse solemniza-lo acontecemento con obras de filantropía e con festas populares por un importe total de tres mil escudos, seiscentos dos cales repartiríanse entre os centros de beneficencia da capital, Vigo e Tui.

Ademais acordouse publicar no BOP do 6 de xuño unha proclama na que a Deputación Provincial se dirixía a ''os habitantes da provincia de Pontevedra'' coas seguintes palabras: ''A Lei queda establecida; pero non esquezades nunca que o seu apetecido complemento hanno forma-lo voso respeto e a vosa obediencia ás súas disposicións. Estas virtudes son a indispensable base dos pobos libres; e vós, fillos de Galicia, que as poseedes en alto grao, sodes indudablemente os que estades chamados a ofrecer con elas un digno exemplo a tódolos demáis de España''.

O mesmo ano 1869 as relacións entre a Deputación e a prensa local fanse tirantes e chegan ata o Xulgado de 1ª Instancia ante o que o Vicepresidente D. José Quiroga exer-

ce accións legais contra o xornal "El Eco de Pontevedra" por inxurias inferidas nun artígo de dita publicación.

Ó pouco tempo teñen que exercer novas accións contra os firmantes dun comunicado do mesmo xornal no que segundo a Corporación "atacábase a honra do corpo provincial". O artígo en cuestión encabezábase coa frase "Póñanse bós gobernadores" e concluía "convírtense en criminais".

Coa nova Lei Provincial de 20-VIII-1870 modifícase lixeiramente a elección de Presidente. No artigo 28 establecíase que na constitución definitiva elexíranse "un Presidente, un Vicepresidente e dous Secretarios para tódalas sesións que haxan de celebrarse ata a renovación".

Na Deputación pontevedresa sucédese ó longo de 1871 unha serie de Presidentes de mesa que duraron pouco tempo ata chegar a D. Francisco Fernández Anciles que preside a Deputación dende o 12-VIII-1871 de forma continuada e permanente.

Un paso adiante na organización interna da Deputación dáse na sesión de 3-XI-1871 ó aprobarse o funcionamento de Comisións, despois dun debate no que algún Deputado maniféstase contrario ó sistema. A pesares diso a Deputación pasou a funcionar coas seguintes Comisións, composta cada unha de tres Vocais: Facenda Provincial e Municipal, Fomento e Beneficencia e Sanidade.


Coa chegada da I República a Deputación mostrou a súa adhesión ó novo réxime e a proposta do Deputado D. Indalecio Armesto apróbase pola Comisión Provincial de dirixirse ó Goberno e á Asamblea Nacional cun telegrama ofrecendo tódo o seu apoio para soster a República. Además tómanse decisións sobre os símbolos máis característicos acordando "que á bandeira nacional que ondea os días de gala no balcón deste Pazo se lle quite a coroa e as armas de Saboya e se sustitúa co emblema da República".

Durante a última Guerra Carlista a Deputación tivo que facer frente a unha situación moi delicada. En sesión reservada do 13-IV-1874, ante a imperiosa necesidade de concentrar no norte de España a forza pública e en previsión de alteracións da orde, decídese adquirir a cargo dos fondos do presuposto douscentos fusís Remigton, creándose unha forza ou Garda Provincial composta de cen homes mandados por Xefes Militares dependentes do Gobernador Civil ata que retornasen as forzas públicas ordinarias.

En relación coa mencionada Guerra Carlista a Corporación constituída o 26 de xullo de 1874 aproba por aclamación enviar ó Goberno un telegrama "ofrecéndolle o incondicional apoio para auxulialo na súa difícil tarefa de establece-la orde e termina-lo guerra fraticida que están sostendo os sectarios do absolutismo".

A Restauración iníciase cunha visita do Rei Alfonso XII a Vigo onde a Corporación envía unha Comisión para recibilo.

O novo réxime implantado trala restauración alfonsina elabora unha nova Lei Provincial, a do 2-X-1877, que xuntamente coa do 29-VIII-1882 serán o fundamento legal das accións da Deputación. A Comisión Provincial continuará sendo o órgano de funciona-



Durante a derradeira Guerra Carlista a Deputación houbo de facer frente a unha situación grandemente fráxil.

mento básico dentro da Deputación e estará formada por grupos de Deputados que exercían as súas funcións de forma rotativa. Resultaba máis eficaz e de feito asumía de forma permanente a actividade da Deputación deixando para os plenos os asuntos de maior importancia.

Dende o comenzo da Restauración sucedéronse unha serie de Gobernadores de tendencia conservadora ata que en 1881, co comenzo a nivel nacional da alternancia de gobernos entre o partido conservador e o liberal, éste último sobe ó poder e dende o Ministerio da Gobernación nomease como Gobernador, para Pontevedra a D. Eduardo Matos, personaxe de peso na vida política provincial, e membro en varias ocasións da Deputación Provincial. Dende o primeiro momento ten conflictos de consideración coa Corporación que nesta ocasión estaba formada por maioría conservadora. As súas primeiras actuacións foron fulminantes destituíndo a varios Deputados conservadores e sustituíndoos por outros de libre designación co obxecto de alcanza-la maioría, iniciando así un longo proceso de recursos e xuicios que o acompañaría durante case todo o seu mandato que finalizaría en 1883, convertíndose nun dos períodos de maior conflictividade entre a oposición da Corporación e o Gobernador Civil na historia da Deputación Provincial, posto que, a pesares dos recursos, nas eleccións de 1882 o Gobernador Matos conseguíu sacar unha Corporación maioritariamente da cor do seu partido: 12 liberais-fusionistas, 5 monteristas, 4 conservadores e 3 republicanos.

Ó longo do dilatado período da Restauración a Deputación participou activamente nos distintos acontecementos que se sucederon. Así, o oito de maio de 1899 nomea a D. José Boente Sequeiros como vocal da Comisión encargada de redacta-los proxectos de Lei sobre institucións foraris que se pretendían conservar.

Por outra banda tamén se manifestou pública e corporativamente en numerosas ocasións. Con motivo dos atentados contra Alfonso XIII en 1906 e 1913 a Deputación expresou a súa máis enérxica protesta. Tamén a raíz dos sucesos da "Semana Tráxica" de 1909 a Comisión Provincial acordou dirixirse telegráficamente ó Presidente do Consello de Ministros manifestando a súa "enérxica protesta polos feitos vandálicos de que foi teatro a laboriosa cidade de Barcelona e felicitar ó Goberno polo acerto e eficaz enerxía con que reprimiu aqueles desmáns tan contrarios ó máis elemental sentimento patriótico".

Perante outros conflictos sociais tamén foi sensible a Deputación pronunciándose duramente contra os actores dos mesmos. Con estas palabras recolleu o Secretario a intervención do Deputado Sr. Senra na sesión do 12-X-1911, "Xulgou de movemento subversivo a folga xeral da clase obreira, que recentemente trastornara á Nación (...) merecendo o máis duro anatema os inductores ou inspiradores de tal movemento que *sabían tira-la pedra e esconde-la man* (subraiado no orixinal) sen importarlles o quebranto que inferían ós intereses da Patria. Recordou con amoroso respeto a un mártir, fillo desta re-



Saída da Deputación Provincial do Ministro Sr. G. Besada.

xión galega, o ilustre xuiz de Sueca, que fora víctima do motín anárquico".

Asimesmo o movemento autonomista catalán repercutíu nas sesións da Deputación, neste caso a Comisión Provincial delibera sobre unha carta remitida polo Vicepresidente da Comisión Provincial de A Coruña, a finais de 1918, na que se pregunta" se secundaría unha asamblea que se preparaba en A Coruña das Deputacións de Galicia, a fin de fixar actitude ante o problema prantexado en España enteira coa petición da autonomía integral para Cataluña".

A Comisión decide que o asunto é de tal transcendencia que procedía a convocatoria da Deputación en Pleno en sesión extraordinaria trasladando o asunto e a decisión de convocala ó Gobernador. Dita sesión non consta que se chegara a celebrar.

Nas postrimerías da Restauración a situación na que se atopaban as Deputacións Provinciais en xeral e a de Pontevedra en particular era precaria. No discurso de inauguración do periodo de sesións pronunciado o 28-II-1923 polo Presidente D. Carlos Casas Medrano incidía sobre a precaria situación económica da Deputación afirmando que a única solución viable era a aportada no proxecto de reforma das Facendas Locais. Sen embargo ó ano seguinte comenzábase un novo período político coa implantación da Dictadura de Primo de Rivera.

A Deputación entra nunha fase de nomeamentos directos de Deputados por parte do Gobernador e de elección entre eles do seu Presidente. D. Daniel de la Sota será o elexido para tal cargo e iníciase baixo ao seu mandato, dende o punto de vista económico, un período inicial de reaxuste para continuar con outro posterior de expansión clara e firme. Dende o punto de vista político hai que destaca-lo intento das Deputacións Provinciais Galegas de crear unha Mancomunidade, sendo pola parte pontevedresa o principal motor do proxecto o Deputado Losada Diéguez, que desenvolve inicialmente un intenso labor expoñendo á Corporción os seus

traballos sobre o que debería ser a Mancomunidade "servicios que tería como propios, antecedentes legais que aconsellan a súa constitución, extracto do Estatuto que a rexiría, e fundamentalmente razóns históricas e económico-administrativas que a inspiran, rebatindo os temores e suspicacias que algúns gardan para un sistema que tanto habería contribuir ó melloramento e progreso da patria".

Daniel de la Sota, Espinosa Orrea e o mesmo Losada Diéguez asisten como representantes á reunión das Deputacións Galegas celebrada o 26-III-1924 en Santiago na que se tomaron por unanimidade os seguintes acordos:

1.º- Ratifica-los acordos favorables á implantación das Mancomunidades das provincias galegas, xa adoptados polas respectivas Deputacións.

2º.- Declarar solemnemente establecida a unidade de acción das catro provincias de Galicia, que por medio das súas Deputacións, representadas polos seus Presidentes, elevarán a voz da Rexión ante os poderes do Estado, para todo canto se refire ós seus comúns intereses morais e materiais.

3º.- Acordan igualmente declarar de urxente comenencia para a vida espiritoal e económica de Galicia o prantexamento da citada Mancomunidade, que deberá facerse en canto sexa promulgado o anunciado Estatuto Provincial e Rexional.

4º.- Durante dito prazo organizaráse unha activa propaganda oral e escrita para divulga-lo concepto de Mancomunidade e as súas avantaxes para esta Rexión, simultáneandoa coa divulgación da nova Lei Municipal.

Losada Diéguez ratificando a súa afirmación, no acto de constitución da Deputación, no senso de que a súa presencia como Deputado estaba ligada á constitución da Mancomunidade, manifesta ó Pleno o seu propósito de realizar unha campaña de propaganda a favor do concerto das Deputacións galegas, campaña que decide facer súa o resto da Corporación.

O seguinte movemento neste proceso dáo a Comisión que, na sesión do 19-IV-1924, propón ó Pleno e é aceptada unha moción na que despois dun estudio elaborado pola Comisión de Presupostos e tras unha investigación de tres meses sobre as funcións e ingresos da Deputación Provincial, chegábase ás seguintes conclusións:

1º.- As Deputacións Provinciais na organización actual do réxime local son perfectamente inútiles.

2º.- Urxe unha reorganización do réxime local e provincial, seguindo o espírito da reunión dos representantes das Deputacións galegas en Santiago, sobre a base do recoñecemento da personalidade rexional.

3º.- Neste senso, debe facerse unha exposición, para ser entregada ó Sr. Calvo Sotelo, na súa próxima visita a Santiago.

4º.- Sen pérdida de tempo esta Deputación debe dirixirse ás restantes Deputacións

galegas para establecer definitivamente as bases da organización rexional.

Coa aprobación do Estatuto Provincial por Decreto Lei do 20-III-1925 configurábase definitivamente o marco xurídico segundo o cal constituíanse as Deputacións coas persoas que os Gobernadores designasen, quedando estos alonxados das deliberacións, pero controlando tódalas relacións entre Deputación e Goberno Central ó ter que facelo necesariamente polo conducto do Goberno Civil.

Na nova Corporación xa non figura Losada Diéguez que renunciou ó cargo, segundo os membros da mesma, "por motivos de ideoloxía", sendo a causa concreta a frustración do proxecto de Mancomunidade ó que ligara a súa presencia na Deputación.

Coa entrada da II República a Deputación funciona mediante o sistema de Comisións Xestoras. Unha importante crise prodúcese en xaneiro de 1934 cando o Gobernador Civil, Victor Manuel Becerra Herráiz cambia a Corporación xustificándose coas seguintes palabras: "Reiteradamente, dende os máis distintos e encontrados sectores de opinión, chegaron ata este Goberno Civil queixas e reclamacións, serenas, unhas; apaixoadas pola emoción das disputas políticas, outras; pero todas aportando un caudal de probas e acusacións concretas, protestando contra a actuación da Comisión Xestora da Deputación Provincial de Pontevedra. A prensa diaria sen distinción de matices políticos, con aquela unanimidade que é clara consecuencia dun estado de opinión coincidente, veu (...) veu interesando que se puxera fin á existencia da Comisión Xestora".

Cartel de 1936 para o refrendo do Estatuto de Galicia.

Máis adiante facía unha análise da situación do que resultaban deudas cuantiosas ó persoal, especialmente xornais de obreiros e peóns camiñeiros, impagos e establecementos de Beneficencia, etc. O Gobernador calificaba moi duramente os feitos sobre todo polos aspectos paradóxicos que presentaba o caso: "Non se axusta tal estado de cousas ás normas que no canto da protección do obreiro e asistencia social trazou e son o cauce da República, das institucións e dos organismos republicanos. Tam-

pouco pode compaxinarse tal realidade económica coa optimista política de creación de becas e anuncio de concursos e oposicións''.

Todo iso xustificaba o cambio de membros da Comisión que pasaba a presidila D. José Viñas del Monte, o cal no seu discurso de toma de posesión comprometíase a dar ó pobo ''a sensación de que o 'Partido Radical' quere administrar con honradez, é dicir, sen estrago, os fondos da Deputación, consagrando especial atención ós problemas da Beneficencia e Obras Públicas''.

Ó longo de todo o período republicano un asunto destaca de forma sobresaínte na actividade política das distintas Xestoras: o Estatuto Galego.

Polo que respecta á participación da Deputación no proceso que conducíu á aprobación do Estatuto Galego convén mentar que dende o principio mantivo o seu apoio enviando un representante, D. Joaquín Maquieira Fernández, elexido pola Comisión Xestora aínda que non por unanimidade, o 12-I-1933 para o Comité de propaganda do Estatuto. Posteriormente, en xuño de dito ano, acórdase facer constar en acta ''que esta Comisión Xestora enteirouse con suma complacencia de que o Goberno concedeu a Galicia o dereito a celebra-lo plebiscito para aproba-lo Estatuto Rexional''.

Sen embargo este entusiasmo enfriouse un pouco chegado o momento da contribución pecuniaria; cando ós dous meses recíbese unha carta do Comité Central de Autonomía Galega solicitando aportación económica é contestada da seguinte forma: ''acórdase despois de ampla deliberación ratifica-los sentimentos autonomistas desta Comisión Xestora, pero entende que non pode legalmente face-la aportación''.

Ante a insistencia do Comité Central no senso de que as Deputacións do País Vasco sí puideran contribuir decídese pedir informe á Comisión de Facenda.

Será en 1936 cando por fin a Comisión Xestora cambie de actitude, quizais porque tamén cambiara a súa composición. Na sesión do 4 de maio de 1936 estaba composta por Pérez Prego como Presidente, xuntamente con Núñez Búa, Adrio Barreiro, Pastor Candeira, García Filgueira, Paz Carbajal e Troncoso Fernández. A nova Comisión sustituía á anterior xa que segundo o Gobernador ''o resultado das eleccións xerais celebradas últimamente, ha repercutir naquelas entidades e corporacións, e os seus compoñentes deben ser reflexo da vontade popular''.

A súa composición reflexaba fielmente a variedade de partidos que compoñían o Frente Popular.

Adrio Barreiro fai unha proposta que é aceptada pola Comisión, sendo a referencia da acta o suficientemente significativa como para xustifica-la longa cita: ''Promovida polos Partidos integrantes de 'Frente Popular' da provincia, unha circular para que os Concellos e Deputacións galegas se adhiran ó acordo adoptado pola Corporación municipal de A Coruña de anova-la súa adhesión ó Estatuto Galego, acordando, ó mesmo tempo, a consignación en presuposto dunha cantidade ó servicio dos gastos que o Plebis-

cito ocasione, cremos chegado o momento de que esta Corporación se sume ós dous sensos da proposta aludida. Parece innecesario aportar novamente tódalas razóns que impoñen a organización de Galicia en rexión autónoma. Un doble índice de avantaxes, para a República e para a nosa terra, traerá consigo o Estatuto que propugnamos. Para aquela, porque o cumprimento da Constitución no que ás autonomías rexionais respecta, trae consigo como a experiencia demostrou o fortalecemento do réxime do que o de autonomía constitúe a máis eficaz esencia. Para a segunda porque dentro do ordenamento xurídico-político dunha Galicia autónoma, terán satisfacción tódolos anceios de índole económica, sentimental, histórica e cidadá que ven reclamando a reivindicación rexional. Pero tales razóns viñeron actualizarse con outras máis: a da dignidade de tódolos galegos. Restaurado para Cataluña o seu Estatuto, en trance de aprobarse polas Cortes o de Euzkadi, Galicia, rexión ben diferenciada dentro da variedade ibérica, non pode quedarse atrasada na conquista democrática que significará poder rexerse por se mesma''.

Finalmente acórdase que a Deputación contribúa á campaña coa cantidade de 30.000 pesetas.

Un novo acontecemento político rompe bruscamente a dinámica ordinaria. O 20 de xullo de 1936 declárase o estado de guerra por parte das forzas militares da praza, quedando graficamente plasmados na acta os sucesos do día: ''sometendo rapidísimamente as reticencias iniciais nesta Capital antes da saída da artillería, desaloxando ós elementos populares armados que se mantiñan en rebeldía nos Pazos da Deputación e do Concello, disolvendo os grupos das rúas, desposeendo dos seus cargos ó Gobernador Civil e ó Alcalde da Capital, e nomeando seguidamente novas autoridades''.

Nesta liña o Gobernador Militar nomea a D. Rafael González Fernández Besada como Delegado-Presidente da Deputación, o cal encárgase de constituí-la nova Comisión Xestora iniciando un novo período no que a

Deputación orientarase cara o que se consideraban os seus fins primordiais: ''Beneficencia, Sanidade, Instrucción e Comunicacións'', marxinándose da actividade netamente política e limitándose ó longo de toda a Guerra Civil a manifestar reiteradamente a súa adhesión a Franco.

Dita adhesión chega ó seu punto culminante no período do réxime de Franco cando en sesión extraordinaria do 28 de agosto de 1952 acórdase, ''por aclamación honrar á provincia nomeando Presidente perpetuo desta Excma. Corporación, ó Excmo. Sr. D. Francisco Franco Bahamonde, Caudillo de España, en gratitude sentida e unánime da protección decidida que se dignou outorgar ás provincias españolas, na nova Lei de Réxime Local, e pola exaltada fe e a exemplar docencia que exerce sobre a vida nacional, o seu patrocinio salvador de dedicación diaria e fervorosa ante o Altar da Patria''.

Coa toma de posesión do seu cargo, o día 26 de abril de 1979, polos Deputados elexidos democráticamente iniciase un novo período na vida política da Deputación pontevedresa. Como resultado de ditas eleccións a Corporación quedou formada da seguinte maneira: 15 Deputados de Unión de Centro Democrático, 3 Deputados de Coalición Democrática, 3 Deputados do P.S.O.E., 2 Deputados de Unidade Galega, 3 Deputados Independentes.

Na mesma sesión resultou elexido como Presidente da Deputación D. Federico Cifuentes Pérez (U.C.D.).

O acordo de maior transcendencia política tomouse na sesión do 21 de febreiro de 1980: ''Instaurado o reinado da S.M. D. Juan Carlos I de Borbón, a fin de continuala practica das Corporacións que nos precederon, profundamente convencidos dos trascendentais valores que para España, os seus pobos, rexións e nacionalidades representa a Coroa e da singular misión histórica que o Monarca felizmente reinante ven desempeñando no proceso democratizador da nosa Patria, o Pleno da Corporación Provincial de Pontevedra acorda, por aclamación, nomear Presidente Perpetuo da mesma a S.M. o Rei D. Juan Carlos I de España''.

A actual Corporación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra está formada polos seguintes membros:

Presidente: D. Mariano Rajoy Brey.
(AP-PDP-UL).

Deputados: D. José Antonio Rueda Crespo
(Vicepresidente). (AP-PDP-UL).

D. José Castro Alvarez
(Vicepresidente). (AP-PDP-UL)

D. Fernando García del Valle Gutiérrez
(Vicepresidente). (AP-PDP-UL)

D. Adriano Marques de Magallanes
(Vicepresidente). (AP-PDP-UL)

D. Mariano Abalo Costa
(B.N.G.)

D. Javier Alvarez Salgado
(PSG-PSOE)

D. José Manuel Barros González
(AP-PDP-UL)

D. José Alfredo Bea Gondar
(C.I.G.)

D. Jorge Casal Pintos
(AP-PDP-UL)

D. José Cuiña Crespo
(AP-PDP-UL)

D. Manuel Díaz González
(AP-PDP-UL)

D. Avelino Fernández Alonso
(AP-PDP-UL)

Dña. Elvira Fernánez Díaz.
(C.I.D.E.)





D. José Manuel Gallego Lomba
(PSG-PSOE)

D. Emilio González Iglesias
(PSG-PSOE)

D. Elías Lamelas Fariña
(PSG-PSOE)

D. José Luis López de Guereñu Polán
(PSG-PSOE)

D. César Marcelino López Freire
(C.I.G)

D. Alberto Martín de Hijas Díez
(PSG-PSOE)

D. Juan Francisco Martínez-Herrera Escribano
(AP-PDP-UL)

D. César José Mera Rodríguez
(AP-PDP-UL)

D. Diego Murillo Carrasco
(AP-PDP-UL)

D. Cesáreo Novoa Alcaraz
(AP-PDP-UL)

D. Pablo Padín Sánchez
(VIGO)

D. Javier Pedrido Fraiz
(PSG-PSOE)

D. Luciano Piñeiro Bermúdez
(PSG-PSOE)

Secretario: D. José Fariña Jamardo



VI

OS MEDIOS

Nos capítulos anteriores examinámo-lo marco lexislativo ó que tiveron que se suxeitar dende a súa creación as Deputacións provinciais españolas e, entre elas, a nosa de Pontevedra; o ámbito ou medio sobre o que esta espallou a súa acción, cos elementos físicos-xeográficos e humanos que o integran, incluída a división territorial; e, a continuación, a organización política, responsable no século e medio de vida da nosa Deputación do goberno e administración dos intereses provinciais. Agora, e antes de examina-los resultados das accións da Deputación de Pontevedra, nos distintos eidos nos que desenvolveu a súa actividade, imos ocuparnos dos medios de que dispuxo, ou que lle foron dados, para o cumprimento dos fins que determinaron a súa creación.

1

ECONOMICOS

Non fai falla demostrar, porque cremos que é algo admitido por todos, que para realizar calquera acción; actividade ou traballo, para desenvolver un labor determinado, é preciso dispor dos medios necesarios, e que, entre eles, os económicos figuran como fundamentais.

As Deputacións provinciais naceron, segundo dispuxo a Constitución de Cádiz, que lle imprimíu o marchamo legal, para ''promove-la prosperidade da súa provincia''; obxectivo realmente envexable e de grande amplitude, perante o que cabe preguntarse se, para acadalo, estas foron dotadas dos medios económicos suficientes. Unha primeira contestación de carácter xeral encontrámola na ''exposición'' do Estatuto Provincial do 20 de marzo de 1925, ó manifestar que as Deputacións estiveron ''forzadas a vivir en penuria económica lamentable'', sinalando igualmente que nos presupostos provinciais do exercicio económico daquel ano 1925, só fican ''noventa millóns de pesetas, como ingresos normais e ordinarios de 45 Deputacións provinciais'' de réxime común, entre as cales se encontraba a nosa de Pontevedra, o seu presuposto total para dito exercicio, cifrábase en 3.250.925 pesetas; e ó presenta-la Lei de Bases de Réxime Local do 17 de xullo de 1945, díxose que o feito ''da descomposición presente das Deputacións provinciais'' estaba orixinado ''pola falla de medios económicos''.

Esta circunstancia podémola observar na súa verdadeira dimensión ó examina-la evolución dos presupostos ordinarios da Deputación de Pontevedra, e refléxase ademais,

Número 27. SABADO 2 DE ABRIL DE 1836.

BOLETIN OFICIAL
DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

ARTICULOS DE OFICIO.

GOBIERNO CIVIL DE ESTA PROVINCIA.

Al insertar en el Boletin oficial de esta provincia n.º 8. la Real órden de 15. de Enero último, este Gobierno civil ha tenido á bien encargar á los jueces de 1.ª instancia la formacion del espediente que prescribe el art. 1.º de dicha Real órden, indicando por separado lo que creiesen conveniente, acerca de las medidas que debiesen adoptar para llevar á efecto lo que previene el art. 4.º, á fin de que presentado uno y otro al conocimiento de la Diputacion pueda reclamarse del Gobierno una disposicion que alivie el triste estado de los encartelados. Y no habiendose recibido hasta ahora espediente alguno sobre la materia, espero que dichos Magistrados, obrando con la actividad que exije el caso, me remitan con la mayor premura las noticias pedidas por dicha Real órden, con lo cual evitarán la necesidad de manifestar al Gobierno la causa del retraso. Pontevedra 31 de Marzo de 1836.=*Miguel del Pino.*

DIPUTACION PROVINCIAL.

Instalada esta Diputacion, fué su primer y mas perentorio deber, el exámen y resolucion de los varios espedientes de sus diferentes atribuciones; mas como para verificarlo, era indispensable trazar la planta de su Secretaría, tuvo á bien nombrar una comision de individuos de su seno, encargandola de redactar dicha planta, y habiendolo verificado y presentado sus trabajos en la sesion de 27 de Febrero último; despues de exáminados, y discutidos, por esta Diputacion, acordó y aprobó, el personal, dotaciones y distribucion de trabajos, en los términos siguientes. Se compondrá la Secretaría de un Secretario, un oficial mayor ó primero; un segundo y un tercero, de un primer auxiliar, ó escribiente, un segundo y un tercero que se dividirán en tres secciones, y otra mas estraórdinaria á causa de las actuales circunstancias: de un portero y un mozo de oficio. Las dotaciones de los empleados en justa recompensa de su saber y de su trabajo, serán las que espresará el estado del presupuesto de gastos de la Diputacion. Al cargo de la 1.ª seccion que se denominará de Gobierno, Diputacion y Fomento, y cuyo gefe especial será el Secretario, estará el despacho de la correspondencia con el Gobierno, asuntos privados de la Diputacion y cuanto se dirija al fomento de la Provincia, agricultura, comercio y artes, montes, plantios, obras de general y particular utilidad; instruccion pública, educacion primaria; casas de beneficencia, correccion, carceles y sanidad. La 2.ª de Ayuntamientos, estadistica y contribuciones, entenderá en todo lo que tenga relacion con los Ayuntamientos, su eleccion, formacion, nulidad y suspension; censo, estadistica, division territorial, presupuestos, exámen de cuentas; repartimiento de contribuciones de cuota fija, las provinciales y municipales, arbitrios y cuanto diga relacion con la contabilidad. La 3.ª de negocios indeterminados, registro y archivo, desempeñará todo lo que no tenga relacion directa con los asuntos cometidos á las demas secciones, y especialmente tendrá á su cuidado, los indices de todos los documentos de cualquiera especie, que entren y salgan de la Secretaría, de manera que con brevedad y exactidud, pueda darse razon de su estado y resoluciones, tendrá ordenado el archivo, para que se hallen los espedientes, con el debido órden y separacion, de suerte que contribuya al exacto conocimiento de antecedentes que se estimen necesarios, para el acertado despacho de los negocios. La seccion estraordinaria, se ocupará de todo lo concerniente al armamento y defensa, quinta estraordinaria, guardia nacional, donativos patrióticos y arbitrios destinados á dichos objetos; los gastos que ocasionen se cargaron en los de la Secretaría.

Presupuesto de gastos de la Diputacion Provincial.

	Rs. vn.
Secretario con la dotacion anual.	12,000.
Oficial mayor ó primero id..	7,200.
Oficial segundo id..	5,400.
Oficial tercero id.	3,600.
Primer auxiliar ó escribiente id.	2,880.
Segundo id. id.	2,160.
Tercero id. id.	2,160.
Portero id.	2,160.
Mozo de oficio id.	1,440.
Alquiler de casa id.	2,200.
Gasto de Secretaria, correo impresiones, y alumbrado.	10,000
Estraórdinario, para habilitacion de la Secretaria, mesas, estantes, libros, escribanias &c.	4,000.
TOTAL.	55,200.

con toda crueza nos libros de actas, cando a falla de medios económicos é causa de que haxa que abandona-la realización de proxectos moi desexados e necesarios, para paralizar obras, ou desistir da prestación dalgúns servicios esenciais para a comunidade provincial.

Ó mes e medio da súa instalación, a nosa Deputación formula o seu primeiro presuposto de gastos o que publica no BOP do 2 de abril do mesmo ano 1836, por un importe total de 55.200 reais vellón, e que transcribimos do orixinal.

Como vemos, só comprendía gastos de persoas e material, xunto co aluguer da casa na que se instalaran, e a pesar disto nacía con déficit inicial, xa que os ingresos previstos eran de 44.521 reais e 20 maravedís. Certo é que se trataba dun presuposto de comenzo, pero os presupostos de gastos seguen a ser mínimos nos anos sucesivos: 113.522 reais 22 maravedís en 1840, e 97.423 reais e 17 maravedís en 1844. O de 1843 sumaba 116.287 reais e 17 maravedís, e, ademais dos soldos dos empregados que eran dez, incluído o secretario, e do gasto de material e correo que, conxuntamente, facían 60.370 reais, comprendía, para pago da dotación e atrasos dos directores dos baños minerais de Caldas de Reis e Caldelas, 26.000 reais; para as pensións dos dous alumnos da Escola Normal, na Corte, 8.000; extraordinarios e imprevistos, 10.000; apoderado da provincia na Coruña, impresión de listas electorais e rectificacións, reparacións edificios-sé, e premio cobranza, 11.917,17 reais, que cubrían enteiramente co repartimento que facían entre tódolos Concellos da provincia dos 116.287 reais 17 maravedís e que publican xunto co presuposto no BOP para xeral coñecemento.

Dez anos despois do seu nacemento, o presuposto de gastos e ingresos da Deputación de Pontevedra para 1846, apróbase por un total de 1.087.602 reais, 5 maravedís, tanto en gastos coma en ingresos, e faino S.M. por R.O. de 28 de xullo de 1846, que se publica no BOP do 4 de setembro do mesmo ano, do mesmo xeito que as partidas do Presuposto, e despois de producir no inicial, remitido pola Deputación no mes de marzo, varias alteracións que se detallan con minuciosidade.

A estructura deste Presuposto de 1846, por capítulos, artículos e partidas, que non ofrece apenas diferencias coa dos actuais, é dunha grande claridade. Damos a continuación os resumes do mesmo.

Presuposto Xeral de Gastos

Capítulos	*Reais vellón*
1º Administración Provincial	124.749,22
2º Instrucción Pública	76.550,00
3º Beneficencia	— — —
4º Obras Públicas	784.767,17
5º Corrección Pública	68.275,00
6º Montes	9.000,00
7º Outros gastos	16.260,00
8º Gastos Voluntarios	— — —
9º Imprevistos	8.000,00
Total	1.087.602,5

Presuposto Xeral de Ingresos

Capítulos	*Reais vellón*
1º Xerais	— — —
2º Dereitos de Portazgos	11.000,00
3º Arbitrios establecidos	727.930,17
4º Instrucción Pública	77.409,14
5º Beneficencia	— — —
6º Derramamento ou arbitrios co que se cubrirá o déficit xeral do presuposto da provincia	271.262,8
Total	1.087.602,5

A R.O. de aprobación do Presuposto de 1846 dispón que para cubri-lo déficit de 271.262 reais 8 maravedís, "S.M. dignouse aproba-lo medio proposto por V.S., isto é, que se bote man das existencias do ramo de camiños e dos repartimentos de anos anteriores, así como dos cretos que proceden destes". Hai que ter en conta que, ó non dispor apenas as Deputacións de ingresos propios por arbitrios e outros dereitos, os seus presupostos formábanse con déficit inicial que se cubría na súa maior parte mediante derrama entre os Concellos da provincia. Dos gastos incluídos no capítulo da administración provincial algo máis dunha terceira parte era para pagar débedas ou cretos recoñecidos, e o Consello Provincial, que a Lei de 1845 creara, levábase unha boa parte do resto do capítulo. Os gastos de instrucción pública correspondían ó sostenemento do Instituto de segundo ensino e da Escola Normal, con cifras moi semellantes: 37.600 e 38.950 reais, respectivamente, e que eran invertidas en persoal principalmente: nove catedráticos, un secretario e un conserxe no Instituto; un director, un subdirector, un rexente, un eclesiástico, un porteiro, e seis pensionistas, na Normal. Os pensionistas cobraban cinco reais diarios cada ún, pero os soldos da Normal eran máis altos cós do Instituto, xa que o director desta percibía 5.500 reais anuais e o da Normal 7.000, e os Catedráticos do Instituto, 3.000 a 3.300 reais por ano, mentres o director e o rexente da Normal, tiñan 5.000 e 4.000 reais respectivamente. As obras públicas que levaban case o oitenta por cento do presuposto, referíanse ás da estrada de Vigo a Castela e ramais a Tui e a Pontevedra, segundo consta aprobado por R.O. de 11 de xuño de 1844, sendo a partida destinada a pagar ó contratista de 700.000 reais; e para a ponte de Tameiga e reparación das pontes de Caldas, ademais do pago de indemnizacións e do persoal; dous celadores, dous sobrestantes, un escribano e tres peóns camiñeiros, máis gastos de enxeñeiros. Os gastos de "corrección pública" eran os destinados ós once cárceres de Partido, e ós seus once carcereiros, ó igual que á mantenza de presos e material. A partida de montes era para abono da mitade dos soldos dun comisario e dun perito agrónomo, que correspondía á Deputación, e a doutros gastos, para abono dos soldos dos médicos dos baños de Caldas de Reis e Caldelas.

No canto dos ingresos, os dereitos de portazgos, procedían do arrendamento dos

da Lata e o Ulló, na estrada a Santiago; os de arbitrios establecidos, sobre a fanega de sal, augardente e licores, máis a contribución concedida por R.O. do 16 de xaneiro de 1845, e o repartimento feito pola Deputación para gastos provinciais en 1844. Os de instrucción pública proviñan das matrículas do Instituto, e Normal, e da aportación que facía o Concello da capital para ditos centros, 12.500 reais en total, máis o repartimento de vinte maravedís a cada veciño dos 78.454, que segundo a división municipal, compoñían entón a provincia.

Témonos espallado algo en relación coas partidas do Presuposto de 1846, por se-lo primeiro que se formou despois da Lei de 8 de xaneiro de 1845, con arreglo á cal correspondía ó Xefe Político forma-lo presuposto provincial anual, e á Deputación discutilo e votalo, aumentándoo e disminuíndoo, sendo o Rei finalmente quen o aprobaba. Tamén, ó comenzo de cada ano, se formaba a conta de gastos do anterior, que a Deputación examinaba e glosaba, pero coa súa aprobación ou reparos, e levala ó goberno, a quen correspondía a súa aprobación definitiva. E igualmente, porque a consideramos significativo e equivalente en estructura e partidas ós posteriores, ata a lei Provincial de 20 de agosto de 1870, que determina a súa formación pola Comisión provincial e a aprobación pola maioría absoluta de membros da Deputación en sesión ordinaria, debendo atende-los seguintes servicios: 1º Persoal e material de oficinas. 2º Conservación e administración de fincas e edificios. 3º Construcción, conservación e administración das súas obras públicas. 4º Inspección dos montes municipais. 5º Fomento e conservación do arborado 6º Suscripción á Gaceta, Diario das Cortes e Colección lexislativa. 7º Imprevistos e calamidades públicas. 8º Anuncios e outros gastos necesarios, e 9º Os demais gastos que "clara e terminantemente" esixan esta e outras leis "na parte que deban ser cumpridos pola provincia".

A lei de 1870, previña tamén que para cubri-los gastos do presuposto, as Deputación utilizarán os recursos que procedan de rendas, productos, bens, dereitos e capitais da provincia e establecementos que dela dependan, e se non foran suficientes, verificaría polo resto un "repartimento entre os pobos da provincia, en proporción ó que por contribucións directas pague cada ún ó Tesouro"; e en relación coas Contas de cada exercicio, a súa aprobación definitiva, correspondía por maioría absoluta á Deputación, e só pasaban a revisión do Tribunal de Contas, cando non se acadaba a maioría absoluta esixída, ou fosen reclamadas por interesados ou concellos.

As Deputacións, ademais dos presupostos anuais ordinarios podían formar e aprobar presupostos extraordinarios, ó menos dende a Lei Orgánica de 21 de outubro de 1868, e tamén adicionais ós que a Lei Provincial de 2 de outubro de 1877, fai referencia expresa dispondo, igualmente, que os presupostos, unha vez aprobados pola Deputación, se remitirían ó Ministro da Gobernación, por conducto do Gobernador Civil, para corrixir posibles extralimitacións legais "e impedir que se perxudiquen os intereses xe-

rais dos pobos''. Pola súa banda, a Lei de 29 de agosto de 1882, declara a aplicación á Facenda Provincial das disposicións da Lei de Contabilidade Xeral do Estado.

Do exame dos presupostos da Deputación de Pontevedra, posteriores ó de 1846 e ata o de 1869/70, dedúcense moi poucas variacións, con incrementos fluctuantes, acadando a súa conta máxima que abeira os tres millóns de reais no de 1864/1865. Cabe anotar que en presupostos sucesivos a consignación máis importante, que acada as 3/4 partes do total, segue sendo para a estrada de Vigo a Castela e os seus ramais, e para a de Santiago, á que en 1848 adican xa 100.000 reais, e 200.000 a partires de 1.851, mentres a de Vigo-Castela segue figurando tódolos anos cos 700.000 reais, aparte das cantidades para indemnizacións, persoal e material. No presuposto de 1848, aparecen partidas de gastos novas que figurarán xa nos sucesivos, como: Comisión de Monumentos artísticos, 1.200 reais; Xunta de Comercio de Vigo, 9.000 reais; e Xunta de Agricultura da Provincia, 3.000; e auméntanse os soldos ó profesorado do Instituto, que oscilan entre 6.000 e 8.000 reais, e o seu número que pasa a ser de 13; desaparecen en cambio os gastos de corrección pública ou carcerarios. Tamén se fixan partidas para a comisión de Instrucción Primaria, para a Inspección, Biblioteca e Hospital de Santiago, así como para estancias na Casa de Dementes de Valladolid, a partires de 1869. En 1851, teñen xa partida para paga-los soldos o Comisario de Montes e un perito agrónomo, e máis adiante terana tamén catro gardas forestais.

En 1852, consígnanse 9.500 reais para a Xunta Provincial de Beneficencia, e 26.000 para establecementos benéficos, e tamén como nova partida en gastos voluntarios, 20.000 reais para o sostenemento de tres depósitos de cabalos pais. Ó ano seguinte, presupóstanse 10.000 reais para a Comisión de Exame de Contas, e 6.000 para o arquiveiro provincial, mentres en 1854 aparece unha partida de 20.000 reais para calamidades públicas, e as das de dúas estradas Vigo-Castela e Vigo-Santiago, acadan xa 1.092.010 reais, mentres que a do Instituto elévase a 83.240. No presuposto de 1855, desaparece a partida para gastos do Concello Provincial, que se sustitúe por outra de 76.120 reais, para Secretaría e persoal de oficinas da Deputación; as paradas de cabalos pais pasan a ser catro; e engádese às dúas estradas de sempre, unha partida de 60.000 reais para a provincial de Redondela a Porriño, ó tempo que as débedas esixibles que se recoñecen no presuposto elévanse a 144.121 reais 26 maravedís. A partida para gastos de Consello volve nos presupostos seguintes, e desaparece de novo a de persoal de oficinas. En 1859, o presuposto ordinario de 1.022.280 reais, refúndese logo co adicional e pasa a ser de 1.479.584 reais, e nel os gastos do Instituto elévanse a 185.510 reais, e non figuran xa as partidas fixas de 700.000 e 200.000 reais para as estradas de Vigo a Castela e a Santiago, sustituídas por outra menos cuantiosa para conservación da estrada a Santiago e demais estradas de 1ª, 2ª e 3ª. Tamén aparecen partidas para a Casa de Expósitos de Santiago, e en 1861, para os soldos dun Arquitecto e dun delineante.

Como se ve a penuria e a austeridade destes presupostos da Deputación de Pontevedra é constante, e aínda que a partires de 1870 se cifran en pesetas, a tónica segue a se-la mesma. Por se-lo inmediato dunha das leis provinciais máis importantes a do 2 de outubro de 1877, que en esencia foi recollida pola do 29 de agosto de 1882, que rexíu practicamente ata o Estatuto de 1925, imos examina-lo Presuposto da Deputación para o ano económico 1878-1879, inxerido no BOP de 12 de setembro de 1878, despois de censurado polo Ministro da Gobernación, e o resume do cal, por capítulos, é o seguinte:

Presupuestos de Ingresos

Sección 1ª. Ingresos ordinarios.

1º. Rendas e censos da provincia	1.529,00 pts.
4º. Recargos sobre as contribucións	560.000,00 pts.
6º. Instrucción pública	5.397,70 pts.
Total ingresos ...	566.926,70 pts.

Presuposto de Gastos

Sección 1ª. Gastos obrigatorios.

1º. Administración Provincial	61.248,00 pts.
2º. Servicios Xerais	36.226,00 pts.
3º. Obras públicas de carácter obrigatorio	2.108,96 pts.
4º. Cargas	22.405,25 pts.
5º. Instrucción pública	86.095,25 pts.
6º. Beneficencia	75.559,90 pts.
7º. Imprevistos	20.553,14 pts.

Sección 2º. Gastos voluntarios

2º. Camiños provinciais	245.826,00 pts.
3º. Obras diversas	1.250,00 pts.
4º. Outros gastos	16.977,75 pts.
Total gastos ..	568.250,25 pts.

As partidas de gastos da Administración provincial cubren os soldos do persoal e material de oficina da Secretaría, Contaduría e Depositaría, a indemnización ós cinco Vocais da Comisión, e da oficina de Arquitectura; as de servicios xerais, a do servicio militar, bagaxes, boletín oficial, eleccións e calamidades públicas; a de obras de carácter obrigatorio refírese ó sostenemento do cárcere de Audiencia do territorio, e a de cargas, ás pensións; mentres a de Instrucción Pública comprende, o persoal da Xunta Provincial do ramo, o Instituto de Segundo Ensino e as Escolas Normais de mestres e mestras, ó igual que o Colexio de Sordomudos e Cegos de Santiago, e a biblioteca; e a de Beneficencia; a Xunta Provincial, e as estancias no Hospital de Santiago, amén de subvencións á casa de Caridade de Vigo, Hospitais de Tui, Pontevedra, Baiona e Cuntis, Hospicio de Pontevedra e Inclusa de Santiago, e para sostenemento da Inclusa



As festas de Pontevedra. Procesión da Perengrina. Padroeira da Deputación.

Provincial. Estes, ademais dos imprevistos, entre os forzosos, e como voluntarios, en camiños provinciais, os de persoal, material ordinario e extraordinario, especial de obras de conservación e de obras de nova construcción e reparación entre as que se encontraban os camiños de Soutelo a Cesures, de Ponteareas a Setados, e de Paradela a Pontebea; en obras diversas, a subvención á congregación do Refuxio de Pontevedra, para solemniza-la función relixiosa e festexos a celebrar no mes de agosto; e, noutros gastos, os destinados á Escola Práctica de Agricultura. Como vemos, nalgúns casos, as partidas de gastos non tiñan moito que ver co título do capítulo no que se incluían. No canto dos ingresos, o de Rendas referíase ós productos da Escola de Agricultura, cifrados en 1.529 pts.; o de Instrucción Pública, ás tasas de matrícula do Instituto e Normais, 5.397,70 e o de Recargos sobre as contribucións, que era o fundamental e cubría case que a totalidade do presuposto, 560.000 pts., como importe de repartimento que se xiraría ós concellos da provincia para cubri-lo déficit do presuposto de gastos.

Con altibaixos, os restantes presupostos ordinarios do século XIX da nosa Deputación, van incrementándose levemente dentro da mesma tónica e coas chamadas á austeridade por parte do Goberno, baseadas na situación do país, das que é reflexo o R. D. do 3 de maio de 1892 no que a Raíña Rexente Mª. Cristina, no nome do seu fillo Afonso XIII, dicta as regras ás que se suxeitaría a conformidade do Goberno ós presupostos provinciais, por entender que non hai neles extralimitación legal ou perxuicios dos intereses xerais dos pobos, entre as que figuran o establecemento de plantillas máximas de persoal e de soldos asignados ó mesmo, así como o gasto en material de oficina que non podía exceder de 10.000 pts. por ano, nin facer ningún gasto de carácter novo, agás que fose imposto por lei, e outras moitas limitacións, por considerar, como facía consta-la exposición do R. D. referido que "as Corporacións Provinciais grabando con exceso a tributación dos concellos, empobrecen ou esgotan as forzas contributibas do país, en termos que a iso é en grande parte debido o encoramento, cando non a minoración das principais fontes de ingresos da nosa Facenda", e engade que a orixe principal destes males foi o extraordinario aumento de persoal, e a concesión de subvencións e pensións ó mesmo, e que para corrixir este desorde o Goberno crese obrigado "a poñer un límite ós gastos de ditas Corporacións, atendendo a mellora-los seus ingresos e pechando os gastos nos prudentes límites que a riqueza dos pobos pode soportar". E é xa neste século, no ano 1920, cando o Presuposto da Deputación de Pontevedra rebasa o listón do millón de pts.

Ó comenzo, referímonos ó Presuposto de 1925-1926, primeiro que se forma ó entrar en vigor o Estatuto Provincial do 20 de marzo de 1925, o proxecto do cal, de 30 de xuño de dito ano, foi aprobado pola Deputación nivelado en 3.250.925 pesetas, e que atinguía en ingresos, como partidas máis importantes, aínda que non únicas: a subvención do Estado para construcción, reparación e conser-



vación dos camiños veciñais, 245.888 pesetas; os arbitrios provinciais sobre gasolina, tala de árbores, caza, pesca, e marisco, aproveitamentos hidráulicos e envases, 676.000; Cédulas personais, 300.000; 5% da contribución territorial rústica, 153.183; recargos sobre dereitos reais e timbre 251.694; e a aportación municipal ou continxente cifrada en 892.694, aparte das resultas do exercicio anterior que se incorporaban e que sumaban 656.664 pesetas.

En canto ós gastos, o capítulo das obrigacións xerais: débedas, pensións, compromisos, suscripcións, litixios e indeterminados, entre os que se contaba unha subvención de dúas mil pesetas para a feira do automobil de Cesures, e outra de dúascentas cincuenta para o roupeiro escolar de Pontevedra, cifrábase en 159.448 pesetas; o de representación provincial en 17.500; os gastos de recaudación, 98.117; os de persoal e material, 167.200; salubridade e hixiene, 5.000; beneficencia, incluído hospicio, inclusa, hospitalización de enfermos, asilos, manicomio de Conxo, dispensarios, instituto de hixiene e brigada sanitaria, 787.938; asistencia social, 25.000; Instrucción pública e cultura, 111.838; obras públicas e edificios provinciais, 769.696; obras e servicios públicos, traspasados polo Estado. 245.888; montes e pesca, 58.000; agricultura e gandeiría, 50.000; operacións de creto provincial, 146.070; devolucións, 1.199; imprevistos, 101.613; e resultas do exercicio anterior, 506.355 pts.

O Presuposto ordinario para 1951 fórmase nivelado en 13.875.660,98 pesetas, e o seu resume por capítulos en ingresos e gastos, é o seguinte:

Ingresos

Capítulos	*Pesetas*
Rendas	34.470,65
Bens provinciais	300.000,00
Subvencións e donativos	280.988,77
Eventuais, extraordinarios e indemnizacións	516.000,00
Dereitos e tasas	1.140.500,00
Arbitrios provinciais	366.000,00
Impostos e recursos cedidos polo Estado	8.260.157,21
Compensación provincial	450.500,00
Traspaso de obras e servicios	587.000,00
Creto provincial	— — —
Recursos especiais	1.558.498,26
Multas	5.000,00
Reintegros	376.546,09
Total ingresos ..	13.875.660,98

Gastos

Capítulos	*Pesetas*
Obrigacións xerais	99.000,00
Representación provincial	851.944,40
Bens provinciais	30.878,00
Gastos de recaudación	28.000,00
Persoal e material	1.577.808,58
Beneficencia	5.808.890,00
Asistencia social	359.000,00
Instrucción pública	545.304,80
Obras públicas e edificios provinciais	1.674.221,19
Montes e pesca	534.022,94
Agricultura e gandeiría	74.700,00
Creto provincial	2.397.332,76
Devolucións	— — —
Imprevistos	30.058,31
Total gastos ..	13.875.660,98


Á súa vez, o Presuposto para o actual exercicio de 1985, que foi aprobado pola Excma. Corporación Provincial no Pleno do 21 de decembro de 1984, nivelado en 7.043.000 pesetas, presenta o seguinte detalle por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1.- Impostos directos	193.000.000
Cap. 2.- Impostos indirectos	3.688.000.000
Cap. 3.- Tasas e outros ingresos	860.705.292
Cap. 4.- Transferencias correntes	850.616.562
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais	125.602.641
Cap. 7.- Transferencias de capital	731.700.000
Cap. 8.- Variación de activos financieiros	23.575.505
Cap. 9.- Variación de pasivos financieiros	570.000.000
Total presuposto ..	7.043.200.000

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.- Remuneración do Persoal	2.526.901.505
Cap. 2.-.Compra de bens correntes e de servicio ..	1.248.819.128
Cap. 3.- Intereses	585.469.689
Cap. 4.- Transferencias correntes	372.840.408
Cap. 6.- Inversións reais	806.914.713
Cap. 7.- Transferencias de capital	1.195.273.000
Cap. 8.- Variación de activos financieiros	6.000.000
Cap. 9.- Variación de pasivos financieiros	300.981.257
Total Presuposto ..	7.043.200.000



En canto á evolución dos presupostos ordinarios da nosa Deputación Provincial dende o ano da súa instalación ata a data, reflexámola en dous gráficos, un que comprende do 1836 ó 1869-70, que se totaliza en reais, e outro de 1879 ó 1895, en pesetas. En relación cos mesmos facemos dúas aclaracións que nos parecen obrigadas, a primeira que non quixemos convertir reais en pesetas porque a depreciación constante da moeda facíaa irrelevante, aínda que sí o fixemos de escudos a reais nos de 1865 a 1869 que se expresaron en escudos, para non facer unha nova diferenciación, e por ser moi poucos, xa que o de 1864, aínda se expresa en reais, e pola dificultade de reflexar nun só gráfico un período de século e medio; e a segunda, que as cifras corresponden ós presupostos ordi-


Presupostos ordinarios en reales


Anos	*Ingresos*	*Gastos*
1836	44.511,20	55.200,00
1840	— — —	113.522,22
1844	— — —	97.423,17
1850	1.426.080,90	1.394.379,00
1855	1.497.989,34	1.494.178,16
1860	1.130.872,12	1.138.604,34
1864/65	2.952.500,44	2.943.461,68
1869/70	209.974,200	158.957,37

narios dos anos que se relacionan, tomadas do acta da sesión en que se aprobaron, e que, ademais deles, aínda que non sempre, a Deputación aprobou e executou outros presupostos adicionais, extraordinarios e especiais, algúns dos cales faremos referencia noutras partes do libro. Crendo que con eles pódese seguir claramente a evolución, só consignamos os presupostos de cada cinco anos, os totais dos cales son:

Presupostos ordinarios en pesetas

Anos	*Ingresos*	*Gastos*
1879/80	754.761,88	685.341,56
1885/86	570.479,99	607.253,06
1891/92	669.152,55	651.082,55
1895/96	673.084,77	673.084,77
1900	713.421,36	713.421,36
1905	833.926,84	833.926,84
1910	915.597,96	915.597,96
1915	991.203,09	991.203,09
1920/21	1.107.248,81	1.107.248,81
1925/26	3.250.925,09	3.250.925,09
1930	4.150.795,10	4.121.183,90
1935	3.847.287,45	3.847.287,45
1940	3.178.730,50	3.178.730,50
1945	8.769.843,50	8.769.843,50
1950	11.019.452,64	10.709.452,64
1955	32.153.173,64	32.153.173,64
1960	46.909.539,59	46.909.539,59
1965	75.102.343,95	75.102.343,95
1970	270.117.241,00	270.117.241,00
1975	747.000.000,00	747.000.000,00
1980	2.700.000.000,00	2.700.000.000,00
1985	7.043.200.000,00	7.043.200.000,00





2

PATRIMONIAIS

Cando a nosa Deputación se constitúe no 12 de febreiro de 1836, carecía en absoluto de bens patrimoniais, e tivo que instala-la súa sé e oficinas nun local do exconvento dos ''Padres Franciscanos'', polo que paga, nun comenzo, un aluguer de 2.200 reais vellón o ano. A historia das dúas sés, e en realidade do que constituiría o seu principal patrimonio no pasado século, contámolo a continuación con suficiente detalle e a iso remitímonos. Tamén ó falar dos distintos Centros facemos referencia expresa ás adquisicións efectuadas e ás posteriores ampliacións: Museu Provincial, Fogar Provincial, Cidade Infantil ''Príncipe Felipe'', Hospital Provincial, Hospital Psiquiátrico ''O Rebullón'', Lourizán, Misión Biolóxica, A Lanzada, fincas Areeiro e Mouriscade, e no canto do Castelo de Soutomaior, faremos tamén unha referencia expresa a continuación.



Casa Cultural da Deputación en Combarro.

Dos bens, que ademais dos citados, integran o Patrimonio actual da Deputación e figuran no seu Inventario, reseñar que a adquisición máis antiga é a do Viveiro de Vea, adquirido por merca en 1898, a Piscifactoría de Carballedo en 1953, a Casa-vivenda de Combarro en 1958, e os pisos en bloques de vivendas de 1969 a 1971. No canto do parque Central de Maquinaria, iniciouse a súa construcción en 1969, en terreos da marisma do Bao, conforme a concesión outorgada por O.M. de 23 de abril de 1965, e os Parques Comarcais de Vías e obras de Ponteareas, Vilagarcía, Lalín, A Cañiza, Caldas e A Estrada, de 1972 a 1974.

No canto dos viveiros, ademais do de Vea, figura o de Crecente, que foi ampliado coa adquisición de cinco parcelas en 1927, e existiron outros como o de Vila de Cruces, vendido no 27 de xuño de 1941, o de Silleda, cedido á Delegación Sindical Provincial no 5 de xuño do mesmo ano.

En realidade, e baixo un punto de vista legal e regulamentario, o primeiro Inventario de Bens da Deputación é o formalizado no 16 de xuño de 1961, que atinguía:

Bens inmobles - Rústicos	6.807.807,35
Bens inmobles - Urbanos	81.417.765,46
Dereitos Reais	265.640.000,00
Bens mobles de carácter histórico, artístico ou económico	777.950,00
Valores mobiliarios	119.400,00
Vehículos	1.850.600,00
Bens mobles	18.727.164,06
Bens revertibles	1.481.480,00
Total Inventario	376.822.166,87





Piscifactoría de Carballedo.


Os dereitos reais comprendían o valor do 35% do voo creado pola repoboación de diversos montes da provincia, en consorcio co Patrimonio forestal do Estado: 265.000.000 pesetas, e as obras e construccións existentes nas zonas repoboadas, 640.000 pesetas; que representaba o 70% da valoración total do Inventario de 1961, e que desaparecen no Inventario a 31 de decembro de 1963, o resume do cal damos a continuación, ó ter quedado sen efecto o concerto en 1981, e cede-la Deputación os seus dereitos en favor dos veciños que pasaron a ser titulares dos montes.

O Inventario a 31 de decembro de 1983, foi aprobado polo Pleno da Deputación en sesión de 24 de febreiro de 1984, e resúmese así:

Bens inmobles	2.987.017.800,00
Bens artístico-históricos ...	73.440.500,00
Valores mobiliarios	98.000,00
Vehículos	121.662.909,00
Semovientes	17.285.000,00
Mobles	539.724.776,00
Total Inventario	3.739.228.985,00

Por outra banda, os Inventarios, á mesma data, das Fundacións Públicas, dependentes da Deputación, sumaban:

Museu Provincial	1.500.000.000,00
Escola Universitaria de Enfermería	5.030.568,00
Centro Profesional "Fogar Provincial"	7.036.169,00
Total	1.512.066.737,00



No seu conxunto, a suma do Inventario de Bens da Deputación e das súas Fundacións Públicas, elévase a 5.251.295.722 pesetas.

Os bens inmobles, fincas rústicas e urbanas, supoñen o 79,88% do total inventario da Deputación e a superficie das mesmas é de 1.812.246,31 metros cadrados. As porcentaxes que representan os distintos tipos de bens do Inventario refléxanse no gráfico que insertamos.

2.1

AS DÚAS SÉS DA DIPUTACION

a) *O exconvento de San Francisco*

A primeira sé do Pazo Provincial 1836, localizábase no exconvento dos ''Padres Franciscanos'' desta cidade, amosándonos unha fachada neoclásica que, ó parecer, procedía dunha das antigas portas da vila, edificio unido á Igrexa do mesmo nome á que se accede por unha pequena porta que data do século XIII. Dispoñemos como data da súa construcción a do ano de 1229, aínda que é moi discutible, erguéndose sobre uns terreos da antiga propiedade dos Soutomaior.

Exconvento de San Francisco primera sé da Deputación.

Actualmente, atópase ocupado pola Delegación Provincial de Facenda, e nunha pequena parte do convento e a totalidade da Igrexa, polos "Padres Franciscanos" que a recuperaron cara ó 1910.

O edificio do exconvento e a Igrexa estivo sempre moi vencellado á cidade de Pontevedra, tendo no sartego as xineas pontevedresas máis representativas. Nos séculos XIX e XX foi sé de varios organismos públicos, Xuntas de Armamento e Defensa, Xuntas Provinciais, Delegación da Facenda Pública, Goberno Político, e casa do Gobernador ou Xefe Político, Audiencia, e Deputación Provincial e, máis recentemente, Cuartel de Infantería e Corpo de Bombeiros.

Cando no citado convento se instalou a Deputación no ano de 1836, as súas condicións eran consideradas como ruinosas, obrigando a invertir no seu adecuamento cantidades importantes que, por parte da Deputación, non tiveron cabo ata o seu desaloxo, a fins de 1890.

Importantes inversións, por parte da Deputación, producíronse nos anos 1838 e 1839, anos nos que se realizaron as fundamentais distribucións interiores, arranxándose as oficinas e o Salón de Sesións para o que se adquiriron bancos, cadeiras, carpetas e o sillón presidencial. No exterior, dispúxose o arranxo, en pedra, dunha calzada que dende a Ferrería conducía á porta principal "a fin de evita-los encharcamentos de auga".

En 1839, constituiráse a denominada "Xunta de Conservación do Edificio" que se ocuparía de distribui-lo prorrateo correspondente ós organismos que o ocupaban e do seguimento das obras a realizar, sinalándose como motivo da súa creación, o de evita-la ruína do edificio.

A convivencia das distintas institucións que o ocupaban puido considerarse armoniosa ata os primeiros roces producidos no ano 1853 que por disposición da Xunta de Conservación se pide á Deputación que abone o dobre da cantidade que vén pagando o prorrateo.

Esta pretensión provocaría unha grande contrariedade na Corporación Provincial que protestaría indignada, alegando que, non só non debería duplicarse a súa aportación, senón que debería cobrar para "resarcirse das grandes sumas alí invertidas".

O descontento aumentará no ano seguinte de 1854, cando, a Deputación, coñece a existencia dun expediente polo que, ó parecer, se cedían as dependencias do exconvento, ás oficinas do Estado, expediente que, de momento, non tivo efectitidade algunha; polo que o edificio seguíu coñecéndose como Pazo Provincial, invertindo a Deputación máis diñeiro nos seus arranxos, así en 1860, se prepararían no exterior, as escaleiras e os xardíns e, no interior, as escaleiras centrais, divisións de oficina, salón de sesións...

Incluso sorprende en 1868, o recoñecemento que como propietario, lle outorga á Deputación, o Xulgado, reclamándolle unha indemnización polos diñeiros invertidos no exconvento, dado que está disposto a desaloxalo.

Esta especie de recoñecemento tería pouca validez, xa que, en 1877, xurdirán novos roces coa Delegación de Facenda, o que levaría á Deputación a solicitar do Goberno da S.M. a propiedade no seu favor dos locais ocupados no exconvento.

Aínda non se coñecía a resposta do Goberno, cando, a Deputación, en sesión do 31 de xaneiro de 1878, amosaba as súas queixas polo trato recibido, considerándoa, como mera inquilina nos momentos das decisións, e como propietaria á hora de inverti-los fondos para os arranxos, nos que asegura ter gastado 800.000 reais, cantidade máis que suficiente para construirse un edificio de nova pranta. Xurdíu entón a proposta seria da construcción dun novo local exclusivo para a Deputación, dándose como inminente a decisión da R.O. de 4 de marzo do mesmo ano, que promovía o deshaucio da Deputación dos locais alí ocupados.

Non abandonou, sen embargo, a Deputación, a posibilidade de se apropiar do exconvento, aínda a pesar da R.O. de deshaucio, pois, en abril de 1878, insistiría, por última vez, na reclamación, non facéndoo con moita fe, xa que, a Comisión para o novo edificio seguía as súas xestións e xa tiña encargado o proxecto ó Arquitecto Justino Flórez, quen o entregaría en 1880. Tamén, en 1879, Alejandro Sesmeros abonaba o terreo no seu favor, regalando á Deputación tres exemplares fotográficos das súas obras principais; o chalet dos Méndez Núñez e o Palacio Municipal, o que lle valeu a proposta da Deputación para a concesión dunha medalla ''polos seus adiantos na profesión''.

No ano 1882, o enfrentamento entre os dous organismos máis fortes, Facenda e Deputación, fíxose definitivo. A Deputación di que a queren desaloxar dos seus locais a pesar de que a Delegación da Facenda argumenta que só tenciona ampliar por necesidade e non pretende ningún despoxo. A partires de entón, a Deputación opta por unhas decisións máis concretas; Amañar co Delegado de Facenda para permanecer eventualmente nos locais, a cambio de costear uns pequenos arranxos nos mesmos e, en caso contrario, dispo-la búsqueda dun local provisional onde se asentar; Construir un novo edificio para sé exclusiva da Deputación e nomear unha Comisión para o seu seguimento; Autoriza-la adquisición dun terreo onde ubicalo e propor un presuposto de 300.000 pesetas, solicitando, do Estado, unha subvención compensatoria por tódolos gastos efectuados nos locais do exconvento.

Neste mesmo ano de 1882, disporase dos dous proxectos aspirantes, o de Justino Flórez e o de Sesmeros, téndose dúas propostas para a súa ubicación, a minoritaria que o situaba no campo de San Francisco e a maioritaria que o localizaba na Alameda.

Encetada-las obras no 1884, e rematadas no 1890, a Deputación dará por finalizada a ocupación dos locais do exconvento, a finais de 1890, instalándose na súa nova sé, edificio que hoxe ocupa.




Pazo Provincial.

b) *O Pazo da Alameda.*

Os moitos gastos realizados pola Deputación no vello exconvento e, a permanente dúbida de mante-la propiedade destes locais, inducirán á Deputación a se plantexa-la necesidade de construir un edificio propio, necesidade que xa se reflexaba na sesión de 10 de febreiro de 1877, na que se mencionaba a existencia dunhas xestións levadas por unha Comisión que presidía o señor González Besada, que informaba dos elevados costes que supuñan á Deputación os locais do exconvento de San Francisco. A R.O. de deshaucio e a evaluación dos fondos invertidos, 800.000 reais, no citado exconvento, conducirán, en 1882, á irreversible decisión de construir un novo Pazo.

A idea de ubica-lo futuro Pazo no campo da Alameda, foi permanente desde o comenzo e, aínda que en sesión de 9 de marzo de 1882 se presentaban dúas propostas, unha para situalo no campo anexo ó antigo Convento de San Francisco, cara o leste da Praza da Ferrería, que tiña un apoio minoritario e a outra para colocalo nas inmediacións da Alameda, situándoo, nun comenzo, nas, xa entón, Ruínas de Santo Domingo, coa finalidade de aproveita-las súas pedras, que non se aceptaría. Emplazándose definitivamente no lugar que hoxe ocupa.


CARRETERA DE PONTEVEDRA AL PUERTO DE MARIN
Carcel pública
GRAN PLAZA DE LA FERIA.
JARDINES
PASEO DE LA ALAMEDA

En marzo de 1882, o Concello de Pontevedra, que coñecía a decisión da Deputación, ofertaría a esta os citados terreos pola cantidade de 100.000 reais, a Deputación contraofertaría 40.000 reais e unha compensación no amaño da fachada do Hospicio. Nun comenzo non haberá acordo, e a Deputación, en abril do mesmo ano de 1882, situará como cantidade límite de compra as 25.000 pesetas ou, o que é o mesmo, os 100.000 reais que nun comenzo lle ofreceran. Finalmente, polo que se declara na escritura de 14 de xaneiro de 1884, pagaranse 100.000 pesetas, naturalmente, tan "elevada cantidade", incluía a obrigatoriedade do Concello de invertila nos xardíns e viais dos arredores do novo Pazo. O solar que se adquiría, segundo escritura, tiña forma de rectángulo cunhas medidas de 100 por 65 m.

A Comisión formada en 1877 para adianta-las xestións para a construcción do futuro Pazo, tiña encargado ó arquitecto do Concello de Vigo D. Justino Flórez Llamas a realización do proxecto que entregaría á Deputación no ano de 1880. A fins de 1879, o arquitecto pontevedrés Alejandro Sesmero apresurárase a enviar á Deputación unhas fotografías da casa dos Méndez Núñez do pazo municipal que estaba construíndo e posteriormente en 1882, unido á firma de Domingo Sesmero, presentarían o seu proxecto do Pazo Provincial, ofrecéndoo con carácter gratuíto, naturalmente, pensando en se-los posteriores executores e directores de obra.

Cos dous proxectos dispostos, a Deputación tomou a decisión de envialos, para o seu informe, ó arquitecto municipal de Santiago. O resultado do informe emitido polo arquitecto santiagués Don Faustino Domínguez Gomes Gay, resultaría favorable ó proxecto elaborado por Justino Flórez, co que a Deputación, en sesión de 5 de maio de 1882, acordaría aceptalo e aprobalo como válido despois dunhas pequenas reformas.

Sen que saibamos exactamente as razóns, a Deputación, sorprendentemente, pide ós Sesmeros que reformen o seu proxecto, axustándoo ó informe que anteriormente o rexeitara, e preséntenо de novo á Deputación. Cumprida a solicitude, en sesión extra de 19 de febreiro, apróbase como definitivo o proxecto reformado dos Sesmeros.

De tódolos xeitos, a sorpresa para ámbolos dous aspirantes resultaría unha desagradable contrariedade, por unha banda, a Justino Flórez, rexeitóuselle o seu proxecto aínda a pesar de ter sido favorablemente informado e aprobado, polo que finalmente recibiría 3.000 pesetas, e por outra banda, o segundo proxecto dos Sesmeros, que habería te-la gloria de ser definitivo, e que nun comenzo fora obsequiado á Deputación, en espera de ser un dos seus executores, veranse sorprendidos pola decisión de situar como Director da obra ó propio arquitecto da Deputación, nomeado para a ocasión, D. Daniel Rodríguez Vaamonde, co que os xenerosos Sesmeros, rectificaron a súa posición de obsequiadores, para esixi-la cobranza dos seus proxectos que con dificultade lograrían acadar en 1884, tras un acordo de abono por un valor de 7.500 pesetas.


Por un acordo do 15 de decembro de 1882, adxudicaríanse as obras ó constructor

vigués D. José González Bernárdez, e por outro de febreiro do ano seguinte, ordenaríase o inmediato comenzo das obras que, sen embargo, non se iniciarían ata maio de 1884.

Comenzaron as obras baixo a dirección do arquitecto Daniel Rodríguez Vaamonde, que renunciaría ó seu cargo en setembro de 1884, nomeándose para relevalo, con carácter de interinidade, a D. Antonio Crespo López, que levaría as obras adiante ata abril de 1891, ano no que renuncia por obte-la praza de Arquitecto en Ourense, sustituíndoo en outubro do mesmo ano D. Siro Borrajo Montenegro.

Ningún acto oficial, que coñezamos, deu realce ó comenzo das obras que sabemos encetáronse no mes de maio de 1884 e que continuaron sen contrariedade, se exceptuamo-lo parón sufrido pola consulta das dúbidas enviadas á Real Academia de San Fernando, e que se superaría en febreiro de 1886 por orde expresa da Corporación en sesión de 25 de febreiro do citado ano, que obrigaron a solicitar ó constructor unha prórroga de dous anos para a finalización.

A resposta das dúbidas presentadas á Real Academia de San Fernando, veu acompañada dunha mostra de contrariedade por non lle ter sido enviado o proxecto con anterioridade á súa aprobación, como era preceptivo. Tampouco gustou á Real Academia a mestura de estilos que se presentaban no proxecto, amén dalgunhas outras recomendacións que non servirían absolutamente para nada, xa que a Deputación fixo pouco caso delas.




Fóra deste incidente, as obras foron levadas durante os anos 1887, 1888 e 1889 sen maiores problemas, facéndose algunhas variacións na distribución interior, condicionadas pola decisión de instalar alí o Goberno Civil e a casa do Gobernador non pensadas nun comenzo. Así a fins de 1890 reciben as obras e sácase a concurso o mobiliario, enseres e alfombras, efectuándose o traslado o día 20 de decembro.

As obras de remate continuarían a partires de 1891 coas adicións de instalacións eléctrica e telefónica, peche exterior e xardíns, e en 1893, o ensanche da avenida entre a Alameda e o Pazo.

Se a primeira proposta de presuposto, en 1882, situábase en 300.000 pesetas, a subasta das obras se sacaría en 361.705,43 pesetas, aínda que a súa adxudicación se conseguíu cunha pequena rebaixa na cantidade de 318.360 pesetas que era o que costaría o solar e os pagos correspondentes, tanto ós autores de ámbolos dous proxectos, tres mil e sete mil cincocentas pesetas, como ós diferentes arquitectos directores da obra.

Á hora de face-la liquidación final da obra, e aínda co descontento do constructor que entablaría un longo recurso, acadaríase a cifra final de 439.711,09.

O resultado final sería unha importante construcción representativa do eclecticismo, mestura máis ou menos afortunada de estilos, perseguindo a consecución dun conxunto monumental que non representaría ningún especial adianto técnico, se exceptuámo-la súa instalación eléctrica, e,




Fachada posterior. Pazo Provincial do proxecto de Sesmero.

quizais, o uso do ferro e cristal nas súas claraboias.

Dos dous proxectos non realizados, o de Justino Flórez, descoñecemo-lo seu contido xa que desafortunadamente non hai testemuña del. Do primeiro proxecto dos Sesmeros, diremos que na súa fachada destacábase o seu porte neoclásico cun grande pórtico exástilo de grandes columnas de 11 metros de altura e un metro de diámetro. Os capiteis, de tipo corintio, soportan un frontón sinxelo co escudo provincial no seu centro con motivos vexetais de adorno; loureiro e guirnaldas. O acceso, iniciábase a través dunhas grandes escalinatas que levantaban do chan a superficie do edificio, dándolle un certo realce.

O segundo e definitivo proxecto dos Sesmeros, proporcionou, ó pazo, unha pranta cunha distribución interior a base de cadrados e rectángulos que rodean a parte central. Na pranta baixa, unha importante superficie adicada a vestíbulo, que nun comenzo ocupaba o corpo de garda e a portería, limiar dun grande distribuidor con moita anchura que se resolve en tres espacios diferenciados, con cruxías laterais e un trío de arcadas transversais con funcións de soporte, conseguíndose unha ampla perspectiva e unha grande riqueza arquitectónica. No centro do grande distribuidor, unha ampla escalinata que se abre en dous brazos para o seu acceso á pranta superior, dando lugar a dous espacios cadrados a ambos lados da escaleira. No centro superior da escaleira un amplísimo rechán que serve de paso ás dúas asas laterais e de acceso a un vestíbulo previo ó Salón Nobre que ocupa o




Fachada lateral. Pazo Provincial do proxecto de Sesmero.

centro do edificio. O acceso ás demais dependencias realízase por corredores laterais, de igual xeito para as dúas prantas.

A fachada é unha resposta á individualización de volumes e á combinación de estilos, presentando unha entrada tipo Arco do Trunfo con tres portas con arcos de medio punto, realzadas coa colocación de medias columnas de estilo xónico, con fustes estriados e basa clásica. Na parte inmediatamente superior, un balcón corrido que non creba a liña imposta que en forma de cornisa percorre o edificio e, perpendiculares ás catro columnas inferiores, outras catro que dan marco ás tres portas do Salón Nobre que saen á balconada. Tres claraboias, sobre as súas tres portas, cubrirán o espacio entre elas e o arranque do frontón que coroa a fachada, no centro da cal figura o escudo provincial.


Para non concentrar tódolos elementos no corpo central, secciónase a fachada en cinco corpos, o central, dous medianos e dous laterais. Tratando de gaña-lo equilibrio de volumes, o corpo central e os dous laterais sobresairán un pouco sobre os medianos. Os laterais remátanse con corpos circulares e nos seus ventanais superiores, colócanse pilastras estriadas de orde xónico, co que se logra equilibra-lo conxunto da fachada.


Todo o edificio está rematado cunha cornisa moldurada algo saínte e con decoracións de canliños. A base do edificio levántase a unha boa altura que permite unha ampla escaleira corrida en todo o corpo central.




Detalle de un hueco.


FACHADA PRINCIPAL.







Planos de planta do proxecto orixinal.



A fachada posterior, aínda que de menor categoría, está moi coidada e no seu conxunto presenta unha maior horizontalidade, pola lixeira caída do edificio cara atrás, realizándose a mesma conxunción en cinco corpos, facendo sobresaí-lo central e os laterais sobre os seus medianos.

No pórtico, na súa pranta baixa, non hai columna e as tres portas redúcense a unha central con dúas grandes hornacinas a ambos lados. Na súa parte superior outro balcón para as tres portas que conducen a él, enmarcadas en pilastras de estilo xónico e, sobre elas, un simple frontón con decoración xeométrica. As ventás superiores rematadas en semicírculos e as inferiores adinteladas con decoración de cunchas de vieira.


Dispón dunha escalinata ó corpo central de moita menor envergadura cá da fachada principal.

As fachadas laterais presentan parámetro de sillería lisa no que destacan os remates laterais realizados con bandas verticais de almohadillado. As ventás superiores están rematadas en frontóns triangulares e as inferiores, adinteladas, con remate en cuncha de vieira. Ó igual que na fachada principal, os laterais superiores, rematan con cornisas semicirculares.

No canto dos materiais utilizados, a pedra ocupa o maior volume de utilización, granito fino das canteiras de Tourón, granito fino e duro das canteiras do Ulloa e granito do país. Para os morteiros utilizouse o cal graso e area de mina, cunha proporción de dúas de area e unha de cal. O estucado de ieso nas decoracións, o ferro en claraboias e tragaluces, o chumbo e cinc en claraboias e baixantes e a tella plana de Marsella para as cubertas.

Na carpinteiría utilizouse piñeiro tea para a formación de pisos; táboa, barrotillo e cuberta de cal nos tabiques; e para as portas e ventás exteriores o castiñeiro, utilizando piñeiro tea nas interiores.

Este conxunto final con elementos clásicos, renacentistas e barrocos non goresntou á Real Academia de San Fernando, como así o manifestou no seu informe, pese ó cal, a Deputación permaneceu fiel ó proxecto dos Sesmeros.



Grabado do castelo de Sotomaior.

2.2

CASTELO DE SOUTOMAIOR

As tres últimas adquisicións de bens inmobles realizadas pola Deputación foron a finca e Castelo de Soutomaior, e dous solares, un de 2.000 m² no lugar de A Igrexa, parroquia de Mourente, que costou cinco millóns de pesetas, e teren sido cedido ó Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións por acordo de 25 de novembro de 1983, para a construcción do Observatorio Meterolóxico Provincial, que xa entrou en funcionamento; e outro de 21.900 m² e o precio de 21.900.000 pesetas, no lugar de Monteporreiro, parroquia de Mourente, cedido á súa vez ó Patronato da Universidade Nacional de Educación a Distancia, centro Rexional asociado de Pontevedra, en 26 de abril de 1985, para a construcción do edificio destinado a sé de dito centro.

Vista aérea do castelo de Sotomaior.

Así como as dúas fincas anteriores non pasaron ó Inventario de Bens Provinciais, ó teren sido destinadas a creación e desenrolo de servicios de grande interés para a provincia, sí o fixo a finca e Castelo de Soutomaior, situada no municipio do mesmo nome, cunha superficie de 25,74 hectáreas, formada polo Castelo, rodeado de murallas, pabellóns destinados a habitación, cabalerizas e terreos de xardíns, bosque, prados e hortas; adquirida por compra a Dona Sara Orilia de Hostos, en 55.000.000 de pesetas o 8 de marzo de 1982.

A historia do Castelo de Soutomaior, a construcción do cal iniciouse, ó parecer, no século XII, no rinado de Afonso VII, sendo a súa obra principal realizada nos séculos XIV e XV, con modificacións no XVIII e restauración e adicións no XIX, dinos que estiveron relacionados Paio Gómez de Soutomaior, embaixador enviado por Enrique III perante o Grande Tamerlán, e Pedro Álvarez de Soutomaior, o famoso Pedro Madruga, que no século XV tivo o castelo como base principal das súas andanzas. Na actualidade o Castelo é un dos conxuntos fortificados máis notables de Galicia; tendo convocado a Deputación, a raíz da súa adquisición, un concurso de ideas en orde á súa reconstrucción e futuro destino.

En tódalas actuacións que a Deputación de Pontevedra está realizando no Castelo e Finca de Soutomaior, pártese dunha liña xeneratriz e dun último obxectivo que é o de

converti-lo seu conxunto nun grande equipamento sociocultural con proxección múltiple que abranga dende a esfera local á rexional pasando pola metropolitana e a provincial. Non se fai, pois, senón rescata-lo protagonismo que no seu día gozou o Castelo de Soutomaior, na vida do seu entorno adaptándoo, iso si, ás necesidades do noso tempo.

Se ben o Castelo é o destinatario último de toda a intervención, e dalo a coñecer como suxeito singular na historia do noso pobo constitúe un fin en si mesmo, non é menos certo que, dada a súa ubicación, a trasmandos fluxos máis importantes da bisbarra, faise necesario complementa-lo seu atractivo intrínseco co maior número posible de elementos atraintes, compatibles entre si e co castelo.

Por tanto, ademais da restauración e rehabilitación como centro cultural polivalente do Castelo, iniciáronse unha serie de actuacións complementarias, das que merecen seren destacadas as seguintes:

—A reordenación de tódolo sistema de accesos potenciando a entrada natural ó Castelo, que comprendeu a reparación da estrada desde Arcade, a construcción dun amplo aparcamento público no exterior do recinto, que serve así mesmo como campo para as festas patronais da parroquia, ou para calquer outra actividade pública multitudinaria que pola súa natureza debe alonxarse do Castelo, a construcción dun pabellón de acceso, ligado ó aparcamento, con tódolos servicios demandados por un visitante ocasional (aseos públicos, bar-cafetería, oficinas, despacho de tiquets e documentación... etc.) e a reparación dos camiños de acceso ata o castelo.

—A restauración e rehabilitación do antigo sanatorio do Doctor Iuria, como Residencio con tódolos servicios, con capacidade para 32 persoas que asistan ós seminarios, cursos, mesas redondas ou calquera outra actividade cultural que, coa maior frecuencia posible, se organicen no castelo.

—A restauración da vivenda do garda e a construcción dun novo edificio para o persoal e operarios agrícolas, así como para a adega.

—A recuperación do entorno da Capela de San Caietano para a celebración da romaría popular adicada ó santo, e para outras actividades de parecido carácter.

—A rehabilitación da pista de tenis existente como zona de xogos infantís tradicionais galegos.

—A restauración, ampliación, potenciación e tratamento do fermoso parque que rodea ó Castelo e o seu destino como Museu Botánico.

—A creación dun Banco de Xermoplasma Vexetal, que una á finalidade cultural a de apoiatura científica ó labrego galego e que comprenda, dende a prantación de varias hectáreas de viñas con cepa galega, á recuperación de amplas zonas de bosque autóctono, pasando por selectivas prantacións de numerosas variedades de camelias, de frutais galegos, e de diversas especies de castiñeiros, para o cal foi necesaria un importante e previo labor de roturación e destoconado que eliminase o bosque de eucaliptus preexistente.

3

PERSOAIS

Instalada a Deputación Provincial de Pontevedra no 12 de febreiro de 1836, e segundo fai consta-la mesma, mes e medio despois, no BOP de 2 de abril, ''foi o seu primeiro e máis perentorio deber, o exame e resolución dos varios expedientes das súas diferentes atribucións; mais como para verificalo, era indispensable traza-la pranta da súa Secretaría, tivo a ben nomear unha Comisión de individuos do seu seo, encargándoa da redacción de dita pranta, e habéndoo verificado e presentado os seus traballos na sesión de 27 de febreiro último; despois de examinados e discutidos por esta Deputación, acordou e aprobou o persoal, dotacións e distribución de traballos''.

A planta ou plantilla de persoal que aprobou a Deputación o 27 de febreiro de 1836, e que foi a primeira da súa historia, estaba composta en total por nove persoas: un Secretario, un Oficial maior ou primeiro, un Oficial segundo, un Oficial terceiro, un primeiro Auxiliar ou Escribinte, un segundo e un terceiro Auxiliar Escribinte, un Porteiro, e un Mozo de oficio, e os seus soldos que oscilan entre 1.440 e 1.200 reais anuais, representaban o 74,64 por cento do presuposto de gastos daquel ano inaugural de 1936.

En 1855, a plantilla crecerá un pouco e a compoñían xa 16 persoas:

1 Secretario.
2 Oficiais (1º e 2º).
3 Auxiliares (1º, 2º e 3º).
1 Oficial de estrada.
1 Auxiliar de estrada.
5 Escribintes (1º, 2º, 3º, 4º e 5º).
1 Depositario.
1 Porteiro.
1 Mozo.

nas que chamaríamos oficinas centrais, ademais de 1 Celador e 19 peóns camiñeiros, que cobraban 5 reais diarios, non integrados en plantilla, para as obras públicas.

En 1861, engádense ós anteriores un Arquitecto e un Delineante.

En 1878, a plantilla da Deputación con dotación presupostaria individualizada, compóñena xa 32 persoas, 21 delas, que en terminoloxía actual chamaríamos de administración xeral; e as 11 restantes, de administración especial.

A adscripción por dependencias dos primeiros era: *Secretaría:* 1 Secretario, 1 Oficial primeiro, 3 Oficiais segundos, 1 Arquiveiro, 1 Bibliotecario, 6 Auxiliares, 1 Porteiro maior, 1 Conserxe; *Contaduría:* 1 Contador, 1 Oficial, 1 Auxiliar, 1 Mozo; *Depositaría:* 1 Depositario, 1 Auxiliar; e das segundas, *Arquitectura:* 1 Arquitecto, 1 Delineante; *Camiños Provinciais:* 1 Enxeneiro Xefe, 3 Directores, 1 Delineante, 2 Sobrestantes, 1 Auxiliar de Enxeneiro, e 1 Ordenanza.

De feito, esta plantilla de persoal excedía dabondo da que catro anos máis tarde sinalou como máxima para as Deputacións das provincias de segunda e terceira clase, entre as que se atopaba a nosa, e que non podía exceder de 17 persoas en total. 1 Secretario, 1 Contador, 1 Depositario, 1 Oficial, 2 Oficiais de 2ª, 3 Aspirantes a Oficiais, 1 Director de camiños, 1 Arquitecto, 1 Deliñante, 3 Escribintes, 1 Porteiro, 1 Ordenanza, o R. D. de 3 de maio de 1892, ó que xa nos temos referido no apartado 1 deste capítulo, que non só limitaba o número de compoñentes da plantilla senón os seus soldos, por considerar, na "exposición" que unha "orixe moi principal" dos males económicos das Deputacións "foi o extraordinario aumento de persoal, que non en poucas dependencias provinciais é moi superior ó das oficinas do Goberno", e arremete contra a "prodigalidade en conceder subvencións e pensións pouco xustificadas e amplia-los servicios ata chegar a situacións económicas insostenibles".

Oito anos despois, en 1900, a plantilla de persoal da Deputación de Pontevedra cínguese dabondo á máxima sinalada polo R.D. de 3 de maio de 1892, e intégrana 21 persoas, distribuídas nas seguintes dependencias: *Secretaría:* 1 Secretario, 1 Oficial 1º, 1 Oficial 2º, 1 Aspirante, 1 Escribinte, 1 Porteiro maior, 1 Conserxe; *Contaduría:* 1 Contador, 1 Oficial, 1 Aspirante, 1 Porteiro; *Depositaría:* 1 Depositario, 1 Oficial, 1 Mozo de Caixa; *Comisión de Contas:* 1 Oficial, 1 Aspirante; *Construccións Civís:* 1 Arquitecto, 1 Deliñante; *Camiños provinciais:* 1 Director Xefe; *Arquivo:* 1 Oficial, 1 Auxiliar. Pero aínda que non se inclúen na plantilla, teñen consignación no presuposto, ademais,

PIRAMIDE DE EDADES

PIRAMIDE DE EDADES

HOMBRES	EDAD	MUJERES
—	70	2
2	69	0
4	68	2
3	67	1
7	66	1
4	65	2
9	64	0
7	63	1
5	62	2
10	61	3
4	60	1
5	59	4
4	58	2
6	57	3
13	56	4
12	55	6
13	54	4
10	53	7
19	52	2
18	51	6
12	50	3
18	49	9
8	48	10
20	47	10
13	46	6
7	45	5
6	44	4
20	43	11
9	42	7
17	41	7
18	40	11
17	39	9
20	38	24
22	37	21
17	36	14
22	35	11
21	34	19
18	33	16
8	32	21
12	31	18
10	30	23
6	29	31
16	28	33
4	27	41
14	26	50
13	25	57
13	24	33
10	23	25
12	22	16
2	21	10
2	20	7
562		615

INTERVALOS

AÑOS	FUNCIONARIOS
61 a 70	65
56 a 60	46
51 a 55	97
46 a 50	109
41 a 45	93
36 a 40	173
31 a 35	166
26 a 30	228
20 a 25	200
	1.177

na Sección de "Camiños", 2 Axudantes de Obras (1º e 2º), 3 Sobrestantes, 1 Aspirante Administrativo e 1 Ordenanza, aparte dalgún máis transitorio para os servicios de contas, eleccións, beneficencia, con dotacións de carácter fixo ou subvencións.

A plantilla de persoas da Deputación no ano 1920, non difería apenas, nin no número, nin na composición da que tiña corenta anos antes, é dicir, en 1878, e distribuíase así: *Secretaría:* 1 Secretario, 6 Oficiais, 1 Conxerse, 1 Porteiro maior e un Porteiro; *Contaduría:* 1 Contador, 1 Oficial, 1 Ordenanza, 1 Tenedor de libros; *Depositaría:* 1 Depositario, 2 Oficiais, 1 Auxiliar; *Contas:* 1 Xefe, *Construccións Civís:* 1 Arquitecto, 1 Oficial; *Camiños Provinciais:* 1 Director Xefe, 2 Axudantes (1º e 2º), 1 Oficial, 1 Sobrestante, 2 Deliñantes (1º e 2º), 1 Ordenanza; *Arquivo:* 1 Arquiveiro, 1 Oficial.

Suman 31, un menos que en 1878, que eran 32, pero cunha estructura funcional e distribución semellantes.

Vinte anos despois, en 1940, a plantilla de persoal da Deputación triplícase, se ás partidas do presuposto xeral establecidas con dito obxecto e para pago de haberes correspondentes, engadimos as do presuposto especial do Hospital Provincial, que fan un total de 103 funcionarios, distribuídos en *Cargos especiais e técnicos:* 6 (Secretario, Interventor, Depositario, Director Vías e Obras, Axudante Vías e Obras e Axudante Caixa); *Corpo administrativo:* 20 (2 Xefes de Sección, 8 de Negociado, 2 Oficiais, 4 Auxiliares e 4 Taquimecanógrafos); *Subalternos:* 4 (1 Conserxe, 1 Porteiro, 2 Ordeanzas); *Inclusa:* 2 (1 Administrador e 1 Médico); *Montes e agricultura:* 4 (1 Enxeñeiro Director, 1 Axudante, 1 Deliñante-Topógrafo, e un Director de Investigacións Biolóxicas); *Hospital Provincial:* 67, entre persoal técnico, auxiliar, administrativo e subalterno.

No ano 1967, a plantilla xeral de persoal, suma xa 277 funcionarios que se distribúen nos seguintes grupos e categorías:

Corpos Nacionais	4
Técnicos Administrativos Cualificados	1
Escala Técnica Administrativa	18
Escala Auxiliar	44
Prazas especiais administrativas	5
Técnicos con títulos superior	27
Técnicos auxiliares	15
Asimilados a Técnicos Auxiliares	3
Gardaría Forestal	18
Conservadores de Camiños	40
Funcionarios manuais	88
Subalternos	14
Total	277

A partires de 1970 e ata 1983, a evolución da plantilla segundo os datos que recollemos do "Informe sobre plantilla de persoal", de agosto de 1983, formulado pola Secretaría Xeral, e do que tivo coñecemento o Pleno da Deputación. Ó remata-lo ano 1970, a plantilla visada e autorizada pola Dirección Xeral


de Administración Local constaba do seguinte persoal:

a) Corpos Nacionais	5
b) Administrativos	68
c) Subalternos	13
d) Técnicos	47
e) Servicios especiais	142
Total	275

que numéricamente se distribuía por Centros:

1. Oficinas Centrais	154
2. Hospital Provincial	110
3. Fogar Provincial	9
4. Museu Provincial	2
Total	275

EVOLUCION GENERAL POR GRUPOS



Ó acabar 1974, a plantilla era xa de 477 funcionarios, coa seguinte distribución por grupos:

a) Corpos Nacionais	5
b) Administrativos	74
c) Subalternos	19
d) Técnicos	69
e) Servicios especiais	310
Total	477

e por Centros:

1. Oficinas Centrais	255
2. Hospital Provincial	123
3. Fogar Provincial	18
4. Museu Provincial	2
5. Hospital Psiquiátrico	79
Total	477

Tres anos despois, ó rematar 1977, elevábase xa a 850 funcionarios, que en 1979 pasaban a un total de 1114, que se distribuían por grupos:

a) Corpos Nacionais	5
b) Administrativos	105
c) Subalternos	34
d) Técnicos	226
e) Servicios especiales	744
Total	1.114

e por Centros:

1. Oficinas Centrais	296
2. Hospital Provincial	411
3. Fogar Provincial	235
4. Museu Provincial	2
5. Hospital Psiquiátrico	170
Total	1.114

A plantilla ó 31 de decembro de 1982 e prácticamente, ata rematar 1983, é de 1.273 funcionarios, distribuídos por grupos:


a) Corpos Nacionais	6
b) Administrativos	114
c) Subalternos	15
d) Técnicos	271
e) Servicios especiais	867
Total	1.273

e por Centros:


1. Oficinas Centrais	331
2. Hospital Provincial	542
3. Cidade Infantil	224
4. Museu Provincial	3
5. Hospital Psiquiátrico	173
Total	1.273

EVOLUCION POR CENTROS


OFICINAS CENTRALES




HOSPITAL PROVINCIAL




HOGAR PROVINCIAL CIUDAD INFANTIL



HOSPITAL PSIQUIATRICO EL REBULLON



EVOLUCION GENERAL NUMERICA DE LA PLANTILLA DESDE 1970




Os que habería que engadi-lo persoal laboral de carácter fixo que na data sinalada era de 66 persoas, o que eleva a cifra total de persoal a 1.339, aparte dos becarios dos Centros, ou do persoal de educación e de institutos relixiosos que non tiñan tal carácter e só percibían o importe de becas ou subvencións.

O crecemento da plantilla de persoal da Deputación a partires de 1970 e ata 1982, como se deduce claramente do que deixamos exposto e se reflexa nos gráficos estadísticos que inxerimos, foi constante, aínda que máis intense nunhas xeiras ca noutras, e supón un incremento en doce anos do 463 por cento, cunha media anual do 38,58. Para completármo-la información, reproducimos tamén un gráfico de evolución numérica do persoal dende 1836 ata 1967, e a pirámide de idades por sexos e intervalos dos 1.177 funcionarios en propiedade que existían en 1982.

A partires de 1983 a plantilla tende a se estabilizar, como pon de releve a que nos facilita no 31 de outubro de 1985 a Sección do Persoal, desglosada do xeito seguinte:

Presidencia	2
Intervención	17
Depositaría	7
Rendas	6
Contribucións	4
Secretaría Xeral	52
Parque Móbil	7
Proceso de Datos	8
Asistencia Social	6
Hospital Provincial	533
Rebullón	184
Cidade Infantil	229
Vivenda e Benestar	18
Arquivo	2
Museu	3
Agricultura	33
Vías e Obras	150
Imprensa	5
Total	1.266

O persoal laboral na mesma data estaba composto por 122 persoas, o que eleva o total xeral a 1.388.


EVOLUCION DE LA PLANTILLA
DE PERSONAL DE 1836 A 1967
PERSONAS
300
250
200
150
100
50
0
AÑOS
1836
1855
1861
1878
1900
1920
1940
1967

4

ORGANIZACION ADMINISTRATIVA

Ó mesmo tempo de instalarse, a Deputación Provincial de Pontevedra nomeou unha comisión no seu seo para ''tracexa-la planta da súa Secretaría'' co ''persoal, dotacións e distribución de traballos'', é dicir, formula-lo organigrama funcional da entidade, misión que a Comisión cumpriu con extraordinaria dilixencia, xa que o presentou na sesión de 27 de febreiro de 1836, na que foi aprobado, e dado a coñecer, seguidamente e con todo detalle, no BOP do 2 de abril de 1836.

Esta distribución de traballos, ou organigrama funcional da Deputación de Pontevedra, aprobado no 27 de febreiro de 1836, dividía en tres seccións ordinarias e unha máis, extraordinaria ''a causa das actuais circunstancias'', a Secretaría, como centro aglutinador de tódolo traballo da entidade.

A Sección 1ª denominábase de Goberno, Deputación e Fomento, e estaba encargada do despacho da correspondencia co Goberno, asuntos privados da Deputación e ''canto se dirixa ó fomento da Provincia, agricultura, comercio e artes, montes, leiras, obras de xeral e particular utilidade, instrucción pública, educación primaria, casas de beneficencia, corrección, cárceres e sanidade''. Era a máis importante e tiña como ''Xefe especial ó Secretario''.

A 2ª, chamado dos Concellos, Estadística e Contribucións, entendía en todo o que tivese relación cos Concellos, a súa elección, formación, nulidade e suspensión, censo, estadística, división territorial, presupostos, exame de contas, repartimento de contribucións de cuota fixa, as provinciais e municipais, arbitrios, ''e canto diga relación coa contabilidade''.

A 3ª, co título de "Negocios indeterminados, Rexistro e Arquivo", desempeñaba "todo o que non teña relación directa cos asuntos cometidos ás demais seccións", tendo especialmente ó seu coidado, os índices de tódolos documentos de calquera especie "que entren e saian da Secretaría", de xeito que, con brevedade e exactitude, "poida darse razón do seu estado e resolucións"; ter ordenado o arquivo, para que poidan ser achados os expedientes, "co debido orde e separación, de sorte que contribúa ó exacto coñecemento de antecedentes que se estimen necesarios, para o acertado despacho dos negocios".

Finalmente, a Sección extraordinaria ocupábase de todo o que concernía ó armamento e defensa, quinta extraordinaria, garda nacional, donativos patrióticos e arbitrios destinados a ditos obxectos.

Como vemos, unha organización completa e detallada para a época, coa que se podía debuxa-lo estilo dos nosos días un organigrama de liñas sinxelas e austeras, aínda que moi funcionais, habida conta de que os encargados ou responsables de que funcionase eran só nove persoas, incluídas o porteiro e o mozo de oficio, baixo a batuta dun Secretario, cunha dotación anual de doce mil reais vellón.

Esta organización administrativa da Deputación, en liñas xerais, permanece ata os nosos días, coas variacións que en cada caso impón a lexislación e a organización política, coa creación, por exemplo, dos Consellos Provinciais pola Lei do 2 de abril de 1845, que entronca o organigrama administrativo da Deputación co do goberno político provincial, aínda cando a súa dotación correse a cargo da Deputación, que fica practicamente sen aparato administrativo propio. A Lei de 25 de setembro de 1863, aínda cando mantén o Consello Provincial, no seu dobre carácter de órgano informativo-consultivo e tribunal contencioso administrativo, restablece a Secretaría e con ela a organización burocrática propia da Deputación, que subsiste na Lei de 30 de agosto de 1870, coa Comisión Provincial que sustituíu ó Consello.

Esta organización administrativa interna adquire máis vigor, extensión e forza, conforme o vai adquirindo a propia Deputación como Entidade, sobre todo a partires da Lei de 1870, perfilándose xa unha organización asentada basicamente en tres grupos pais de servicios: administrativos, económicos e técnicos, co esquema funcional: Secretaría; Contaduría-Depositaría; Vías Provinciais-Arquitectura, que se vai espallando ou recortando en relación directa coas funcións que lle son asignadas ou impostas á Deputación, e sempre baixo a coordinación do Secretario Xeral que exerce a xefatura principal funcionarial, cargo que desempeñaron na Deputación Provincial de Pontevedra relevantes personalidades, sobre a actuación dos cales e dos seus merecementos non podemos extendernos, pero que moi ben merecen un estudio monográfico aparte.

A mesma organización político-legal inflúe na administrativa interna, non só no canto do réxime de sesións, senón dos órganos corporativos: comisións permanentes e especiais, ou comisións informativas para a preparación de asuntos, características xa


do réxime interno das Deputacións, e que se axustan no correr dos anos ás necesidades e accións a desenvolver para a consecución dos obxectivos sinalados, tendo en conta as atribucións e medios disponibles en cada época.

Así, mentres a Deputación conservou a calificación e categoría de "superior xerárquico dos Concellos", é este cometido o que absorve unha boa parte do traballo burocrático interno: control e aprobación dos presupostos municipais e das contas; repartimento da contribución e derrama xeral que correspondía á provincia fixada e detallada por Concellos; distribución da cuota que por gastos provinciais tiñan que satisface-los Concellos; sinalamento de precios dos artigos para liquidación de suministros á tropa e demais efectos; arrendamento do servicio de bagaxes de toda a provincia; distribución do cupo de consumos; a quinta e as operacións do reemprazo nas súas distintas fases, ata a entrega material dos mozos, actuando a Deputación como verdadeira caixa de recluta, servicio que fai que a nosa, ó longo do século XIX encha páxinas do BOP con normas, circulares, repartos e requerimentos ós Concellos morosos na remesa dos quintos, co que "poñen en amargos conflictos a este corpo provincial que, delongándose demasiado este servicio, vese privado de atender outros asuntos de non menor importancia"; como poñían de releve en Circular de 27 de xuño de 1856; e no canto das repetidas normas e instruccións ós Concellos para a formación e tramitación de presupostos, pode servir como exemplo, pola súa extensión, claridade e detalle, a primeira delas, de 17 de xuño de 1837, BOP do 21 do mesmo mes.

O esquema organizativo, fundamentado nas tres liñas de servicios: administrativos, económicos e técnicos, subsiste despois da publicación do Estatuto Provincial de 1925, co engadido dos centros que se van creando; e tamén despois da Lei de Bases do 17 de xullo de 1945, e o seu posterior artellamento, como se pon de releve nas Memorias de Xestión dos anos 60 e 70 deste século, nas que o esquema básico permanece, con: Servicios Administrativos, incluídos na Secretaría Xeral: Oficialía Maior, Seccións de Persoal e Cooperación Provincial; ós Servicios Municipais e Negociados de: Facenda, Economía e Patrimonio; Cultura; Beneficencia; e Rexistro Xeral; os Servicios económicos: Intervención e Depositaría; e os servicios Técnicos: Vías e Obras, Arquitectura, Servicio Forestal e Fomento Gandeiro; máis o Gabinete de Programación e os Gabinetes de estudios; e a partires de 1978, o Servicio de mecanización, que acadou un grande incremento nos últimos anos.


No momento actual, e dentro da estructura esencial referida, rexe a organización interna da Deputación Provincial de Pontevedra, o organigrama que transcribimos e que foi aprobado no Pleno da Corporación, conxuntamente coa Plantilla Ideal, en sesión de 21 de decembro de 1984.

ORGANIZACIÓN XERAL DUNHA DEPUTACIÓN PROVINCIAL



VII

AS ACCIONS



Repoboación no Monte Castiñeiras.

1.1

MONTES E REPOBOACION FORESTAL

Aínda que xenericamente o velar polos montes e o seu aproveitamento racional, e impulsa-la repoboación forestal, poida entenderse abranguido dentro do grande obxectivo de "promove-la prosperidade da provincia", non se asignou, nun comenzo, como labor específico, ás Deputacións Provinciais, conservando a Administración Central tódalas facultades de goberno e disposición sobre os montes. Non obstante, na estructuración presupostaria provincial derivada da Lei de 8 de xaneiro de 1845, xa figura un capítulo, o 6º do presuposto de gastos, destinado a "Montes" e no que a Deputación de Pontevedra consigna, a partires de 1846, a suma de 9000 reais, para abona-la mitade dos soldos dun Comisario e dun Perito Agrónomo, que ó se considerar, despois da R. O. de 29 de marzo de 1846, como soldos enteiros, pasan a cifrarse en 14.000 reais en 1848, e de 16.000 reais en 1851, ou sexa, 10.000 para o Comisario e 6.00 para o Perito, máis 100 para material de oficina. A plantilla e a partida increméntanse en 1854 en 10.000 reais, como soldo de catro "Gardas de Montes", a razón de 2.500 reais ó ano cada un, sumando así o capítulo 6º de Montes, 26.000 reais. En 1859, e sen que se repita en presupostos sucesivos, inclúese unha partida de 26.000 reais para "gastos de conservación e fomento dos montes".


Certamente, as disposicións sobre montes e repoboación forestal xa veñen dende moito antes de se constituiren as Deputacións Provinciais, e son recordadas practicamente tódolos anos polos Xefes Políticos ou Gobernadores, como o fai por Circular no BOP de 18 de abril de 1842 o de Pontevedra, interesando dos Concellos da provincia a remisión de estados sobre as prantacións realizadas no termo respectivo en montes e devesas ou, noutra de 11 de marzo de 1844, dictando normas sobre repoboación de devesas e novos viveiros, con imposición dunha multa de catro reais ó veciño que, estando obrigado, non concurrise ás prantacións mandadas executar.

As Deputacións quedan implicadas na actividade de prantación e conservación do arborado dos montes de propios e comúns, e dos pertencentes ó Estado, polo Decreto da Rexencia de 20 de novembro de 1841, no que se dispón que os Xefes Políticos e Deputacións Provinciais, determinen cos Concellos as prantacións a efectuar cada un, para logo sinala-lo número de árbores que deberá prantar cada veciño, ou o de landras, castañas ou piñóns que deberá sementar. Estas prantacións realizábanse cada ano dende o 15 de decembro ata finalizar febreiro.

Polo tanto, non é de extrañar unha Circular da Deputación de Pontevedra publicada no BOP do 26 de xaneiro de 1846, felicitando ó "laborioso e ilustrado propietario" D. Francisco Javier de Mugartegui pola "grande e importante" prantación de moreiras realizada na súa granxa de Quintáns, parroquia de Noalla, abrindo "un novo e fecundo manantío de riqueza nesta provincia", ó se xeneralizar e desenvolve-la "cría de seda" e reprobando o feito de que por ignorancia, envexa o mala fe, algúns procuren inutiliza-la prantación "arrincando e destruíndo de varios xeitos as ternas prantas que un día producirán óptimos froitos". Como unha proba máis desta preocupación, na sesión de 6 de decembro de 1844, trátase sobre a impresión do libro "Consideraciones en defensa de los montes públicos en Galicia" de D. Antonio Gaite.

Por R. O. de 28 de marzo de 1846, a provincia de Pontevedra quedou dividida en catro distritos de montes. O primeiro, abranguía os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados e Pontevedra; o segundo os de Redondela, Vigo e Tui; o terceiro, A Cañiza, Ponteareas e Pontecaldelas; e o cuarto, os de Lalín e Tabeirós.

E porque o consideramos importante, en orde á situación que cada vran se produce agora nos nosos montes, haberemos anotalo feito de que a praga dos incendios forestais e as súas infaustas consecuencias, xa preocupaban ás autoridades hai século e medio, como o pon de releve a Circular do Goberno Político de Pontevedra, publicada no BOP de 8 de agosto de 1847, perante "a frecuencia con que se repiten os incendios nos montes desta provincia", que considera non se deben só á casualidade senón a "unha decidida intención", e dada a gravedade da situación, dicta normas para combate-los incendios, prohibindo facer lumes en montes e bosques, ordenando unha extremada vixilancia polos gardas e alcaldes, dispondo



CROQUIS


Topografico de los montes de las Parroquias de Mañufe Tebra y Pinzas con la linea de division territorial entre ellas, Señalada por el Sôr. Governador Civil de la Provincia de Pontevedra como fallo definitivo en la Cuestion que Sostenia la una con las otras; Lebantado, medido Sobre el terreno y dibujado por el Seografo-matematico examinado

D. José Portalff

Este Plano, y los otros Cinco que he trabajado en este mes para los Ayuntamientos de Fomiño y Sondomar Segun lo dispuesto por el Sôr. Governador Civil de la Prov.ª Son exactamente iguales en todas Sus partes al que lebanté en 1845 que ha Sido reconocido y aprobado por Su Superioridad. S.ff

Para el Govierno Civil de la Provincia de Pon


NOTAS



que, unha vez enteirados do lume, o pedáneo e os veciños acudirán a sofocalo e, se resultan insuficientes, o alcalde do municipio convocará ás parroquias inmediatas a toque de campás, tendo a obriga de acudir tódolos veciños, xa que se non o fixesen serán sancionados. Tamén dispuña a Circular que os gastos orixinados na extinción do incendio fosen aplicados á partida de imprevistos do presuposto municipal.

Como un dato máis que engadir ó anterior, e significativo da situación existente, en Circular inxerida no BOP do 26 de xullo de 1848, dise ós Alcaldes dos Concellos da provincia, que ó envia-las relacións de cortas, aproveitamentos e sementas que se fagan nos montes, expresen tamén nelas os incendios ocurridos e os danos ocasionados, en cada caso.


No canto dos resultados da acción repoboadora emprendida, o BOP do 27 de agosto de 1849, publica un "estado de prantacións e sementas de árbores verificadas polos veciños nos montes comunais dos pobos da provincia e herdades particulares", na campaña do ano anterior 1848, cun total de 122.192 árbores prantadas e 1.373 ferrados de terreo sementados de piñón e landra, en 61 concellos da provincia, dos 67 que entón a compoñían, ocupando os primeiros postos: A Estrada, con 17.641 árbores prantadas e 173 ferrados de terreo sementados; Lalín, con 10.673 e 21, respectivamente; e en terreo sementado, Meira, con 500 ferrados. Os concellos que en 1848 non realizaron ningunha prantación nen sementa nos seus montes foron: Arbo, Grove, Meaño, Pontevedra, Vigo e Vilaxoán.



Repoboación no Monte Figueirido.

Segundo costume burocrática-administrativa, as Circulares sobre prantacións, sementas e conservación de montes, reprodúcense e recordan de ano en ano, e entre elas queremos facer mención da publicada no BOP de 16 de abril de 1855, na que ademais se dispón que a Deputación satisfaga os haberes dos empregados do ramo de Montes. E é precisamente neste ano 1855, cando a Deputación de Pontevedra se amosa máis activa neste particular coa publicación de dúas Circulares, no BOP de 29 de xuño, prevendo ós Alcalde e Concellos vixilen co maior ciume a conservación dos bens nacionais en venda, evitando os abusos que puideran cometerse coa destrucción dos arborados, montes, bosques e edificios, dando conta inmediata á Deputación; e no de 5 de decembro do mesmo ano 1855, recomendado ós Concellos fagan as prantacións conseguintes nas devesas e montes comunais, que o serán de carballos e castiñeiros, coa obriga de que cada veciño prante nos terreos, por cada parroquia destinada a iso, tres árbores polo menos, dando conta á Deputación do número de veciños de cada parroquia e das prantacións realizadas.


En sesións de 1 de setembro de 1861 e de 1 de marzo e 4 de abril de 1862, a Deputación ocúpase extensamente encol da titularidade dos montes de Concellos e parroquias, e de excepcións de venda dos montes comúns, labor que continúa nas sesións do 27 de novembro de 1867, e en varias dos anos 1869 e 1870. Tamén na de 26 de xaneiro de 1870 se ocupa dos disfrute de aproveitamentos de augas comunais, e na de 26 de maio de 1855 sobre o reparto de montes efectuado na de 27 de novembro de 1867; emitindo informe preceptivo sobre montes comunais da provincia na de 22 de abril de 1889, e seguindo coa emisión de informes sobre solicitudes de excepción de venda de montes públicos en varias sesións dos anos 1890 e 1902, na maioría dos casos no senso de que non procede a súa venda.



Pasteiro en Campo-Lameiro

En orde á introducción de novas especies forestais e impulso de prantacións cabe reseña-la recepción en 27 de abril de 1867 dun paquete de semente de Eucaliptus glóbulos, que remite dende Sevilla D. Estanislao Malingre, acordando o seu reparto entre agricultores distinguidos da provincia. Por acordo do 20 de abril de 1868, acórdase a adquisición de un kg. de semente de eucaliptus glóbulos e medio kg. de eucaliptus monumental, para reparto polos Deputados nos seus respectivos distritos. Tamén, en sesión do 25 de novembro de 1867, acórdase a adquisición de sementes forraxeiras e de piñeiros, a distribuir polos Deputados nos seus distritos, e faise constar que a de piñeiro fora encargada a Rusia e aínda non chegara.

Pero o verdadeiro pulo e actuación pioneira da Deputación Provincial de Pontevedra, en orde á repoboación forestal, prodúcese ó se realizar pola Deputación nos anos 1923 e 1924, despois dunha nova división en zonas, as primeiras repoboacións nas máis próximas á capital e, concretamente, na Península do Morrazo, Pontecaldelas, Pazos de Borbén e Castrove; e na sesión de 5 de decembro de 1925 na que, e facendo referencia a unha conferencia do Enxeñeiro Sr. Areses e á Memoria por este redactada, na que se conteñen os datos precisos para esta repoboación e da que, para divulgación se acorda imprentar mil exemplares, ó tempo que se fai constar en acta a gratitude da Deputación ó Sr. Areses pola súa xestión e labor de asesoramento realizado. É en dita sesión, que preside o Sr. La Sota, na que se acorda establece-la cooperación cos concellos para repoboar unha parte das 90.000 hectáreas de montes comunais catalogados, tendo en conta o disposto no R.D. de 28 de outubro de 1925, coa "preocupación de respetar íntegramente as necesidades da gandeiría e as esixencias do pequeno cultivo agrario, para o que son condición precisa os aproveitamentos destes montes"; e na que se aproban as bases polas que a Deputación invita ós concellos a formularen un concerto para a repoboación forestal dos montes comunais e dos que lle pertenzan en propiedade, con arreglo ás condicións eco-



Viveiro voante.

nómicas e técnicas e ás ordenanzas que consignan. Segundo as mesmas, correspondía á Deputación rexi-la administración dos montes que se acollesen ó concerto, e os gastos que se orixinasen, satisfaríanse baixo tres fórmulas, aportando a Deputación inicialmente os gastos da repoboación, dos que os concellos reintegrarían logo o 50%, distribuíndose os productos que no seu dia se alongasen ó 50% entre a Deputación e os concellos. De utiliza-la prestación persoal, pola Deputación, cifrábase o seu importe en sesenta pesetas por hectárea, quedando os aproveitamentos de esquilmes e leñas ó uso exclusivo dos veciños.

Nas bases técnicas, establecíase a división da provincia en catorce zonas, nas que se incluían tódolos concellos dos distintos partidos xudiciais, con excepción os de A Estrada e Lalín que non tiñan aínda os seus montes catalogados. A distribución sumaba un total de 21.000 hectáreas a repoboar, sobre a base de mil a dous mil por cada zona, e 56.641 hectáreas de aproveitamentos e pastos o que facía un total de 78.114 hectáreas. A repoboación de cada zona suxeitaríase a un proxecto, e podía levarse a efecto nunha zona ou en varias simultaneamente.

As ordenanzas referíanse á administración, repoboación, aproveitamentos, subastas, policía de incendios e penalidades. Tamén na sesión dita, se acorda iniciar con urxencia as xestións para un concerto cos Concellos da primeira zona, que atinguía os de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa e Pontevedra, a fin de comenza-los traballos de repoboación no exercicio económico de 1925-1926, que dan como resultado a repoboación do denominado "Coto Redondo", que se realiza de conformidade co plan xeral aprobado por R.D. de 12 de decembro de 1926, que regula o Plan de Repoboación e os compromisos do Estado coa Deputación, para a execución do mesmo.

A importancia adquirida por esta repoboación fai que no 8 de xullo de 1932, e nunha viaxe especial de prácticas, sexa visitada polos alumnos da Escola Superior de Enxe-



Repoboación na Fracha.

ñeiros de Montes de Madrid. E para continuala e acrecentala, a Deputación interesa no 5 de novembro do mesmo ano, unha subvención do Ministro de Agricultura. No 18 de agosto de 1937, constitúese a Xunta do Consorcio Forestal.

Ó obxecto de dar continuidade ó labor de repoboación que viña efectuando a Deputación, de conformidade cos concertos realizados segundo as Bases aprobadas na sesión de 5 de decembro de 1925, no 22 de novembro de 1939, solicítase ó Ministerio de Agricultura prorrogar, por dez anos, o compromiso do Estado coa Deputación para remata-lo Plan de Repoboación de 30.000 hectáreas, aprobado polo Decreto de 12 de decembro de 1926.

En sesión de 26 de xaneiro de 1940, estúdianse as Bases do proxecto de contrato para o consorcio co Patrimonio Forestal do Estado para a repoboación forestal da provincia; Bases que son aprobadas en sesión de



14 de setembro de 1940, e aceptadas, definitivamente, na de 21 de novembro do mesmo ano, autorizando ó Presidente para outorgala escritura pública do novo consorcio co Patrimonio Forestal do Estado, que se suscribe o 25 de novembro do mesmo ano, e da que se dá conta en sesión do día 27.

Como consecuencia da posta en marcha do consorcio referido, adóptanse con posterioridade un conxunto de acordos relativos á cesión de montes polos concellos para a súa repoboación e, entre eles, o do 28 de marzo de 1941, autorizando ó Servicio de Repoboación Forestal para a repoboación das Illas Cíes, ó igual que a aprobación de diversas propostas de traballo de campañas forestais.


No consorcio suscrito co Patrimonio Forestal por escritura do 25 de novembro de 1940, e na súa Base V, dispone que a Deputación aportará ó consorcio os terreos necesarios, xa sexan propios da Corporación ou dos concellos, parroquias, Entidades Menores ou particulares, que se concertaran ou se concerten coa Deputación; as masas forestais xa creadas en virtude do consorcio formalizado co Estado segundo R. D. do 12 de decembro de 1926, o aproveitamento do viveiro forestal de Figueirido para os fins da repoboación; e o Servicio Forestal da Deputación, adicado exclusivamente ós fins do consorcio.

No 29 de decembro de 1953, apróbase o Proxecto de Estatutos da Caixa de Anticipos Forestais, sendo refrendados ditos Estatutos polo Ministerio de Agricultura o 16 de xullo de 1954, acordando a Deputación constituir, rapidamente, a Xunta de Goberno de dita Caixa, para o que designa ós seus representantes na mesma, na sesión de 3 de setembro de 1954.

Pero, ó tempo que avanta a repoboación e ó obxecto de buscar alternativas ó sostenemento do gando que pastaba nas zonas repoboadas, a Deputación de Pontevedra aproba, en sesión do 29 de decembro de 1953, as propostas de instalación e explotación de pastizais de secano en diversas parroquias, de dúas hectáreas de extensión cada ún; labor que continúa neste e posteriores anos, despois de estudiar no 21 de xaneiro de 1955 as bases para un Consorcio para a creación de pastizais.


O Consorcio co Patrimonio Forestal regulou as accións de repoboación da Deputación Provincial ata a súa rescisión, —dada a situación creada na conta da titularidade pola Lei de Montes Veciñais en Man Común—, efectuada con escritura pública de 30 de novembro de 1981, co ICONA, que sustituíu ó Patrimonio Forestal do Estado, pola que a Deputación quedou relevada de tódolos dereitos e obrigacións derivadas do consorcio, e os coeficientes de reparto do importe dos aproveitamentos quedaron regulados para o futuro, unha vez amortizado o anticipo, nun 75% para os propietarios do solo e un 25% para ICONA, ó renuncia-la Deputación á porcentaxe que lle correspondía no importe dos aproveitamentos, en beneficio dos propietarios do solo.

A pesar de que despois da rescisión do Consorcio con ICONA a Deputación perdeu os seus dereitos sobre o vo, nos montes re-



poboados coas súas aportacións, non se desentendeu da conservación das masas de arborado creadas, e apoia e colabora na defensa das mesmas contra a praga incendiaria que as asola, coas súas aportacións ós equipos de pronto auxilio, e demais accións deste orde emprendidas.

A importancia que revestiu a acción da repoboación da Deputación e a súa participación no Consorcio, ponse de releve no feito de que a mesma se extendeu a 35 concellos da provincia, elevándose o número dos montes consorciados a 2747, cunha superficie total de 74.990 Has., e de actuación de 27.408. Que na xeira 1927-1952, as hectáreas repoboadas foron de 17.055,46, e repuxéronse marras en 9.515,91, continuándose con semellante ritmo a partires de dito ano; e que os aproveitamentos entre 1941-1971 de metros cúbicos madeira-estéreos leña, se elevaron a un importe de 423.046.125 pesetas, distribuídas na forma que se expresa no gráfico adxunto.



1.2

GANDERIA

É no presuposto de 1853 cando aparece no capítulo 8º, de gastos voluntarios, a consignación de 20.000 reais para sostenimento de tres depósitos de cabalos pais, segundo o acordo da Deputación de 25 de outubro de 1848, en relación coas R.O. de 2 de xullo e 19 de setembro de 1848. Esta partida que en 1854 se reduce a 12.000 reais ''Segundo o acordado polo Ministro de Fomento'', volve seren de 20.000 en 1855 e de 18.000 en 1859, para en 1860, ademais delos establecer outra consignación de 16.000 reais'' para ''fomento e melloramento da caste do gando vacuno''. En 1861, a consignación para os depósitos de cabalos pais, subdivídese e, ademais de 13.300 reais para a mantenza dos cabalos, figuran partidas de 2.190 para haberes de mozo, 1.098 do auxiliar, 740 de aluguer da cabaleriza, 300 de aceite para alumear a mesma e 372 para aluguer do armacén de palla.



Feira de gando en Pontevedra.

Pero aparte destas consignacións presupostarias en defensa da gandería, e ó estaren prohibidas por Lei as batidas comunais contra os lobos, a Deputación de Pontevedra por circular inxerida no BOP de 3 de abril de 1841, seguindo a tradición das ordenanzas de Xelmirez e Berenguel de Landoria, establece premios de 100 reais para os que dean morte ós lobos dentro do territorio provincial e presenten a pel do animal nas súas oficinas, aparte dos fixados pola Lei, e que tiña que abona-lo Concello respectivo, que eran de 40 reais por lobo, e 60 reais por cada loba, que se elevaban a 80, se estaba preñada, e 20 reais, por cada lobezno.

Polo que pode representar en orde a expor unha situación e teimar unha mellora de progreso, como agora se diría, é interesante a R.O. que se publica no BOP de 17 de marzo de 1848, en contestación a un escrito do Xefe Político de Pontevedra, dando conta de que comenza a se facer extracción do gando vacuno da provincia para Inglaterra, que podía ser maior ata facer que os ingleses deixasen de frecuenta-los mercados de Holanda e Bélxica se o noso gando vacuno tivese a debida calidade; sendo necesario para isto o melloramento da raza, e un dos medios para logralo é obrigar ós pobos a teren un ou máis touros, sementais selectos, para cubri-las vacas e mellorar así a raza, para o que se autoriza que nos presupostos municipais se inclúa o gasto de adquisición e matenza de touros sementais, as características dos cales sinala, a razón de un por cada 45 ou 50 vacas, establecendo premios ós ganderos para estimula-la selección.

Neste orde de cousas e ademais dos depósitos de cabalos pais, sostidos pola Deputación, a partires de 1853 autorízanse tamén, debidamente controlados, o establecemento de postos de cabalos pais e garañóns nas



Gando Selecto Frisón na Finca de Mouriscade.

parroquias de Frades (Estrada), Escuadro (Silleda), Vilariño (Estrada), Santa María Adigna (San Xenxo), e no mesmo Vigo, entre outros.

A Deputación realizaba cada ano as subastas de adquisición do pienso necesario para o sostenemento dos cabalos pais que, na anunciada no BOP de 17 de setembro de 1856, consistía no suministro de 1095 arrobas de palla e 1643 celemines de cebada, tendo que sé-la palla, de trigo e de primeira calidade, ó igual que a cebada que ademais tería que ser limpa de gran groso e redondo.

No 21 de agosto de 1862, apróbanse as bases de adquisición de touros e vacas de raza pura para o fomento e mellora da cría de gando na provincia de Pontevedra, ó igual que a dunha parella de verracos ingleses; e no 7 de xaneiro de 1867, a de 7 touros pais de raza, o coste dos cales foi de 6.000 escudos, con destino a Cuntis, Silleda, Barrantes, Ponte Sampaio, cercanías de Vigo e Tui,



Puchos "Rubia galega" para cesión de Sementais.

e o sétimo nun lugar entre Ponteareas e A Cañiza; dous días despois, o 9 de xaneiro, acordaron adquirir outros sete touros e sete vacas tamén de raza, e buscar lugares para a instalación de establos.

Na liña sinalada de mellora-la calidade do gando, especialmente do vacuno, a Deputación de Pontevedra en sesión de 9 de xaneiro de 1867 aproba as bases para un concurso de gando de raza indíxena con importantes premios, e a adquisición dos once mellores exemplares para distribuilos nos once partidos xudiciais da provincia; e tamén no 4 de marzo de 1873, convoca un concurso de concesión de premios ós labregos galegos donos dos mellores touros do país, de tres anos, e da cor amarela que se presenten na capital da provincia o día 10 de agosto de 1873, e os donos dos cales acrediten que ditos touros estaban, desde catro meses antes, destinados a sementais. Os premios eran de 500 pesetas para cada un dos tres primeiros touros, e de 250 pesetas a cada un dos catro clasificados a continuación. Pero a

Deputación de Pontevedra, ademais, no seu desexo de fomenta-la gandería en tódalas bisbarras de Galicia, e, especialmente, na súa provincia, acorda que este concurso, cos mesmos premios, siga celebrándose nos anos sucesivos.

A celebración destes concursos leva á Exposición provincial de gandos e as súas industrias derivadas, convocado pola Xunta Provincial de Agricultura, Industria e Comercio no BOP de 25 de xullo de 1882, e que tivo lugar en Pontevedra os días 13, 14 e 15 de agosto, coincidindo coas festas da Peregrina, e atinguía oito clases de gando vacuno, con tres premios para cada unha; seis clases de cabalar, asnal e mular; catro de porca; dúas de lanar e cabrío; tres de aves de corral; e sete de alimentos e mecanismos de preparación e obtención de alimentos. Preocúpase tamén das enfermidades dos gandos e, no 30 de abril de 1902, acorda adquirir para distribuir entre os gandeiros, mil exemplares da "Cartilla para prevenir la glosopeda" de José Rodríguez Lois.

Por outra banda, establécense subvencións a establecementos de cría e mellora do gando, como na sesión de 17 de xuño de 1901 e, desde entón, e dunha forma continuada, subvención para os concurso de gando que organizan diversos Concellos e institucións, ademais dos propios. No 8 de xaneiro de 1926, a Deputación aproba as bases do concurso de vacas leiteiras-mantequeiras, e no 30 de xullo o Programa e Regulamentos do mesmo. O Regulamento dos concursos de gando apróbao o 10 de abril de 1926. Antes, en sesión de 31 de decembro de 1952, aprobara o Regulamento para adquisición, entrega e tenencia de sementais de gando vacuno e porca, que ratifica en 26 de febreiro de 1926.

Outras accións en fomento e defensa da gandería da provincia, por parte da Deputación, atopámolas na protesta que no 3 de xullo de 1885, acorda elevar ás Cortes pola introducción de catro mil canles de reses de gando vacuno de abasto; ou o seu enteirado, con satisfación, o 23 de abril de 1888, da exposición que na Asociación de Ganaderos de Madrid, fixo o representante da provincia na mesma, D. Eugenio Montero Ríos, sobre a necesidade de abrir novos mercados gandeiros en Francia e Inglaterra; ou a petición que no 6 de marzo de 1923, formula ó goberno para a libre introducción en España do millo arxentino, en beneficio da gandería; ou, en defensa da mesma, os acordos do 3 de xullo de 1933 e 21 de febreiro de 1934, en relación co Convenio con Uruguai e que non admitise nel a introducción de carnes conxeladas.

Dentro deste eido, cremos de interés reflexármo-las principais incidencias do ofrecido traspaso á Deputación do Matadeiro de Porriño, que comenzan co acordo de 3 de novembro de 1930, sobre non adquisición de accións de Matadeiros rurais cooperativos de Galicia para, na sesión de 5 de xaneiro de 1932, determina-la non adoptación de resolución sobre a cesión proposta do Matadeiro rural de Porriño, ata que non sexa aprobado ou rexeitado o Estatuto de Autonomía de Galicia e, na de 3 de decembro de 1932, acordar sacar a información pública que a Deputación se encargue do matadeiro dito, e



Pabellón da Deputación na "Semá Verde de Galicia". Silleda 1985.

dar conta, na de 31 de decembro do mesmo ano 1932, do oficio do Director Xeral de Reforma Agraria polo que se concede un novo prazo, a fin de que a Deputación adopte acordo en relación co ofrecido traspaso do Matadeiro; acordando no 16 de febreiro de 1933, invitar ós representantes das outras Deputacións de Galicia a unha reunión a celebrar na Coruña, co fin de soluciona-lo problema do creto necesario para facer efectivo o traspaso. Despois de ficar enteirados, no 13 de abril de 1933, dun telegrama do Ministro de Agricultura participando que o asunto do Matadeiro será estudiado pola Xunta do Creto Agrícola; como consecuencia dunha viaxe efectuada a Madrid, en sesión de 29 de xuño de 1933, o Presidente, da conta das xestións realizadas co Ministro de Agricultura, que se concretan en dous acordos principais: Expropia-lo Matadeiro de Porriño para cedelo ás catro Deputacións de Galicia pro indiviso; e crear unha Xunta Administrativa do Matadeiro integrada por representantes das catro Deputacións, Sindicatos Agrícolas e Asociacións Gandeiras de Galicia; ademais de outros.

Aparte da acción en orde ó gando porcino realizada pola Misión Biolóxica, e que tratamos no apartado adicado a este Centro, a acción do fomento gandeiro realizada directamente pola Deputación, increméntase a partires de 1955, e en 1956 inician o seu traballo para desenrola-lo programa tracexado, dous veterinarios, sendo aprobado en 1957 un Plan de Mellora do Gando Porcino, orientado a aumenta-los rendementos da cabana provincial, para o cal se adxudicaban ós gandeiros que o solicitaban parellas de porcos selectas das razas Large White e Branco Belga, coa obriga de destinalas a reproductores. Tamén se estableceron paradas de sementais en parroquias de diferentes Concellos. O resume de parellas de porcos selectos cedidas a gandeiros na xeira do 24 de xullo de 1957 ó 30 de maio de 1963, e os seu resultado é o seguinte:

— Machos sementais adxudicados ..	170
— Femias cubertas	27.731
— Crías melloradas nacidas	194.117
— Porcas nais adxudicadas	145
— Crías selectas obtidas	3.268

Paralela á de gando de porca, realízase unha campaña para mellora do gando vacuno, cun plan de actuación que comenza coa creación de centros primarios de inseminación, situados en diversos municipios, ó tempo que se establece o control leiteiro-manteigueiro do gando de raza rubia galega, e a Deputación toma ó seu cargo o libro xenealóxico de dita raza rubia, suministrando sementais ás paradas oficialmente recoñecidas.


Para poder desenvolver con maior amplitude este labor, e establecer convenios coa Dirección Xeral de Gandeiría, a Deputación adquire no 1963 a finca de Areeiro, cunha superficie de 50.780 metros cadrados, realizando na mesma as inversións necesarias para adecuala ós fins sinalados, continuando nela o Plan de Mellora do Gando Porcino, ata que o desenvolvemento do sector aconsella a súa reducción, limitándoa ó suministro de gando de raza pura a quen o solicite. Desde o 13 de xuño de 1963 ó 31 de decembro de 1984, o número de porcos nados e criados nas granxas da Deputación e vendidos foron: machos, 1869; femias, 1617. Ata 1973, na finca de Areeiro e, a partires do ano dito, tamén na finca Mouriscade, de 40 hectáreas, sita no termo municipal de Lalín, mercada pola Deputación nalgo máis de dez millóns de pesetas, na que se concentraron, despois de realizadas as obras necesarias, tódalas actividades de mellora do gando, incluídas a entrega de terneiras selectas preñadas das razas rubia galega e frisona con varias importacións realizadas directamente de Alemania, en datas recentes, sementais, reses para recría, etc.



Fato Selecto de "Rubia galega". Mouriscade.

Exemplar Semental "Rubia galega".





Barcas correndo un temporal nas Costas Galegas.
(Debuxo do natural por Balsa)

1.3

ACUICULTURA E PESCA

No canto da pesca en xeral e dos cultivos mariños, e se ben a mesma estivo sempre fóra do ámbito directo das competencias provincias, ó tratarse dun dos sectores máis importantes da economía da provincia, paréce-nos obrigado, resaltar uns cantos feitos, co-



Pesca da sardiña na Ría de Pontevedra.




mo R.D. de 15 de marzo de 1850, polo que se dictaron medidas para "evita-la decadencia da pesca da sardiña", reducindo as redes do xeito, no seu ancho, ó máximo de 200 mallas, e dispondo que as embarcacións de congrio non poderán levar, para facer camada, máis ca unha soa peza de rede de 110 varas de longo e ancho de 200 mallas, con decomiso das que excedan destas medidas; e establece a veda para a pesca da sardiña, do 15 de febreiro ó 15 de xuño; ou a declaración formulada en sesión de 6 de marzo de 1923, opoñéndose ó acordo de incautación da Lonxa de Marín.

Lago Castiñeiras en Figueirido.

A promoción da piscicultura determina que xa, en 27 de xuño de 1908, a Deputación de Pontevedra se ocupe da posible instalación dunha piscifactoría no río Lérez, como viveiro, para a provincia en primeiro término e para Galicia en xeral; e que en 12 de decembro de 1931, envíe ós seus técnicos a visita-las piscifactorías de Asturias e outras do Norte de España, co obxecto de estudia-lo establecemento dun laboratorio ictioxénico.

Na sesión do 30 de xuño de 1954, autorízase á Rexión de Pesca Continental para utiliza-lo lago de Figueirido ou Castiñeiras como estanque de reproductores "troitícolas"; e aténdese, a través de consignacións nos presupostos ordinarios da Deputación, á conservación e incremento do Par-



Piscifactoria de Carballedo.

que Zoolóxico de dito lago; adquirindo ademais, a partir de 1962, partidas de alevíns para repoboa-los ríos da provincia. Este labor tén a súa máis importante expresión na construcción da Piscifactoría de Carballedo, no lugar de Prado, Muíño Grande, da parroquia de Carballedo, municipio de Cotobade, nunha finca de 52 áreas, adquirida pola Deputación no 29 de abril de 1953, e que consta das instalacións adecuadas ó fin que se destina, con edificios para incubación, laboratorio biolóxico e oficinas, e que por contrato suscrito no 31 de xullo de 1962 foi cedido por cinco anos prorrogables ó Servicio Nacional de Pesca Fluvial e Caza.

En relación coa acuicultura, cabe reseñar que desde 1967 a Deputación vén interesándose polo seu desenvolvemento mediante

axudas económicas ó Patronato de Fomento Ostrícola da pranta piloto de Vilaxoán, para o cultivo de ostras. E no que se refire ó mexilón, a través dos convenios establecidos coa Federación de Productores Mexiloeiros de Galicia (FEPMEGA), para impulsa-la expansión e incremento do cultivo do mexilón, cunha aportación de dous millóns destinada á realización dunha campaña de publicidade no mercado nacional e internacional, que facilite a comercialización do mexilón. En canto á acuicultura en xeral, mediante consignacións presupostarias para o seu desenvolvemento, e a cooperación ó I Congreso Nacional celebrado en A Toxa do 8 ó 11 de outubro deste ano, con intervención de destacados especialistas nacionais e internacionais.

Por outra banda, e dentro do programa de axuda ó sector pesqueiro en xeral, os convenios coa Federación de Cofradías de Pescadores da provincia de Pontevedra, como o do 10 de agosto de 1982, para financia-las campañas de pesca e adquisición dun ordenador, por un importe de tres millóns de pesetas, sendo o seu obxectivo sufragar parcialmente os intereses dos préstamos de campaña que o creto social concede ós pescadores.

Industria do Mexilón. Ría de Vigo por Rande.



Colleitadora da Deputación en prestación de servicios.

1.4

AGRICULTURA

No presuposto ordinario da Deputación para 1848, figura xa unha partida de tres mil reais destinada á Xunta de Agricultura da provincia, que continuaría en presupostos sucesivos e coa mesma cuantía ata o do ano 1861, no que a Xunta referida se transforma, conforme ó Reglamento Orgánico de 14 de decembro de 1859, en Xunta Provincial de Agricultura, Industria e Comercio e, ademais dos tres mil reais sinalados, consígnanse outros sete mil para os soldos de dous ofi-



Viveiro de prantas de Kiwi en Areeiro.

ciais de dita Xunta. Aparte, en dito presuposto de 1861, figura unha partida de 40.000 reais "para adquisición do terreo con destino a unha granxa modelo para acreditar practicamente melloras no cultivo", que desaparece despois. No 20 de agosto de 1862, aproba as Bases do Plan de Fomento Agrícola, instituíndo, en relación co mesmo, un premio de 10.000 reais, centrándose en anos posteriores a acción da Deputación no aspecto referido na creación dunha Escola práctica de agricultura, que trataremos por separado. Ó igual que en defensa da gandería, dictáronse instruccións para a loita contra o lobo, en defensa da agricultura son notorias ó longo do século XIX; as referentes á extinción dos paxaros perxudiciais, das que tomamos como exemplo a Circular publicada no BOP do 27 de marzo de 1850, que reproduce outras anteriores, na que se excita o coidado dos Concellos da provincia, a fin de que adopten as correspondentes medidas para o exterminio dos paxaros perxudiciais, "en beneficio da agricultura".


En col da situación en que vivía o campo galego na segunda metade do século XIX, é significativa a Circular que o Gobernador de Pontevedra publica no BOP de 19 de marzo de 1874, en relación "ó repugnante e criminal comercio de embaucar e engañar ás clases traballadoras do campo e, especialmente, ós mozos, albergándoos con irrealizables e falsas esperanzas para que emigren a Ultramar, e amañando o flete ou gastos da viaxe como lles parece, a pagar co traballo no punto da chegada", deixando ós sinxelos emigrantes "indefinidamente nunha odiosa escravitude" polo que dicta medidas de vixilancia e control para evitalo.

En 13 de xuño de 1881, a Deputación adopta acordo interesando o establecemen-

to dunha Estación Agronómica na provincia, que executa o 3 de novembro formulando a conseguinte solicitude. Tamén revisten interés os acordos de 16 de febreiro e 20 e abril de 1877, sobre merca de millo nos Estados Unidos de América, para aclimatalo na nosa provincia. E dentro da recomendación da Constitución de Cádiz, de que as Deputacións protexesen os inventos e inventores non deixa de ser curioso o acordo adoptado pola nosa de Pontevedra no 18 de maio de 1875, de protexer a D. Rafael Bolaño, veciño de Dena, e inventor de varios productos alimenticios derivados da agricultura; e que xa en 4 de novembro de 1867, acordase apoiar para o melloramento da agricultura do noso país, a obra de D. Pedro Cea, titulada "Aplicación de maquinaria de los Estados Unidos".

Na sesión de 6 de novembro de 1878, a Deputación ocúpase da miseria que aflixe ós pobos da provincia pola perda total dalgunhas colleitas e escasez doutras, facendo especial referencia á praga que vén soportando a vide desde 1849, e que foi superada nalgúns aspectos, pero non en todos; para pasar a ocuparse desde a sesión do 10 de xaneiro de 1879, "das medidas a adoptar para combate-la praga da filoxera que afecta ós viñedos da provincia", e da que segue ocupándose repetidamente ata o 3 de novembro de 1891, na que aproba un estudio e medidas para a destrucción da filoxera, coa aprobación de contratos para o seu tratamento en 28 de xullo e 10 de novembro de 1893; e a publicación no BOP de 24 de agosto de dito ano, do repartimento formado para comba-

Cultivo "In vitro" de Kiwi en Areeiro.



tela, con expresión das hectáreas de viñedo de cada Concello, que eran en total 4.777, e as cantidades a satisfacer baixo o tipo dunha peseta por hectárea.

Tamén se ocupa na sesión de 18 de maio de 1893 da praga do mildeu e das medidas a adoptar para combatela. Anotar tamén, nesta orde, o acordo de 21 de marzo de 1906, *para merca de vidas americanas, e a instala*ción dun viveiro, dentro da loita contra a filoxera.

Considerando a importancia que as exposicións tiñan para o progreso da agricultura, a Deputación, impulsou a participación nelas, concurrindo á Exposición Nacional Agrícola de Madrid de 1857, *á Agrícula-Industrial de* Santiago de 1858, ó igual que á celebrada nesta cidade en 1875, e participando tamén na exposición vinícola de Madrid de 1877, entre outras. Ó ano seguinte, e en sesión de 5 de novembro de 1878, estudia a creación en Pontevedra dun xardín provincial, e no 17 de abril de 1905, subvenciona o sostenemento do campo de experimentación agrícola de Cangas.

Un feito importante, supón a instalación en Pontevedra da Misión Biolóxica, ás incidencias da cal e ó seu desenvolvemento, adicamos un apartado, e tamén a ratificación, en sesión de 24 de xaneiro de 1930 do acordo das catro Deputacións galegas sobre creación e sostenemento mancomunado de catro Centros de Investigación e Experimentación; a Estación de etnoloxía e viticultura en Ourense; a de selección de semente, praticultura, forraxes e tubérculos en Lugo; o Centro Fitopatolóxico na Coruña; e o Instituto de Investigacións Biolóxicas en Pontevedra, ó tempo que promove unha reunión




Cultivo experimental de tabaco en Areeiro.

en Madrid coa Xunta de Estudios Galegos, para coñece-la conveniencia de reunir nunha soa persoa a xefatura da organización agropecuaria das catro provincias galegas; e o ensaio ou impulso de novos cultivos ou recuperación doutros abandonados, como a concesión de subvencións no 28 de decembro de 1938 ós cultivadores de tabaco; a organización dun curso de conferencias sobre fruticultura no 5 de febreiro de 1938, e o impulso do cultivo do liño, con establecemento de cinco viveiros, en sesión de 18 de xaneiro de 1939; aprobando, na do primeiro de marzo do mesmo ano, unha moción da Presidencia sobre cultivo de liño na provincia, e tamén a concesión de novas subvencións para o cultivo do tabaco.

E non podemos deixar sen suliñar, pola relación directa que coa agricultura da provincia teñen, os acordos da Deputación sobre a redención dos foros, e entre eles o de 4 de febreiro de 1920, de proposta ás Cortes do estudio da Lei de Redención de Foros de Galicia, e o do 2 de agosto do mesmo ano, interesando que ó se abri-las Cortes, se someta a aprobación de inmediato dita Lei; insistindo no 6 de maio de 1922, cunha nova solicitude ós poderes públicos, para que se resolva de inmediato, mediante a aprobación dun proxecto adecuado, o problema dos foros de tanto interés para Galicia; reiterando esta solicitude no 2 de agosto de 1923, para no 20 de xaneiro de 1924, nomear unha Comisión de Foros, co obxecto de xestiona-la pronta resolución do problema.

Na actualidade, e como xa puxemos de manifesto ó referírmonos á gandeiría, nas dúas fincas da Deputación, Areeiro e



Cultivo experimental de grosello en Areeiro.

Mouriscade, estanse a desenrolar diversos programas agrícola-gandeiros, en especial na de Mouriscade, experiencias de cultivos forraxeiros e de cereais pienso, e na de Areeiro, de novos cultivos: aguacates, kiwi, frambuesa, grosello, prantas ornamentais e de flor e cultivos hortícolas, ademais dun intenso labor para conserva-las especies autóctonas de frutais de pepita, castiñeiros e mirabeis.


No 1981, créase a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dotándoa de laboratorio e material adecuado para o desenvolvemento do seu importante cometido de defende-los cultivos das enfermidades e pragas, asesorar ós agricultores sobre as mesmas e os medios para combatelas, e realizar un labor de divulgación sobre ditos aspectos, que inclúe a publicación dun boletín. Tamén en Areeiro, realízanse experiencias sobre multiplicación vexetativa, cultivos "in vitro", e estudio de virosis e bacterias nos cultivos máis importantes.

No que se refire á avicultura, en sesión de 28 de marzo de 1941, a Deputación acordou imprensa-la cartilla de divulgación avícola de Frai Eugenio Alonso, Mercedario do Convento de Poio, titulada "Gallinero modelo". No 5 de xullo do mesmo ano resolveu patrocinar unha semana Avícola en Pontevedra, que, organizada pola Deputación, se celebrou entre os días 28 de xullo e 2 de agosto de dito ano. Tamén en sesión de 5 de agosto de 1941, concedeu catro becas a outros tantos afiliados á Irmandade da Cidade e do Campo, para asistir a cursiños de avicultura.

En colaboración con ICONA, e dentro da finca de Mouriscade, nunha superficie de 13.858 metros cadrados, instalouse en 1977 a Granxa cinexética, na que se está desenrolando un programa de multiplicación de perdiz vermella para a súa posterior e regular solta no territorio da provincia, a fin de incrementa-la riqueza cinexética da mesma.

Nos dous últimos anos, e querendo obtelo maior rendemento posible das partidas sempre escasas que a Deputación pode destinar ó fomento agrícola gandeiro-forestal, concentrouse a acción, dados os grandes avantes que supoñen os medios e as novas técnicas de cultivo, en aproveita-lo antigo, ou recuperalo aplicando os modernos medios para o seu melloramento e rentabilidade, e introducir novos cultivos para desenrolalos con técnicas novas. Sobre esta base,

Variedades de froitos autóctonos.






Fomento e mellora de pequenos regadíos. Mos.

puxéronse en marcha os programas de desenvolvemento e mellora de pequenos regadíos, recuperando os elementos abandonados e en desuso coa utilización dos modernos materiais de condución e que, en 1984, supuxo unha aportación da Deputación ós 81 expedientes tramitados de 35.000.000 de pesetas; o de fomento do cultivo de cereais, que perante o déficit existente dos mesmos na provincia, pretende recupera-lo seu anterior cultivo nos montes que facilita a moderna maquinaria agrícola, e complétase coa prestación dos servicios de recolección pola colledoira propiedade da Deputación, e a aplicación dun seguro agrario para as colleitas, concertado coa mesma, sendo utilizada a colledoira en 1984 por 147 propietarios; o de axudas para o desenrolo da horticultura, mediante a instalación de invernadeiros que, en 1984, supuxo a instalación de 100.693 metros cadrados de invernadeiro, cunha aportación por parte da Deputación de 16.500.000 pesetas; o de comprobación dos equipos de ordeño e prevención de mamitis, que presta ós gandeiros da provincia o Servicio Agrario da Deputación, completado coa importación e venda a gandeiros de terneiras selectas da raza frisona, importadas de Alemania, sendo entregadas ata novembro de 1985, 620; o de implantación de céspede en terreos de xogo das instalacións deportivas, e de especies ornamentais, do que se beneficiaron, en 1984, nove Concellos, e o de fomento e mellora da comercialización agraria que atingue: construcción e acondicionamento de mercados gandeiros; construcción de novos matadeiros e adaptación dos existentes; promoción de feiras agrícolas; e mellora dos circuitos de comercialización; accións estas para as que se presupostaron, en 1984, un total de 67.024.916 pesetas.

Tamén se estableceu pola Deputación en 1984, un Convenio marco coa Xunta de Galicia, que comprende diversos programas destinados a fomentar e preserva-lo patrimonio agrario provincial, sendo a aportación da Deputación ó mesmo de 15.000.000 de pesetas.



Escola Agrícola da Caeira.

1.5

ESCOLA AGRICOLA

Neste tipo de ensino, a acción da Deputación é pioneira, xa que a Escola Agrícola, segundo se reflexa nas actas, é a primeira que se instala en España.


As propostas iniciais relativas á granxa-escola aparecen no ano 1860 co gallo da formación dos presupostos, ó formular unha tímida proposta para establecer unha "granxa modelo experimental agrícola e gandeira". É a partires de entón cando comenza a se perfila-lo camiño cara a futura Escola. En 1862, a Deputación aproba a concesión de dúas becas-pensións para a realización de estudios na Escola Práctica Agrícola de Grignon en Francia.


A circular expedida polo Ministerio de Fomento, no 18 de novembro de 1868, pola que se excita ós Gobernadores das provincias e ás Deputacións a establecer granxas-escolas, fai reaccionar de inmediato á nosa Deputación, que tan só sete días despois da data da circular nomea unha comisión para que estudie as posibilidades de instalación na provincia da granxa-escola.

Recorrido o terreo inicial, xurde a proposta da súa instalación en sesión de 15 de maio de 1872, aprobándose na sesión do día seguinte, pola noite.

Establécese entón un acordo de arrendamento dos lugares chamados do Bao e a Caeira que son propiedade do Sr. Riestra, formalizándose a escritura cun compromiso para tres anos e tres máis prorrogables.

Para asegura-los mellores resultados, xa dende o comenzo, proponse traer dous capataces de Francia pola súa coñecida experiencia neste terreo. Así o 1 de abril de 1873, tén lugar a apertura definitiva da Escola, poñéndose ó frente da mesma, como Director, D. Casimiro de la Viña.


ESCUELA PRÁCTICA
DE AGRICULTURA
DE LA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA.


JUNTA INSPECTORA
DE LA
ESCUELA PRÁCTICA DE AGRICULTURA
DE LA PROVINCIA
de
PONTEVEDRA.


JUNTA INSPECTORA
DE LA
Escuela Práctica de Agricultura
DE LA PROVINCIA
DE
PONTEVEDRA.



Pazo de Riestra na Caeira.

Moi pouco duraría o seu primeiro Director, que pide o seu cese, fundamentándoo en que non existe un agricultor para as clases prácticas.

Coa aprobación inmediata do regulamento, regúlase a Escola, á que se asigna como obxecto fundamental o ensino teórico práctico, e a programación dos adiantos da agricultura en tódolos seus ramos.

O control da Escola levábao a Xunta Inspectora da mesma, formada por cinco persoas nomeadas directamente pola Deputación. O Director da Escola podía asistir ás reunións da Xunta, pero non tiña voz nin voto.

A Xunta controlaba a organización administrativa, económica, o persoal e o alumnado. A parte técnica facultativa era competencia do Director, baixo a dependencia da Deputación.

As ensinanzas a impartiren foron de dous tipos: a) Teóricas, impartidas polo Director da Escola, cargo que se asignaba ó catedrático do Instituto da materia correspondente. b) Prácticas, que estaba a cargo dos capataces da Escola. Os dous tipos de ensino versaban sobre materias de cultivo e gandería.

O alumnado era escollido entre mozos comprendidos entre as idade de 18 a 25

anos. A selección realizábase elexindo ún por cada ún dos once partidos xudiciais existentes na provincia, podendo asisti-los alumnos que o desexasen, correndo cos seus gastos. Os elexidos de cada partido xudicial integrábanse na Escola con carácter de pensionados por conta da administración provincial, e por unha xeira de tres anos que, a partires de 1878, se ampliou a catro anos.

Os alumnos asistentes á Escola permanecían nela en réxime de internado, o control do cal estaba a cargo dos dous capataces.

A pesar de que a Escola non obtivo os resultados desexados, podémoslle apuntar algúns éxitos.

No ano 1875, edítase o Catálogo de Flores e Prantas que estaban á venda na Granxa. Este mesmo ano asiste, cunha ampla presencia, á Exposición Rexional de Santiago de Compostela organizada pola Sociedade Económica de Amigos do País de dita cidade. Na citada exposición obtén a medalla de ouro; medalla que trouxo as súas dificultades xa que, ó parecer, despois de concedida quíxoselle retirar, actitude que a Deputación acolleu de mal grado polo que nun comenzo acordou non ir recollela, aínda que posteriormente o fixese. Ademais da primeirísima medalla, obtería na exposición rexional de Santiago oito medallas de prata e algunhas outras de cobre.

Aínda discutida, a súa actividade extendíase ó deseño de xardíns e explotacións privadas dentro da provincia. Tamén como experiencia destacable, cabe menciona-la instalación dun invernadeiro-estofa na Escola no ano 1878. Neste mesmo ano asistirá á exposición rexional da cidade de Lugo, onde obtén novos éxitos coa concesión dalgunhas medallas e un diploma.

Con motivo da Exposición Rexional, esta vez na propia capital de Pontevedra, en 1880, instálase xunto ó pazo municipal un excelente xardín aclimatado, polo que obtén abondosas felicitacións. No ano seguinte á Exposición logra a aprobación da Deputación para a edición do "Catálogo de máquinas, sementes, prantas, flores e arbustos", do que se fai unha tiraxe de 4.000 exemplares.

Tamén é destacable a experiencia de 1883, consistente nun ensaio do cultivo da remolacha para utilizalo nunha dobre función, como mantenza para o gando e procesándoo para a extracción do alcohol, para o cal é adquirida en París a maquinaria necesaria e os alambiques.

A Escola Agrícola Provincial permanecería durante a súa curta vida ubicada na finca e pazo de A Caeira, aínda que as condicións, tanto da edificación como da finca, non fosen as ideais, nin tan siquera as máis adecuadas. Por iso, xa nas discusións que se producen no ano 1877 en orde á reforma do regulamento, pensouse no traslado da Escola a outro lugar, argumentando para iso que a granxa tiña unhas calidades de terra non idóneas, e que o edificio do internado, polas súas deficiencias, ocasionaba moitos gastos á Deputación.

A dirección da Escola nos seus primeiros tempos estivo a cargo, como xa dixemos antes, de D. Casimiro de la Viña, ó que debeu

sustituir con carácter eventual D. Severiano González Regueral, quen foi confirmado no seu posto en novembro de 1877, desempeñándoo ata xaneiro de 1883, no que cesou, sustituíndoo D. Francisco Alcarrad que exerce como Director da Escola desde abril de 1883 ata outubro de 1885, data en que cesa para ser ocupada novamente a dirección por D. Severiano González Regueral, que se manterá nela ata a desaparición da Escola.

O resto do persoal da Escola Agrícola Provincial reducíase a dous capataces e, eventualmente, algún xornaleiro. Os medios económicos eran integramente proporcionados pola Deputación . Foi precisamente a carga presupostaria que o seu sostenemento orixinaba, a que deu ó traste co centro, xa que na formación dos presupostos de 1886 é tomada a decisión de suprimila, xuntamente coa Escola de Artes e Oficios, e iso foi así, a pesar da suspensión do acordo da Deputación polo Gobernador Civil, contra o cal interpuxo recurso a Deputación, que levou á definitiva clausura do centro, ó se publica-la R.O. de 2 de xuño de 1886, que considerou como válidos os acordos da Deputación, que foran suspendidos polo Gobernador.

A supresión da Escola produciu, na sesión da Deputación, comentarios explicativos e xustificativos, aínda que non considerasen que estaban facultados para iso, e o facían "... como se tivese suprimido unha escola de tauromaquia, se tivese o mal acordo de creala". Non obstante, ademais do necesario recorte presupostario, aducían que a Escola foi un absoluto fracaso, porque a granxa utilizada era de moi baixa calidade, o edificio-albergue estaba nun estado ruinoso, o ensino teórico era case inexistente, e a práctica reducíase a considerar ós alumnos como xornaleiros, e que ademais algúns ensaios que requeriron a adquisición de maquinaria, en uvas e manteiga, foran un fracaso e houbo que abandonalos.

O Gobernador Civil da provincia non cesou, sen embargo, na súa teima de contar cunha Escola Agrícola e, ó ano seguinte, na sesión da Deputación de 27 de decembro de 1887, pide a nova instalación dunha granxa-escola experimental, a creación da cal autorizaba o Decreto de 9 de decembro de dito ano, que se discutirá na reunión extraordinaria convocada para o 8 de xaneiro de 1888, na que, definitivamente, a Deputación rexeita a petición da nova creación e acorda que, en todo caso, se interese a súa creación polo Ministerio de Fomento, e que a Deputación, de ser creada, prestaría o seu apoio.

Unha última intentona prodúcese en 1913, sendo a proposta novamente rexeitada co argumento de que o sostenemento destas escolas corresponde ó Estado e non ás Deputacións. A pesar disto, e xa neste século, impulsará e apoiará económicamente iniciativas tan importantes nas ordes agrícola-gandeira-forestal como a Misión Biolóxica e o Centro de Lourizán, impedindo a desaparición do primeiro, e facendo posible a creación do segundo como se pon de releve nos apartados que adicamos a cada un deles.

1.6

BANCO DE EMPRESTIMOS OS AGRICULTORES

O atraso na modernización das explotacións agrarias galegas, unido ó seu minifundismo que non permite a acumulación excedente de capital algún, tradúcese unha agudización das crises agrarias de subsistencia, tan típicas do Antigo Réxime, e que perduran no campo galego. Esta situación mantiña con certa preocupación ós Gobernantes, preocupación que se manifestaba cando facía presencia a miseria asoladora. A dura crise de 1853 que afectou especialmente a Pontevedra, como se reflexa no acta de sesión de 13 de abril deste mesmo ano "triste e desconsolador é sen dúbida o cadro que presenta o territorio galego e con especialidade a provincia de Pontevedra, aflixida coa falla case absoluta da última colleita e, o que é peor, aínda coa perspectiva de experimentar igual desgracia na próxima... a miseria pública é de tan alta afección que non quedan siquera grans para sementa-los terreos... moitas familias de infelices labregos arruínanse para non se impor en moitos anos, como lles sucedería se os deixasen abandonados á súa desgraciada sorte e na

NUMERO 12. LUNES 28 DE ENERO. AÑO DE 1856.

BOLETIN OFICIAL

PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Este Boletin se publica los lunes, miércoles y viernes. Cuesta al mes por suscricion SEIS reales, DOS mas barato que de costumbre: fuera de Pontevedra, el trimestre VEINTE Y CUATRO rs., NUEVE menos que antiguamente. Los anuncios se insertan á precios sumamente económicos. Los números sueltos se venden á CUATRO cuartos. La correspondencia vendrá franca de porte. Se admiten suscriciones y encargos para toda clase de impresiones, que se harán á precios módicos, en la Administracion, calle de la Palma, núm. 1. La oficina está abierta desde las 9 hasta las 4 de la tarde.

ARTICULOS DE OFICIO

GOBIERNO DE LA PROVINCIA.

Acta de aprobacion de las bases acordadas por la reunion popular que tuvo efecto el dia 4 de Enero de 1856, para la creacion de un Banco de préstamos en favor de los pequeños agricultores de la provincia.

Una de las necesidades que todos reconocen como mas peréntorias en Galicia es la de prestar ausilios á la clase agrícola á que pertenece la gran mayoría de sus habitantes. La viciosa constitucion de la propiedad en este pais y otras causas permanentes de todos bien conocidas, junto con las calamidades qué recientemente han afligido á Galicia, constituyen especialmente á la clase de pequeños labradores en un estado de apuros ó indigencia, para salir de los cuales tienen qué caer en manos de logreros, que vilmente especulan con la miseria, haciendo pagar á aquellos un interés de 50, 60 ó mas por 100. Todos sabemos tambien que este es uno de los males que mas se hacen sentir en nuestro país y que por lo mismo es mas urgente remediar.

Movida de éstas consideraciones la Junta provincial de Beneficencia ha creido mas conveniente dedicar los 120000 reales recibidos de la Congregacion del Apostol Santiago, á la creacion de un Banco destinado á remediar las urgentes necesidades de nuestros labradores, arrancándolos á las garras de la usura, que á limosnas que solo momentáneamente y en muy pequeña parte podrian servirles de ausilio. El Sr. Gobernador civil, bien penetrado de la utilidad de este pensamiento, ha destinado á tan filantrópico objeto alguna cantidad de que podia disponer, y queriendo darle mayor ensanche, provocó una reunion que tuvo lugar en el dia 30 de diciembre procsimo pasado, compuesta de los mayores contribuyentes y otras personas ilustradas vecinos de esta ciudad. Todos unánimes aceptaron desde luego esta idea como beneficiosa, y se nombró una comision, para que redactase las bases con arreglo á las cuales, hubiese de plantearse inmediatamente tan útil establecimiento para la cual fueron eligidos los Sres. D. José Urrutia y Caballero, D. [illegible] Sancho y D. José Maria Lopez, como y D. Cárlos Somoza, como vocales y representantes de la Junta provincial de Beneficencia.

Apesar de ser árdua la tarea que á estos Sres. se habia impuesto por ser nuevos entre nosotros estos establecimientos y no haber por lo mismo precedentes á que tenerse, trabajando sin embargo con el mayor celo é inspirados de los mejores deseos han presentado redactadas en pocos dias las bases que se les habian encomendado. El Sr. Gobernador civil no demoró tampoco reunir de nuevo á los sugetos ya anteriormente llamados con objeto de someter á su aprobacion el trabajo confiado por ellos á los sujetos arriba mencionados. Dicha reunion tuvo en efecto lugar, segun aparece de la siguiente:

Acta de la reunion celebrada el dia 4 de enero de 1856 para la creacion de un Banco de préstamos en esta provincia.

Reunidos en la noche del indicado dia por invitacion del Sr. Gobernador civil y en su despacho los vecinos de Pontevedra y mayores contribuyentes que suscriben, la comision nombrada en otra reunion anterior y compuesta de los Sres. D. José Urrutia y Caballero, D. José Maria Lopez, y D. Ramon Sancho, vecinos contribuyentes, y D. Andres Maria Solla, presbítero, y D. Cárlos Somoza, vocales y representantes, de la Junta provincial de Beneficencia, procedió á la lectura de las bases redactadas por ella para la constitucion de un Banco de préstamos, segun se habia acordado en la última reunion, despues de una detenida deliberacion han quedado definitivamente aprobadas las bases en la forma siguiente:

Bases con arreglo á las cuales ha de crearse un *Banco de prestamos* en esta provincia.

Base 1.ª Bajo los auspicios del Sr. Gobernador civil de esta provincia, de acuerdo con la Junta provincial de Beneficencia, Diputacion provincial y mayores contribuyentes, se crea en Pontevedra un *Banco de préstamos en beneficio de los pequeños agricultores de la provincia.*

Base 2.ª El capital del mismo se compondrá de 140,000 rs. destinados á este objeto por la Junta [illegible] Gobernador civil, y ade-

necesidade de se entregar nas mans dos especuladores...'' que no mellor dos casos lles cobrarían entre un 50 e un 60% de interés polos seus cretos.

Esta acuciante necesitade de creto para o campo, xunto á coxuntura favorable producida polos efectos desamortizadores, que proporcionaba ós Concellos un pequeno capital, procedente da redención dos censos e foros das cofradías, irmandades, fundacións... fixo que estes organismos solicitasen a creación de Bancos Agrícolas.

O de Pontevedra parte dunha iniciativa do Gobernador, que solicitaría á Deputación o seu dictame, en col da conveniencia de establecelo con fondos existentes nas mans da Xunta Provincial de Beneficencia, que recibira da congregación de Santiago Apóstolo, 120.000 reais, proposta que obtería o total apoio da Deputación, dado no transcurso da mesma sesión do 26 de novembro de 1854.

Pero haberá que agardar aínda un ano para que se establezan as bases da creación do ''Banco Provincial de Préstamos'' de Pontevedra ou ''Banco Agrícola'', como tamén será denominado, dilación que é posible estea relacionada coa agardada promulgación das Leis de Bancos de Emisión e Sociedades de Creto de 1856. Tras elas, aparecen en Galicia, diversas entidades bancarias e de creto en Santiago, A Coruña e Vigo. Volvendo ás bases da súa creación foron aprobadas éstas, en reunión celebrada no despacho do gobernador civil o 4 de xaneiro de 1856 e publicadas no BOP de 28 do mesmo mes. Na primeira delas dicíase que ''baixo os auspicios do Sr. Gobernador Civil desta provincia, dacordo coa Xunta Provincial de Beneficencia, Deputación Provincial e maiores contribuintes, créase en Pontevedra un Banco de Préstamos en beneficio dos pequenos agricultores da provincia''.

O Banco iníciase cun capital de 140.000 reais destinados a este obxecto pola Xunta Provincial de Beneficencia e Gobernador Civil, e ademais das cantidades que a tal efecto destinaba a Deputación Provincial, que habilita un fondo de 80.000 reais con cargo ó artículo de camiños veciñais e capítulo de obras públicas do presuposto provincial; segundo consta no acordo de 26 de xaneiro de 1856. Sumaríase a todo isto o ''producto das suscripcións voluntarias, ó fin do cal se excitaba por toda medida posible a filantropía das persoas acomodadas da provincia''.

Segundo establecen a súas bases fundacionais, créase para proporcionar diñeiro barato ó indixente e mísero campesiño, facilitándolle préstamos ''dende o minimum de 100 reais ata o máximo de 500 que se poderá ampliar ata 1000'' cun ''interés anual do 5%''. O prazo dun ano será tamén ampliable en casos especiais; ademais tencionaráse que os prazos dos reintegros dos empréstamos coincidan coa época da colleita, e a concesión dos mesmos coa da sementa preferentemente. A solicitude de empréstamo debía ser acompañada dun informe do cura párroco e do mairdomo pedáneo, co visto bon do Alcalde e o selo do Concello.

O Regulamento do Banco publícase no BOP de 9 de abril de dito ano 1856 e nel desenvólvense as bases xa ditas sinalándose, en canto ó que ó Goberno e administración

del mesmo se refire, que "o Banco está baixo a dirección dunha Xunta de Goberno composta do Sr. Gobernador Civil, Presidente, dun Deputado Provincial, dun Vocal da Xunta Provincial de Beneficencia, doutro da de Agricultura, e de tres cidadanos elexidos entre os maiores contribuíntes". Contémplase ademais a creación "en cada unha das cabezas de partido e poboacións de importancia da provincia" dunhas Xuntas Auxiliares da de Goberno do Banco, aínda que se sinala que "Interín o estado dos fondos non o faga necesario, suspéndese a acción das Xuntas Auxiliares, limitándose por agora o nomeamento de Comisionados que desempeñarán as funcións de aquelas".

Cara ó ano 1869, isto é, trece anos despois da súa creación, parece que o volume do Banco era xa suficiente para que se producisen propostas descentralizadoras, orientadas no senso contemplado no Regulamento do Banco do ano 1856, aínda que con lixeiras variacións, como a que, en sesión de 27 de xuño de 1869, presenta o Deputado por Vigo, na que se pide como punto de partida para a reorganización do mesmo "cese... nas súas funcións o Banco Agrícola de Préstamos integrandoo en Depositaría da Deputación na Sección de Contabilidade da mesma, que se organice con sucursais en tódolos partidos distribuíndose nestes o seu capital por partes iguais, que se establezan Xuntas en tódolos partidos, compostas, a da capital, do Deputado Provincial pola mesma, Presidente, dun individuo da Xunta de Agricultura, Industria e Comercio, do Alcalde popular, do Oficial encargado da Contabilidade e do Depositario de Fondos Provinciais, e a dos partidos, do Deputado Provincial, Presidente, do Alcalde popular, do Depositario do Concello e dun veciño elexido pola Deputación ó cargo do cal estará a distribución dos fondos... que as Xuntas de Partido rindan contas á da capital que, tras examinalas, presentará á aprobación da Deputación e publicará no Boletín e que ditas Xuntas se suxeiten por agora ó Regulamento actual do Banco no respectivo ás condicións e forma dos préstamos; e por último, que a Deputación dote anualmente as cantidades que lle sexa posible para aumenta-lo capital do Banco".

A moción será aprobada e incluirase no presuposto do exercicio seguinte a cantidade de 9.000 reais con destino ó aumento do capital do Banco.

Esta proposta será contestada pola Xunta do Banco que lle recorda á Deputación que o seu dereito é igual ó doutro accionista. Na mesma sesión de 28 de xullo a Corporación dispón desenrla-lo antedito, urxindo ó Gobernador" a que no termino de tres dias se leve a cabo o disposto pola Corporación...". A descentralización favorecía indudablemente o achegamento do creto ó campesiño destinatario do mesmo.

As contas do Banco, que en cumprimento do disposto no seu Regulamento, publicaban cada trimestre a entrada e saida de caudais, amosanno-lo desenvolvemento do mesmo. En 1878, tiña vixentes 800 préstamos concedidos a outros tantos agricultores, por un importe de 63.500 pesetas, unidade monetaria que, dende 1870 terá sustituido ó real vellón. Os 500 agricultores bene-

DEPÓSITO DEL BANCO PROVINCIAL

DE PRÉSTAMOS A LOS AGRICULTORES.

CUENTA DEL PRIMER TRIMESTRE

DE 1885.

El Depositario ha, con la Junta de Gobierno del Banco por los ingresos y pagos verificados en dicho trimestre, tanto metálico como en papel, y existencias que resultan para el siguiente.

DEBE	METÁLICO — Ptas. Cts.	PAGARÉS — Ptas. Cts.	TOTAL — Ptas. Cts.
Saldo a favor del Banco en fin del trimestre anterior.....	7.892'93	66.375	74.267'93
Recibido en el presente de 181 agricultores por capital é intereses, segun libro de entrada y relacion núm. 1.ª justificada con los cargarémes originales.....	18.139'25	»	18.139'25
Idem de 170 idem en pagarés cedidos por las cantidades que se les facilitaron y constan de la relacion núm. 2.ª.....	»	15.775	15'775
	20.032'18	82.150	108.182'18

HABER	METÁLICO — Ptas. Cts.	PAGARÉS — Ptas. Cts.	TOTAL — Ptas. Cts.
Entregado á 170 agricultores segun libro de salida y relacion núm. 2.ª, justificada con los respectivos libramientos y pagarés.....	15.775	»	15.775
Pagarés realizados por 181 agricultores en equivalencia del capital reintegrado segun aparece de la relacion núm. 1.ª y los cuales les han sido devueltos.....	»	17.150	17.150
Gastos de administracion segun se detallan en la mencionada relacion núm. 2.ª,	544'16		544'16
	16.319'16	17.150	33.469'16
RESÚMEN			
DEBE.....	20.032'18	82.150	108.182'18
HABER.....	16.319'16	17.150	33.469'16
Existencias para el siguiente trimestre.....	3.718'02	65.000	74.718'02

El metálico que representan las existencias en pagarés se halla distribuido entre el número de agricultores y las cantidades que á continuacion se expresan:

				Pesetas
En	119 agricultores con	50	pesetas cada uno	5.950
»	145 »	» 75	idem	10.875
»	138 »	» 100	idem	13.800
»	147 »	» 125	idem	18.375
»	17 »	» 150	idem	2.550
»	21 »	» 200	idem	4.200
»	37 »	» 250	idem	9.250
	624			65.000

Pontevedra 31 de Marzo de 1885.—El Depositario, José Zavala.—Conforme: el Vocal Secretario Contador, Antonio Loimil.

En sesion de hoy 22 de Mayo de 1885 fué aprobada esta cuenta por la Junta de gobierno, previo dictámen de la Comision de contabilidad, acordando su insercion en el *Boletin oficial*, conforme á lo dispuesto en el art. 52 del reglamento del Banco.—El Presidente accidental, Florentin Losada.—El Vocal Secretario Contador, Antonio Loimil.

ficiados residían en nove partidos xudiciais da provincia; de Vigo e Tui, non figuraba ningún, sendo a maioría do de A Estrada, 234, e Pontecaldelas, con 118, mentres de Ponteareas e Redondela só figuraban dous. No terceiro trimestre de 1885, o número de empréstimos en vigor concedidos a outros tantos agricultores era de 616, en cuantías que oscilaban de 50 a 250 pesetas cada un e que sumaban en total 63.650 pesetas. Dende este momento e ata 1920, as novas sobre a marcha do Banco Agrícola dispoñemos son escasas e nos chegan unicamente a través do nomeamento de Vocais que anualmente realiza a Deputación para a súa Xunta de Goberno.



Acceso ó Pazo de Salcedo.
Misión Biolóxica.

1.7

MISION BIOLOXICA DE GALICIA

Está instalada nunha finca propiedade da Excma. Deputación Provincial, cedida na actualidade ó Consello Superior de Investigacións Científicas, cunha extensión conxunta das dúas fincas que a compoñen, Granxa de Salcedo e Vilar de Mato ou Boreira, quince hectáreas, dez áreas e corenta e cinco centiáreas, situada na parroquia de Salcedo, termino municipal de Pontevedra, a dereita da estrada de Pontevedra a Vigo, con Pazo, Ca-

pela, edificio auxiliar, horreo, pombal, estanque, ceador, etc.

No 1921 créase a Misión Biolóxica de Galicia, dentro do recinto da Escola de Veterinaria en Santiago de Compostela, dependente da Xunta para Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas, sendo designado Directoor D. Cruz Gallástegui Unamuno.

A Misión Biolóxica de Galicia, funciona dentro da Escola de Veterinaria ata que, en 1926, se pecha a mesma por cesión do local ó ramo de guerra, aínda que a Escola deixara de existir en 1924 e, polo tanto, a Misión Biolóxica non dispón de lugar de instalación. O Patronato procura entón o apoio das Deputacións galegas e a de Pontevedra, coa axuda, de comenzo, da de Ourense, solicita da Xunta para Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas, o establecemento da Misión Biolóxica en Pontevedra. Acéptase o ofrecemento e a comenzos de febreiro de 1927 a Misión Biolóxica de Galicia efectúa a súa instalación provisional no Pazo Provincial de Pontevedra e na finca "A Tablada" de Campolongo. Un ano despois, en 1928, a Deputación adquire o Pazo e a finca de Gandarón (Granxa de Salcedo), para instalar nela a Misión Biolóxica que segue dirixindo Cruz Gallástegui.

Con relación a esta instalación e a posterior cesión da Finca, resulta ilustrativa a sesión do Pleno da Deputación de 29 de decembro de 1930, na que se aprobaba o presuposto do Organismo Provincial para o ano 1931. Dáse conta na mesma dunha Moción

Fato de cursillistas dos anos cuarenta na Misión Biolóxica.





Canastro do Pazo de Salcedo dos máis grandes de Galicia.

do Deputado Sr. patiño Muñóz na que propón que a partida destinada a sostenemento da Granxa de Salcedo se aplique á reparación extraordinaria dos edificios da Granxa ou a amortización do préstamo concertado para a súa adquisición, coa Caixa de Aforros de Vigo e que, nas condicións que expresa, se ceda a Finca de Salcedo á Misión Biolóxica de Galicia, por entender que a Misión debe continuar en Salcedo porque ''o traslado de dita Institución da indicada finca non procede nin técnica nin económica nin socialmente, aludindo ás campañas de prensa que formulaban cargos á Corporación, supóndolle propósitos de deshauciar a Misión cando está fora dos desexos de tódolos Srs. Deputados''.

Da Intervención do Sr. Patiño Muñoz e doutros corporativos na referida sesión, dedúcese que a Misión Biolóxica pasou a ocupa-la finca de Salcedo cando esta foi adquirida pola Deputación, pero que a formalización da cesión da mesma non se produce, como veremos logo, ata o ano 1931. Na sesión de 29 de decembro de 1930, unha minoría de Deputados entre os que se encontra o Presidente, Sr. Casas Medrano, cuestiona e mostra certo desagrado por unhas declaracións do Sr. Gallástegui, Director da Misión. O Sr. Casas explica que, cando saíu a Misión Biolóxica de Santiago, se instalou en Pontevedra arrendando a Deputación a Finca de A Tablada, e que recibía subvencións das Deputacións de Ourense e Pontevedra, xa que as da Coruña e Lugo non contribuíron; ó adquiri-la Deputación a Granxa de Salcedo, entregouse á Misión Biolóxica por orde verbal do Sr. Presidente e ''realizáronse moitas obras con grande desconcerto, dirixidas polo Director, sen títulos para iso''; referíndose a campaña de prensa na que ''se lle quere pór en contra da Misión Biolóxica e non haberá ninguén, di, que poida aportar un dato que demostre este desexo''. O Sr. Casas considera despois que non existe unha correspondencia por parte da Misión, á que lle foi concedido todo o que solicitaron, chegando a prescindir da Deputa-

ción nos Sindicatos para a reproducción de sementes.

Por outra banda, outro Deputado, o Sr. Casal, recorda que a Granxa de Salcedo foi ofrecida pola Comisión Provincial á Dirección Xeral de Emigración para instalar nela unha Escola Profisional de Traballo, con preferencia de Agricultores, e de reeducación de mutilados do campo. Finalmente, e por maioría, é aprobada a proposta do Sr. Patiño pola que se cede a Granxa de Salcedo á Misión Biolóxica por cinco anos, con carácter gratuito e determinadas condicións, entre elas que, cando a Misión Biolóxica implante o réxime de obreiros becarios para formación de Capataces Agrícolas, reservará a metade das prazas asignadas a labregos naturais desta Provincia; conservando a Deputación a facultade de inspecciona-la finca e interesando a concesión dun posto no Patronato Local da Misión Biolóxica.

Na sesión de 5 de marzo de 1931, dáse conta do escrito da Xunta para Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas, participando a constitución do Patronato Local da Misión Biolóxica de Galicia, que preside o Rector da Universidade D. Alejandro Rodríguez Cadarso e do que forman parte, ademais do Director da Misión, un representante de cada unha das Deputacións Provinciais Galegas "que cooperen á obra da Misión". Como representante da Deputación de Pontevedra en dito Patronato, desígnase o seu Presidente Sr. Casas Medrano. Na sesión do 27 do mesmo mes de marzo, fícanse enteirados da entrega o día 22 do mesmo mes da Granxa de Salcedo á Misión Biolóxica, e como nesta primeira entrega non se fixo referencia ás dúas parcelas situadas fóra da finca "Cabanas" e "Borreira", inmediatas á Granxa pero situadas fóra do peche da mesma, acórdase que se encargue de tales parcelas a Xunta do Patronato da Misión. En sesión de 30 de abril de 1931, despois do cambio de Réxime, desígnase vocal da Xunta do Patronato en representación da Deputación, ó Presidente da súa Comisión Xestora D. Bibiano Fernández-Osorio Tafall. Despois de varias prórrogas da cesión primitiva a Finca de Salcedo foi cedida pola Deputación, e por prazo de cincuenta anos, ó Consello Superior de Investigacións Científicas, en sete de decembro de 1951.

No 1940, ó se crea-lo Consello Superior de Investigacións Científicas, a Misión Biolóxica pasou a depender de dito Organismo, integrándose no Patronato "Alonso de Herrera" que desapareceu posteriormente, sendo na actualidade a Misión Biolóxica de Galicia un dos quince Institutos do C.S.I.C., adicado á investigación no eido das ciencias agrarias e da terra, dependendo directamente de dito Organismo.

Non é este lugar para falar do labor da Misión Biolóxica de Galicia e da importancia que esta revestiu para a agricultura galega, remitindo ós interesados polo tema ó libro "Homenaxe a Cruz Gallástegui Unamuno", editado neste mesmo ano pola Excma. Deputación Provincial, podéndose distinguir tres períodos. O primeiro desde a súa fundación ata 1949, no que a Misión investiga e fomenta o cultivo do millo híbrido, instala a piara, inicia os traballos de selección de gando vacuno, crea o Sindicato de Sementes e selecciona variedades de patacas.

De 1949 a 1961, que comprende o segundo período, créanse as seccións de Fisioloxía Vexetal e Química Agrícola, que realizan estudios sobre pratenses, sustancias reguladoras do crecemento, reproducción vexetativa do castiñeiro e enraigamento do castiñeiro, vernalización do millo, fertilidade dos solos, etc. ampliando tamén as suas liñas de investigación, as seccións de mellora vexetal, citoxenética e xenética animal. O terceiro período, dende 1961 ata hoxe, mantén as liñas tradicionais de xenética e impulsa ou abre outras áreas de investigación, co gallo da incorporación de novos becarios, sendo os traballos máis importantes desenrolados, a selección no millo cara a sequía, o estudio da afinidade química entre viníferas selectas e diversos patróns, para evolución do contido en estróxenos en diferentes pratenses, a fertilidade de solos e a súa cartografía a nivel provincial, etc., realizando tamén melloras importantes na estructura do Centro, como a inauguración do edificio de laboratorios, a ampliación de cochiqueiras e a instalación do rego de aspersión con estanque regulador.

Fachada do Pazo de Salcedo.





Fachada Principal
do Pazo de Lourizán

1.

CENTRO FORESTAL DE LOURIZAN

Este Centro, aínda non dependendo directamente da Deputación Provincial que, por outra banda, está representada no seu Patronato, ten as súas instalacións nunha finca propiedade da entidade provincial, que foi cedida no 3 de novembro de 1943 ó Centro Rexional de Ensinanzas, Investigacións e Experiencias Forestais (CREIEF), por un prazo de vinte anos, prorrogado despois por acordo da Deputación de 25 de setembro

de 1952 ata o 29 de maio do ano 2003, data na que finaliza igualmente a cesión que en 30 de maio de 1975 se fixo ó Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA) de 35 hectáreas, segregadas das que integraban a totalidade da finca inicialmente cedida ó CREIEF.

A finca de Lourizán foi mercada a través de escritura pública pola Escma. Deputación Provincial o 8 de outubro de 1943, e por un importe de 1.904.139 pesetas, estando situada a uns 3 km. de Pontevedra na marxe esquerda da estrada de Pontevedra a Cangas. Tén unha superficie de 50 hectáreas e dentro dela encóntrase o Pazo e edificacións anexas, que ocupan unha superficie en planta de 1.147 m^2, a Escola de Capataces, edificio de laboratorios e dirección, lavadeiros, fonte-lavadeiro, almacén, talleres, pombal hórreo e outras edificacións máis.

Esta finca, os nomes anteriores da cal foron "A Serra" e "A Granxa", pertenceu hai máis de dous séculos ó Marqués de Castelar e de la Sierra e, tras varios cambios de propietario, foi adquirida no último tercio do século XIX por D. Eugenio Montero Ríos, destacado político galego que, ademais de Ministro en varias ocasións, foi Presidente do Senado e do Goberno. A finca de Lourizán, cando a adquiriu Montero Rios, tiña unha superficie de 30 hectáreas que, con diversas adquisicións posteriores, se ampliou ata as 50 actuais, realizando nela unha grande trasformación, adicando unha parte a viñedo e o resto a plantacións ornamentais, introducindo ou extendendo especies raras ou non coñecidas no país: ciprestes, araucarias, criptomerias, fentos arbóreos, cedros, magnolias, camelias, plátanos, eucaliptus, liquidambar, aligustres; contratando a especialistas franceses en xardinería, sendo francés o Arquitecto que construíu o Pacio, que se comenzou a edificar cara 1880, sobre restos dun pazo do século XV, e foi rematado nos últimos anos do XIX.

A través dos libros de actas, podemos determinar con toda exactitude as etapas que levaron á adquisición da finca de Lourizán, e cales eran os obxectivos que se pretendían cubrir con esta adquisición. Na sesión do 6 de xuño de 1942, acórdase inicia-la tramitación dun presuposto extraordinario de dous millóns de pesetas "para adquirir unha finca que contivese algunha edificación e terreos de explotación agrícola, forestal e gandeira co obxecto de destinala exclusivamente ó Fogar Provincial que se denominaría "José Antonio Primo de Rivera", e para que os acollidos se iniciasen na devoción e ensino das fainas do campo, xa que os terreos adquiridos para este obxeto, no lugar de A Seca, non se consideran apropiados porque van ser atravesados pola vía do ferrocarril".

Pero na sesión seguinte, extraordinaria, do 13 de xuño de 1942, modificouse o anterior acordo, en canto ó destino da finca ó dispoñer que "non sexa adicada exclusivamente a Fogar Provincial, senón que poidan tamén instalarse nela institucións de fomento e instrucción". Na sesión de 3 de agosto apróbase o presuposto extraordinario, con operación de creto que máis tarde se concertaría co Banco de Creto Local de España, e por un importe sinalado inicialmente



Escola de Capataces en Lourizán.

de dous millóns de pesetas. Agora ben, no seguinte mes de setembro, na sesión de día 26, o Presidente dá conta á Xestora da próxima chegada a Pontevedra do Director da Escola Forestal de Investigacións e Experiencias, co fin de estudia-la posibilidade de chegar a un acordo coa Deputación a fin de crear un Centro Rexional adicado a ensinanzas e investigacións forestais, que se rexirá por un Patronato, a constitución do cal será determinada nas conversas a celebrar con ditos Directores.

A Corporación, considerando a importancia de dita creación, designa a dous representantes para que concreten cos visitantes unhas bases reguladoras da cesión da finca de Lourizán, que se someterán á aprobación definitiva da Xestora. É a primeira vez que a finca de Lourizán aparece nas Actas do Pleno con nome propio, o que denota que as conversas para a súa adquisición foron xa iniciadas con anterioridade, e que se chegara, ou estábase a punto, de chegar a un acordo cos propietarios.

As vías, de feito, convértense en vías de dereito na sesión de 26 de maio de 1943, na que se dá conta da publicación no BOP nº 105, de 9 de maio, de anuncio para adquisición dunha finca de "cincuenta hectáreas na que haberá de se instala-lo Fogar Provincial José Antonio e outros Centros de fomento e instrucción", sen que se formulasen reclamacións; e dáse conta igualmente da proposta que fai a Caixa de Aforros "ofrecendo a finca da súa propiedade de Lourizán", propondo a Presidencia a adquisición urxente de dita finca por reuni-las condicións esixidas, procedendo a instruir expediente no que informarán os Técnicos que se especifican, sobre condicións, valoración e tasación dos edificios e finca.

No Boletín Oficial do Estado, nº 74, do día 15 de marzo de 1943, aparece inxerida a Orde de 21 de febreiro de 1943, pola que se crea en Pontevedra un "Centro Rexional de Ensinanzas e Investigacións e Experiencias Forestais", que no seu apartado primeiro di "Instalado na finca denominada Lourizán, cedida ó efecto pola Excma. Deputación da citada provincia". O Centro Rexional ten por obxecto "o fomento das ensinanzas forestais e a realización sobre as especies de crecemento rápido de toda sorte de experiencias e investigacións, comprendidas dende a creación de masas ata o seu aproveitamento e industrialización". Dito Centro dependía dun Patronato que presidía o Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, e no que se integraban catro Vocais, designados polo propio Presidente a proposta da Deputación de Pontevedra, ademais do Director da Escola de Enxeñeiros de Montes, e dos catro Enxeñeiros Directores dos Servicios Forestais.

Salvados os diversos trámites legais e administrativos, na sesión extraordinaria de 17 de setembro de 1943, acórdase adquirir da Caixa de Aforros, e da Marquesa de Alhucemas, a finca de Lourizán, correspondendo unha quinta parte á Marquesa e o resto á Caixa de Aforros, formalizándose o escrito público de compraventa, como xa dixemos, o 8 de outobro de 1943, sendo na sesión de 3 de novembro de 1943 na que se adopta o acordo de ceder "a título gratuito e por un prazo de vinte anos" ó Estado para instalar un Centro Rexional de Ensinanzas e Investigacións e Experiencias Forestais, da finca titulada "Granxa da Serra" que se compón do Pazo principal e doutras edificacións, e cunha superficie de algo máis de 39 hectáreas, cedendo tamén ó Centro a finca "Touza", a labradío-regadío de 30 areas, correndo a cargo do Centro os gastos do sostenemento, conservación, reparación, contribucións e seguros, pertencendo ó Centro os aproveitamentos, reservándose a Deputación, únicamente, o referente ó arborado existente no momento da entrega; continuando o resto da finca en administración directa da Deputación.

Tamén en sesión de 5 de outubro de 1948, accedeuse en forma condicionada á petición da Xefatura do Servicio de Selección de Gando Vacuno, cedendo a parte da finca de Lourizán libre de destino por un período de vinte anos, a condición de que nun prazo de cinco, se cumprisen os fins ofrecidos polo Patronato do Plan Agrícola de Galicia.




Recepción a Montero Ríos na súa Casa Pazo de Lourizán.

De feito, e dende a súa creación e instalación en Lourizán, o CREIEF, vai aproveitando paseniño a finca e as súas instalacións, e pondo en marcha o conxunto de actividades dacordo cos obxectivos da súa creación. Dende o ano 1946, o Pazo convértese en residencia de prácticas para os alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes, e reestructúranse e amplían edificios para Cursos de Gardería. A partires de 1954, comenza a funciona-la Escola de Capataces Forestais. Dende a instalación primitiva do Centro, aproveitouse un grande invernadeiro, e conserváronse os xardíns e arboredo, utilizando un monte para experimentación de especies vexetais ornamentais

Fachada principal do Pazo de Lourizán.

e forestais. O lagar foi trasformado en laboratorio, e en 1947 créase unha sección do Instituto Forestal de Investigacións e Experiencias, que na actualidade é un Departamento Forestal de Zonas Húmidas, dependente do Instituto Nacional de Investigacións, as principais liñas de investigación do cal son, na actualidade: a) xenética forestal; b) introducción de especies forestais; c) restauración con frondosas do monte galego; d) patoloxía e entomoloxía forestal; e) ordenación e selvicultura; f) fertilización forestal; g) prevención de incendios forestais; h) madeira laminada e os seus usos; i) riqueza micolóxica do monte galego; e l) ecoloxía.

VIAS DE COMUNICACION



2.

A ESTRADA DE VIGO A CASTELA

Así se denomina a maioría das veces nos documentos da época e tamén chamada, nalgunha ocasión ''Estrada de Madrid a Pontevedra e Vigo'', e, Estrada de Madrid a Vigo, ou da Corte a Vigo, cos seus ramais a Santiago, Pontevedra e Tui, e que terminou chamándose, xa nos anos de 1860, e o segue na actualidade, de Villacastín a Vigo. A realización desta estrada de primeiro orde é, de vital importancia para a comunicación co exterior da provincia e de toda Galicia, foi unha das atencións constantes e preferentes da nosa Deputación. Un ano antes da súa instalación, e ó tempo que se suprimía o arbitrio sobre os carros do país, posto en vigor dous anos antes, por R.O. de 16 de xaneiro de 1835, preveuse un repartimento anual de 600.000 reais entre as provincias de Ourense e Pontevedra ''para levar a cabo a empresa que ambas teñen de facer camiños xerais que as poñan en fácil e directa comunicación con Castela''. O repartimento sinalado cesaría ó rematar de reintegra-los gastos orixinados pola construcción da Estrada de Vi-

COMISION DE LA CARRETERA GENL DE VIGO A CASTILLA Y SUS RAMALES
DIPUTN PROVINCIAL DE PONTEVA

Nº. 419.

Escmo. Sor.

La apatia del Supremo Gobierno en resolver acerca delas diferentes y comunicaciones que le ha elevado V.E. para obtener la pronta aprovacion del pliego de condiciones comunicas que se le ha remitido en Octubre del año pp.o, y las costosas y juntas quejas que los pueblos de la provincia le estan dirigiendo p.a ver logrado cuanto antes el fruto de sus penosos sacrificios, mueven hoy á la Comn. á incomodar á V.E, mas y mas la necesidad de adoptar un sistema de obras q.e armonice con los fondos que existen en cajas. Esto, Escmo. Señor., se hace tanto mas conveniente, cuanto que los Pueblos, que corresponden gustosos con las cuotas que le cabian á sus distritos municipales, hoy se niegan abiertamente á satisfacerlas pretextando que á sus domiciliarios se le ha hecho creer que á los consignados fondos se les daba diferente aplicacion que la que tienen, lastimando de este modo el merecido concepto de V.E. y especialmente en este asunto en que con tanta rectitud y mejor deseo ha obrado y obra en él. Por lo mismo, la Comision confiada en el objeto de bien público q.e anima á V.E. p.a ver logrado la felicidad de que es susceptible y digna la Provincia cuyos intereses representa, no duda tomará en consideracion la pequeña idea que somete á su juicio y que apreciará en todas sus partes p.a aclarar de algun modo los clamores é injustos recelos delos pueblos q.e hace diez años se le tiene engañado con la alhagüeña idea de que se les vá á construir los Caminos que miran como principales objetos de su felicidad.

Dios gue. á V.E. muchos años. Pontevedra 2. de Setiembre de 1843.

El Presidente.

Ram.n Fra. Florez

P. A. D. L. C.

Jose Suarez

Secretario

Escma. Diputacion provincial de


go a Castela, e os seus ramais a Santiago, Pontevedra e Tui, e o reparto do cupo de cada da provincia fíxose en principio, —recargando algo máis a Vigo, Tui e Pontevedra e ós pobos ou municipios polos que discorría a Estrada e ramais—, por Concellos, e dentro destes por parroquias, baixo a responsabilidade do maiordomo-pedáneo.

Neste primeiro ano, a Xunta Especial de Camiños, de acordo cos Gobernadores Civís das dúas provincias, procedeu a asignar a cada unha a cantidade anual a recaudar, correspondendo a Pontevedra 325.000 reais.

Se ben pola R.O. do 30 de abril de 1836 dispúxose a supresión das Xuntas Protectoras de obras de camiños ou portos, que foron reemprazadas no administrativo e económico polo Gobernador Civil e a Deputación Provincial, non debeu suceder así coa Xunta Especial do camiño de Vigo a Castela, cese que se decretou pola Rexencia a comenzos de 1841, como se desprende da sesión da Deputación de Pontevedra de 21 de marzo de dito ano, na que consta a satisfacción da Corporación pola publicación de dito Decreto, no que as respectivas Deputacións Provinciais sustitúen á Xunta Especial.

O dictame da Comisión de Camiños da Deputación do que se dá conta en dita sesión exténdese en consideracións sobre a improcedencia e os inconvintes que se derivaron da existencia de dita Xunta, en especial á hora do reparto entre os Concellos da contribución dos *600.000* reais. Desaparecida a Xunta —din—, ó igual que as Deputacións Forais de Vascongadas, a de Pontevedra poderá facer máis camiños, e en canto ó de Vigo a Castela, hai que darlle un forte impulso "sen reparar en sacrificios", para que se cumpran os ardentes desexos da inmensa maioría dos seus representados. "Fatal foi ata agora o xiro que se lle deu a este negocio vital, porque con escándalo e admiración xeral, víuse secundar por xenios maléficos os esforzos dalgunhas cidades inimigas irreconciliables da nosa prosperidade. Elas coñecen ben a importancia do noso camiño, e a guerra que nos fan, máis que nada, acredita as afirmacións que quedan demostradas; e que sería un crime se por respetos mal entendidos se deixase de facer un ben inmenso de utilidade e transcendencia incalculables. A Deputación pois está resolta a remover con man forte tódolos obstáculos"; e nomean unha Comisión para desprazarse a Ourense; e dictan medidas "fortes" en once apartados, para o cobro dos repartimentos da estrada, atrasados e actuais.

En abril de 1842 a Comisión da Deputación encargada da estrada de Vigo a Castela e os seus ramais, cre convinte proceder á reparación dalgunhas obras deterioradas da mesma, e saca a pública subasta ante os Concellos de Vigo e Tui e Deputados Provinciais destes Partidos, no BOP do día 20 de dito mes e ano; o firme da liña que se atopa explanada no ramal de Tui, entre a cidade e a ponte sobre o río Louro, dunhas dúas mil varas; o firme da liña que se atopa explanada no primeiro anaco da estrada xeral, de 349 varas liniais; e o completa-lo firme, da liña de medio firme, no primeiro anaco da estrada xeral, pertencente ó distrito de Vigo.


Diputacion provincial de Pontevedra.

Contribucion Vecinal

Carretera general de Vigo á Castilla y sus ramales.

N.º 3.

Liquidacion de abonos

Ofa el anuncio

Feta o fin de 1844

A mesma Comisión da Deputación de Pontevedra, expón ó Gobernador Civil da Provincia en 17 de maio de 1844, que a Deputación no mes de xaneiro facilitou á Intendencia para que non se paralizase o pago das obras da estrada de Vigo a Castela, e por conta do que debían os Concellos, a cantidade de 100.000 reais, e aínda que oficiou ós debedores para que anulasen a súa débeda non o fixeron. O Gobernador ameázalles a que en prazo de oito días ingresen na Deputación os descubertos. Os emprazados e as débedas eran: A Estrada, 26.000 reais; Carbia, 10.000; Cuntis, 6.000; Moraña, 4.000; e, A Golada, 4.000.

A Deputación, pola súa parte, en sesión do 24 de xuño de 1844, acorda dirixir unha exposición ó Goberno da S.M. para que a estrada de Vigo a Castela, se declare ou considere como estrada xeral, ou que polo menos, en atención á importancia de dita obra, contribúa para a mesma con algún auxilio dos fondos do Tesouro.

Os repartimentos da contribución para a estrada de Vigo a Castela e os seus ramais,


séguense xirando tódolos anos. O correspondente a 1845, publícase no BOP do 7 de abril, e importa os 325.000 reais inicialmente autorizados, cantidade á que se agrega o 1% por recaudación e conducción dos cartos á capital, e tómase como base a contribución de utensilios. Xa no presuposto ordinario de 1846, e en relación coa R.O. de 11 de xuño de 1844, a Deputación, no capítulo 4.º "Obras públicas", consigna a cantidade de 700.000 reais para satisfacer ó contratista das obras da estrada de Vigo a Castela e ramais a Tui e Pontevedra, e os restantes ata completar o total do capítulo de 784.767 reais, para soldos do persoal: enxeñeiros, sobrestantes, celadores, un escribano e tres peóns camiñeiros e as indemnizacións, polo que a estrada de Vigo a Castela leva o oitenta por cento do presuposto total da Deputación para dito ano que é de 1.087.602 reais.

E o mesmo acontece nos presupostos dos anos sucesivos ata o de 1859 en que desaparece, pois en todos eles a consignación dos 700.000 reais, para a estrada de Vigo a Castela, ademais de outras cantidades para persoal e indemnizacións, é constante, e tendo en conta que os presupostos de ditos anos superan en moi pouco o millón de reais, non ofrece dúbida algunha o extraordinario esforzo económico que a Deputación fai para ver acabada a construcción desta fundamental estrada.

Por R.O. de 6 de xuño de 1846, destinanse 32.219.480 reais á obras de cinco estradas xerais, entre as que se atopa a "Estrada de Madrid a Pontevedra e Vigo", cunha extensión en leguas de 20.000 pés de 121, en total, cun presuposto primitivo de 37.719.600 reais; cun auxilio do Estado de 18.859.800 reais, e outro tanto ó cargo das provincias afectadas. A parte da estrada na nosa provincia era de 19 leguas e tres cuartos, cun presuposto primitivo de 8.582.066 reais, dos cales aportaba o Estado 4.291.033 reais e unha cantidade igual a provincia de Pontevedra, a través da súa Deputación.

A pesares de tódolos requerimentos, o abono por parte dos Concellos da provincia das cantidades destinadas á execución das obras da estrada de Vigo a Castela e os seus ramais, segue facéndose con grande demora, como o demostra o feito de que a Deputación teña que conminar publicamente ó pago inmediato das súas débedas no BOP do 6 de xaneiro de 1847, ameazándolles co despacho de Comisionados para o embargo. A pesares das débedas o repartimento dos 325.000 reais segue, e as normas para efectua-lo do ano 1847, aparecen no BOP do 12 de marzo.

A petición da Deputación de que a estrada de Vigo a Castela se considerase entre as xerais e que, como vimos, recolleu xa a R.O. do 6 de xuño de 1846, reafírmase na tamén R.O. de 12 de abril de 1849, ó dispor que a estrada de Madrid a Vigo "se considere como ata aquí no número das xerais das que a construcción e conservación son a cargo do Estado, por reunirse nela tódalas condicións legais". En consecuencia, a mitade do presuposto da estrada, que de conformidade con varias R.O. debían cubri-las provincias interesadas, considerarase "como un anticipo reintegrable, tan logo como o Goberno



teña disponibles recursos bastantes, os cales deberán destinarse á construcción dos camiños, que máis interesen ás mesmas provincias''.

Neste mesmo ano 1849, outra R.O. que se publica no BOP do 3 de agosto, asegúranos que o Goberno procurou reunir, e reuníu por fin, os recursos suficientes para activar, xunto cos das provincias, os traballos de conclusión da estrada da Corte a Vigo, e para promover eficazmente esta conclusión, dicta as correspondentes normas.

Pero o gravame económico sobre os veciños da provincia, ó facer uso do disposto no R.D. de 26 de febreiro de 1848, facíase maior ó sacar a pública subasta no BOP do día 9 de novembro de 1849, e para o ano 1850, con destino ás obras da estrada de Vigo a Castela e os seus ramais, o arbitrio de dous reais e medio por cada arroba de augardente e licores, que se expendan ó por menor en tódala provincia de Pontevedra, nos pobos que non pasen de mil veciños, e de tres reais, nos que excedan dous mil veciños.

A pesares de tódalas aportacións e esforzos, as obras aínda estaban lonxe da súa terminación en 1853, se nos atemos ó estado das executadas en 1852 que se publica no BOP do 11 de febreiro de 1853, referentes á estrada Xeral de Madrid a Vigo na provincia de Pontevedra, cun presuposto en dito ano de 3.472.374 reais e a súa lonxitude de 75.089,96 varas, das que en 1852 executáronse obras por un importe de 2.269.123 reais. Estaban concluídas xa, segundo o estado referido, os cinco primeiros anacos da estrada, a excepción da Ponte Tea, que se atopaba en construcción, e tamén os anacos 7º e 10º pero faltaban por acaba-los anacos 8º e 9º nos que "non se comenzaron aínda as obras".

Pero xa nos anos sesenta do século XIX acabaran as obras, tanto na parte principal como nos seus ramais, e era agora a conservación e reparación da mesma o que interesaba e parecía además fundamental. Así no BOP de 12 de abril de 1865, anúnciase a subasta de aprovisionamento de materiais para a conservación e reparación da estrada de primeiro orde de Villacastín a Vigo, cun tipo de licitación de 102.016 reais, e no do 19 do mesmo mes, para a estrada de primeiro orde de Barbantiño a Pontevedra, por 32.200 reais.

Un detalle curioso en relación coas aportacións da Deputación de Pontevedra para a construcción desta estrada aflora, nada menos, que na sesión do 26 de decembro de 1940, ó dar conta dunha resolución do Ministerio da Gobernación, en relación con reclamación formulada contra a Corporación por un axente de negocios, ó que a Deputación en convenio suscrito no 16 de xuño de 1916, encargara do cobro dun creto de 2.087.750 pesetas que o Estado lle debía, pola construcción da estrada de Villacastín a Vigo, e do que segundo parece non tiña coñecemento a Deputación, pero que unha vez levantada a lebre levaba cobradas xa seis anualidades das dez en que debía facerse efectivo, sen abonar ó xestor o 25% convido, sobre as cantidades percibidas.

2.2

ESTRADAS E CAMIÑOS PROVINCIAIS

A construcción e conservación das estradas e dos camiños veciñais da provincia, foi unha das principais funcións das Deputacións, ó longo da súa historia, xuntamente coa beneficencia, de acordo ó sentir popular do que pretende facerse eco o presentador da Lei de Bases de Réxime Local do 17 de xullo de 1945, ó sinalar que as Deputacións "parecen reduci-lo seu cometido ó cumprimento de funcións benéficas e a recibir, para gastar en camiños veciñais, certas cantidades que lles xira o Ministerio de Obras Públicas".

Realmente, e no que a vías de comunicación se refire, cremos que a Deputación Provincial de Pontevedra fixo algo máis "que recibir para gastar en camiños veciñais", as cantidades que o Ministerio lle mandaba, como entendemos demostra o exame das súas

actuacións sobre o particular, nos 150 anos de existencia.

A pouco de constituírse a nosa Deputación, a R.O. do 20 de abril de 1836, que o Gobernador, Miguel del Pino, transcribe no BOP do 14 de maio de dito ano, dispuxo no seu artigo 1º que: "as Xuntas protectoras de obras de camiños ou portos costeadas con arbitrios ou fondos provinciais que foran suprimidas ou en adiante se suprimirán, deberán ser reemprazadas no administrativo e económico polo Gobernador Civil e a Deputación Provincial, e no facultativo pola Dirección Xeral de Camiños, Canais e Portos e os Enxeñeiros deste ramo".

Ademais do traslado de tódolos documentos existentes nas suprimidas Xuntas de Camiños, ó Goberno Civil, a R. O do 20 de abril de 1836, determina que será o Gobernador, de acordo coa Deputación provincial, quen elexirá os empregados precisos que non necesiten nomeamento real; as propostas de obras novas e as variacións ou aumentos das xa aprobadas serán feitas polo Enxeñeiro Director, a Deputación ou o Gobernador, quen as remitirá, acompañadas de planos e presupostos ó Director Xeral de Camiños. Os arbitrios para levar a cabo as obras serán propostos pola Deputación e presentaránse á aprobación das Cortes cando sexa preciso. Para as subastas das obras, o Enxeñeiro formará os pregos de condicións facultativas, a Deputación, os económicos, verficándose o acto de subasta ante o Goberno con asistencia de dous individuos da Deputación e o Enxeñeiro Director das obras de que se trate.

Para poder segui-la evolución das vías da Provincia e partindo do mapa de Fontán do ano 1845, acompañámo-lo plano n.º 1, que sinala os camiños de entón dividíndoos en xerais, provinciais e locais. Os xerais eran os de Vigo a A Coruña, e de Vigo a Ourense, e os restantes camiños veciñais provinciais.

O R. D. do 7 de abril de 1848, considera camiños veciñais ós camiños públicos non comprendidos na clase de estradas nacionais ou provinciais, e divídeos en: de primeiro e de segundo orde. Corresponde á Deputación Provincial, previo informe dos Concellos e a proposta e con aprobación do Xefe Político, declarar os camiños de primeiro orde, designa-la súa dirección e determina-los pobos que han de concorrer á súa construcción e conservación. O Xefe Político, oindo ós Concellos e ó Concello Provincial designaba os camiños veciñais de segundo orde e fixaba á súa anchura dentro de 18 pés de firme, ou sexa, cinco metros de hoxe. Os camiños veciñais de segundo orde estaban exclusivamente a cargo dos Concellos que atravesaban, ós de primeiro orde podía concederlle auxilios a Deputación. Establecíase para a construcción destes camiños a prestación persoal e de transportes. Os traballos de apertura e rectificación de ditos camiños tiñan que ser autorizados polo Xefe Político, baixo a autoridade e vixianza directa de quen quedaban os veciñais de primeiro orde, e os de segundo baixo a dirección e coidado dos

Alcaldes dos distritos respectivos. As obras de construcción dos camiños veciñais consideráranse de utilidade pública a tódolos efectos. O R.D. do 7 de setembro de 1848, creou o cargo de Directores de Camiños Veciñais.

A Deputación de Pontevedra deu inmediato cumprimento ó disposto no R. D. de 7 de abril de 1848, e xa en 25 de outubro do mesmo ano 1848, declarou de primeiro orde un total de 29 camiños veciñais, dos que 3 correspondían ó Partido de Ponteareas, 1 a Redondela, 1 a Vigo, 2 a Tui, 5 a Caldas, 3 a Cambados, 3 a A Estrada, 4 a Lalín, 3 a Ponte Caldelas, 2 a A Cañiza e 2 a Pontevedra; declaración e clasificación que non foi feita pública ata o 1º de febreiro de 1860 no BOP, xuntamente con outros dous declarados en 1º de marzo de 1857, que elevan a 31 o número dos camiños veciñais clasificados de primeiro orde pola Deputación na súa provincia.

Pero o "abandono en que se achan os camiños veciñais da provincia" fixo que con anterioridade, e conforme ó disposto pola Lei de 3 de febreiro de 1823, os Xefes Políticos ou Gobernadores de Pontevedra por Circulares de 21 de outubro de 1834, 27 de abril de 1836 e 18 de xaneiro de 1839, pidan ós Concellos "a quen incumbe o ramo de camiños", que cuidasen escrupulosamente "de conservar e reparar os veciñais pertencentes ó seu distrito municipal", advertíndolles, que "da menor apatía ou omisión no cumprimento deste importante deber serán responsables tódolos Concellais mancomunadamente co Secretario, con motivo do que disporá que se faga unha visita ós pobos". Estas Circulares reprodúcense en esencia cada ano, e na do 10 de agosto de 1845, prevense ademais ós Alcaldes de que "non se poderá facer variar de dirección ós camiños veciñais que xa existían, aínda que sexa dirixíndoos por terreos do común de veciños, e que non haxa perxuicio de terceiro", sen permiso do Goberno Político, previa tramitación de expediente. No canto á aplicación da prestación persoal e de transportes na construcción e mellora dos camiños veciñais xa por Circular publicada no BOP do 17 de xaneiro de 1849, dánse normas e determínase a formación do Padrón dos obrigados a elo e a súa tramitación, que tiña que ser completada polos Directores de camiños veciñais, prazas que nos Partidos de Tabeirós, Vigo, Ponte Caldelas, Redondela, Tui, A Cañiza e Ponteareas, cun soldo de 6.000 reais anuais e a obriga de residir na cabeza de partido, convocando a "provistación" no BOP de 15 de outubro de 1851.

Desenrolando a facultade que lle confería o R. D. de 7 de abril de 1848, o Xefe Político determina en 26 de xaneiro de 1849, que a anchura dos camiños veciñais na provincia será de 18 pés, que se aumentarán ou dismunuirán cando as Xuntas Inspectoras que o R. D. prevía se achen instaladas; pero en 3 de decembro de 1850, e resolvendo consultas que lle foron formuladas dispón, que a excepción dos casos de menor anchura, os 18 pés se distribúan: 14 pés de firme, e os catro

restantes en dous paseos de 2 pés cada un, e procurando sempre dar saída ás augas.

Ó parecer as moitas R. O. e Circulares excitando o celo das provincias e dos pobos comenzaba a dá-los seus froitos, e no BOP do 9 de marzo de 1849, dise que "a S. M. víu con agrado o celo e desprendemento que a maioría das Deputacións e pobos da monarquía tiveron ó consignar en presuposto cantidades para construcción e mellora dos camiños veciñais, e pide que se aumenten no próximo ano: "na intelixencia de que ningunha mellora é tan útil e interesante ós pobos como a das súas comunicacións locais".

Pero ademais dos camiños veciñais estaban as estradas xa feitas e en funcionamento como "a provincial que partindo do porto de Vigo diríxese a Pontevedra, e de aquí ás cidades de Santiago e A Coruña", importancia que resaltan, ó aigual que o lamentable estado en que se atopa, na sesión de 25 de outubro de 1848, ata o punto de que a Deputación consideraa "un borrón para a Provincia e para toda España", por non invertir na súa compostura unha cantidade que por moi elevada que fose, sempre sería insignificante en comparanza coa sua utulidade, polo que cren necesario consignar unha partida no presuposto da Deputación para dita obra, e mentres tanto autorízase que se aplique á mesma calquera fondo provincial en calidade de reintegro. O que executan de inmediato, pois xa no presuposto de 1848 consignan 100.000 reais para a estrada a Santiago, que en presupostos sucesivos ata o de 1858, elévase a 200.000 reais vellón.

A penuria económica característica da época, determina que a construcción de camiños veciñais e a súa conservación asénte-se basicamente na prestación persoal e de transportes, facilitando a administración provincial as ferramentas necesarias, e neste senso no BOP de 16 de outubro de 1850 interésase dos Concellos, propoñan as que cada un precisa para as obras a realizar no seu término municipal; e no BOP de 30 de xaneiro de 1852, publícase un estado demostrativo das persoas útiles, carros, xugados e cabaleirías con que conta cada municipio da provincia para o servicio de camiños veciñais, e o importe que representan estas prestacións. En orde á prestación persoal, é realmente interesante e significativa a Circular que a Deputación de Pontevedra, dirixida ós Concellos da provincia, publica no BOP do 31 de outubro de 1855, resaltando a súa extraordinaria importancia, e regulándose en prevención de abusos e para obter da mesma os máximos beneficios, despois de que no BOP do día 26 do mesmo mes e ano, publicase o acordo ó que chegara co Gobernador, sobre as atribucións e facultades que en canto a camiños, correspondían a un e outro organismo: Gobernador Civil e Deputación Provincial de Pontevedra.

Na sesión da Deputación de 28 de abril de 1957 e en relación coa R. O. de 30 de xuño de 1856, relativa a construcción de estradas provinciais e camiños veciñais, o Gobernador manifesta as reformas "que crera

CARTA DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

PLAN DE CAMINOS PROVINCIALES

además de las carreteras del Estado y ferro-carriles

POR EL INGENIERO JEFE DON MANUEL DE LA FUENTE.

Aprobado por la Excma. Diputacion en sesion de 3 de Abril y por Real Decreto de 2 de Julio de 1878.


PROVINCIA DE LA CORUÑA
PROVINCIA DE LUGO
PROVINCIA DE ORENSE
REINO DE PORTUGAL
OCÉANO ATLÁNTICO
RIA DE ARÓSA
RIA DE PONTEVEDRA
RIA DE VIGO
A Santiago
A Coruña
A Betanzos
A Ventas de Narón
A Monforte
A Orense
A Carballino
A Allariz
A Barbantiños
A Pte Caldelas
A Pte Ulla
A Pte Sampayo
A Pte Poldras
Al Valle de Ahos
Islas de Ons
Islas de Cortegada
Islas de Arosa
Islas Cies
Islas de Sálvora
Pontevedra
Vigo
Caldas
Estrada
Lalin
Cambados
Carballo
Puentecaldelas
Redondela
Borben
Tui
Marin
Villagarcia
Villanueva
Carril
Puente Sampayo
Puente Ulla
Puente Caldelas
Puente Barbantiños
Puente Ventas de Narón
Puente Ahos
Puente Cesures
Puente Lores
Puente Ons
Puente Cortegada
Puente Arosa
Puente Cies
Puente Sálvora
Puente Vigo
Puente Redondela
Puente Borben
Puente Tui
Puente Marin
Puente Villagarcia
Puente Carril
Puente Villanueva
Puente Cambados
Puente Carballo
Puente Estrada
Puente Lalin
Puente Monforte
Puente Allariz
Puente Orense
Puente Barbantiños
Puente Ahos
Puente Caldelas
Puente Ulla
Puente Sampayo
Puente Poldras

acertado facer nos Directores de Camiños Veciñais'', e o nomeamento dun profesor auxiliar necesario para concentrar na capital ''os fondos da prevención'' para aplicalos, xuntamente cos consignados en presuposto, dando preferencia ás liñas do norte e sur da provincia que especifica; proposta que é aprobada, e que se publica no BOP do 22 de maio de dito ano, como: ''Demostración xeral das liñas que para construcción acordou a Excma. Deputación Provincial para a inversión de prestacións en metálico con que os Concellos deben contribuir no presente ano, con especificación dos puntos de tránsito, e os Concellos que controbúen a cada unha, tanto en peonadas canto en metálico pola súa reducción ós tipos prefixados'' e que ten as seguintes liñas:

Norte.- A que arrancando de Carril pasa por Vilagarcía, Caldas de Reis, Baños de Cuntis, A Estrada, Foxo Corbelle, Monte da Rocha, Silleda, Ponte Taboada e Laín, cun ramal de Cuntis a Porráns, onde empalma coa estrada provincial atravesando os Concellos de Carril, Vilagarcía, Saiar, Caldas, Cuntis, A Estrada, Silleda e Lalín; á construcción desta liña concorrirán os Partidos de Cambados, Caldas, Tabeirós e Lalín.

Sur.- 1ª. De Redondela a Porriño, con ramal a Ponteareas, atravesando os Concellos de Redondela, Mos e Porriño e a esta construcción teñen que concorrir o Partido de Redondela e o de Ponteareas con tódo-los seus Concellos, e ademais os de Salceda e Porriño, no Partido de Tui.

2ª. De Vigo a Baiona e de Baiona a Tui, atravesando os Concellos de Bouzas, Nigrán, Gondomar e Baiona; á construcción desta liña teñen que concorrir, Vigo, con tódolos seus Concellos, e Tui cos seus, menos Salceda e Porriño.


3ª. De Pontevedra a Cangas por Marín e Bueu, atravesando os Concellos de Salcedo. Marín, Bueu e Cangas; á construcción desta liña teñen que concorrir as forzas todas acumuladas do Partido de Pontevedra.

No BOP do 16 de abril do seguinte ano 1858, publícanse os tipos de reducción da prestación persoal que son: real e medio, a peonada de persoa; cinco reais, a de carro e xugada; un real, e de carro só; catro reais, a de xugada soa; e, dous reais, por cada cabaleiría.

Como xa dixemos, o Plan de Camiños que aprobou a Deputación de Pontevedra en sesión de 25 de outubro de 1848, e completou na de 1º de marzo de 1857, en total 31, publicouse no BOP de 1º de febreiro de 1860: ''Camiños Veciñais declarados de primeiro orde pola Excma. Deputación Provincial'', e refléxase no plano número 2.

Tamén a finais de dito ano 1860, BOP de 14 de decembro, e por R. O. apróbase o anteproxecto de clasificación de terceiro orde da estrada de Pontevedra a Cambados, ó igual que o proxecto e presuposto da mesma, cifrado en 1.224.927 reais.

Antes en sesión de 7 de agosto de 1860, os membros da Deputación, enteirados do



Cepas da ponte Sande na Hermida (Arbo).

expediente instruído "sobre a conveniencia e necesidade de que o Estado se incaute da estrada desta provincia que dende Vigo se dirixe a A Coruña", manifestan a súa complacencia pola iniciación do expediente, e piden que o Estado se incaute, ademais, da estrada de Porriño a Tui, por carece-la Deputación de recursos para o seu sostenemento; e en relación cun escrito da Dirección Xeral de Obras Públicas, sobre a cantidade coa que pensa contribuí-la Deputación á construcción das estradas de A Cañiza a Filgueira, de A Estrada a Silleda, e de Gondomar a Tui, contestan que a estrada de A Cañiza a Filgueira, en virtude de R.O. ten que ser construída por conta do Estado e en canto ás outras dúas: A Estrada-Silleda, e Gondomar-Tui, considerando a súa grandísima ne-

cesidade, podían contribuír coa cuarta parte do seu importe, a pesares de esta-la provincia "empobrecida pola falta de colleitas por tantos anos continuada".

A Deputación, en cumprimento da R.O. de 24 de decembro de 1862, redacta e aproba un Plan de Camiños "que haberán de construírse e conservarse con fondos provinciais" e que se publica no BOP de 16 de marzo de 1863; en total 24. Pero unha vez promulgada a Lei de 25 de agosto de 1863 e o R.D. de 17 de outubro do mesmo ano, formula un novo Plan de Camiños Provinciais, con suxección ó que o artigo 10 de dito R.D. dispón, que inserta no BOP de 15 de febreiro de 1864, no que se inclúen 29 camiños, os 24 do Plan anterior, menos dous: Sanxenxo a Caldas e Cambados a Vilagarcía; engadindo a cambio, as de: Caldas a Cambados; Lalín a O Carballiño; Porráns a Cuntis; A Guarda a A Ramallosa; A Estrada a Ponte Bea; Cuntis a Codeseda; e Tui ós Baños de Caldelas. Este Plan, formado con arreglo ó disposto no artigo 10 do R.D. de 17 de outubro de 1863, despois da súa exposición, é aprobado pola Deputación, e por unanimidade, en sesión de 9 de agosto de 1864, rexeitando as reclamacións formuladas polos Concellos de Meis e Portas, e admitindo outra do Concello de Vilanova, sinalando os municipios que teñen que contribuír á construcción e engadindo ós 29 camiños relacionados no BOP de 15 de febreiro de 1864, os de: Pontecaldelas á barca de Filgueira; Vilanova de Arousa a Pontearnelas, por Tremoedo; e, Pontearnelas a Sanxenxo, por Ribadumia e Dena.

Na mesma sesión de 9 de agosto de 1864, a Deputación, e igualmente por unanimidade, aproba o Plan Xeral de Camiños Veciñais, formado en virtude do disposto no artigo 23 do R.D. de 17 de outubro de 1863, dispondo que contribúan "á construcción en proporción aritmética os pobos que atravesan segundo os estudios facultativos". Este Plan, aparece incluído no BOP do 2 de setembro de 1864, e comprende un total de 96 camiños que se distribúen por Partidos Xudiciais da seguinte forma: Pontevedra, 15; Cambados, 9; Caldas, 3; Tabeirós, 6; Lalín, 23; Pontecaldelas, 7; Redondela, 4; A Cañiza, 5; Ponteareas, 5; Tui, 10; e, Vigo, 9.

No BOP de 19 de outubro de 1864, adiciónase a este Plan un camiño máis, que partindo de A Estrada vai ata a barca de Sarandón, pasando polas parroquias de Anguións, Barbudo, Paradela e Riveira, e que din "omitíuse por un olvido involuntario".

Estes dous Plans compréndense no mapa número 3.

Pero a Deputación, ademais, en relación co que dispoñían os artigos 10 e 13 do R.D. do 17 de outubro de 1863, formara e aprobara o Plan de Estradas Provinciais, que foi aprobado á súa vez por R.O. de 21 de decembro de 1865, incluído no BOP do 24 de xaneiro de 1866, e que comprendía as estradas seguintes:

1ª.- De Tabeirós, por A Estrada, a Pontecesures.

2ª.- De Soutelo, por Codeseda, a Tabeirós na estrada de Silleda a Vilagarcía.

3ª.- Do Hospital da Cruz á feira de A Golada, por Monterroso e Anta.

4ª.- Da estrada de Pontevedra a A Coruña no Pino, ós Baños de Cuntis.

5ª.- Da estrada de Barbantiño a Pontevedra en San Xurxo de Sacos, por Campo e Moraña, ós Baños de Cuntis.

6ª.- De A Lama a O Carballiño.

7ª.- De Caldelas, por Lama e Laxe, a A Cañiza.

8ª.- De Oia a Tui, por Piñeiro.

9ª.- De Cambados a Vilagarcía, por Santiñanes, Vilanova e Vilaxoán.

Pero unha cusa eran os plans e outra a súa realización xa que estas estradas non foron sacadas a subasta para o seu estudio e execución ata o 10 de xaneiro de 1872, en que se publica no BOP o conseguinte anuncio, aínda que referido só ás oito primeiras, quedando fóra a 9ª de Cambados a Vilagarcía.

Por certo que neste mesmo BOP de 10 de xaneiro de 1872, publícase a relación de camiños veciñais declarados así pola Deputación en sesións de 7 de novembro de 1871, que suman 20; de 18 e 19 de decembro do mesmo ano, 5 e 9 respectivamente, o que fai un total de 34, e as bases e plego de condicións "baixo as cales se sacan a subasta os estudios e execución de obras" dos mesmos, e estas certificacións non as abonaría a Deputación de forma inmediata e en metálico senón "nun papel ó portador que emitirá ó efecto e que se titulará "obrigas de camiños veciñais", de 500 pesetas cada un, que devengaría un interés do 5% anual, pagadeiro por semestres, sendo amortizados por sorteo en 31 de decembro de cada ano, en número de 300.

Realmente este período, en canto a Plans de Camiños e a súa execución, é certamente movido non só polo número de Plans que se formulan, senón polas súas modificacións e engadidos que están en directa relación cos cambios constantes da lexislación sobre estradas en canto a traspaso, clasificacións e categorías, entre eles as R.O. do 12 de xullo de 1869, que faculta as Deputacións para modifica-los plans de estradas aprobados por R.O.; a de 7 de abril de 1870, que concede a explotación das estradas paralelas ó ferrocarril ás Deputacións, Concellos ou particulares que o soliciten; e a do 29 de marzo que excita o celo das Deputacións para que se fagan cargo das partes abandonadas.


As inquedanzas e problemas da Deputación ó respecto, teñen reflexo no libro de actas, do que ocupa vinte folios na sesión de 3 de febreiro de 1866, a destitución do Director-Xefe de Camiños D. Manuel Uceda, con formas de apaixoada defensa e ataque, e onde se fai constar que o servicio de camiños da Deputación dispón só de catro Directores e un escribinte, para o estudio de máis de setecentos kilómetros de vías provinciais, cos seus planos, replanteos, expropiacións, etc., que precisarían un mínimo de cincuenta persoas para levalo.

Na sesión de 8 de xaneiro de 1867, dáse conta dun longo informe da Comisión Permanente de Camiños, que a Deputación aproba, e no que, entre outras cousas, faise constar que: "A provincia toda debe felicitarse do favorable desenvolvemento que nela teñen as vías de comunicación e que lle marcan un lugar moi preferente entre tódalas de España. O visible desenrolo que tomaron os veciñais débese ó eficaz e ilustrado celo con que os nosos devanceiros impulsaron tan notable melloría". Recoñece o bo labor do Corpo de Directores de Camiños, con excepción do de A Estrada que "non fixo en tres anos máis que catro kilómetros de estudio, polo que lle sae á Deputación a nove mil reais kilómetro, que é monstruoso", e ameázano coa destitución senón se traslada a Pontevedra, e rende máis.

E interésase por unha eficaz regulación da prestación persoal que evite as súas desinteresadas desviacións, pois consideraa "recurso importantísimo, de merecible eficacia nesta provincia de que non dispón ningunha outra das do Reino, e capaz por si só, ben administrado e habilmente dirixido, de facer nela a máis favorable e proveitosa das revolucións", sinalando que a prestación persoal reducible a metálico ó precio dun real cincuenta céntimos, peonada home, e catro reais, a de carro, daría ó ano na provincia a "respetable" suma dun millón douscentos sesenta e tantos mil reais. Piden tamén que, como medida moralizadora, desaparezan dos presupostos municipais, os soldos fixos de capataces, celadores, encargados de camiños e outros parecidos, que non exercen máis función que a de absorbe-los cartos destinados á construcción de camiños.

A pesares do acordo a que fixemos referencia entre o Gobernador e a Deputación deslindando facultades e atribucións en canto a camiños, as cuestións eran frecuentes a partir da destitución do Director Uceda, sendo a máis significativa a xurdida a raíz da convocatoria feita polo Gobernador para cubrir por oposición as prazas de Directores de Camiños da provincia. A Deputación, en sesión de 31 de xullo de 1867, acorda dirixirse á S.M. interesando se conserve a plantilla do persoal de camiños provinciais e veciñais na forma que estaba, deixando sen efecto a convocatoria do Gobernador. Xustifican a permanencia da plantilla na súa efectividade, xa que teñen a obriga de facer ó ano, cada un, doce kilómetros de proxectos, e non aceptan que o facultativo colocado polo Gobernador ó frente das obras públicas, califique de "raro e singular" o sistema seguido no estudio e construcción das estradas provinciais e camiños veciñais, tendo en conta de que a provincia ten 68 pobos ou Concellos, con 654 parroquias, que todas e cada unha delas teñen necesidades de comunicación, sendo mil kilómetros os que se pretenden construír, e que a Deputación actual construíu "máis kilómetros de vías veciñais que nos quince anos anteriores de tan triste recordo".

Na sesión do 27 de setembro de 1870 apróbase en principio unha proposición dun contratista, e un plego de condicións que



No. 1 Vista general de Vigo y su puerto

levaría á subasta de camiños provinciais anunciada en 10 de xaneiro de 1872, á que xa nos referimos, e na mesma sesión, contestando a peticións sobre construcción de camiños, inténtase xustificar a actuación da Deputación sobre o particular, ó dicir que ven destinado anualmente unha suma "respetable" para subvencionar camiños veciñais, pero que estes son "aillados e de curta extensión", formando parte de liñas máis longas, circunstáncias que fan, as veces, "esteril o diñeiro invertido neles", sendo mellor sistema o que asegure a "construcción completa" de ditos camiños; e expresan: "esta Deputación non atopa xustificada a conducta das anteriores, respecto ó abandono que se advirte na construcción dos camiños provinciais; era o seu primeiro, o seu ineludible deber atendelos, como viñeron facendo, pospoñendo ós provinciais. Así é que, sacrificando o interés colectivo ó de determinados distritos, nin un metro lineal se construíu, nin estudiado sequera, nos oito camiños clasificados como provinciais".

Neste proceso consideramos importante a creación da praza de Enxeñeiro Xefe de Camiños Provinciais, o concurso para cubrila, co haber anual de seis mil pesetas, máis outras 1.500 para gastos e indemnización de viaxes, publícase no BOP do 23 de abril de 1872, e que se resolveu a favor de D. Manuel de la Fuente, para quen "e persoal ás súas

ordes'', a Comisión Permanente da Deputación e o Gobernador que a preside, interesa dos Concellos da provincia, cooperen cos medios de que dispoñan, a que non se retrasen as operacións de campo precisas para proxectos, replanteos, expropiacións, etc., en Circular inserta no BOP do 2 de maio de 1873.

A aparición da Lei de Estradas do 4 de maio de 1877, na que se dicía que ''serán de cargo das provincias os camiños que non estando incluídos no Plan Xeral do Estado, deban ser incluídos nos que han forma-las Deputacións, con arregro ás prescripcións desta Lei'', e dispoñíase que ''en cada provincia se formará un Plan de Camiños''; leva á Deputación de Pontevedra, en cumprimento do artigo 29 do Regulamento da Lei, á aprobación do proxecto do Plan de Camiños Provinciais, no que se relacionan 9 de primeiro orde, 3 de segundo e 6 de terceiro, en total 18, conforme ó anuncio inserto no BOP do 15 de novembro de 1877, ós que engade, dous ''camiños en reparación e en construcción que pertencen ó Plan Xeral de Estradas e que deben considerarse como provinciais ata que acaben os contratos pendientes e sexan entregados ó Estado'', que son o de Pontevedra a Ponte Caldelas, e o de Coirón, parroquia de Dena, (no camiño provincial de Noalla a Caldas) a Cambados, e que se reproduce dando un prazo de sesenta días para reclamacións no BOP do 4 de decembro de 1877.

Este Plan de Estradas Provinciais para Pontevedra foi aprobado por R.D. de 2 de xullo de 1878, e publicado no BOP do 20 do mesmo mes, coa variación de que ás 18 estradas iniciais, engádense 11 máis, todas elas de terceiro orde, o que eleva o número de estradas do Plan a 29, das cales 9 son de primeiro orde, 3 de segundo, e 17 de terceiro, que se expresan no mapa-plano número 4.

Pero a Deputación non se desentende dos camiños veciñais como se pon de releve na sesión da súa Comisión Permanente do 23 de marzo de 1889, na que ''a fin de facilita-lo desenvolvemento das obras de camiños, que son gastos reproductivos e que tanto inflúen no aumento da riqueza individual e colectiva, necesidade que nas circunstancias presentes áchase aumentada pola comenencia de recurrir a tódolos medios que podan disminuí-la emigración crecente neste país e por causas diversas'', propón se active a súa execución, e non sendo posible recurrir ó empréstito dada a súa longa tramitación, se arbitren unha serie de medidas, como: o aumento das consignacións ordinarias en presuposto; acelera-la realización das obras dando facilidades ós contratistas con abono de intereses ó retrasa-lo pago de certificacións; subvencións ás obras novas de camiños veciñais, consignando no presuposto da Deputación a tal fin unha cantidade non inferior á décima parte do total destinado a camiños provinciais.

Cabe tamén facer referencia ó R.D. publicado no BOP de 12 de agosto de 1886, sobre formación, e sometimento a aprobación do Ministerio de Fomento, dos Plans de


Estradas a cargo das Deputacións, e da obriga que estas tiñan de consignar nos seus presupostos as cantidades máximas posibles para executa-las obras de construcción e conservación, tendo que comunica-lo persoal de que dispoñían, Enxeñeiros e Sobrestantes; e a Lei do 22 de maio de 1892, que inclúe no Plan Xeral de Estradas do Estado, entre as de terceiro orde, á que partindo de A Lama enlaza coa de Pontecaldelas a A Cañiza.

En relación coa R.O. do 13 de agosto de 1903 que dispuxo a formación dun novo Plan de Camiños Veciñais e determinou proceder ó estudio das máis útiles ata un total de 2.000 kilómetros, e concurso entre 10 provincias afectadas, e as que aportasen máis do 50% do custo, e con posterior acordo entre as Deputacións e o Ministerio de Fomento en asamblea celebrada en Madrid, a Deputación de Pontevedra en sesión do 10 de outubro de 1906, acordou elevar ó Ministro as Bases para o Concerto co Estado na execución de camiños veciñais, en número de 12, e nas que se prevé que o Estado considerará como camiño veciñal os incluídos no urxente Plan de Camiños provinciais, no que falta por executar ata chegar ós 200 kilómetros, e comprometerase a subvenciona-la execución de ditos 200 kilómetros co 50% da expropiación de terreos e valoración líquida das obras, satisfacendo a Deputación o outro 50%, aínda que quedando en liberdade para recabar axuda dos Municipios, para cubri-la súa parte.


Este acordo de principio adquire efectividade na sesión do 15 de xaneiro de 1907 na que se solicita do Ministerio de Fomento acepte a oferta que lle fai a Deputación de Pontevedra de contribuir co 50% do importe dos camiños que se leven a cabo na provincia, en armonía co Plan presentado en dito Ministerio pola Xefatura de Obras Públicas, segundo o disposto na R.O. de 13 de agosto de 1903. A Deputación lamenta o non ter acudido ó Ministerio dentro de prazo "mais entón pesaban sobre a Corporación compromisos de evidente importancia relacionados coas vías provinciais, e xulgou a Corporación que non se atopaba en condicións de cumprir coa debida exactitude e puntualidade novos compromisos que puidera adquirir co Estado". Agora —engaden—, que ven liquidando os seus presupostos con superavit, é cando acuden ó Estado, para que lle conceda as subvencións establecidas.

Promulgada a Lei de Camiños Veciñais de 29 de xuño de 1911 e o seu Regulamento do 23 de xullo, pola que o Estado outorgaba subvencións do 40 ó 70% e anticipos reintegrables para a construcción de ditos camiños, a Deputación de Pontevedra en sesión de 7 de setembro de 1911, coñece escrito do Gobernador, sobre supresión do Plan Xeral de Estradas do Estado, pola nova Lei, que no seu artigo 2º prescribe que tan só correrán de conta do Estado as estradas que se atopen terminadas, as que por conta do Estado estense executando, e as que se incluan na relación posta no artigo 3º da Lei, lonxitude que non podería exceder de 7.000 kilómetros, e, conforme coa proposta da Dirección Xeral de Obras Públicas, acórdase


PLANO N.º 1
AÑO 1845




PLANO N.º 2
AÑO 1848 y 1857




PLANO N.º 5
AÑO 1918




PLANO N.º 6
AÑO 1926




PLANO N.º 3
AÑO 1864




PLANO N.º 4
AÑO 1878



PLANO N.º 7
AÑO 1944



PLANO N.º 8
AÑO 1985



aproba-lo Plan que abarca a mesma, e que comprende as doce seccións de estradas, que deben ser incluídas dentro dos 135 kilómetros que corresponden a Pontevedra, na distribución dos 7.000, construcción que queda a cargo do Estado, que se enumeran:

—Pontevedra a Cangas (variación da travesía de Marín).

—Cangas á de Pontevedra a Camposancos (anaco 3º).

—Cesures a Carril (anaco 4º).

—A Estrada a Ponte Ulla (anaco 2º).

—Monforte a Lalín (anaco 3º).

—Ventas de Narón a Folgoso (anacos 1º e 4º ó 7º).

—Ponte Poldras a Pontevedra (anaco 2º ó 7º).

—Prolongación da de Pontevedra ó Campo ata Codeseda (anaco 1º).

—Pontecaldelas ó límite da provincia de Ourense (anacos 3º e 4º).

—Portela a Fornelos (anaco 3º).

—Salvaterra á de Ponte das Poldras a Pontevedra (Covelo Maside).

—Prolongación da do Cruceiro das Patas ó Rosal a Oia (anaco 1º).


Para a súa inclusión no Plan de Camiños Veciñais, axustado á Lei do 29 de xuño de 1911, os Concellos da provincia formulan peticións, que examinadas pola Deputación en sesión de 2 de febreiro de 1916, son aceptadas, e que supoñen unha lonxitude de 874,916 kilómetros, sendo elevados á Xefatura de Camiños Provinciais para confección do Plan.



Cadrilla de mantenemento de camiños da Deputación.



Pá da Deputación dispoñendo un novo camiño.



Antigo proxecto dunha ponte.

Dando cumprimento ó previsto na Lei de Camiños Veciñais do 29 de xuño de 1911, e para establecer o orde de execución dos mesmos, o Estado convoca concursos de subvencións nos que dá preferencia ás obras en que os participantes ofrezan unha baixa maior en relación co tanto por cento tipo fixado como subvención.

Celebráronse catro concursos para construcción de camiños veciñais e pontes económicos, os dous últimos por R.D. do 21 de xuño de 1918, ós que concurríu a Deputación de Pontevedra, que logrou a inclusión de 23 camiños no 1º, 29 no segundo, 25 no 3º, e 59 no 4º. Os camiños veciñais incluídos nos catro concursos refléxanse no mapa-plano número 5, e farano igualmente nos que se desenrolen con posterioridade.


A publicación do Estatuto Provincial do 20 de marzo de 1925 e do Regulamento de Vías e Obras Provinciais do 15 de xullo do mesmo ano, inicia unha nova etapa no que a vías provinciais se refire. No artigo 133 do Estatuto dise: "As Deputacións Provinciais estarán obrigadas a dotar de camiños veciñais o seu respectivo territorio, de forma que teñan comunicación tódolos núcleos poboados que excedan de 75 habitantes". Tamén

dispón o referido artigo 133, que a construcción e conservación dos camiños veciñais correrá a cargo das Deputacións Provinciais: pero o Estado subvencionará o servicio durante un período de dez anos, e que "no prazo máximo dun ano, a partires da vixencia desta Lei, redactaría cada Deputación provincial, con informe previo da respectiva Xefatura de Obras Públicas, o Plan Xeral de Camiños Veciñais da provincia".

Así o fixo a Deputación de Pontevedra, que aprobou o Plan de Camiños Veciñais da provincia definitivamente, en sesión plenaria de 22 de outubro de 1926, e que se recolle e transcribe no mapa-plano, número 6, coas modificacións introducidas no mesmo segundo acordos adoptados pola Corporación en sesións de 2 de xullo de 1928 e 25 de outubro de 1929.

Con posterioridade, na sesión do 31 de xaneiro de 1930, acordouse abrir un concurso de ofrecementos para establecer o Plan de prelación na construcción dos camiños veciñais; concurso que foi suspendido ó mes seguinte na sesión do 14 de febreiro do mesmo ano "polas circunstancias extraordina-

Antigo proxecto dun camiño.






Viaducto riba o Rio Miño en Frieira.

rias que atravesa a vida das Corporacións Locais''. Sen embargo, dous meses despois, na sesión do 20 de abril de 1930, acórdase abrir de novo o concurso, e no BOP do 18 de xuño faise pública a relación das propostas feitas, en base as cales, fórmase e aproba definitivamente, na sesión do 28 de xullo de 1930, o Plan de prelación de construcción de camiños veciñais, que a súa vez obtivo o espaldarazo da Administración Central —Dirección Xeral de Obras Públicas— a virtude da R.O. do 7 do seguinte mes.

Con cargo á consignación disponible para construcción de camiños veciñais dos anos 1930 e 1931, procedente do préstamo concertado pola Deputación a este fin co Banco de Crédito Local de España, ábrese o 8 de outubro de 1930 un concurso para a



Ponte de Catoira.

construcción dun total de 23 camiños dos incluídos no Plan. Tamén tivo a Deputación aportacións con destino a outras construcións do imposto do Paro Obreiro, pero ó estoura-la Guerra Civil de 1936, paralízanse as obras do Plan incautándose a Xunta Militar de Burgos das cantidades disponibles e non invertidas.

Despois de rematada a Guerra Civil, a O.M. do 9 de xuño de 1942, ordena a redacción dun novo Plan de Camiños. Unha vez redactado o desta provincia, a Comisión Xestora da Deputación Provincial aprobao, en sesión do 28 de maio de 1944, sendo á súa vez aprobado de forma definitiva, en virtude das facultades que lle confería a O.M. de 9 de xuño de 1942, pola Xefatura de Obras Públicas, en 31 de marzo de 1945. Este Plan, que practicamente cubre toda a provincia no que a comunicación viaria se refire, trascribese no mapa-plano número 7, e é o basicamente vixente.

Un capítulo de verdadeira importancia foi a transformación de firmes nas vías provinciais, iniciado hai uns 25 anos, pasando do macadam ó aglomerado asfáltico, pois no momento actual pódese dicir que está asfaltada practicamente toda a rede, xa que teñen aglomerado 243 kilómetros, e melloráronse, ensanchado, ou están en vías de realización outros 324 kilómetros.


Outro aspecto das comunicacións viarias, que é necesario resaltar, é o da construcción de pontes que aparece con frecuencia nas sesións da Deputación do século pasado e nos BOP anunciando a súa licitación e execución, e que se completa no presente no que se realizou a construcción dun conxunto de pontes económicas: Mondariz-Balneario, O Rosal, Barciademera, Aranza, Eiras, Oleiros; e melloráronse e ensancharonse outras como as de: Carballedo, Ponte Verdugo, Achas, Area, Salceda, Ponteareas, As Neves, Santa Margarita, Moraña e Cabanelas; realizándose tamén a construcción de pontes de certa importancia e dificultade, como a ponte Sarandón, Barrantes, O Pego, Sande, e especialmente as de Frieira, sobre o río Miño, e Catoira, sobre o Ulla.




Ponte de Catoira riba do Rio Ulla.

A Deputación actual deu un notable impulso á rede viaria provincial, coa aprobación dos proxectos e a subasta e adxudicación das obras, de dúas estradas xa en construcción, moi importantes: o enlace Folgoso-Silleda (estrada Cerdedo a Taboada) que porá en comunicación as estradas nacionais de Santiago-Ourense e Pontevedra-Ourense; e que consta de catro tramos: Folgoso-Cachafeiro; Cachafeiro-Dos Iglesias; Dos Iglesias-Graba; e, Graba-Silleda, cunha lonxitude de 26,059 kilómetros, un presuposto calculado de 989.562.038 pesetas, e un ancho de 10 metros, —dúas calzadas de 3,50 metros e dous arcéns de 1,50—; e a estrada desde o Viaducto de Catoira á estrada nacional de Vigo a A Coruña, nas inmediacións da vila de Caldas de Reis, que enlaza a península da Barbanza coa estrada xeral, e no futuro coa auto-estrada do Atlántico, cunha lonxitude de 8,281 kilómetros, un presuposto de pesetas 303.758.925, e un ancho de 10 metros —dúas calzadas de 3,50 metros e dous arcéns de 1,50—.

Comparando os mapas-planos confeccionados, ó que engadimos co número 8, o da rede de vías provinciais en conservación, pode xulgarse o labor que no canto da rede viaria provincial realizou a Deputación de Pontevedra. Xa, no que ó noso século se refire, vemos como os 46,213 kilómetros construídos pola Deputación ata aquela data, pasan a ser no ano 1944, ó aprobarse o último Plan de Camiños, 221,463 kilómetros de estradas e 378,433 kilómetros de camiños veciñais, e que ningún deles tiña tratamento asfáltico. Na actualidade a nosa Deputación ten 220,688 kilómetros de estrada e 1.570,000 kilómetros de camiños veciñais en conservación, se ben é convinte clarexar que figuran como camiños veciñais, verdadeiras estradas provinciais como a de Ponte Ledesma-Oseira; Prado-Camanzo e Areas-Guillarei; e tanto as estradas como os camiños veciñais están todos dotados de tratamento asfáltico na súa capa de rodadura.





2.3

FERROCARRIS

A Deputación pontevedresa inicialmente dá mostras de escaso entusiasmo polos "camiños de ferro" (cara mediados do século XIX) cando chega a Galicia o fervor polo novo medio de locomoción. Perante a invitación da Deputación de Ourense para celebrar unha reunión con vistas a xuntar esforzos para consegui-la atención da Corte, a Corpo-

ración Provincial manifesta o seu escepticismo perante a posibilidade de que a provincia poidese afronta-lo gasto e consideraba, por outra banda, que xa resultara moi gravoso o ''camiño de rodas'' a Vigo.

Un ano máis tarde, e en plena crise de 1853, o Goberno da provincia de Ourense teima no proxecto do ferrocarril de Valladolid a Vigo e a resposta volve a ser negativa, pospoñéndoo ''por estar sen remataren as estradas de rodas nas que está comprometida, e a actual miseria pública que a aflixe''.

A fins do mesmo ano, cando se topa obrigada a informar sobre a convenencia de que Vigo sexa o punto de partida con preferencia a Coruña, na súa resposta pesimista e pouco constructiva adivíñase a rivalidade coa cidade veciña, o que provocaría o descontento do representante de Vigo na Corporación: O proxecto semellábalIe que era ''polo de agora, un fermoso ideal, un tanto irrealizable se atendemos á sempre crecente miseria do país, e á falta de creto e capitais na maior parte dos especuladores que podían tenciona-la sua execución. Carecendo estes daquelas circunstancias só aspiran á posición de empresarios para se enriqueceren a costa dos pobos, e coa intención de vender máis tarde, excesivamente caros, os seus dereitos ó Estado, o Erario do cal vive na angustiosa posición que por desgracia é dabondo coñecida''.

Algúns anos máis tarde, en 1856, D. Eduardo Chao, Deputado a Cortes por Ourense e vigués de adopción, conxuntamente coas Deputacións de Ourense e Pontevedra, inicia os estudios da liña férrea. Ó pouco tempo comenza a considerar Chao que a cantidade de 15.000 reais por legoa é curta e os estudios van demorando. Aínda que o Concello de Vigo ofrece aportación económica, Chao remata por cede-los dereitos da concesión a favor das Deputacións e paralízase a iniciativa, aínda por moi pouco tempo, xa que no R.O. de 14 de xaneiro de 1857, publicada no BOP do 26 do mesmo mes, se expresa que ''recoñecido o porto de Vigo coma un dos mellores do Reino, e sendo de grande importancia levar a desembocar nel un ferrocarril que facilite as comunicacións co interior do país'', S.M. a Raíña dispón que se faga o estudio da liña de Zamora a Vigo, por conta do Goberno, dando o encargo de facelo Enxeneiro D. Práxedes Sagasta.

O coñecemento desta R.O. fai que a Deputación de Pontevedra, ''reunida extraordinariamente polo Gobernador'' o 22 de xaneiro de 1857, acorde por unanimidade elevar a S.M. a Exposición que se publica no BOP do 26 de xaneiro referido, na que expresa o seu xúbilo e manifesta: ''O porto de Vigo, un dos mellores de Europa, segundo din os intelixentes, ofrece incalculables ventaxas e grande porvir para unha liña ferrada que o poña en comunicación coa Corte e coas provincias do interior. A Deputación felicítase da acertada e fecunda resolución do goberno de V.M., tanto máis canto que tendo feito esta provincia algúns desembolsos e sacrificios para os estudios desta liña férrea, temía chegasen a quedar infructuosos ou inútiles por falta de medios para levalos a feliz término, coas obras importantes e trascendentais que son conseguintes''.

Núm. 11. Lunes 26 de Enero. Año de 1857.

BOLETIN OFICIAL.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Se publica los Lunes, Miércoles y Viernes.—Cuesta por suscricion en esta capital el trimestre 24 rs., y fuera 32.—Los anuncios á precios económicos.—Los números sueltos á cuatro cuartos por cada pliego de impresion.—Se admiten suscriciones á las obras y periódicos del reino y estranjero, y cuantos igualmente encargos para toda clase de impresiones, que se harán á precios módicos, en la misma redaccion, Plaza de la Herrería, núm. 3.

PARTE OFICIAL.

PRIMERA SECCION.

MINISTERIOS.

PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS.

S. M. la Reina nuestra Señora (Q. D. G.) y su augusta Real familia continúan sin novedad en su importante salud.

GOBIERNO CIVIL DE LA PROVINCIA.

Vigilancia.

CIRCULAR.

Los Alcaldes de los pueblos de esta provincia, Guardia civil y demas dependientes de vigilancia, adoptarán inmediatamente todas las medidas oportunas á fin de conseguir la captura del Capitan emigrado francés D. Antonio Loudé, el cual ha desaparecido de la ciudad de la Coruña sin documento que garantice su persona; y si fuese habido lo pondrán á mi disposicion con la debida seguridad: sus señas son las que se espresan á continuacion. Pontevedra 24 de enero de 1857.—El Gobernador, *Luciano Quiñones de Leon.*

Señas.

Edad, al parecer, de 54 á 56 años.—Estatura 5 pies.—Regordete y viste gaban de paño de mezcla color claro y una gorra de pelo.

Circular.

Los Alcaldes de los pueblos de esta provincia, en vista de la presente procederán á averiguar si se encuentra en su respectiva jurisdicion el soldado del regimiento infantería de Cantabria José Magan, que se halla disfrutando tres meses de licencia temporal por enfermo, á fin de que el alcalde del pueblo donde se encuentre el citado Magan, disponga sea trasladado inmediatamente al Hospital mas cercano, con objeto de que sea sometido á los reconocimientos facultativos de reglamento, dándome parte de haberlo verificado con toda brevedad. Pontevedra 24 de Enero de 1857.—E. G., *Luciano Quiñones de Leon.*

El Excmo. Sr. Ministro de Fomento, con fecha 14 del actual me comunica la Real órden siguiente.

«Al Director general de obras públicas, digo con esta fecha lo siguiente.=Ilmo. Sr.=Reconocido el puerto de Vigo como uno de los mejores del Reino, y siendo de grande importancia llevar á desembocar en él un ferro-carril que facilite las comunicaciones con el interior del pais, S. M. la Reina (q. D. g.) se ha dignado mandar, que en atencion á estarse haciendo por una empresa particular el proyecto de un camino de hierro desde Zamora á empalmar con el de Madrid á Valladolid, Burgos é Irun, se verifique por cuenta del Gobierno el estudio de la continuacion de esta línea desde Zamora á Vigo, dando el encargo de hacerlo al Ingeniero D. Práxedes Sagasta, quien propondrá inmediatamente á la aprobacion de esa Direccion general el personal ausiliar y demas que necesite para el desempeño de esta comision.=De Real órden lo traslado á V. S. para su inteligencia y conocimiento de esa Diputacion provincial, advirtiéndole que preste al Ingeniero encargado de hacer el estudio, y á sus dependientes, los ausilios que reclamen para el desempeño de su comision.»

Lo que he dispuesto se inserte en este periódico oficial, para conocimiento y satisfaccion de todos los habitantes de esta provincia. Pontevedra 24 de enero de 1857.=E. G., Luciano Quiñones de Leon.-Calisto Varela, Srio.

Esposicion elevada á S. M. por la Excma. Diputacion provincial á consecuencia de la Real órden precedente.

SEÑORA:—La Diputacion provincial de Pontevedra, reunida estraordinariamente por el Gobernador, á V. M. con todo el acatamiento debido, espone: que acaba de recibir una comunicacion espedida por el Ministerio de Fomento, en la cual se declara que el puerto de Vigo, uno de los mejores del Reino, es el punto destinado para concluir en él los estudios del ferro-carril, que partiendo del centro de Castilla ha de venir al litoral por esta parte de la Península, tomando el Gobierno á su cargo la continuacion de aquellos para dicho ferro-carril. Esta resolucion tan importante ha llenado de júbilo á esta corporacion, y producirá sin duda el mismo efecto á todos los habitantes de esta provincia. El puerto de Vigo, uno de los mejores de Europa, segun dicen los inteligentes, ofrece incalculables ventajas y gran porvenir para una línea ferrada que le ponga en comunicacion con la Corte, y con las provincias del interior. La Diputacion se felicita de la acertada y fecunda resolucion del Gobierno de V. M., tanto mas, cuanto que habiendo hecho esta provincia algunos desembolsos y sacrificios para los estudios de esta línea férrea, temia llegasen á quedar infructuosos ó inútiles por falta de medios para llevarlos á feliz término, con las obras importantes y trascendentales que son consiguientes. No hay mas esta Diputacion puede asegurar á sus representados que el ferro carril de Vigo á Valladolid, será una realidad, y que el pensamiento iniciado en esta provincia será completamente ejecutado, con inmensos beneficios para la Nacion entera, para la Corte y especialmente para toda esta misma provincia por lo cual todos los pueblos de ella y esta Diputacion en su nombre, elevan á V. M. la manifestacion del mas profundo agradecimiento, y las mas espresivas gracias, esperando que los deseos de esta Corporacion y de sus administrados, se verán satisfechos á la mayor brevedad posible.

Esta Diputacion suplica á V. M. se digne aceptar esta sincera y leal demostracion de los sentimientos que la animan; interin queda rogando al Todo-Poderoso conserve largos años la preciosa vida de V. M. para que pueda dar cima y complemento á empresas tan útiles é interesantes como la que ha tomado bajo su proteccion. Pontevedra 22 de Enero de 1857.—SEÑORA.—A. L. R. P. de V. M.—El presidente, Luciano Quiñones de Leon.—Juan Gregorio Maceira, diputado por Tuy.—Ignacio Caballeira, por Puenteareas.—Manuel Troncoso de Almansa por Redondela.—Joaquin Vazquez de Puga, por la Cañiza.—José Espinosa, por Lalin.—Lorenzo Varela, por Caldas.—El Marqués de Valladares, por Vigo.—Francisco Antonio Riestra, por Pontevedra.—Antolin Esperon, por Puente-Caldelas.—Marcial Valladares, por Tabeirós.

Lo que he dispuesto se inserte en este periódico oficial para su debida publicidad. Pontevedra 24 de Enero de 1857.—El G., Luciano Quiñones de Leon.


Real órden disponiendo que los 263,888 reales producto de la suscricion abierta por los Gobernadores de las provincias del Reino con destino al alivio de las calamidades que afligieron á Galicia en el año de 1853, se distribuyan entre sus cuatro provincias y las de Asturias y Leon.

Circular.

El Ilmo. Sr. Subsecretario del Ministerio de la Gobernacion con fecha 5 del actual me comunica la real órden que sigue:

«El Sr. Ministro de la Gobernacion dice con esta fecha al Presidente de la Junta especial de caridad para las provincias de Galicia lo que sigue: La


PONTEVEDRA



Bendición da Locomotora "Pontevedra" 30 de Junio 1884.

O seguinte intento tén lugar con ocasión do denominado Ferrocarril do Príncipe D. Alfonso, de Galicia a Madrid. A inconcreción do punto de término ou saída debíase ás tensións e competencia entre A Coruña e Vigo. A Deputación, pola súa parte, xa se amosa con grande interés aparecer como concesionaria e en 1860 pretendía invertir no Ferrocarril 8.351.000 reais de anticipos feitos para a estrada de Vigo a Castela, e o reintegro do cal fora aprobado en 1849. Á marxe do éxito desta xestión solicita aprobación gubernamental para suscribir 1500 accións por un valor de 3.000.000 de reais desembolsadas en seis anos. Pensaba obte-lo capital dunha complicada operación de creto que obrigou ó Goberno a advertir que non se podería cargar nos gastos obrigatorios do presuposto provincial. Anotar tamén, dentro do ano 1860, a reunión celebrada no Goberno Civil de Pontevedra o día 19 de abril, co obxecto de organiza-los traballos do ferrocarril galego, a acta da cal se publica no BOP de 9 de maio, e a Real autorización concedida no 16 de xuño de 1860 a D. José González Domenech, para verifica-los estudios dun ferrocarril que, partindo do proxectado de Monforte a Vigo, en Redondela, rematase na cidade de Pontevedra.

Tamén por R.O. de 9 de febreiro de 1861, autorizouse a D. Inocencio Vilardebó para verifica-los estudios dun ferrocarril "que partindo do pobo de Carril, provincia de Pontevedra, e pasando por Vilagarcía e Pontevedra, empalme en Redondela, coa liña de Monforte a Vigo.

En plena euforia dos "camiños de ferro", tamén participa na iniciativa do ferrocarril que uniría Santiago co importante porto de Carril, comprometéndose a suscribir 200 accións en dous anos por un valor de 100.000 reais.

Ó longo de 1861, vanse suceder unha serie de tensións entre as distintas Deputacións galegas polo desigual esforzo que pretendían facer no asunto das subvencións ós distintos tramos do ferrocarril. O tramo Ponferrada-Ourense era común e de interés para A Coruña e Vigo, pero o esforzo plantexábase de forma máis gravosa para Ourense e Pontevedra, o que propiciou a polémica xornalística. Por outra banda, o tramo Ponferrada-Ourense, plantexaba grandes dificultades técnicas que o facía máis costoso e provocaba o retraimento das empresas, para forzar subvencións maiores.

Todo isto fai que a Deputación concentre o esforzo no tramo Ourense-Vigo que tampouco encontraba un licitador nas subastas, a pesar de que a subvención da provincia chegaba xa ós tres millóns de reais.

Así, cando D. Juan Flórez presenta directamente a solicitude da concesión do Ferrocarril de Ourense a Vigo, comprometéndose a deposita-la cantidade necesaria para que salga a subasta, a Deputación acepta a proposta de dito empresario de se comprometer a suscribir accións por un importe de 6.000.000 de reais, desembolsando o 20% ós trinta días da adxudicación. Unicamente houbo un voto discordante co acordo, o do Deputado D. Francisco A. Riestra, que acusaba de favoritismo cara unha persoa concreta, ademais de plantexar serias dúbidas sobre a capacidade da Deputación de facer frente económicamente ó compromiso.

Año de 1862. Lunes 24 de Marzo. Número 36.

ESTE PERIODICO
se publica los Lunes, Miércoles y Viernes de cada semana

PRECIOS DE SUSCRICION
20 rs. 3.tre en esta capital y fuera 30, adelantados.

BOLETIN OFICIAL
DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Corresponde al Gefe político, publicar, circular, ejecutar y hacer que se ejecuten en la provincia de su mando las leyes, decretos, órdenes y disposiciones que al efecto le comunique el Gobierno. (Artículo 4.°, párrafo 1.° de la ley de 2 de Abril de 1845.)

Corresponde á los Alcaldes publicar, ejecutar y hacer ejecutar en el distrito de su cargo las leyes, reglamentos, Reales órdenes y disposiciones de la Administracion superior (Ley de 8 de Enero de 1845. artículo 73 párrafo 1.°)

PARTE OFICIAL.

PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS.

S. M. la Reina (q. D. g.) y su augusta Real familia continúan en la córte sin novedad en su importante salud.

PRIMERA SECCION.

GOBIERNO DE PROVINCIA.

Seccion de Fomento.—Obras públicas.—Negociado 3.°

Se anuncia la inauguracion de las obras del *Ferro-carril compostelano*.

Circular número 83.

Con esta fecha digo á los concesionarios del *Ferro-carril compostelano* lo siguiente:=En contestacion á la atenta comunicacion de V. S. S. de 20 del actual debo manifestarles: que tendré la alta complacencia de inaugurar las obras de *Ferro-carril compostelano*, à que V. S. S. tienen á bien invitarme señalando al efecto el Domingo 30 del corriente mes, siendo mucha la satisfaccion que me cabe de coadyuvar en la parte que me corresponda á una solemnidad tan grata para mi y de la cual ha de esperar esta provincia resultados muy beneficiosos.=Lo que tengo el honor de manifestar á V. S. S. para su conocimiento.


Y debiendo tener lugar la inauguracion de los trabajos de dicha via férrea en el puerto del Carril, hè dispuesto anunciarlo en este periódico oficial para que llegando á noticia del público pueda tomar parte en un acto tan solemne y grandioso para los pueblos de Galicia.—Pontevedra 22 de Marzo de 1862.=El Gobernador, *Cosme Errea*.

A inauguración das obras do ferrocarril de Carril a Santiago, que tería lugar o 30 de marzo de 1862, enche a primeira páxina do BOP do 24 de marzo que reproducimos. Este ferrocarril por R.O. do 12 de abril de 1862, pasou a se denominar Ferrocarril Compostelano de la Infanta Doña Isabel.

Cando ó ano seguinte, en maio de 1863, o concesionario Flórez solicita o desembolso de 1.200.000 reais, importe do 20% acordado, se plantexa un conflicto serio co Gobernador que, actuando de Ordenador de Pagos, pregunta con que papel ía sustitui-lo diñeiro que se reclamaba xa que non estaba constituída a sociedade que tiña que emiti-las accións.

No BOP do 17 de xuño de 1863, publícase o "Programa das funcións dispostas polo Ilustre Concello Constitucional de Vigo, dacordo co Sr. Gobernador Civil e Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, para solemniza-la inauguración das obras do ferrocarril do Príncipe D. Alfonso e sección de Ourense a esta cidade, que terá lugar na mesma o 23 de xuño de 1863", que abranguía ós días 22, 23, 24 e 25 e atinguía un conxunto de festexos realmente extraordinario.

En 1864, a situación dá un novo xiro ó ceder D. Juan Flórez os dereitos que tiña como concesionario da liña Ourense-Vigo á Compañía de Ferrocarril de Medina a Zamora. Tamén xorden problemas con esta Compañía o que obriga á Deputación a toma-lo acordo de non facer máis pagos ata converte-los 3.158 títulos provisionais que posuía en definitivos.




Viaducto da ponte da Barca (Pontevedra).

A suspensión de pagos do importante accionista da Compañía, D. Rafael Bertrán de Lis, leva á mesma a unha situación crítica que trae como consecuencia a práctica paralización das obras.

En contraste coa lentitude deste tramo, en 1873, comisionase ó Sr. Casares para que represente á Deputación nos actos con motivo da inauguración en 1873 do ferrocarril Santiago a Carril, do cal reproducímolo cadro oficial de servicio de trens.

No período que segue ata 1880, sucédense os intentos de avantar nos tramos



Pontevedra-Carril e Pontevedra-Redondela, co obxecto de pecha-la rede en torno á capital de provincia. No canto da Compañía de ferrocarril de Medina a Zamora, Ourense e Vigo, a Deputación continúa enviando representantes ás Xuntas de accionistas, destacando as xestións para recuperar 300 accións que se enviaron co gallo da Xunta de 1868, e que se encontraban por aquelas datas en paradeiro aínda descoñecido.

En 1880, plantéxase a actitude a seguir na política de subvencións en relación co tramo Pontevedra-Redondela. O asunto provoca a división no seo da Corporación, formándose dous grupos ben diferenciados que se aglutinan en torno ós denominados proxectos do Sr. Besada e do Sr. Mugártegui. Este último defendía a teses de que era preferible suscribir 2.000.00 de reais que entregar a fondo perdido 80.000 duros. Pero a polémica tiña un trasfondo maior ó se mestura-lo inevitable localismo que se desprende da acta da sesión.

Sr. Mugártegui: A Deputación debía ter moi presente que detrás da vía de Redondela está a do Carril a esta Capital para a que será forzoso destinar unha subvención maior que para a primeira posto que é tamén maior o seu traxecto.

Sr. Besada: (a media voz) Esa é a cuestión.

Sr. Mugártegui: En efecto, éo para min e de primeira importancia, posto que tendo o honor de representar na Deputación os intereses do partido de Cambados...".

Rematou Besada insistindo na súa postura, engadindo que incluso a Compañía de Ourense a Vigo estaría interesada en continuar ata Carril sen subvención. A súa proposta recibiu doce votos frente a sete do seu opoñente.

O ano seguinte, plantéxase a conveniencia de prolonga-la liña Pontevedra-Carril ata o porto de Marín e en 1882, decídese fixar conxuntamente a subvención para todo o traxecto Carril-Pontevedra-Marín, desglosado da seguinte forma: Millón e medio de reais á empresa que remate as obras de Pontevedra-Carril no prazo improrrogable de

FERRO-CARRIL COMPOSTELANO.

SERVICIO DE TRENES DESDE SU INAUGURACION.

VIA DESCENDENTE.

DISTANCIAS KILOMÉTRICAS.		ESTACIONES.	MISTOS.											
			TREN NÚM. 1.				TREN NÚM. 3.				TREN NÚM. 5.			
Desde Santiago. (Cornes.)	De las Estaciones entre sí.		Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.	Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.	Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.
		(Cornes.)												
		Santiago.			8h m.					2h 30				6h 30
	5.280													
5.280		Casal.	10	8h 10	2	8.12	10	2h 40	4	2.44	18	6 40	2	6.42
	4.766													
10.046		Osebe.	10	8.22	2	8.24	10	2.54	5	2.59	18	6 52	2	6.54
	6.242													
16.288		Esclavitud.	12	8.36	4	8.40	12	3 11	6	3.17	12	7.6	4	7.10
	4.984													
21.272		Padron.	10	8.50	5	8.55	10	3.27	7	3.34	10	7 20	5	7.25
	1.774													
23.046		Cesures.	4	8.59	2	9.1	4	3.38	4	3.42	4	7.29	2	7.31
	9.565													
32.611		Catoira.	17	9.18	3	9.21	17	3.59	5	4.4	17	7.48	3	7.51
	8.478[1]													
41.089[2]		Carril.	10	9.37	»	»	16	4.20	»	»	18	8.7	»	»

VIA ASCENDENTE.

DISTANCIAS KILOMÉTRICAS.		ESTACIONES	MISTOS.											
			TREN NÚM 2.				TREN NÚM 4.				TREN NÚM. 6.			
Desde Carril.	De las Estaciones entre sí.		Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.	Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.	Tiempo en el trayecto.	Llegada.	Parada.	Salida.
		Carril.				5h 30m				14h 50m				4h 25
	8.478[1]													
8.478		Catoira.	16	5.40	2	5.48	16	11.46	5	11.51	16	4 41	2	4 43
	9 565													
18.128		Cesures.	17	6.5	2	6 7	17	12.8	4	12.12	17	5.4	2	5.2
	1.774													
19.903		Padron.	4	6.11	5	6.16	4	12.16	7	12.25	4	5.6	5	5.11
	4.984													
24.887		Esclavitud.	12	6.28	4	6.32	12	12.35	6	12.41	12	5.23	4	5.27
	6,242													
31.129		Osebe.	13	6.47	2	6.49	13	12.56	5	1.1	13	5.42	2	5.44
	4.766													
35.895		Casal.	12	7.1	2	7.3	12	1.13	4	1.17	12	5.56	2	5.58
	5.280													
41 089[2]		Santiago. (Cornes.)	13	7.16	»	»	13	1.30	»	»	13	6.11	»	»

NOTA.—Los trenes números 5 y 6 de este cuadro se practicarán con la marcha que en él se determina en los días no festivos, pues en los festivos sufrirán un retraso uniforme de dos horas en sus salidas y respectivos movimientos.

Aprobado por Orden de 4 de Setiembre de 1873.—El Director general, J. Moret.

tres anos e 30.000 duros á empresa que acometa o tramo a Marín.

Avántase paseniño no proxecto do ramal a Marín e xorden interesados en realiza-los estudios, incluída a mesma compañía Zamora-Orense-Vigo coa condición de que a Deputación fose puntual no pago das subvencións dos outros tramos.

En 1883, iníciase un período no que o optimismo arrodea tódalas iniciativas relacionadas coas vías férreas. No primeiro lugar, concédese unha parte importante da subvención acordada para o tramo Pontevedra-Redondela, solicitada pola Compañía MZOV en base a que esta "abrigaba a firme crencia de que antes de se remata-la prórroga outorgada para a conclusión das obras ha chega-la locomotora a Pontevedra".

A realidade foi que, ó ano seguinte, era inaugurada a liña que poñía á capital da provincia en contacto coa da Corte. Os pontevedreses xa podían desprazarse ata Vigo por 1,65 pesetas e a Ourense por 7,25 pesetas.

Neste ambiente de euforia, apróbase en 1885 unha subvención de 125.000 pesetas para a construcción en Vigo do ramal do ferrocarril de acceso ó seu importante porto, ascendendo o total do presupuesto da obra a

1.296.171 pesetas. Tamén recibe especial atención a comunicación co porto de Carril e perante a solicitude do representante de "The Coruña Santiago and Peninsular Railway Company Limited". D. Juan Trulock de que a Deputación concedese unha subvención adicional de 125.000 pesetas, unha Comisión especial constituída para emitir informe decide altera-lo acordo tomado en 1882, ó que xa fixemos referencia máis arriba, e acordan propór ó Pleno que se eleve a subvención a 500.000 pesetas, se a obra é realizada en tres anos.

Para rematar este período de efervescencia ferroviaria, cara fins da década, concretamente en 1888, xorden as primeiras voces en favor dos denominados ferrocarrís económicos que tiñan o obxectivo de satisface-las necesidades de comunicación das cabezas dos partidos xudiciais entre si e de todas elas coa capital, así como a conexión cos núcleos de poboación que contaban por aquela época cos frecuentadísimos balnearios.

Nos anos noventa, asistimos a unha nova xeira na que o destacable son as dificultades das Compañías para remata-las obras, e as conseguintes solicitudes de prórrogas sucédense unha trala outra, destacando os inconvenientes cos que se encontra o trazado Pontevedra-Carril onde as influencias e o peso do destacado político Salvador Quiroga Ballesteros, afectado nas súas propiedades polo trazado da vía férrea, obriga a novos e continuados retrasos, dándose a situación de que en 1899, dos 33 km. de percorrido, había xa construídos 32 km. pero a

Estación Ferrocarril de Vigo.



Compañía vese na necesidade de solicitar unha nova prórroga para non perde-la subvención.

Paralelamente ás dificultades que soportaba a liña principal da rede ferroviaria, proxéctanse novas liñas, destacando de forma especial o proxecto de ferrocarril de vía estreita de Pontevedra a Monforte, por Cuntis, Estrada, Val do Ulla, Bandeira, Silleda, Lalín, Rodeiro e Chantada.

Os argumentos esgrimidos para xustificalo proxecto resultan ser de grande actualidade, xa que enlazan con outra importante vía de comunicación que emprendería tamén a Deputación case cen anos máis tarde. Os Deputados manifestan o seu apoio ó proxecto porque "os partidos xudiciais de A Estrada e Lalín teñen un centro comercial na cidade de Santiago por falta de cómodas comunicacións coa de Pontevedra que debería selo seu natural mercado".

D. Ramón Pascual López, sería o enxeñeiro encargado dos estudios do primeiro tramo Pontevedra-A Estrada por 50.000 pesetas pagadeiras a quinta parte nun ano e o resto coa aprobación do proxecto. Para reparti-la carga, pretendíase involucrar no asunto á Deputación de Lugo moi expectante pero pouco disposta ó esforzo económico.

Coa chegada do novo século, e co aumento do tráfico ferroviario comenzan tamén os accidentes. Na noite do 11 de agosto de 1901, ocurre un choque de trens polo que a Comisión Provincial, competente no caso, impón á Compañía tres multas de 2.000, 500 e 2.500 pesetas por cada unha das tres faltas que o Xefe da 1ª División de Ferrocarrís facía constar no expediente, xustificando a súa decisión ó considera-la "frecuencia con que se suceden estes accidentes ferroviarios, a maior parte das veces por neglixencia e abandono dos empregados das empresas, e outras por falta dos útiles necesarios dos que as mesmas deben estar provistas".

Outro accidente desgraciado e de maior trascendencia foi o que tivo lugar o 8 de xaneiro de 1902, cando por unha ruptura dunha chaveta de seguridade, se desprenden uns vagóns dunha máquina que se dirixía á estación de A Portela, emprendendo aqueles unha vertixinosa marcha que culminou con varios obreiros contusionados e o falecemento do obreiro da liña Andrés Castro.

Despois do plego de descargo da Compañía e tendo en conta que a chaveta era de boa calidade e que estaba soportando tensións inferiores ós máximos permitidos, a Comisión Provincial decide que a Compañía estaba exenta de responsabilidade.

Nos anos sucesivos, a Comisión tén que decidir sobre varios informes relativos a retrasos dos trens, descarrilamentos e incluso un estoupido da caldeira dunha máquina na estación de Vigo. En xeral, a Comisión Provincial amósase moi benévola coa Compañía frente á insistencia dos Enxeñeiros Xefes da 5ª División máis proclives a sancionala. Os motivos exculpatorios que utilizaba a Compañía e aceptaba a Comisión eran moi variados; folgas de empregados, pedras nas vías por mor dos temporais ou, simplemente, a necesidade de agarda-lo empalme do tren correo.

Un expediente destaca pola súa orixinalidade. O Enxeñeiro denuncia á Compañía porque durante tres semanas do mes de outubro de 1907, os trens circularon sen teren fixado no exterior os rótulos de "Reservado para señoras" e "Non fumadores". Tencionaba impór unha multa por cada tren que circulara sen os rótulos regulamentarios; en total 2.500 pesetas por cada semana. A Compañía alegaba que non houbera ningunha reclamación e que "os tarxetóns tíranos á vía os pasaxeiros". A Comisión Provincial considerou que non procedía a sanción.

Pero esta benevolencia da Comisión toma un sesgo de complicidade cando decide, co gallo do choque de trens do 24 de outubro do mesmo ano 1907, eximir de responsabilidade á Compañía baseándose en que "o máis seguro e que aceptou unanimemente a opinión foi a hipótese ben fundamentada de que o cambio da agulla realizouna algunha persoa de malos instintos que acertou a pasar polo lugar da agulla no momento próximo á chegada do tren".

Os anos seguintes contemplan a reanudación das teimas de enlazar por ferrocarril Zamora con Ourense, para o que se procuran apoios parlamentarios e dos Concellos do sur de Galicia; relánzase a actividade en torno ós denominados ferrocarrís "estratéxicos" e xorden grupos financieiros franceses e belgas en torno ós tramos Pontevedra—Estrada e Pontevedra-Ribadavia. Ademais concrétase definitivamente coa Deputación de Lugo co obxecto de converter en realidade o Ferrocarril Central de Galicia que iría desde Pontevedra a Ribadeo.

Coa chegada da Dictadura de Primo de Rivera, sucédense as xestións das catro Deputacións perante o Directorio con vistas a unha resolución feliz do Ferrocarril Central, pero dilúese toda esperanza nas Comisións do estudio sobre viabilidade económica. Sen embargo, unha espectativa fica aberta de novo cando se aproba o proxecto de ferrocarril de Zamora-Ourense. As xestións en col desta liña continuarán na República e o mesmo Azaña prometerá en 1933 a unha Comisión que "as obras do ferrocarril por Zamora continuarán con toda a intensidade que permitan as posibilidades económicas, e que consideraba este asunto como cousa propia".

Tamén durante a República rexurdirá o Ferrocarril de Pontevedra a Ribadavia, dirixíndose a Deputación ó Ministro de Obras Públicas para que figurase no nº 1 no Plan de Ferrocarrís estratéxicos, lugar que disfrutaba con anterioridade. Por outra banda, solicitábase que o Ferrocarril a Marín se construíse empalmando co de Ourense a Santiago en Silleda.

A Guerra Civil conxela todo tipo de iniciativas e durante o réxime instaurado ó remate da loita, os esforzos da Deputación procuraron as canles cara a consecución do anceiado Ferrocarril de Pontevedra a Marín.




Tranvía de Pontevedra-Marín.



2.4

TRANVIAS

As primeiras referencias que relacionan á Deputación Provincial coa iniciativa dos tranvías, remóntanse a fins de 1880, cando os Deputados Limeses, Quiroga e Ruza conseguen a aprobación dunha moción pola que se acordaba subvenciona-la construcción dun tranvía de Pontevedra a Marín, tendo en conta que dito percorrido fora eleminado do Plan de Ferrocarrís do Estado debido ó seu alto custo, e que contemplaba inicialmente que a sección de Carril a Redondela pasase por Marín. A subvención aprobada ascendía á cantidade de 5.000 pts./km.



Estación do tranvía de Marín.

Ata 1884, non se recibe a primeira oferta para a construcción dun tranvía a vapor realizada por D. Prudencio Otero, coa posibilidade aberta de utiliza-la fórmula dun ferrocarril de vía estreita, pero esixe como condición que a Deputación subvencione o proxecto con 200.000 pesetas. De 32.000 duros non pasou a oferta da Deputación.

Será sen embargo D. Carlos Gastañudy quen realice a construcción do tranvía a vapor de Pontevedra a Marín ó longo do ano 1888. A Deputación fará un esforzo na subvención e, aínda que non estaba obrigada a paga-la totalidade da mesma ata dous anos despois de rematadas as obras, desembolsará os tres prazos acordados de 53.333,33 pesetas, no mesmo ano da construcción.

Durante o período de explotación, a Deputación tén que se pronunciar en dúas ocasións sobre o recurso presentado polo arrendatario de postos públicos, e relativo á súa intención de aplicar ó tranvía o arbitrio de carruaxes, e sobre a intención do Concello de sometelo tamén ó pago dun arbitrio, desestimouno en ámbalas dúas ocasións.

Tamén en Vigo se estudiou desde 1884 a posibilidade de instalar un tranvía a vapor deica Baiona. En 1898, D. Augusto Bárcena Franco consegue que a Deputación se comprometa a subvenciona-lo proxecto con 7.500 pts/km. pero non chega a inicia-la súa construcción. O Banco de Vigo irrumpe con forza, ó inicio do século, cun proxecto de tranvía de Baiona a Vigo, pero agora con tracción eléctrica. Bárcena recurre por se sentir magoado ó se considerar concesionario da liña. Os Concellos afectados, Vigo e Baiona, pronúncianse de xeito desigual, o primeiro de forma favorable para ámbolos dous proxectos, e o de Baiona só para o im-

pulsado polo Banco de Vigo. A Comisión provincial é clara e rotunda: "non pode menos que recoñecer que é un adianto progresivo a locomoción por medio da electricidade, e por máis que o proxecto do Sr. Bárcena poidera ser atendible se tivese as obras en realización, hoxe non hai razóns para que poida a súa oposición prosperar perante unha mellora tan importantísima como a que tén o proxecto do Banco de Vigo".

Nos anos sucesivos, as concesións dos tranvías eléctricos, tanto de Vigo a Baiona, como no interior da cidade, son transferidos á "Societé Anonime des Tramways Electriques de la Galice" domiciliada en Bruselas, que deixa paralizadas as obras a pouco de se iniciar en 1907, ata que en 1911, perante a ameaza da pérdida da concesión, reaccionan e consiguen unha prórroga ata fins de 1913, para remata-las obras.

Sen embargo, será unha vez máis o Banco de Vigo, quen tomará a iniciativa, fundando en 1912 a Sociedade Anónima "Tranvías Eléctricos de Vigo", que mercará a concesión do tranvía urbano e non só rematará a construcción senón que, nos anos sucesivos, a Comisión Provincial irá informando favorablemente sobre as súas peticións de ampliacións de liñas.

Outra iniciativa, dentro dos tranvías eléctricos, localízase na importante zona turística que se concentraba arredor do Balneario de Mondariz. O proxecto dun tranvía eléctrico que unise Mondariz con Porriño e acollido con tódolos pronunciamentos favorables en 1903, manifestándose a Deputación a favor de que sexa a Sociedade Iberaria, como concesionaria, a que fixase libre-

O tranvía diante da Igrexa da Pelengrina en Pontevedra.




O trolebús na praza de S. Xosé (Pontevedra).



mente o percorrido, contra as pretensións dos técnicos de inmiscuirse no proxecto. As obras realizaránse lentamente ó coincidir no seu percorrido coas da estrada Ponteareas-Mondariz entre 1906 e 1908. Posteriormente a liña completa de Mondariz a Vigo estará a cargo da sociedade formada en 1914 por Ramón e Enrique Peinador "Tranvías Mondariz-Vigo" co respetable, para a época, capital social de un millón de pesetas.

Máis tarde, en 1920, a Comisión Provincial informará favorablemente, o proxecto de D. Teodosio Domínguez de establecer un tranvía eléctrico entre o bairro do Burgo de Pontevedra e o Dique do Oeste en Marín. Ata 1922 non se constituíu a sociedade que explotaría a liña, "Tranvías Eléctricos de Pontevedra, S.A.", cun capital social de 2.000.000 de pesetas. Posteriormente, en 1924 e 1928, realizarían dúas ampliacións de capital de 450.000 e 250.000 pesetas respectivamente.



2.5 TELEFONOS

Os inicios da presencia da Deputación Provincial no sector das comunicacións (teléfonos e telégrafo) tén lugar no 1889 e de forma colateral ó concede-lo permiso para coloca-los apoios necesarios nas estradas provinciais para a construcción da liña telefónica de Vigo.

Posteriormente en 1898 subvencionará á Comandancia da Garda Civil de Pontevedra para os gastos de instalación dunha rede telefónica que enlazase coa xa existente entre o Pazo Provincial e a Casa Consistorial.

Na década de 1910-1920, aparece solicitando melloras constantes no eido das comunicacións. Ó Ministerio de Gobernación solicítalle a ampliación da rede telefónica da provincia para que abranguese a tódolos balnearios en funcionamento: Mondariz, A Toxa, Cuntis, Caldas de Reis, Caldelas de Tui, Pontecaldelas, Lérez, A Cañiza e Catoira. Por outra banda, á Dirección Xeral de Comunicacións pedíalle que se establecese en Pontevedra un fío directo telegráfico coa Corte, mellora que xa tiñan practicamente tódalas capitais da provincia.

Como era de agardar, o mesmo Pazo modernízase e no 1915 adxudícase ó industrial pontevedrés D. Julio Senn por 265 pesetas unha instalación telefónica interior para o Pazo Provincial, composta dun aparato central con chamada de timbre a seis direccións, dun aparato final, batería de pilas, material conductor e aillador e montaxe, con garantía efectiva dun ano.

A extensión do servicio a nivel provincial empézase a considerar a raíz dunha proposta efectuada en 1917 por D. Prudencio Landín, que pretendía establecer un servicio telefónico interurbano que comunicase entre si a tódolos pobos da provincia e a estes co resto de España. O anteproxecto ascendía a 470.000 pesetas, atinguindo a tódolos Municipios da Provincia. A Deputación ofrece á Dirección Xeral de Comunicacións unha subvención do 20% do total do importe da construcción da rede telefónica provincial, o que supoñía 94.000 pesetas a pagar en cinco anos.

Varios anos máis tarde, en agosto de 1923, a Sociedade "International Telephone



an Telegraky Corporation'' envía o seu proxecto de organización telefónica de España que é ben recibido, polo que supuña de mellora das deficiencias existentes naquel momento.

A extensión das redes telefónicas a nivel provincial, faise coa colaboración económica dos Concellos implicados e de xeito paulatino, así en 1924 comenza a funciona-la liña Caldas-Cuntis, mentres que a de Pontevedra-Redondela depende dun acordo entre as Xefaturas de Telégrafos de Vigo e Pontevedra.

Cara 1934, as melloras técnicas van en aumento e a Deputación solicita ó Ministerio de Comunicacións que conceda o teléfono automático para Pontevedra.

Posteriormente e ata a actualidade o labor da Deputación concéntrase na extensión do servicio telefónico no ámbito rural e a súa actuación no sector formalizouse por medio de Convenios coa Compañía Telefónica Nacional de España, que se plasmou nas fórmulas seguintes:

A) A través dos Plans Provinciais de Obras e Servicios, en base ós dous sistemas que se indican:

a) Contratando a súa execución a Empresas privadas.

b) Adxudicando directamente a súa instalación á propia Cía Telefónica.

Nestas fórmulas englóbanse os Convenios de 1974 e 1979, respectivamente.

B) A través do chamado Plan Especial de Penetración do Servicio Telefónico nas zonas rurais de poboación dispersa de Galicia, tamén denominado ''cadrículas'' pola súa estructura territorial xeométrica.

Nunha síntese cinguida, o resume numérico das instalacións levadas a cabo a través das programacións indicadas, hase cifrar nuns 400 T.P.R. instalados, cunha considerable inversión, dificilmente cuantificable, tanto polos diversos sistemas de cofinanciación adoptados, canto polas repetidas revisións de precios efectuadas, nunhas obras, que pola necesidade da súa expropiación, plantexarían unha problemática moi complexa.



Aterrizaxe de Vedrines no campo da Xunqueira.

2.6
AEROPORTOS

A intervención da Deputación en materia de comunicacións aéreas centrouse finalmente arredor do aeroporto vigués de Peinador.

Lonxana e anecdótica resulta a proposta do Deputado Sr. Tapia que, en moción presentada o 25 de abril de 1934, pide que se solicite do Goberno a concesión das marismas do Lérez para a instalación dun campo de aterrizaxe de aeroplanos, moción que non prosperará, a pesar da teima e tenacidade do seu propoñente.

Tampouco se levará a cabo a proposta de construción do aeroporto continental transoceánico de A Lanzada, aínda que, neste caso, as xestións para a posta en marcha das obras, e o inicio das mesmas, fora unha realidade. Os primeiros datos que dispoñemos refírense ós tramites para a súa realización e datan do ano 1948, coa moción presentada por Casiano Peláez Merino, en sesión de 31



Aeroporto de Peinador.

de xaneiro, na que se propoñía a iniciación das xestións oportunas para o establecemento de dito aeroporto. Esta iniciativa deveu parecer posible cando, trala mesma, se produciu a visita ós terreos en cuestión polos ministros de Obras Públicas e do Aire, contemplándose incluso a variación do tracexado da estrada que leva ó Grove, para facilitala súa construcción; ó tempo que se dictan as medidas oportunas para o estudio por parte dos técnicos da viabilidade do proxecto.

O proxecto, ó parecer, chegou a te-la súa aprobación, segundo deducimos da felicitación que dirixe o Ministro do Aire a esta Deputación a mediados do ano 1953. Descoñecémo-la razón pola que se paralizaron as obras, a pesar do interés que polas mesmas manifestan aínda no ano 1955, o Concello de O Grove e esta Excma. Deputación. O delicado do emprazamento deste tipo de instalacións, fainos supór, que a súa paralización sería debida basicamente a razóns de tipo técnico.

Frustrada a tentativa de A Lanzada, visto que o sur de Galicia quedaba desprovisto de tan importante medio de comunicación, a Deputación vai centra-la súa actuación neste terreo, no apoio desde os seus inicios ó aeroporto vigués de Peinador, que se materializará na concesión de subvencións para a construcción ou realización dos accesos necesarios. Estará presente tamén na súa inauguración en abril de 1954.


Unha nova estapa ábrese para Peinador coas reformas en 1980 que permitirán a aterrizaxe no mesmo dos moderno reactores DC-9. O apoio da Deputación a esta nova fase plasmarase nunha triple vertente: De contribución á mellora do seu equipo técnico, coa adquisición dun equipo medidor da distancia (B.M.E.) que sae a licitación en setembro de 1983 en 24.033.156 pesetas de mellora dos accesos, coa aprobación do proxecto da estrada Puxeiros-Peinador, cun importe de 21.701.000 pesetas; e a través da constitución de sucesivos avais, regulados por convenios firmados con Aviaco, primeiro, para os mencionados reactores e, máis tarde, para a ampliación de liñas. A finalidade destes avais é garantir a esta compañía o posible quebranto económico que produciría nela a posta en marcha de voos supostamente non rentables.

Tamén, como aportación complementaria e desde o ano 1983, a Deputación vén consignando 1.500.000 pesetas anuais, para obras de reforma e melloramento de dito aeroporto.




3

COOPERACION



Porto de Carril. Inauguración.



3.1

EVOLUCION

O extenso término de Cooperación, adquire no terreo da administración provincial un contido definido e concreto de colaboración necesaria para posibilitar determinadas obras de carácter público.

A pesar de non acadar unha forma regulamentada ata mediados do presente século,



Mercado Municipal.

a Cooperación, no seu senso amplo, é un elemento parello a propia Deputación, que nacera cun carácter tutelar dos municipios, sobre os que, non só, exerceu un control das súas actividades, senón que tamén soubo colaborar en resolve-las súas necesidades.

A construcción do sistema básico de comunicacións, camiños, estradas, pontes... que lles amosamos no capítulo de comunicacións, son os máis claros antecedentes desta acción cooperadora da Deputación. Pero ademais houbo outro tipo de obras non incluídas no terreo específico da Sección de Vías e Obras, referidas a un conxunto de construccións de infraestructura, como a construcción de casas consistoriais, traídas de augas, instalacións eléctricas, telefónicas e portuarias... que definirían posteriormente a actividade propia da Cooperación.

A penuria económica dos municipios no pasado século, permitía abordar este tipo de obras, que sen embargo eran de necesidade, obrigándoos a solicitaren dos organismos superiores, a Deputación, as axudas necesarias. Dispoñemos de moitos exemplos desta primeira cooperación Deputación-Concellos, as subvencións da cal oscilaban entre o 30% e o 50% do total presupostado dos que, a título de testemuña, mencionamos algúns, como, en 1884, as instalacións da traída de augas a Pontevedra, presupostadas en 77.174,16 pesetas, que supuxeron para a Deputación unha aportación do 30%; en 1887, a construcción do peirao de Cambados obtivo unha subvención do 50%, ó igual que a traída de augas de A Estrada en 1890.

Asi pois, a cooperación provincial é un tema antigo que non cristalizaría nunha ac-



Casa Concello.

ción regulada ata a aparición da Lei de Bases de Réxime Local do 17 de xullo de 1945, que se expresaba nos seguintes términos "...A Deputación Cooperará á efectividade dos servicios municipais, preferentemente dos que non poidan ser establecidos polos Concellos...".

A nosa provincia pode considerarse pioneira na institución cooperadora, adiantándose, nuns anos, á acción estrictamente legal, tendo como antecedente a organización das chamadas Xuntas de Axuda a Municipios, organización dependente do Goberno Civil e creación exclusivamente pontevedresa, precursora dos plans de cooperación que tivo as súas orixes a fins de 1948, sendo posteriormente absorvida pola cooperación de Deputación entre os anos 1954/55.

Nun estudio sobre os presupostos municipais, realizado no ano 1949, púxose de manifesto a incapacidade dos concellos da provincia (agás Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Tui) para levar a cabo obras nos seus términos, o que impulsou, ó Goberno Civil, a inicia-los primeiros proxectos a cargo do que se chamou (OSM) Obra Social del Movimiento, coas súas dúas seccións "Junta de Ayuda a Municipios" y "Junta de Beneficencia", polas que se confeccionaron os primeiros proxectos "tipo" de fontes, lavadeiros, tendidos eléctricos, pontes... realizándose as obras cos fondos procedentes da chamada Comisaría de Paro Obreiro e os propios do Goberno Civil.

A partires de entón e no ano 1951, tería a súa iniciación o labor cooperador da Deputación con tres accións importantes:

1) Construcción de cen Centros Escolares, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia; o presuposto total dos cales



Casa Concello.



Grupo Escolar.

acadou 6.018.581 pesetas. 2) Plan de Centros Rurais de Hixiene e Casas de Médicos, en colaboración co Ministerio da Gobernación, cun importe total de 2.624.786,93 pesetas, acadando a participación da Deputación a 1.100.000 pesetas, e que tivo incidencia nuns vinte municipios. 3) Plan de cooperación a obras menores municipais. Foi un plan de axuda á realización de pequenas obras de necesidade que afectou á práctica totalidade dos muncipios da provincia, cun total de 304 realizacións en zonas preferentemente rurais, cunha consignación de 2.250.947 pesetas, extraéndose a participación da Deputación da consignación do presuposto extraordinario "E", baixo a modalidade de "A fondo perdido".

Tras estas iniciativas darían comenzo os primeiros plans regulados da Cooperación Provincial, partindo dos chamados Plans de Ensaio 1954/55, primeira testemuña da Cooperación propiamente dita. Trátase dunha planificación de ensaio onde se artellarán os criterios preferenciais. A cortedade dos fondos obrigou a non dispersar en exceso os diñeiros e selecciona-las necesidades de maior urxencia, abordándose a acción cun presuposto total de 6.330.418,22 pesetas, adoptándose a modalidade "a fondo perdido" na correspondente subvención de 2.218.766,61.

A continuidade dos plans configuraría a cooperación en tres pilares básicos; Adopción do sistema de subvencións "a fondo perdido" como o máis eficaz; Supli-la carencia de técnicos nos municipios, a través de consignacións para Axuda técnica; abordalos problemas de financiación a través da creación da Caixa de Anticipos.

Paralelamente, e en base á mesma Lei de Réxime Local de 1945, nace en Pontevedra a chamada Comisión de Servicios Técnicos, constituída en sesión do 6 de setembro de 1951, formada por un Presidente, o da Deputación, e doce vocais, o Delegado de Facen-

da e once técnicos. O funcionamento da Comisión, dende 1951 ata 1958, tiña atribucións resolutorias, informativas e de orientación técnica e o su labor reduciuse, nesta primeira época, á devolución ou aprobación dos proxectos que presentaban os concellos, que unha vez resoltos se devolvían ó concello para a súa corrección se houber lugar, ou ben se aprobaban, pero non terían plasmación algunha na realidade xa que non se dispoñía de fondos. O decreto de 1958 regularía a tramitación e execución dos plans e a consignación dos cretos necesarios, co que a partires da data comenzaría a facer efectivos os seus plans provinciais, acometendo un papel coordenado entre o Estado e as corporaciones locais.

Atendendo ás súas novas funcións, dita Comisión, reuniríase por vez primeira o 25 de febreiro de 1958, baixo a Presidencia do Gobernador Civil, coa asistencia do Presidente da Deputación, o Delegado de Facenda, o Enxeñeiro xefe de Obras Públicas, o Xefe Provincial de Sanidade, o Delegado Provincial de Sindicatos, o Enxeñeiro de Vías e Obras, o representante do Servicio de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais e o Director da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra.

Esta comisión iniciou e executou os seus Plans Provinciais con importantes aportacións, tendo a colaboración económica da Deputación nalgúns deles, por acordos tripartitas Estado-Deputación-Concellos. Nestes acordos, a aportación da Deputación era minoritaria, respecto da do Estado.

Funcionaron, pois, paralelamente, os Plans de Cooperación da Deputación e os da Comisión de Servicios Técnicos ata o decreto de 23 de abril, desenvolvendo o artículo 49 da Lei 47/75 de 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado, polo que se estableceu a fusión de ambas cooperacións nunha soa denominada "Plan Único de Obras e Servicios de interés local e Comarcal", coa conseguinte unificación de Fondos, antes separados para cada un deles.

Aínda que houbo reformas posteriores non afectaron ós plans únicos de acordos tripartitas Estado-Deputación-Concellos, que se manteñen na actualidade.



Grupo Escolar.

3.2

PLANS

Para que o lector poida aprecia-lo volume do realizado, confecionámo-los estadillos e gráficos que a continuación se inxeren.

PLANES	1954/55	1956/57	1958	1959/60	1961	1962/63	1964/65	1966
ABASTECIMIENTO DE AGUA	416.243,34	1.117.321,98		876.911,00	907.481,11	1.591.148,65	2.180.622,76	
ALCANTARILLADO	29.000,00	45.600,00		95.500,00	20.000,00	687.077,00	1.020.000,00	
ALUMBRADO P.	50.000,00	105.000,00	60.000,00	10.000,00		274.813,00	2.783.000,00	
MERCADOS-FERIAS	155.000,00	1.592.700,00		513.438,00		860.154,00	423.848,26	
CAMPOS ESCOLARES DE DEPORTES	10.000,00	161.000,00		70.000,00	28.000,00		828.000,00	
CEMENTERIOS	170.000,00	580.000,00		194.918,00	165.000,00	209.414,00	144.577,67	
URBANIZACIONES, PAVIMENTACIONES	423.000,00	1.689.200,00		827.500,00	351.732,55	1.259.644,00	1.803.000,00	
CAMINOS Y PUENTES	348.977,92	290.457,00		1.336.212,45		1.624.948,50	3.089.989,55	
OBRAS VARIAS	270.616,23	759.990,00	124.836,00	1.129.745,45	149.046,45		240.200,00	
AYUDA TECNICA	345.930,12	70.000,00		21.000,00	250.059,72	796.020,67	946.097,80	
CENTROS RURALES DE HIGIENE		386.000,00		33.495,00	269.000,00		250.000,00	
MATADEROS		310.000,00		50.000,00		18.336,00	100.000,00	
TOTAL	2.218.767,61	7.107.268,98	184.836,00	5.158.719,90	2.140.319,83	8.153.376,49	15.971.176,04	31.738.688

ELECTRIFICACION	TOTAL =	4.790.679,23
TELEFONOS	TOTAL =	2.122.849,62
TELEGRAFOS	TOTAL =	123.021,16
CAJA CREDITO	TOTAL =	7.752.771,14

PLAN ORDINARIO					PLAN COMPLEMENTARIO			PLAN EXTRAORDINARIO	
AÑO	INVERSIONES		AYUDA TECNICA	TOTAL PLAN ORDINARIO	PRESUPUESTO	SUBVENCION	TOTAL	TOTAL PLAN EXTRAORDINARIO	
	PRESUPUESTO	APORTACION DIPUTACION	INVERSIONES						
1968				48.345.824			4.000.000		
1969				23.956.000			5.336.585	80.000.000	
1970	9.504.519	4.265.077	777.445	14.547,041			5.336.585	44.500.000	
1971	57.733.517	22.205.852	8.581.225	88.520.594			8.581.225	108.276.714	
1972	41.135.988	16.742.419	628.769	58.507.176			10.104.189		
1973	68.615.531	28.605.165		97.220.696	17.441.992	8.754.363	26.196.355		
1974	145.542.775	41.910.333		187.453.108	111.012.753	8.791.000	119.803.753		
1975	99.295.205	34.086.123		135.299.230			25.280.000		

AÑO	PLAN PROVINCIAL DE OBRAS Y SERVICIOS		PLAN DE LA COMARCA DE ACCION ESPECIAL		TOTAL AMBOS PLANES
1976/77	P.O.S.	474.122.134	C.A.E.	65.889.336	540.011.470
1978	P.O.S.	379.310.537	C.A.E.	184.469.880	563.788.417
1979	P.O.S.	527.980.450	C.A.E.	180.262.175	708.242.625
1980	P.O.S.	762.672.420	C.A.E.	160.080.928	922.753.348
1981	P.O.S.	935.909.410	C.A.E.	427.507.359	1.363.416.769
1982	P.O.S.	338.912.242	C.A.E.	555.877.678	1.823.561,482
1983	P.O.S.	1.161.715.002	C.A.E.	540.707.391	1.702.422.393
1984	P.O.S.	1.334.352.748	C.A.E.	1.066.915.604	2.401.268.352
1985	P.O.S.	1.670.018.970	C.A.E.	1.334.892.238	3.006.911.208

3.3

ELECTRIFICACION RURAL

A Deputación Provincial de Pontevedra, mantívose dende antigo un vivo interés en orde ó fomento e promoción do servicio de enerxía eléctrica ó rural da provincia, a través dos Plans de Cooperación Provincial.

Tal interés chega á súa fase decisiva a partires do Plan Provincial de 1980, despois de se articula-lo catálogo de necesidades do sector a nivel nacional —PLANER— e de se concretar, dentro del, o inventario das referidas ás catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia —PERGA—

Ata tal punto que a Corporación Provincial decide integrar dentro dos Plans de Obras e Servicios o programa específico de "Electrificación Rural", decisión que se plasma xa, dunha maneira definitiva, regular e continua, independentemente de actuacións anteriores máis esporádicas e individualizadas dende as referidas á anulidade de 1980.

Nunha apretada síntese, poden ser resumidas as inversións efectuadas dende dita anulidade no cadro seguinte:

Plans	*Nº Obras*	*Aportación Deputación*	*Presuposto total*
1980	44	40.036.000	248.055.004
1981	44	93.775.278	249.943.742
1982	79	136.200.000	396.504.000
1983	69	135.150.000	341.357.500
1984	88	172.800.000	434.516.192
1985	94	165.000.000	413.700.000
Totais	418	742.961.278	2.084.066.438



A chamada "fábrica de luz" de Pontevedra.

Independentemente das referidas inversións, a Deputación Provincial en sesión de 18.03.1982, e ó amparo do determinado no R.D. 2.165/81, de 3 de xuño, acordou aproba-lo "Programa Provincial de obras de Electrificación Rural de núcleos de poboación radicados na Bisbarra de Acción Especial para o trienio 1982-84", que supuxo as inversións seguintes:

Nº Obras	*Aportación Deputación 50%*	*Empresas 30%*	*Estado*	*Total*
58	*120.000.000*	*72.000.000*	*48.000.000*	*240.000.000*

Para o próximo exercicio de 1986, está xa prevista unha inversión para o Programa de Electrificación Rural, por un importe total de 330.000.000 de pesetas, cunha aportación da Deputación ó 50%, por 165.000.000 de pesetas.

3.4

DEPORTES

Se fixésemos un percorrido histórico da Deputación no terreo do deportivo, encontraríamonos cun amplo baleiro que ocuparía case toda a súa historia ata chegarmos ó ano 1980, ano clave, no que, como se houbese adquirido conciencia desa total ausencia, se quixese repentinamente compensar dunha soa vez ese longo baleiro. As razóns que produciron ese cambio encóntranse na Lei de Cultura Física e Deportes que se publicaba nese ano. Esta Lei condicionaba parte dos ingresos percibidos, polas apostas mutuas deportivo-benéficas, á súa obrigada inversión no terreo deportivo.

A Deputación nese ano de 1980 nomeará unha "Comisión Especial de Deportes" da que sairían os Plans de Infraestructura Deportiva que hoxe se manteñen, nos que se invertiron esas importantes cantidades que a Lei concedía e que ademais se engrosaron con outras procedentes dos propios presupostos ordinarios.

Os plans canalizaban a súa acción en tres direccións determinadas:

1) Establecendo acordos de cooperación con Concellos para a financiación dunha importante parte das obras a realizar, suxetándose para a súa selección a uns criterios preferenciais.

2) Acordando con outros organismos, asociacións veciñais, asociacións deportivas, de carácter comunitario, con capacidade de promociona-lo deporte.

3) Cun carácter máis concreto e definido, proporcionar axudas para a organización de competicións deportivas de aficionados, adquisicións de equipos para deporte xuvenil, instalacións deportivas de recuperación de minusválidos, ou a clubs para a celebración de actividades ou competicións deportivas de índole provincial.

OBRAS SUBVENCIONADAS POLOS PLANS DE INFRAESTRUCTURA DEPORTIVA 1980-1984

Presuposto Total	1.854.974.537
Subvención Total	433.724.897



Campos de Fútbol

445



Instalacións de Remo

2



Ximnasios

10



Pistas de Bolos

4



Pabellóns

17




Velódromos

1



Pistas Polideportivas

131



Frontóns

3



Pañol Embarcacións

2



Campos de Tiro

17



Piscinas

19



Granxas de Caza

5



Pistas de Tenis

12



Picadeiros

1

3.5

SERVICIO DE RECAUDACION


Establécese a virtude da O.M. de Facenda de 10 de xuño de 1947, dando comenzo á súa xestión con efectos de 1º de xaneiro de 1948. A súa organización e funcionamento axústase ó disposto por dita O.M. e ás normas que regulan a cobranza dos tributos do Estado.

O Servicio consta dunha oficina Central, instalada no Palacio da Deputación, dirixida polo Xefe Provincial do mesmo que ostenta a representación da Corporación Provincial para relacións coas Delegacións de Facenda en Pontevedra e Vigo, e por extensión cos demais organismos e entidades que teñen confiada a cobranza de cuotas e arbitrios á Deputación, e sete zonas recaudatorias en cada unha das capitais dos partidos xudiciais de: Cambados, Estrada, Lalín, Pontevedra, Ponteareas, Tui, e Vigo, dirixidos por un Recaudador titular, nomeado por concurso, entre funcionarios da Deputación ou do Ministerio de Facenda, contando co persoal necesario para o desenvolvemento do Servicio.

A través do Servicio vénse realizando a recaudación en período voluntario e executivo, dos tributos do Estado, que é a de maior volume, cuotas doutras entidades e organismos, imposicións da Tesourería Xeral da Seguridade Social, e apremios dos contribuintes por tasas ou arbitrios á Excma. Deputación.

No momento actual estase xestando unha reestructuración dos servicios recaudatorios, instada pola Dirección Xeral do Tesouro e Político Financieira do Ministerio de Facenda; a Deputación de Pontevedra en sesión de 27 de setembro de 1985, adoptou acordo sobre creación dun Servicio Recaudatorio Provincial en coordenación cos Municipios da Provincia, para efectua-la cobranza dos impostos e arbitrios de carácter local, e que se encontra en tramitación.

Nos 38 anos de actuación do Servicio, o volume recaudatorio foi en aumento, especialmente nos últimos anos, que pode calificarse de espectacular, como o pon de releve que os tributos estatais pasaran dun cargo de 51.387.877 pesetas en 1948 ó de 10.150.507.823 pesetas en 1984, reflexándose esta evolución no seguinte gráfico:



3.6


CAIXA DE ANTICIPOS

Ó amparo do previsto nos artículos 243-j) e 255-6-f) da Lei de Réxime Local de 16.12.1950 e 180 do Regulamento de Servicios de 17.6.1955, a Deputación Provincial de Pontevedra creou a Caixa de Anticipos de Cooperación ós Servicios Municipais, para facilitar ós Concellos operacións de préstamo a curto prazo, sen interés.

A Caixa constitúese, trala aprobación do Regulamento que vai rexila, polo Pleno da Corporación Provincial, en sesión de 27 de febreiro de 1957.

O goberno da Caixa está a cargo dunha Xunta Administradora, presidida polo titular da Comisión Informativa de Cooperación, e integrada, en concepto de Vocais, polos Alcaldes dos dous Concellos de menor censo de poboación da provincia, actuando como Secretario e Interventor os da Deputación Provincial.

Dende a súa constitución, a Caixa de Anticipos veu funcionando ininterrumpidamente, no seu labor de cooperación na financiación de obras e servicios integrados nos Plans de Cooperación e, en xeral, nos de interés local, a petición dos Concellos interesados, cun importe de 2.000.000 de pesetas nos anticipos ordinarios e de ata 5.000.000 nos extraordinarios, tendo feito uso dos mesmos en maior ou menor grado tódolos Concellos da provincia, con excepción dos de Nigrán, Porriño e Vigo, sendo o número de anticipos concedidos pola Caixa ata novembro de 1985, un total de 320, por un importe de 425.915.683 pesetas.



ONTEVEDRA.

lo Enero y existencia en fin del mismo.

OBRE					TOTAL.		
...logos.	Efectos diversos.			Número de imposiciones			
Cts.	Núm.	Pesetas.	Cts.		Pesetas.	Cts.
4 25	2	87	50	400	1[illegible],183	04
1 25	1	10	»	116	2,610	25
5 50	3	97	50	516	20,793	29
3	»	»	»	58	619	25
2 50	3	97	50	458	20,174	04

ectos, de Juan Alvarez.—V.° B.°: El Voca
el Quintana.

"Mandando que o Goberno promova por cantos medios estean da súa man, a instalación de Caixas de Aforros e Montes de Piedade nas capitais e poboacións máis importantes onde non existan...". Unha Real Orde posterior, de 17 de decembro, disporá que os Gobernadores das provincias remitan á Dirección de Beneficencia os datos necesarios, para formar estadísticas dos Montes de Piedade e Caixas de Aforro que hai en España.

Será esta Lei a que sirva de base á creación da Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra, aínda que poidamos constatar xa a existencia dunha tentativa anterior. A fortuita recepción dun legado testamentario de douscentos mil reais de vellón outorgado en Jamaica no ano 1819, por don Isidro Romero Caballero, para establecer un Hospital en Bouzas, fixo contemplar á Deputación a posibilidade de destinalo á creación dunha Caixa de Aforros e Monte de Piedade nesta capital, idea que non prosperará, sendo como sinalamos, a antedita Lei, a causa directa da súa creación.

A Deputación Provincial de Pontevedra, tras aproba-los seus Estatutos, acorda a súa instalación en sesión de 31 de agosto de 1880, e nos términos seguintes: "1°. Que a calidade de reintegro e con cargo ó Capítulo de Imprevistos, se faciliten a ditos establecementos (Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra) a cantidade que precise para gastos de material de instalación e aluguer de local. 2°. Autorízase ó Vicepresidente da Comisión Provincial para que, oíndo ó Secretario da Corporación, designe os empregados que provisionalmente haxan de presta-los seus servicios para que funcionen ditos establecementos, interin que os rendementos ou utilidades do último, non lle permiten ter vida propia, pagando os empregados que necesiten e sufragando os demais gastos que o seu sostenemento esixa. 3°. Autorízase a ordenación de pagos, para que a calidade de reintegro e cando as atencións do presuposto o permita, facilite á Caixa de Aforros o capital que nas eventualidades de falta de fondos e afluencia de empeños no Monte de Piedade, poida necesitar durante os tres primeiros anos da súa instalación, non podendo exercer dito anticipo de 25.000 pesetas; entendénsose no primeiro ano, sen interés algún e fixándose nos dous seguintes, o que a Deputación Provincial ou Comisión Asociada considere prudente, segundo



Praza da Verdura onde estivo a Caixa de Aforros e Monte de Piedade.

o estado, máis ou menos próspero en que ditos establecementos se encontren".

Nacendo estas institucións para cumprir básicamente unha función social e benéfica, resulta doado imaxina-la frecuente ruptura do fráxil equilibrio que manteñen entre os seus ingresos e gastos. Consecuentemente parece lóxica a súa procura, do todopoderoso protector, que as salve nas súas frecuentes situacións de perigo. Así, pouco máis dun ano despois da súa creación, a Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra, tencionará xa, varia-lo seu Regulamento, coa finalidade de comprometer ó máximo á Deputación nun dobre senso: Aumento da súa participación na Xunta de Goberno, e responsabilidade do seu déficit.

A resposta diputacional, a través do seu Ponente pola Comisión Provincial Asociada Sr. González Besada, en sesión do 3 de febreiro de 1882 será clara e contundente; sinala este no seu dictame: "A Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra non poden ser considerados como establecementos provinciais... porque, sendo, no xeral, locais, os beneficios que producen, non hai razón algunha para que a provincia costee os seus gastos... sentar outra teoría, sería tanto como autorizar ós pobos todos da provincia para que demandaran igual beneficio, e sería autorizar polo pronto, ó Concello de Vigo" (en 1880 créase tamén en Vigo unha Caixa de Aforros e Monte de Piedade) "que sostén as mesmas Institucións para pe-

dir que as sosteña a provincia''. Rexeitase, polo tanto, a idea de dar á Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra, o carácter e as condicións de establecemento provincial; que entrañaría a non devolución dos fondos prestados ''a calidade de reintegro'', ademais da incorporación dunha nova e pesada carga ó presuposto provincial, a saber ''o botar sobre si a provincia o pago do déficit que resulta entre o presuposto de gastos e de ingresos de tales establecementos''. Consecuencia lóxica deste razonado discurso será o que non se aprobe a pretendida reforma do Regulamento.

A declinación por parte da Deputación de asumir todo o peso destas Institucións non supón en xeito algún, o seu desvencellamento das mesmas. As testemuñas no senso contrario son abondosas. Entresacaremos delas, a xeito de exemplo: a mora concedida no pago de intereses do capital prestado para a súa fundación, o pago durante longo tempo dos seus empregados que, en comenzo, o eran da Deputación, agás o tasador. (Aínda en 1889 encontramos á Deputación pagando a nómina do Servicio de Vixilancia da Caixa de Aforros e Monte de Piedade). O pago pola Deputación do aluguer do novo local no que se instale, cando o Concello, en 1917, reclame para cubrir necesidades propias, o que lle facilitara para a súa instalación.

Fagamos, finalmente, un pouco de historia sobre o apoio económico constante nos momentos críticos. A saneada situación que, dez anos despois da súa creación, reflexa o balance inxerido no BOP nº 53 de 6 de marzo de 1890, cun cargo de 27.566 pesetas e 34 céntimos e unha data de caixa de 17.459 pesetas e 70 céntimos, que lle dá unha existencia en caixa para o terceiro trimestre do citado ano de 10.107 pesetas e 64 céntimos non debeu ser unha constante na vida da Institución. En 1896, e coincidindo coa crítica situación vivida polo país, o Director do Monte de Piedade e Caixa de Aforros de Pontevedra teima en xestionar do Banco de España un creto de 8.000 pesetas cun aval da Deputación, índice das dificultades de tesourería polas que atravesa, creto que finalmente conseguirá da propia Deputación, con cargo á partida de subvencións e en base a que, das 25.000 pesetas que lle puxeron como tope crediticio inicial, só lle prestaron 16.530,80. A solución momentánea da crise, non suporá sen dúbida, o saneamento da Institución que, entre 1901 e 1903, atravesa unha situación crítica, chegándose a abrir incluso, por parte da Deputación, un expediente de peche, que non debeu levarse a cabo. Durante 21 anos, os que van de 1911 a 1932 e de forma ininterrumpida, nos presupostos deputacionais, dentro dos capítulos referidos a asistencia benéfica, figura a subvención anual de 2.500 pesetas, concedidas á Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Pontevedra.

Sobre a súa extinción non dispoñemos de datos, hai que supór que estará relacionada co nacemento de institucións que, cumprindo unha función semellante á súa, non esquezamos que a Caixa de Aforros Provincial nace en 1929, estiveron organizadas nunha forma máis acorde co desenvolvemento e o necesario desenrolo de máis modernos instrumentos financieiros.

3.8

CAIXA DE AFORROS PROVINCIAL

A imaxe de institucións análogas creadas en numerosas provincias, as de vida económica-social máis intensa, tales como Vigo, a Coruña, Vizcaya, Guipuzcoa, nace a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, a iniciativa e por acordo da Excma. Deputación Provincial do 28 de xuño de 1929. Preténdese sexa "O instrumento máis eficaz que a Deputación pode crear para encauzar, fecundamente, as súas preciosas e durmidas enerxías económicas e modais". Autodefínese como unha institución de carácter benéfico social, erixíndose como garante das súas actividades a Provincia, a tal punto que, para responder das obrigacións que contraiga, esgotados tódolos seus recursos propios, acudiráse ós da Deputación. Respecto á procedencia dos seus fondos de partida, conta dentro do seu capital fundacional coa cantidade de vintecinco mil pesetas, que a modo de subvención inicial lle concede a Deputación. Un acordo de 20 de outubro de 1930, trasladará ademais á Caixa a conta corrente que tén establecida no Banco de España, así como os depósitos por contratas de camiños veciñais; acordándose tamén que "no sucesivo tódolos donativos que se fixeran ós nenos da inclusa e do



Oficinas da Caixa de Aforros Provincial na Deputación.

hospicio fosen ingresados en libretas da Caixa Provincial".

Inaugúrase o día 20 de xaneiro de 1930, con asistencia dos presidentes das Deputacións e Gobernadores Civís das restantes provincias galegas. O seu domicilio social: o Pacio da Excma. Deputación, o seu primeiro Presidente: D. Daniel de la Sota Valdecilla, o seu primeiro Director Xeral D. Alejandro Bóveda Iglesias, colaborador intenso e promotor da idea de creación dunha Caixa Provincial de Pontevedra, aínda que o será por pouco tempo, pois presenta a súa dimisión o 30 de xuño de 1930. A súa finalidade básica: "Que o producto do aforro revirta ó pobo do que procede, en forma de obras de ben colectivo, e que a norma que ha presidilas súas inversións sexa a maior garantía de quen lle confíe as súas economías".

A Caixa manterá o núcleo central das súas operacións nas dependencias do Pacio



Caixa de Aforros Provincial.
Oficinas no actual edificio.

cio Provincial durante dezasete anos e será dende aquí desde onde ensaie os seus escarceos expansivos, situando os seus primeiros puntos de enlace en Pontecaldelas (5-IV-32), A Garda (30-X-35), Caldas (7-I-37), Tomiño (22-X-44), O Grove (24-XII-46), Cuntis (9-I-47).

No ano 1948, inaugúrase o seu actual edificio en Augusto González Besada no que permanece ata o momento actual consolidándose, e ampliará a súa posición na provincia de Pontevedra.

En xuño de 1929, apróvanse os primeiros Estatutos da Caixa de Aforros Provincial. A Excma. Deputación Provincial como fiadora e fundadora da Caixa, vaise reserva-las facultades fundamentais, que lle ha proporcionar un control decisivo sobre ela. Prodúcese este pola intervención directa da Deputación no Consello de Administración, Órgano supremo de Administración da Caixa, no cal manterá un número variable aínda que maioritario de Deputados Provinciais. O Presidente da Caixa serao o da Excma. Deputación Provincial ou, por renuncia do mesmo, o que este elixa entre os Conselleiros Deputados. A proposta do Consello de Administración, a Deputación reservarase tamén a designación do Director Xeral.

Para executa-los seus acordos e inspeccionar tódalas operacións de Caixa, o Consello nomea unha Comisión Permanente. É importante sinalar que os cargos do Consello son temporais e non retribuídos.

A plantilla de persoal encóntrase baixo a responsabilidade directa do Director Xeral, Xefe de tódalas oficinas e dependencias da Institución, e executor dos acordos do Consello e a Comisión Permanente. A modo de anécdota sinalaremos que a primeira plantilla da Caixa estaba integrada por seis persoas: un Director, un Interventor, un Secretario, un Caixeiro, un Oficial, e foi prontamente ampliada a un Ordenanza botóns.

De forma case inmediata á súa creación, a Caixa vaise afiliar á Federación de Caixas de Aforro Benéficas de Galicia e de España.

A maior confianza que ofrece ó paisano de economía modesta a súa "libreta" frente á conta "na banca privada", é un feito sociolóxico perfectamente demostrable no que a Galicia se refire e válido incluso para o mo-

mento actual; de aí a forza local que con bastante celeridade pasaron a adquirir estas institucións e a pugna que polo seu control manterán os poderes fácticos locais.

Este aforro deberá canalizarse cara a acción benéfico-social e cultural. Recollido este aspecto do Estatuto Xeral de 1933, xa o encontramos perfectamente definido nos primeiros Estatutos da Caixa Provincial do ano 1929, nos que se sinala textualmente: a súa xestión "terá por obxecto recibir e facer productivas as economías menos acomodadas que lle confíen, para o cal procurará en canto lle sexa posible, contribuír coa inversión dos seus fondos á creación e axuda de toda clase de institucións de carácter benéfico-social e de utilidade pública que tendan ó desenvolvemento da cultura e riqueza da provincia"; detallándose a continuación nos artigos referentes á inversión dos seus fondos, o destino de parte dos mesmos á "construcción de casas rurais, casas baratas, escolas, dispensarios, sanatorios, ó fomento da actividade agropecuaria, de pesca, de industria rural, empréstimos ós municipios da provincia e doutras obras sociais do ben xeral".

Longo sería detallar aquí tódalas obras nas que dende entón interviu a Caixa e que van dende apoio a festas populares, todo tipo de actos culturais, exposicións, cursos, etc... Só sinalaremos pola súa especial relevancia: a creación da Escola de Estudiantes inaugurada durante o curso 1969-1970, e a súa importante participación na UNED, en colaboración neste caso, como en moitas outras ocasións, coa Excma. Deputación Provincial.

Dende a reforma do ano 1977, á que logo nos referiremos, a súa obra benéfico-social pasará a rexerse polo R.D. 2290, e adicionalmente polo R.D. 502, de marzo de 1983, no que se establece unha escala mínima de dotación a reservas xerais, salvo autorización expresa, en función do coeficiente de garantía de cada entidade, destinándose o importe unicamente á financiación de obras sociais propia ou en colaboración.

A citada reforma de 1977 vai romper, dalgún xeito, ese discorrer sen grandes sobresaltos no que se viñan movendo estas institucións.

No canto das súas relacións coa Deputación, que é o que nos interesa, os cambios van ser sustanciais. A súa influencia pasará a un segundo plano; o Presidente da Deputación deixa de se-lo Presidente da Caixa e os Deputados Provinciais Conselleiros, polo seu número en relación co número total de Conselleiros, pasan a ostentar unha representación máis formal e honorífica, que decisoria.

A Asamblea Xeral é, no momento actual, o órgano de goberno e decisión. Ó Consello de Administración compételle, como o seu nome indica, a administración da Caixa nos seus aspectos financieiros, existindo, ademais deste, unha serie de Comisións encargadas de parcelas moi concretas de traballo, como son as Comisións Executivas, de control e obras sociais.



Illa da Toxa e a súa ponte.


3.9

PATRONATO DE TURISMO

O turismo é, como sabemos, unha actividade recente, pero a Deputación de Pontevedra, xa en 13 de marzo de 1910, concede unha axuda de 2.000 pesetas á Sociedade para o fomento do turismo en Galicia que se constitúe en Vigo e, no 22 de xuño de 1928, ó Centro Galego de Montevideo, outra de 500 pesetas, para desenrolo do tema "Fomento do turismo cara Galicia", dentro do Grande Certame galego-americano que se celebrou no ano dito en Montevideo. Tamén, en sesión de 24 de xaneiro de 1930, acorda solicitar, conxuntamente coas outras Deputacións de Galicia, que se constitúa unha Subdelegación de Turismo independente da Cantábrica, na que se engloban, e en 1932, concédese unha subvención á Xunta Provincial de Turismo de Pontevedra.

A Corporación Provincial actual, consciente de que o Turismo debe ser unha das máis importantes fontes xeneradoras de riqueza para a nosa provincia, dadas as súas peculiares características, e coa finalidade xenérica do seu fomento, procedeu á constitución da Fundación Pública denominada "Patronato Provincial de Turismo, Rías Baixas", os estatutos do cal, despois de seren sometidos a información pública foron aprobados de forma definitiva en sesión plenaria celebrada o día 30 de maio de 1985.

O Patronato réxese por unha Xunta Rectora que preside o titular da Deputación Provincial, e da cal forman parte como vocais seis Deputados Provinciais elexidos polo Ple-



no Corporativo, e un representante de cada unha das seguintes Entidades:

—Centros de Iniciativas e Turismo da provincia.

—Asociacións Empresariais de Hostelería.

—Asociación Provincial de Axencias de Viaxes.

—Sindicatos con implantación no gremio.

—Delegación Provincial de Pontevedra, da Consellería de Turismo, Mocedade e Deportes da Xunta de Galicia.

—Unha persoa natural ou, no seu caso, o representante da persoa xurídica que, polos seus servicios á provincia de Pontevedra, en materia de turismo, sexa elexido polos restantes membros da Xunta.

Actuará como Secretario o da Deputación, ou funcionario de carreira en quen delegue.

A realización das actividades propias da Fundación e a súa administración, correrán a cargo dun Administrador nomeado pola Xunta Rectora, mediante acordo adoptado por maioría absoluta, e que para ter plena executividade ha ser ratificado polo Pleno Corporativo.


Como órgano de goberno, funciona un Consello Executivo permanente, constituído polo Presidente e dous vocais, ún elexido entre os Deputados e outro entre os demais membros.

Constituído o Patronato, unha das accións que decidiu abordar de forma inmediata é a de efectuar unha campaña de divulgación na que se dea a coñecer ós nosos posibles visitantes as múltiples facetas que a provincia lles pode ofrecer. A tal fin estáse a levar a cabo a confección dunha Guía Turística Provincial, na que se recollan as posibilidades turísticas de cada un dos Municipios Pontevedreses.

4

BENEFICAS





4.1

EVOLUCION

O término beneficencia, no seu senso máis tradicional, engloba a asistencia para cubri-las necesidades humanas fundamentais de subsistencia, mantenza, vestido, teito e o dereito á vida e integridade física.

Naturalmente, os beneficiarios eran e son todas aquelas persoas con declarada imposibilidade de se asistir por si mesmos, e polos seus propios medios. Neste apartado da beneficencia, referímonos exclusivamente á indixencia ou pobreza de solemnidade en si mesma, sen ter en conta a asistencia médico sanitaria que trataremos noutro apartado.

Foi necesario agarda-la Lei de Beneficencia de 1822 para que a administración tomase para si a responsabilidade de atender a estes grupos sociais empobrecidos. Ata entón, estas necesidades viñéronse cubrindo gracias á vontade e xenerosidade dos grupos sociais privilexiados, creando obras pías, fundacións, etc.; institucións que habitualmente nacían ó amparo dos bos desexos posmortem dalgún testamentario que cedía parcial ou totalmente a súa fortuna en favor da creación de institucións de protección a orfos, menesterosos, enfermos ou, simplemente, de ensino.

A pesar do disposto na Lei de 1822, as Xuntas Provinciais de Beneficencia non tiveron existencia ata a lei do 20 de xuño de 1849 que viría a clarificar e delimitar funcións entre os tres estamentos públicos implicados, creándose Xuntas Nacionais, Provinciais e Municipais.

Esta Lei de 1849, define claramente como establecementos de naturaleza provincial as casas de maternidade e expósitos e as de orfos e desamparados. O regulamento de execución da Lei do 49 non tivo efectividade ata a R.O. de 14 de maio de 1852, ano que xunto ó 1853 acusaría unha dura crise de subsistencia, en relación coa cal nace na cidade de Pontevedra a Casa Hospicio. Naturalmente, outra moita lexislación seguíu aparecendo, pero as dúas citadas foron definitorias e case definitivas no futuro da organización benéfica na que os cambios son máis ben terminolóxicos e de mellora xeral en instalacións e atencións pero non de estructura nas chamadas antes inclusa, agora fogares berce, antes hospicio, agora fogares...; en definitiva as mesmas obrigacións de base e as súas mesmas institucións, algo modernizadas.

En honor á verdade, a Deputación de Pontevedra actuou con lentitude na creación das institucións encomendadas, quizais porque tivo oportunidade de se apoiar en institucións de carácter fundacional xa existentes. A nosa Deputación agardou ata 1872 para crea-la súa propia inclusa, ata 1878 para asimila-la Casa Hospicio, e ata 1928 para se responsabilizar directamente do Hospital Provincial.

A primeira reacción seria da Deputación perante os problemas de beneficencia parte

de 1839, na que a Corporación decide o nomeamento dunha Comisión para a reunión de datos e novas sobre as institucións benéficas existentes na provincia para, deste xeito, poder propór un plan de arbitrios en orde ó seu mellor sostenemento.

Polas actuacións posteriores deducimos que o que realmente se tencionaba era coñece-las posibilidades da beneficencia privada para integralas no control da administración. As institucións de carácter benéfico-privado eran, por entón, abondosas. Só na cidade de Pontevedra presentaran as súas contas a control en 1481, a Obra Pía de Orfas, a Obra Pía denominada de Educación e Mocedade, a Casa de Misericordia e o ''Hospital de San Juan de Dios''.

Naturalmente, estas institucións amosáronse con remorsos ás teimas da Deputación de ''organiza-la beneficencia provincial'' e, ó parecer, ó menos nalgúns casos, sobradas razóns tiñan. Unhas foron fusionadas, outras mudaron a función para a que foran creadas e algunhas como a da fundación do Hospitalillo de Bouzas, o depósito da cal de fondo fundacional era moi importante, intentouse convertila, antes de se instituir, nunha Caixa de aforros para a cidade de Pontevedra, e só a voz alporizada dalgún Deputado impediu que o desaforo se fixese realidade. Non obstante, parece xusto recoñece-la importancia que tiña unha boa organización destes órganos fundacionais que, polo que se observou nalgunhas distaba moito de acada-lo que debía ser unha administración eficiente, e incluso en varias delas existían razóns sobradas pra a súa desaparición polo xa inútil labor que realizaban.

A reticencia de ditas institucións foi case constante, ata tal punto que obrigou á Deputación a que, en 1843, publicase unha circular na que se ameazaba ás Xuntas que non enviasen os seus presupostos, coa imposición dunha multa de mil reais.

Posto que a Deputación non dispoñía de institucións propias tivo de cumprir, como labor principal, o de fiscalización das alleas, nas que se apoiaría permanentemente.

Os expósitos da provincia ingresaban a través do torno da Inclusa do Hospital de Santiago, e os abandonados nas rúas, eran entregados á responsabilidade das nodrizas, que os criaban a cargo dos repartimentos que se facían nos pobos correspondentes. Os orfos de máis de seis anos ou os procedentes das inclusas pasaban xeralmente á Casa de Caridade de Tui.

No ano 1841, o Hospital Xeral de Santiago ameaza á Deputación de Pontevedra con non admitir na súa Inclusa ós nenos procedentes da provincia, o que provocaría un intento de creación dunha institución propia, que non chegou a froitificar. Unha Real Orde dese mesmo ano pide á Deputación que se dispoñan a organiza-la beneficencia provincial; a resposta da nosa Deputación en 1842 é que o mellor plan de organización benéfica consiste en facer cumpri-las leis vixentes, ademais establecer na cidade de Pontevedra unha institución, administrada con cargo á Deputación, suficiente para Inclusa, corrección e hospitalidade, e para a súa financiación utiliza-los fondos dalgunhas Xuntas de fundacións xa obsoletas, e impór un recargo dun 10% sobre os presupostos muni-

cipais. Tampouco tivo éxito esta proposta, salvándose a situación mercede a que o Gran Hospital de Santiago decide admitir novamente ós incluseiros de Pontevedra, pero esta vez cunha respetable carga económica sobre a nosa Deputación.

A aguda crise de 1852-53 provocaría auténticas lexións de menesterosos que arrastraban a súa miseria polas cidades, golpeando as conciencias dos máis podentes e da propia administración. As reaccións non se fixeron agardar, a Deputación convoca ós sentimentos da súa Corporación que teima novamente na creación dunha institución, pero os compromisos adquiridos co Hospital de Santiago, dun alto custo, e os anteriormente adquiridos na construcción de estradas, fan fracasar novamente as que chamaban "nobres aspiracións". Pola contra, as clases podentes da cidade responderon con maior efectividade, e así a través da "Asociación de Señoras da Beneficencia de Pontevedra" dase por instituída a Casa Hospicio da Cidade.

Deste xeito a Deputación seguíu mantendo as súas relacións coa Inclusa do Hospital de Santiago ó que enviaba ós menores de seis anos, aproveitando a Casa de Caridade de Tui, e agora a de Pontevedra, para soster alí ós maiores de seis anos e ós adultos menesterosos e impedidos. Esta situación mantívose ata 1872, no que definitivamente se crea a inclusa provincial para os menores de seis anos, facéndose practicamente cargo do Hospicio de Pontevedra en 1878, no que albergaría ós xóvenes e nenos de máis de seis anos, e ó resto dos menesterosos. Só a partires de 1880 comenzaron a se instalar na nosa provincia os Asilos que se farían cargo dun bo número de acollidos nos hospicios, ficando estes só para nenos e mozos ó absorberen as novas institucións ós impedidos adultos e menesterosos. Os Asilos gozarán da colaboración xenerosa da Deputación, ó menos no referido ás súas instalacións, concedendo, no ano 1883, a Vigo, a cantidade de 28.150 pesetas para a construcción dun edificio-albergue. Igualmente e no mesmo ano concederá ó asilo de Caldas de Reis 21.000 pesetas o que para ámbalas dúas institucións supoñía o 50% do total dos gastos. Co Asilo de Tui foi algo menos xenerosa, subvencionándoo con 5.000 pesetas.

Na cidade de Pontevedra as Hermanas estableceron o seu Asilo en 1885 e, ó igual ca nos casos anteriores, a Deputación prestoulle-la colaboración. Esta xenerosidade era certamente compensada polos referidos Asilos que se facían cargo de parte das obrigacións que lle correspondían á Deputación.

Ano de 1878. Martes 12 de Marzo. Número 55.

BOLETIN OFICIAL

DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Se publica todos los dias excepto los Domingos. — Se suscribe en la imprenta de D. José A. Antunez, calle del Puente núm. 30.
Precio 20 reales trimestre en esta capital y 24 fuera de ella, franco el porte.

PARTE OFICIAL.

PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS

SS. MM el Rey *D. Alfonso y la* Reina *D.ª María de las Mercedes, se encuentran en esta Córte sin novedad en su importante salud.*

De igual beneficio disfrutan la Serenísima Señora Princesa de Astúrias, y las Sermas. Sras. Infantas D.ª María del Pilar, D.ª María de la Paz y D.ª María Eulalia.

GOBIERNO DE PROVINCIA

CIRCULAR NÚM. 67.

Habiendo llegado á noticia de este Gobierno de provincia que algunos Alcaldes y Ayuntamientos suspenden ó destituyen, á los Secretarios sin dar á mi autoridad cuenta documentada en el primer caso ó sin remitir copia del acta en el segundo, he acordado prevenirles que en lo sucesivo cuiden, bajo su mas estrecha responsabilidad, de cumplir lo dispuesto en el párrafo primero del art 124 de la Ley municipal vigente, en la inteligencia de que si no lo hicieren así les impondré por su omision el correctivo que proceda.

Pontevedra 12 de Marzo de 1878.

EL GOBERNADOR,
Victor Neboa Limeses.

CIRCULAR NÚM. 66.

Dispuesto el Gobierno de S. M. á introducir profundas y saludables reformas en el ramo de Beneficencia y á poner en armonía las disposiciones porque se rige aquel servicio administrativo con las vigentes leyes orgánicas municipal y provincial, me ha encomendado la formacion de estados en los cuales se comprendan los establecimientos y asociaciones de Beneficencia que existan en la provincia.

Pero para que yo pueda cumplir este servicio con la exactitud y puntualidad que tan importante servicio requiere, es indispensable que los Sres. Alcaldes me presten su mas activa y eficaz cooperacion, y me faciliten los datos necesarios, único modo de satisfacer en brevísimo término los deseos de la Superioridad.

Persuadido de que las Autoridades locales comprenderán á primera vista la trascendencia del asunto de que se trata, y de que en este caso demostrarán, como en otros muchos, su actividad y su celo por el servicio público, me abstendré de conminarles con medidas de rigor, limitándome única y exclusivamente á recomendarles la conveniencia de no descansar un momento hasta que el interesantísimo servicio objeto de la presente, sea con toda escrupulosidad cumplido Para conseguir este fin, preciso es que en el improrogable plazo de seis dias formen y remitan á este Gobierno de provincia estados extendidos con sujecion á los adjuntos modelos, del mismo tamaño y cubiertos por una sola cara, comprensivos de los establecimientos siguientes que existan en los respectivos términos municipales.

Casas de maternidad, Casas de expósitos, Asilos de párvulos, Casas ó Colegios de huérfanos y desamparados, Hospederías, Refugios ó Casas de socorro, Hospitales de enfermedades agudas, Hospitales de convalecientes, Hospitales de impedidos y decrépitos, Manicomios, Colegios de Sordo-mudos y ciegos, Casas de arrepentidas y recogidas, Casas de correccion, Pósitos y Bancos agrícolas, Montes de Piedad, Cajas de ahorros, Escuelas gratuitas y Colegios de igual carácter.

Si en algun término municipal existieren establecimientos de otro género, como casas de lavado y baños para los pobres, casas para obreros etc., los señores Alcaldes lo expresarán tambien; pero cuidando de dedicar á cada clase de establecimiento una hoja especial; es decir, que las casas de maternidad deben figurar en una hoja ó estado; las de expósitos en otra; en otra los asilos de párvulos, y así todos los demás, no pudiendo figurar en un solo estado sinó los establecimientos de una misma índole.

En la casilla de observaciones procurarán consignar cuantas le aconseje su buen juicio; pero con especialidad las siguientes: *si el establecimiento de que se trata ocupa edificio levantado á su objeto, ó de otra procedencia, que se determinará, y cedido por el Estado si está instalado con absoluta independencia ó agregado á otro y formando de él como una sola seccion, etc., etc.*

Creo inútil recomendar á las Autoridades municipales la mayor puntualidad y exactitud en la formacion de los estados, cuya remision no debe demorarse, pues el plazo fijado es fatal é improrogable; y si en algun Ayuntamiento no hubiese establecimientos de la clase de los referidos, cuidarán de participármelo así para los efectos oportunos.

Pontevedra 11 de Marzo de 1878.

EL GOBERNADOR,
Victor Neboa Limeses.



Asilo de bellos en Pontevedra.

4.2

ASILO DE ANCIANS

No ano actual cúmprese o primeiro centenario desta institución que, en 1885, iniciou a súa misión en favor dos pobres, instalándose na cidade de Pontevedra. E para facelo solicitou a Deputación as 25.000 pesetas necesarias para establece-lo seu primeiro albergue. Dado que non se dispoñía nin de presuposto nin de proxecto dunha nova edificación, a Deputación accede a facilitar dita cantidade aínda que distribuída en mensualidades, a fin de que poida permitirlle-lo pago do aluguer da casa necesaria para o seu labor. No 1887, replantéxase o tema da institución, propóndose a adquisición ou construcción dun novo local que se integraría no Patrimonio da Deputación. Non consta se, ó cabo, a propiedade adquirida pasou ou non ó Patrimonio da Deputación. Pero o certo é que no 30 de abril de 1887 se firma a escritura de merca da casa e finca sita na rúa Sierra da cidade de Pontevedra propiedade de D. Jesús Feijoo. Na escritura intervén o Presidente da Deputación ó obxecto de que poida efectuarse o pago directamente pola Deputación en favor do propietario. A finca e casa foi adquirida na cantidade de 11.000 pesetas, supondo que a cantidade restante ata as 22.500 pesetas concedidas pola Deputación, se inverterían en obras de acondicionamento.

A necesidade deste Asilo fica patente no feito de que xa en 1859 se plantexa o problema da insuficiencia do local e a necesidade de construcción dun novo edificio, para o que a Deputación aportaría o 25% da súa construcción, sempre que non excedese das 20.000 pesetas. Dan comenzo as obras de inmediato e finalizan no 30 de xullo de 1879, manténdose o Asilo na mesma ubicación, ata a actualidade.

A política da Deputación para con estas institucións benéficas foi a de facer pequenas aportacións, xeralmente para adquisición de vestidos e para a celebración de comidas especiais, e a de soster ó seu cargo a un número indeterminado de acollidos. Política que se mantén na actualidade ó igual que o fai con outras moitas institucións tanto de carácter público como privado.

Tivo a Deputación algunhas outras iniciativas institucionais, en canto a entidades hoxe desaparecidas como a Cociña Económica e a Gota de Leite, das que seguidamente facemos unha breve referencia.

4.3

COCIÑA ECONOMICA

Eran institucións de carácter benéfico que atendían exclusivamente as necesidades de mantenza dos pobres e menesterosos. Toman o nome dun invento nacido en España no último tercio do século; pensado como cociña de varios fogóns, permitía economizar combustible ó ter unha soa base de alimentación para os fogóns, e incluso permitía o seu uso para calderíns de auga quente. Todo isto procedía da escasez e encarecemento do carbón.

En Pontevedra, o propulsor das cociñas económicas foi o doctor Cobián Areal. Pero a primeira proposta para Pontevedra, da que temos nova, responde a unha solicitude do Alcalde da cidade propondo a súa instalación á Deputación, en 1892, e solicitando unha subvención que lle é concedida. A Deputación controlaba a Cociña Económica a través dun Deputado Delegado que formaba parte da Xunta de goberno da institución. En decembro de 1898, a Xunta de goberno da Cociña Económica de Pontevedra ubícase nos locais da Casa Hospicio, para o cal a Deputación colabora cunha cantidade a fin de que se realicen as obras con urxencia. Descoñecémo-lo tempo de permanencia en ditos locais, pero encontramos en 1915 unha nova proposta plantexada polo presbítero Crisanto Soto sobre a instalación dunha nova Cociña Económica para a que solicita a correspondente subvención. En 1918, a Asociación de exploradores de Pontevedra monta outra Cociña Económica, a base dunha suscripción popular, solicitando o apoio correspondente da Deputación. Igualmente o solicita a Asociación Católica de Mulleres que tenciona construir en 1930 un novo pabellón adicado a Cociña Económica.

A cidade de Vigo tamén tomara a iniciativa de instalar unha Cociña Económica no ano 1895, á que, igualmente, a Deputación prestou a súa colaboración cunha subvención.

Este tipo de institucións tiñan máis ben un carácter eventual xurdindo en períodos de crises e desaparecendo posteriormente.



4.4

GOTA DE LEITE

Foi unha institución efímera, creada coa finalidade concreta de evita-lo alto risco de mortalidade infantil entón existente. A "Gota de Leite" non foi realmente unha institución novidosa xa que se pode documenta-la súa existencia na cidade de Vigo no ano 1925, e no ano 1930 en Lavadores. A de Pontevedra, nace con carácter provincial a cargo da Deputación, e a través dunha proposta da Presidencia, en sesión ordinaria de 5 de agosto de 1931. En outubro do mesmo ano proponse a construcción dun pabellón para a nova institución, e en agosto de 1932 dáse aprobación ó seu regulamento, póndose en funcionamento en maio de 1933.

A Deputación Provincial, a través dunha Comisión Xestora, tomará a responsabilidade da súa organización técnica e administrativa. Un Vocal Delegado da Comisión controlará directamente esta entidade que nace como anexa á Inclusa Provincial.

A Gota de Leite ofrecía dous tipos de prestacións:

a) Consultorio médico: A el podían concorrer tódalas nais sen excepción algunha. No centro instruíaselles encol do mellor xeito de criar e amamanta-los seus fillos, e o lugar onde podería levalos para a realización de exames periódicos. Este consultorio tiña carácter gratuito.

b) Suministro de leite: O socorro de lactancia consistía en suministra-lo leite preparado e de calidade necesaria para supli-las posibles deficiencias da do peito materno, por razóns de enfermidade ou por ter sufrido partos dobres ou triples. O leite que se suministraba non era gratuito nin de igual precio para todos. Estableceuse un cómputo para determina-la consideración de pobreza.

A duración do socorro limitábase ata os 14 meses. As entregas controlábanse a través duns tikets, responsabilizándose as nais do coidado do material, tendo que deixar un depósito de 10 pesetas para cubrir posibles rupturas e deterioro do mesmo. Os precios establecéronse en 80 céntimos o litro, para podentes, e 30 para pobres, tendo estes que presentar, polo menos, unha vez ó seu neno para vixia-lo seu estado.

Como xa dixemos, esta institución estaba anexa á Inclusa provincial, e, polo tanto, encravado no mesmo edificio do exconvento dos Xesuitas, tendo o seu despacho na rúa Cobian Roffigñac. Para a Gota de Leite instalárase un novo pabellón dotado da maquinaria precisa para a esterilización do leite e a súa conversión en frigoríficos. A capacidade das instalacións ofrecían un rendemento de producción diaria de leite preparado de 100 litros.

O persoal que a atendía estaba supeditado, no aspecto sanitario ó control dun Director Médico que era asistido por unha das dúas Irmás da Caridade adicadas ó establecemento. A outra Irmá ocupábase da inspec-

ción hixiénica da preparación do leite e do control de entradas e saídas de biberóns. Os traballos de limpeza xeral estaban encomendados a catro nenas hospicianas, e a responsabilidade da caldeira recaería sobre un rapaz igualmente do Hospicio. Polos seus traballos percibían unhas gratificacións que llas ingresaban na Caixa de Aforros.

O Administrador, que era o da Inclusa, presentaba as contas e presupostos á Comisión Xestora, ou ó Vocal representante da mesma.

A institución que comenzou o seu funcionamento en maio de 1933, finalizou as súas operacións no mesmo mes do seguinte ano 1934, en base a que a rentabilidade obtida era moi baixa respecto da capacidade das súas instalacións, en consecuencia, determínase a súa suspensión con carácter eventual "mentres non se coloca a institución en condicións de funcionamento máis en armonía coa necesidade reais desta capital". En decembro de 1936, tén lugar unha reapertura, con carácter gratuito, e só para os máis necesitados, da Gota de Leite, que segue funcionando ata 1938, en que a Deputación Provincial aproba as bases de concesión en usufructo do local onde estivo instalada a Gota de Leite e os enseres existentes en favor de Falange Española y de las Jons, sección de Auxilio Social.

O convenio de cesión obrigaba á Falange a manter aberta dita institución e a proporcionar leite gratuito ós nenos da Inclusa, ata os 8 meses de idade, ademais de dispór do necesario para a venda. O convenio tiña unha duración de dous anos, prorrogables se ámbalas dúas partes o aceptaban. No caso de ruptura do convenio, Falange, comprometíase a devolve-lo local e material cedido.

Posteriormente, a Deputación sacaría a subasta pública o material correspondente a esta Institución.


REGLAMENTO

DE LA

INSTITUCIÓN

"GOTA DE LECHE"

IMP. LIBRERIA.--J. POZA.--PONTEVEDRA



Sto. Domingo, onde estivo instalada a Casa-Hospicio.

4.5

HOSPICIO-FOGAR

O que hoxe é o Centro Cidade Infantil ''Príncipe Felipe'' tén os seus antecedentes en varias institucións do pasado século. Os primeiros datos que nos aproximan a esta institución son os referidos á Obra Pía de Orfas da cidade de Pontevedra, coa que xa no ano 1841 a Deputación pretende establecer algún tipo de acordo a través do seu representante patrono D. José Mariño. Igualmente no ano 1842 a Deputación amosa as súas preocupacións polo tema segundo se manifesta nunha proposta ''que na capital se estableza unha Casa suficiente para toda a provincia con destino a Inclusa, corrección e hospitalidade...'' No ano seguinte, 1843, preséntase unha moción para ''Construir un cárcere capaz, cómodo, seguro e unha casa de expósitos''.

Estas e algunhas outras propostas vanse quedando en boas intencións tan só. A motivación suficiente partirá da aguda crise de subsistencias, acompañada do cólera que asolará a Galicia enteira, pero que afectará moi especialmente á nosa provincia, e que tén lugar en 1853, como reflexa unha das actas da Deputación ''Sobre medios de socorre-la miseria pública que aflixe a provincia por mor das malas colleitas''.

Nesta sesión de 12 de abril de 1853 adicada integramente ó tema da crise, faise unha chamada ó clero e clases podentes para que pola súa iniciativa procuren os remedios para socorrer tanta indixencia. A resposta de Pontevedra non se fixo agardar e por iniciativa dunha ducia de mulleres, apoiadas polo Xefe político, tén lugar o nacemento en xuño do mesmo ano, da Asociación Benéfica de Señoras de Pontevedra que dispón a creación da Casa Hospicio constituíndose, na súa primeira sesión no 9 de outubro de 1853, en Asociación de Señoras da Casa Hospicio de Pontevedra que preside Dona María Urrutia Arguelles.

a) 1853-1878: Asociación de Señoras.

Nesta longa etapa a Asociación de Señoras asume: os poderes da Casa Hospicio: tomarán a responsabilidade, obtención e control dos fondos, dictarán normas de instrucción moral e cumprimento de deberes dos acollidos e facultaranse para nomear, despedir e asignar xornais ós traballadores, ó tempo que dispoñen a adquisición de roupas, víveres e enseres, e determinan a admisión ou refugamento dos seus asilados.

O establecemento era compartido por unha ampla gama de indixentes: anciáns, adultos, xóvenes, nenos, tolleitos, tontos..." de ámbolos dous sexos, a quen se lles esixía a pobreza de solemnidade e a vecindade na cidade de Pontevedra.

A entrada no establecemento supoñía un lavado íntegro de todo o seu corpo e as súas roupas que eran cambiadas polas do propio centro, gardándoselle-las propias para seren devoltas no momento da súa saída. Será da enteira responsabilidade do interno o coidado das súas roupas de vestir e das que lle son asignadas para durmir.

Da súa mantenza pouco coñecemos pero a supomos precaria, a pesar dos menús extraordinarios, dos que si temos constancia, como o que compoñía o do xantar de Nadal de 1855: bacallau con patacas, castañas con mazás, dúas rosquiñas e medio cuartillo de viño para cada asilado.

O réxime de internado parecía, cando menos, moi ríxido, obrigando a se erguer ás cinco ou seis da madrugada segundo fose vran ou inverno; o xantar, durante todo o ano suministrábase ás doce do mediodía, deitándose ás nove ou oito da noite segundo temporada, tendo como obriga ineludible o rezo das oracións de costume en cada un destes tres actos. Será obriga dos hospicianos a de ocuparen a mañá no aseo e limpeza das súas roupas e camas, pois para teren dereito á súa ración, terán que pasar revista previa, non facéndolles entrega da ración ata que a súa hixiene sexa considerada aceptable. Os nenos e as nenas tamén tiñan que pasar revista antes da súa asistencia á escola. Os restantes hospicianos, despois das súas obrigacións persoais de limpeza, realizaban os traballos que lle eran encomendados polas señoras, ou ben desenrolaban os traballos que como aprendices de oficio lle asignaban fóra da Casa.

Antes da cea era preceptivo reza-lo rosario en comunidade. Nas saídas a paseos debían respetar en todo momento o iren aliñados de dous en dous. Media hora despois

da cea, tocábase silencio que se gardaba baixo vixilancia rotativa dun hospiciano. As visitas dos familiares só eran permitidas os domingos.


A Casa Hospicio localizábase dende o seu comenzo no exconvento de Santo Domingo, cedido por efecto da desamortización en usufructo ó Concello de Pontevedra, quen a súa vez o cedeu compartidamente á Casa Hospicio e ó cárcere de mulleres; cárcere que abandonaría o lugar no ano 1855. As condicións do convento non eran boas, ata o punto de que arredor de 1869 se consideraba en estado ruinoso, polo que se trasladaría ó exconvento de Santa Clara. Posteriormente, en 1876, volvería novamente a Santo Domingo.

Os traballos de limpeza, cociña, roupeiros e lavandería levábanos na súa totalidade os propios hospicianos.

Tódolos servicios de control de réxime interno correspondían ó Celador ou Conserxe, persoa asalariada pola Asociación. O Mestre de Música, igualmente asalariado, respondería da "Escola de Música" e da asistencia ós lugares onde eran requeridos. Asistíaos tamén un Mestre Zapateiro, que ensinaba gratuitamente, a cambio da cesión do local. Mencionamos igualmente ó Sacerdote e ó Médico, os cales, ó menos nun comenzo, facían os seus labores gratuitamente.

O Centro definíase como privado e de carácter benéfico, non tendo fondos dependentes de ningunha administración de caracter oficial, dependendo unicamente da caridade pública. Naturalmente como benéfica tiña os seus protectores incondicionais, o Sr.

Sta. Clara, convento polo que pasou a Casa-Hospicio.





ANUNCIO.

ASOCIACION BENÉFICA DE SEÑORAS.

En el baile de PIÑATA que tiene ya acordado dar esta Asociacion en el Teatro de esta capital, á beneficio de los pobres hospicianos, el dia de mañana 18 del actual, se pondrá en rifa UNA ARROBA DE DULCE.

Pontevedra Febrero 17 de 1872.

Gobernador e o Sr. Arcebispo de Santiago que foron os pioneiros aportadores e que nunca fallaron á Asociación. Tamén o Alcalde da cidade tivo as súas aportacións, aínda que máis pobres e illadas, este deu o seu apoio máis ben a nivel de cesión de locais. Unha aportación singular que o Gobernador Civil publica no BOP do 20 de xullo de 1858, calificándoo de "nobre rasgo de filantropía en beneficio da humanidade desvalida", é a que efectúan dous gardas civís, dos 112 reais que como talladores dos quintos de dito ano lles correspondían, entendendo que os membros da Garda Civil "non poden recibir gratificación de ningunha especie que non estea marcada no seu regulamento", xa que por todo o servicio que prestan "a Reina e a patria lles pagan o seu haber" polo que o Comandante da Garda Civil da provincia a pon a disposición para que de non ser devolta "poida ser aplicada á Casa-hospicio desta capital".

ANUNCIO.

ASOCIACION BENÉFICA DE SEÑORAS.

Esta Asociacion acordó dar á beneficio de los pobres hospicianos de esta ciudad, BAILE DE PIÑATA el domingo 22 del actual, desde las diez de la noche á las cuatro de la mañana, poniéndose en rifa lo siguiente bajo un solo lote:

Una pieza de tela de hilo.

Un corte de pantalon.

Una caja pañuelos de hilo.

Se advierte que si las entradas que se expendan no llegan al número de 200, quedará sin efecto dicha rifa por no cubrir los gastos de la misma, Teatro y música.

Pontevedra Febrero 19 de 1874.

TEATRO.

BAILE DE PIÑATA

Á BENEFICIO DEL HOSPICIO DE ESTA CAPITAL,

PARA EL DOMINGO 26 DEL ACTUAL.

La Asociacion de señoras que representa este Establecimiento agradecida á la concurrencia que el público le ha dispensado en los últimos bailes de carnaval, y con el objeto de proporcionar los recursos de que tanto necesita para atender al sostenimiento de los pobres acogidos en dicho Establecimiento; acordó dar esta funcion por el órden siguiente:

A las nueve de la noche dará principio el baile.

A las once, la banda de música del Establecimiento ejecutará las piezas siguientes:

1.° Sinfonía de la ópera Nabucodonosor.

2.° Tanda de walses titulada Soldaten-Lieder.

3.° Fantasía obligada de saxofón sobre motivos de la ópera Lucrecia Borgia.

4.° Tanda de walses titulada los Guardias de la Reina.

Concluida la ejecucion de las piezas relacionadas, continuará el baile hasta las dos de la mañana y en un intermedio se rifará *una pieza de lienzo*.

Entrada con un número de rifa 4 *reales.*

A conta de cargo e data dos fondos da Casa hospicio publicábase, aínda que con intermitencia no BOP do que tomamos, porque nos parece significativa, a correspondente ó mes de agosto de 1853, na que se relacionan como ingresos, partindo do saldo anterior de 8.389 reais e 6 maravedís, un donativo de 500 reais do Excmo. Sr. D. Alejandro Castro, o importe das suscripcións dos empregados das diferentes dependencias da provincia do mes de xullo, que sumaban 766 reais, e dos que se recaudaron da poboación no mes de xullo, que sumaban 766 reais, e dos que se recaudaron da poboación no mes de agosto: 2.736 reais, máis 16 reais dos pendentes e cobrados do mes anterior; un donativo de 70 reais do Gobernador da provincia de Segovia, e 54 reais do producto líquido dun baile dado a beneficio dos pobres do hospicio, o que facía un total de ingresos de 12.531 reais e 30 maravedís, sumando os gastos realizados en dito mes de agosto,

ASOCIACION BENÉFICA DE SEÑORAS
DE
PONTEVEDRA.

Cédula núm. [illegible]

ochocientos r.

Rifa de un ~~cerdo~~, que se verificará el dia ~~29~~ 1º Octubre de ~~Enero~~ de 1871.

Medio real.

Mil rifas

ASOCIACION BENÉFICA DE SEÑORAS
DE
PONTEVEDRA.

Núm. [illegible]

ochocientos reales

Rifa de ~~un CERDO~~ á beneficio de los pobres hospicianos, cuyo sorteo se verificará el ~~29~~ de ~~Enero~~ de 1871 en la casa hospicio de esta ciudad. día 1º Octubre

Medio real.

ASOCIACION
BENEFICA DE SEÑORAS
DE
Pontevedra.

2.940 reais e 31 maravedís, que correspondían a 45 varas de lenzo para sabas, 84 reais 24 maravedís; 92 ¼ varas de lenzo estopa para manteis, 238 reais 26 maravedís; 40 xustiños, 170 reais; materiais e xornais empregados nas obras que se executaron na Casa-hospicio, 263 reais 2 maravedís; unha campá pequena para o servicio interior da casa, 44 reais; por xantares e ceas ós hospicianos, socorros domiciliarios e gastos menores, 2.098,33 reais, e premio de cobranza do 1% sobre 4.142 reais recaudados en agosto, 41,14 reais (BOP nº 117 de 30-9-1853).

O grande número dos acollidos dende o comenzo, máis de oitenta, non permitiu facer grandes cousas, co que a Casa se mantivo nun constante estado de precariedade de fondos, e non precisamente pola falla de imaxinación e coidados das señoras, as cales intentaron todo tipo de posibilidades, desde engordar un porco para logo realizar un sorteo, ata pretende-la instalación dunha caseta de baños públicos, ademais de festexos con bailes, teatro, etc. e outros medios non tan ledos, como acompañar ós defuntos no cortexo fúnebre. O ingreso de maior cuantía proporcionábao o Sr. Arcebispo de Santiago, seguíndoo os producidos por suscripción de funcionarios e personaxes relevantes, as aportacións esporádicas da Deputación, os producidos polas actuacións musicais, as aportacións obtidas polos hospi-



cianos, como renda dos aprendices de oficio, pola elaboración e venda de sombreiros de palmilla, ou polo dereito ás tasas de uso de cadeiras nos espectáculos públicos.

Como se pode apreciar, os capítulos de ingresos eran moitos pero o resultado final era sempre a precariedade de medios que foi medrando ata se situar en 1865-1868 na aguda crise que fixo periga-lo establecemento na ruína e derrubamento, razóns polas que en 1869 se ven obrigados a se trasladar a Santa Clara. O traslado non supuxo mellora algunha no canto da abundancia de fondos que seguía alonxándose das necesidades, ata o punto de ameazar seriamente co peche definitivo do establecemento en 1870, soportando moi tensamente a situación ata 1878, no que se pecha definitivamente o capítulo correspondente á Asociación.

b) 1878-1903: Xunta Superior da Casa Hospicio

A incapacidade da Asociación para manter por si soa o establecemento, obrigou á administración a tomar medidas directas no asunto creando unha Xunta Superior de xestión, e introducindo para o seu control interno a un grupo de Irmás da Caridade.

A primeira sesión da estreada Xunta tén lugar o 27 de setembro de 1878, baixo a denominación de Asociación de Señoras de Beneficencia e Xunta Superior da Casa Hospicio. Pouco durou esta especie de fusión, na que a Asociación de Señoras asumía o papel de Xunta de Goberno, composta por cinco compoñentes da Asociación. Xunto a elas estaban as Irmás da Caridade, quen dende o comenzo esixiron o control total da administración económica e réxime interior. O coidado implacable das "Hermanitas", causou desagrado entre as señoras que responderían cun inmediato cese masivo da Xunta, cese que foi rapidamente admitido, co que as pioneiras da obra rematarían definitivamente o seu labor, sendo relevadas pola Xunta Superior composta:

—Eminentísimo Sr. Cardenal Arcebispo de Santiago. (Na súa representación, os Srs. Curas Parrocos de Santa María, e San Bartolomé de Pontevedra).

—Comisión da Deputación, composta polo Presidente e tres Deputados.

—Comisión do Concello, composta polo Alcalde e tres Concellais.


A Xunta Superior asume os poderes de alta decisión e admisión de asilados e as responsabilidades de suministra-los fondos, pero o poder real levarano as Irmás da Carida-

de, que controlan integramente a administración e o réxime interior do Centro xa que as actuacións do rector sacerdote, o médico, o celador, estarán plenamente sometidas á decisión da Superiora.

Os beneficiarios do Centro seguirán restrinxidos ós nados ou veciños da cidade de Pontevedra ata 1885, no que a Deputación consegue que se extenda a tódolos naturais e veciños da provincia, en base a que as súas aportacións son maioritarias. Os requisitos de entrada burocratízanse, esixíndolle a cada asilado o seu correspondente certificado de conducta e pobreza de solemnidade que extenderá o párroco correspondente. Coa presencia física da administración a través da Xunta Superior, as aportacións asegúranse, polo que se obtén unha mellora xeneralizada nas condicións de vida do Centro, no que seguen a convivi-los hospicianos, anciáns, adultos, mozos e nenos. Só a disciplina parece estreitarse, impóndose desde os castigos morais do avergonzamento público ós castigos físicos, tanto privándoos da mantenza, como pechándoos ata tres días incomunicados, cunha soa visita diaria da Superiora ou do rector na que o castigado non poderá falar a non ser que responda a unha pregunta que se lle faga.

As condicións sanitarias non semellan estaren plenamente abandonadas, pois que constatamos, incluso, algunhas ocasións nas que se envían hospicianos a tomaren os baños á Toxa e a Caldelas de Tui con cargo ó Hospicio.

Neste período están novamente instalados no exconvento de Santo Domingo, co


JUNTA SUPERIOR
DE LA
CASA HOSPICIO
DE
PONTEVEDRA.

El exhospiciano D. Antonio Pérez Vázquez, en comunicación fecha 23 del actual, acusando me el recibo de las ciento cincuenta pesetas, importe de la subvención que V.E. se ha dignado concederle por acuerdo de 2º de Agosto último, me manifiesta que ha podido de este modo no solo satisfacer todos los gastos del título profesional de enseñanza superior sino también los que originaron los testimonios de la partida de bautismo y el diccionario de Pedagogía, que ha adquirido para estender sus conocimientos, rogándome a la vez dé, en su nombre, a ese Cuerpo provincial, las mas significativas gracias.


26 de Sete. de 1882.

Dese cuenta á la Diputación.

Lugo 11 Oct/882

Queda enterada esta Corporación

edificio algo mellorado ademais das reparacións das que temos constancia ó longo desta xeira, pero ademais mellorarán moito as súas instalacións, mércase unha cociña de ferro para as monxas, adquírese un reloxio de campaíñas, unha máquina de coser e tres imaxes para a nova capela que se acaba de construir. Instálase un forno para a elaboración do pan e finalmente no ano 1889, procédese á instalación eléctrica no establecemento. Na Lei de 12 de xuño de 1892 cédese en pleno dominio, o exconvento de Santo Domingo, ó Concello de Pontevedra, a cambio de que se comprometa a construir un novo edificio para alberga-lo Hospicio. Non se



Junta Superior de la Casa Hospicio

DE

PONTEVEDRA

Sirvase V. ..... *concurrir á la sala de juntas de la Casa-Hospicio de esta capital á las* 4 de la tarde de hoy

para celebrar sesión ordinaria *y tratar de* varios asuntos generales, entre ellos una urgente relacionada con el traslado de dicha Casa-Hospicio

Dios guarde á V. ..... *muchos años.—*
Pontevedra 6 *de* Octubre *de* ~~189~~ 1903.

El Presidente,

chegará a construir un novo edificio pero, a comenzos do século, ofréceselle a posibilidade do traslado ó exconvento de Xesuitas, onde finalmente, en 1903 se instalarán.


Mantéñense o capataz, o médico e o mestre de música, pero o médico percibirá a súa consignación, perdendo o seu carácter de gratuidade. O sacerdote, que tamén será asalariado, adquire unha responsabilidade moito máis relevante, tendo unha adicación case plena no Centro. As Irmás da Caridade, que nun comenzo eran dúas, foron aumentando paulatinamente ata completaren unha ampla comunidade. Tamén aparece a figura da mestra parvulista, aínda que as súas funcións as levaba unha Irmá da comunidade. Outra figura autenticamente nova é a do auxiliar interventor, o labor do cal é meramente burocrático, xa que o control e responsabilidade das contas corresponde á Superiora.

Seguen a se mante-las aportacións do Arcebispo e da Deputación, sendo as desta última as que irán ocupando o maior volume de ingresos, pola contra, o Concello vai cedendo nas súas posicións de axuda. Igualmente, mantéñense os ingresos por asistencia a enterros, os correspondentes ós traballos externos de oficios, os beneficios de festexos das sociedades, os dereitos de cadeira e, como non, continúa o tradicional sorteo do porco, pero ademais engádense algunhas como a venda do caldo quente ó público ou a curiosa proposta de adquisición dunha carruaxe mortuoria, que descoñecemos se chegou a se efectuar. Sen esquecerse dos beneficios obtidos das actuacións da "música", que ademais de asistir ós festexos onde eran solicitados, estivo un longo tempo actuando polas noites na Ferrería.

Varios tropezos relacionados coa banda de música do Hospicio, deron lugar a un enfriamento nas relacións co Concello, quen chega a retira-la subvención para dúas Irmás da Caridade e o dereito das cadeiras que tamén tiña cedido, pero ademais, en 1903, un oficio do Alcalde obriga a sair á institución do convento de Santo Domingo que ocupan.

c) 1903-1930: Exconvento de Xesuitas.

A raíz do enfriamento de relacións do


CASA-HOSPICIO DE PONTEVEDRA

Asilado núm._____ Fólio_____

Libreta del aborro postal núm._____ serie_____

PONTEVEDRA
TIP. DE JULIO ANTÚNEZ
1926

Concello, este abandona a súa asistencia ás Xuntas e practicamente non tén intervención algunha, a Comisión da Deputación tampouco semella pó-lo maior interés en intervir no desenvolvemento cotián do Centro descargando sobre a comunidade de Irmás, todo o peso. O desinterés da Xunta é tal que neste período non chega a se reunir nin dúas veces por ano.

Nos primeiros anos, segue a se manter a anciáns e mozos, pero a partires de 1906, iníciase a idea da construcción dun Asilo para anciáns, e en 1909, a Deputación fai unha forte aportación para a súa construcción. Así o Hospicio queda exclusivamente para nenos e mozos. No ano 1926, establécese unha normativa para recollida e tenencia de nenos hospicianos que obrigará á familia que os cobexa, e á vez utiliza os seus servicios, a abonar unhas cuotas anuais nunha cartilla a nome do acollido, cuota que se incrementa segundo a idade do recollido e que vai desde as 105 ás 540 anuais.

Tralo compromiso do Alcalde de cede-lo exconvento de Santo Domingo para a instalación dun cuartel, fanse varias ofertas polo Concello, a Casa do Monte de Piedade, e a Casa que foi do Marqués de Riestra, sita na Praza do Teucro ou, incluso, a metade do hospital que estaba desocupado.

Non fructifican estas ofertas, pero chégase a un acordo co Ministerio de Instrucción Pública para a cesión do convento de Xesuitas, onde estaba instalado o Instituto Xeral e Técnico da cidade e a Biblioteca do Estado. A cesión faise a través do Real Decreto de 12 de outubro de 1903.

Durante esta etapa os esforzos vólcanse no melloramento das condicións dos locais, con ampliacións e, incluso, construcción de novos pabellóns, instalándose en 1910 o teléfono.

O persoal disponible non semella aumentar máis que no referente á comunidade de Irmás da Caridade.

Neste período a Deputación xa asumira a responsabilidade económica do Centro.

A partires de 1930 e ata 1949, o abandono da Xunta é absoluto, pois non se reune nin unha soa vez. As Irmás da Caridade son donas e señoras da institución, a imaxe da



A Raiña Victoria Eugenia con Sor Rafaela nunha visita á Casa-Hospicio.

cal se deteriora de tal xeito que tén unha transcendencia pública na que a prensa fala de malos tratos, fame, miseria e malversación de fondos.

Co fin de transforma-la situación e por iniciativa do Ilmo. Presidente da Audiencia e da Xunta de Protección de Menores e baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente da Deputación, asistindo o Alcalde da cidade e os curas párrocos de San Bartolomé e Santa María faise unha xuntanza na que se intenta a nova creación da Xunta do Patronato do Hospicio. A realidade é que esta é a última reunión que consta nas actas. A partires de entón xorde unha nova figura, a do Administrador Xeral. Con esta figura lógrase restablece-lo control do Centro e vanse ordenando as ideas do que sería, en poucos anos, o Fogar Provincial, que suporía a liquidación do término Hospicio e a refundición coa Inclusa Provincial nun só Centro.

d) 1953-1975: Fogar Provincial de Pontevedra.

Esta etapa supón un verdadeiro pulo e melloramento da institución en tódalas or-



Exconvento da Compañía de Xesús, como Casa-Hospicio.

des. A Deputación vólcase nas novas concepcións do Centro.

O cambio prodúcese a partires de 1953, no que a Inclusa comenza a se denominar "Hogar Cuna", manténdose a nominación de Hospicio para esta intitución, ata 1955 no que se funden ámbolos dous centros no Fogar Provincial.

A dirección e administración do Centro correrá a cargo do que será o seu administrador, que asume a responsabilidade e poder absoluto do Centro, só compartido nalgunhas decisións coa nova figura do Deputado Delegado.


As ampliacións feitas permitían unha cabida de ata 300 nenos, aínda que a realidade chegou a sobrepasa-la cifra nos 360 acollidos a pesar dos límites impostos para o seu ingreso, no que non podían exceder dos 13 anos. Os plantexamentos mudaron de tal xeito que os nenos non están mesturados senón agrupados por distintas seccións.

Fogar Cuna .....ata os sete anos
Fogar nenas .....de 7 a 19/21 anos
Fogar nenos .....de 7 a 19/21 anos
Fogar xordomudos de 7 a 18 anos (nenos/as)

A dotación do persoal e o plantexamento educativo e profesional, fai que as melloras nas condicións xerais sexan moi cualitativas. A evolución é clara en tódalas ordes, no réxime disciplinario enuméranse máis os premios ca os castigos, que se reducen á expulsión (só maiores de 18 anos) ou ó seu internado no reformatorio. A procura dun ensino máis efectivo e o estímulo fan cambia-la

orientación do Centro. O ensino e aprendizaxe profesional estimularase con pequenos salarios. Os nenos e mozos poñen un maior entusiasmo ata o punto de editar un xornal propio.

Unha parte moi importante desta mellora xeneralizada, constitúea o feito do aumento do persoal que asiste ó Centro. Con persoal administrativo, persoal médico (dous médicos, enfermeiras e practicante). A comunidade de Irmás sobrepasará as vinte, mantense o Capelán, engádese unha serie de persoal que atende ós cargos de mestres profesionais, zapatería, carpintería, artes gráficas, peluquería, electricidade... Iranse engadindo, vixilante, porteiro, albañil, pintor, electricista, telefonista... cociñeiro, pinches, servintes de cociña, gardadoras de roupa... Persoal docente, como Instructores de Educación Física, Mestres nacionais, e nos últimos anos desta etapa un Asistente Social.



HABLAN LOS ALUMNOS

Agradecemos y prometemos...

Esta cuartilla, primera que se escribe para «nuestro periódico», tiene color de ilusión y temblor de cosa recién nacida.

A nuestro alrededor se han ido sembrando enseñanzas, prácticas virtuosas y comodidades materiales, bajo la luz del más desinteresado amor cristiano y aún siguen nuestros favorecedores buscando, incansables, nuevos modos de ayudarnos, ofreciéndonos lo que tanto ansiábamos ¡nuestro periódico!

¿Y que nos piden en cambio? Que cumplamos la consigna de utilizar con el máximo aprovechamiento cuanto ponen a nuestro alcance, para lograr la ansiada meta de convertirnos en buenos españoles, trabajadores y católicos.

Pues hoy, reconociéndonos aún muy distantes del ideal propuesto, queremos empezar nuestra labor en el periódico proclamando muy alto dos firmes propósitos.

Uno de constante agradecimiento para todos los que nos ayudan, desde el Ilmo. Sr. Presidente de la Diputación, Sr. Delegado, Sr. Administrador y Rvda. Madre Superiora, a las religiosas, profesores, maestros de talleres y demás personal que con tanto afán se desvelan en nuestro favor. Agradecimiento que se traducirá en plegarias elevadas del fondo del corazón, para que el Señor vele por ellos como ellos velan por nosotros.

Y otro de esforzarnos en ser mejores cada día, para que fructifiquen los nobles esfuerzos de quienes se empeñan en hacer de nosotros un grupo de buenos y honrados trabajadores.

Sirva como muestra de la sinceridad de estos propósitos la noticia que damos en otro lugar del periódico de haber constituido la Asociación de Alumnos del Hogar. Con ella aplicaremos nuestros propios esfuerzos a progresar en el buen camino.

Y concluimos con el ruego de que leáis nuestro periódico con interés, para saber de nuestras realidades, nuestros anhelos y el fruto que bajo el signo de la cruz se cosecha entre

Los alumnos del Hogar

Se ha constituido la Asociación de Alumnos del Hogar Provincial de Pontevedra.

(Información en la página 6)

HOGAR

PUBLICACION MENSUAL DEL HOGAR PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

NUMERO 1 — NOVIEMBRE 1955 — AÑO

Presidente de la Diputación Provincial y Procurador en Cortes

Pontevedra, 14-11-55

Redacción de "HOGAR"
Imprenta Provincial
CIUDAD

Con la satisfacción y orgullo que siente un padre ante los progresos e iniciativas de sus hijos, os felicito por la que habeis tenido y correspondo gustoso a vuestro requerimiento de que se inserten en el primer número de "Hogar" algunas palabras mías.

Sean éstas de aliento y perseverancia en el camino que hoy empredeis. Sin desmayos y con bríos debeis acometer la publicación que a la luz sacais. Haced eco y clarín de vuestras aspiraciones; sirva para despertar conciencias dormidas; constituya un acicate para los que desaprovechan los primeros años de su existencia y un estímulo para los que con su deber cumplen; conserve el recuerdo de esos lares que os vieron crecer y siga vuestros pasos cuando os lanceis a la lucha por la vida, buscándoos hasta en los lugares más recónditos como imperecedero lazo de unión.

Luís Rocafort Martínez.

HOGAR se honra publicando en este primer número el facsímil de la carta del Ilmo. Sr. D. Luis Rocafort Martínez, Presidente de la Excma. Diputación Provincial a quien se debe la total renovación de este querido Hogar Provincial. Sus palabras de aliento y entusiasmo serán recogidas por todos los alumnos del centro, y bajo sus auspicios ponemos esta publicación, que, para cumplir sus consignas, será la auténtica voz de todos los que aquí trabajamos y recibimos enseñanzas para un mañana mejor.



Claustro, interior da Casa-Hospicio.



"Hogar Cuna" do Fogar Provincial.

Ademais do mestre de música e do persoal correspondente á Imprensa. No 1969 haberase de engadir algún persoal máis de Ensino Profesional, pois que o Centro é recoñecido como tal polo Ministerio de Educación e Ciencia.

Os fondos proveñen integramente do presuposto xeral da Deputación Provincial á que hai que recoñece-lo esforzo que supuxo superar, en poucos anos, as condicións de miseria en que se encontraba dita Institución.

O despegue económico dos sesenta, impactará nesta institución ó igual que o fixo en todo o conxunto social, de tal xeito que pronto se pensou na obsolescencia do Fogar Provincial, concebíndose un ambicioso proxecto que parte de 1968 e que terá a súa realidade no ano de 1976, ano da inauguración do complexo asistencial Cidade Infantil "Príncipe Felipe", que pronto cumprirá unha década de existencia.

Ademais da asistencia verificada nos Centros propios da Deputación, esta mantén unha asistencia social continuada a favor dos residentes na provincia noutros varios Centros e institucións de toda a xeografía española que, no ano 1985, representaron unha aportación de 311.909.872 pesetas, distribuídas da seguinte forma:

— Sanatorios psiquiátricos	138.268.860
— Colexios de Educación especial	100.736.616
— Asilos de Anciáns desamparados	47.989.632
— Fogares	14.781.784
— Centros asistenciais e ocupacionais	8.396.484
— Hospitais de enfermidades do tórax	1.736.496



Rapazas do Fogar Provincial na Exposición de Madrid. Feira do Campo.

4.6

INCLUSA PROVINCIAL

Antes de que a Deputación de Pontevedra se fixese cargo dos nenos abandonados, a administración municipal tiña asumida dita responsabilidade, ben facendo entrega dos recén nados a unha nodriza ou ben integrándoos en centros especiais, como o caso da Inclusa de Tui da que temos constancia da súa existencia ó menos desde o ano 1842. O sostenemento destes nenos abandonados facíase a través de repartimentos específicos para cada situación que se presentaba, exceptuando, naturalmente o caso de Tui que tería que manter nos seus presupostos os gastos correspondentes ó centro propio.



Inclusa Provincial (1872-1876).

A Deputación de Pontevedra tomaría esta nova responsabilidade a partires de 1865, aínda que xa antes mantivo permanente preocupación polo tema integrando a estes nenos, tanto na Inclusa de Tui como na de Santiago, na que se permitiu a entrada de expósitos pontevedreses a partires de setembro de 1848.

A nosa Deputación, no Pleno de 23 de marzo de 1851, amosa o seu interés na creación dunha Inclusa provincial, razonándoo en que "...os nenos recén nados non poden sen un evidente risco da súa vida seren trasladados a Santiago, de onde moitos pobos distan 15 e máis legoas"... "ademais daría exemplo de ilustrada humanidade salvando a vidas destes desgraciados..."

a) 1865-1871: Inclusa Hospital de Santiago.

A participación da Deputación de Pontevedra durante toda esta xeira, limitouse a se responsabilizar economicamente dos expósitos da provincia ingresados na Inclusa do Hospital de Santiago. O control establecíao a través dun libro de rexistro, no que consta

como primeiro ingresado, no 3 de agosto de 1865, un varón de dous días de vida. Seguiron a este moitos máis, ata completaren un total de 113, ó chegar o ano 1872.

Estes nenos, ata os sete anos, quedaban a cargo da Inclusa santiaguesa, que os distribuía entre as correspondentes nodrizas ou ben os mantiña como internos no mesmo centro. Chegada a idade límite dos sete anos, a Inclusa do Hospital de Santiago declinaba tódalas responsabilidades na Deputación Provincial, que os distribuía nos centros de hospicianos existentes na provincia, a saber, o de Tui, o de Vigo e o de Pontevedra, os cales, a cambio, recibían unha subvención por parte da Deputación.

Se facemos un reconto do destino dos 113 nenos ingresados por este procedemento en Santiago, obtemos os seguintes resultados:

—Profillados polas súas nodrizas	79
—Falecidos	17
—Trasladados a outros hospicios	11
—Reclamados polas súas familias	1
—Destino descoñecido	5


Para fortuna destes nenos a grande maioría pasaron a se integraren nas familias das nodrizas que os acolleran e sustentaran. É tamén de grande importancia o número de falecidos que acadaba cifras dabondo elevadas.

b) 1872-1878: Inclusa provincial.

Aínda que temos detectado innumerables intentos de creación dunha Inclusa con carácter provincial, a realidade é que ata o ano 1872 non se instalou dito Centro, que iniciou as súas actividades no mes de xullo, rexistrando o primeiro ingreso polo torno o día 5 de dito mes, sendo a primeira ingresada unha nena do entón Concello de Setados.

A dirección e administración correspondeu a unha denominada Comisión ou Xunta composta polo Presidente da Deputación, unha directora, a mesma que exercía como presidenta da Asociación de Señoras da Casa Hospicio, e a colaboración dun interventor dependente da Deputación.

En realidade, quen controlaba e dirixía a institución era a súa Directora, ata o punto de que as mesmas contas eran presentadas por ela, e o interventor tiña como función asistila na contabilidade.


ADMINISTRACION DE LA INCLUSA
DE
GRAN HOSPITAL DE SANTIAGO DE GALICIA

Beneficencia.-Negociado.

N.º 45.

Exmo. Sr.


Un espósito de esta Inclusa, p
ro procedente de la provincia d
digno mando de V.E., segun
adjunta certificacion de su bau
mo, llamado Jose Antonio Ser
Te S.n Agustin, nº. 407 del a
de 1851, acuba el infeliz de
tregarse, con los mejores deseos, a
proteccion de esta Direccion,
fin de evitar cualq.er acto de
esperacion, visto que hasta la m
dicidad, á que se dedicaba f.u
no le era nada favorable. Po
razones tan graves y lastimosas
Dudé que V.E. se dignaria da

Os acollidos no centro, xa desde o comenzo, rexistraron un ritmo considerable de entradas posto que, ó finaliza-lo ano do seu establecemento, sumaban os ingresados 21 expósitos, sendo 51 en decembro de 1873, e 72 en decembro de 1884, ós que se engadirán os 113 provintes do Hospital Inclusa de Santiago co que no 1884 se acadou un total de 185 nenos.

O establecemento ubicouse inicialmente no exconvento de Santa Clara, xunto ó mesmo Hospicio, do cal funcionaba, practicamente, como anexo. Mantívose ata 1876 no lugar dito, para se trasladar, conxuntamente co Hospicio, ó exconvento de Santo Domingo, en dito ano.

O persoal que atendía o centro, ademais da directora e do interventor, contaba cunha torneira ou persoa responsable de se manter en constante alerta para a recollida no torno dos nenos depositados; para os servicios sanitarios e relixiosos, dispoñía dun médico e un sacerdote. A atención directa e a alimentación dos nenos, corría a cargo das nodrizas ou amas, unhas, as menos, para as atencións dos internos, e as outras, a grande maioría, que atendía os nenos nos seus propios domicilios. As nodrizas externas chegaron a acadar, a fins desta xeira, en 1877, un total de 125.

Os fondos para o seu sostenemento procedían integramente da Deputación Provincial, non admitíndose polo tanto, ingresos da caridade pública, como sucedía no Hospicio. En realidade os fondos eran entregados á Asociación de Señoras da Beneficencia, a través da directora da Inclusa, quen os distribuía segundo o seu propio criterio, ha-


Casa Inclusa Provin

SEÑAS DE LA QUE SACA ESTE EXPÓSITO.

Edad 36 años
Estatura Regular
Ojos Castaños
Nariz Regular
Cara Redonda
Color Bueno
Pelo Castaño oscuro

SEÑAS PARTICULARES.

INCLUSA PROVINCIAL PONTEVEDRA

Juana Lo
viuda de
S.n Pelayo

lleva el expósit


años en 26 d
sentará dentro
cesivos, si mu
continuacion e
razon de la nod
bien cuidado;
en papel apart
si ha muerto,
que lo saca, cu
hibe pasarlo al
den del Establ
la sobredicha
rá. Presentará
Expósito en
servirán los se
de cualquier fra
pósito.

Pontevedra

satisfecho 38 pesetas
y 25 céntimos en el
ejercicio de 1882
a 1883.

Lopez co

Satisfecho
del 2.º Trim. de 1882 á 83



Febrero de 1883.

Pontevedra.

mujer de
vecina de
Ayuntamiento de Lalin
dicial de Lalin
cia de Pontevedra
asa Victor Blanduino
526 que cumplirá siete
1889 y el que pre-
á su párroco actual y á los su-
oquia, quienes anotarán á esta
se le presentó, quedándose con
Expósito para celar que éste sea
ocas de la cobranza, certificarán
n ó mal tratado el Expósito ó
continúa ó no en poder de la
an al márgen, pues se le pro-
otra persona; no mediando ór-
no presentando este papel con
ficacion expresada no se paga-
nodriza cuando se le mande el
clusa, á cuyo Habilitado se
párrocos avisar reservadamente
ue notaren con este ú otro Ex-

Julio de 1882

El Habilitado,

Fran.co Estevez Conde

orio seme presento Juana
Victor. Hectoral de Villam.
mo. Fonte.

1er Smre de 1883-84

bida conta de que a Deputación abonaba unha cantidade determinada por neno ingresado.

c) *1878-1924: Comisión de Deputados da Inclusa*

O ano 1878, foi unha data clave na transformación dos dous establecementos benéficos, Hospicio e Inclusa. Ó dimiti-las representantes da Asociación de Señoras da Xunta Superior da Casa Hospicio, fíxoo tamén a directora da Inclusa, co que se dá paso a unha ampla transformación nos dous centros.

A partires deste ano, a dirección e administración será responsabilidade da denominada Comisión de Deputados, formada polo Presidente da Deputación e catro vocais máis, todos eles Deputados Provinciais. A primeira reunión efectúase no 4 de abril de 1878, dando como froito a aprobación do seu regulamento, na segunda sesión do 23 de maio do mesmo ano. Con este regulamento, formúlase a definición da institución como establecemento benéfico provincial e sostido con fondos provinciais, baixo a superior inspección da Deputación tendo por obxecto recoller e cria-los nenos expósitos que no seu torno se depositen ou entreguen polas autoridades.

A Comisión, que tivo durante a súa existencia doce presidentes, reuniuse ininterrumpidamente ata 1925, pero tanto a dirección do réxime interior como a súa administración era levada polas Irmás da Caridade alí instaladas, e en especial pola Superiora, quen tiña baixo a súa supervisión ó auxiliar



Torno da Inclusa no exconvento de Xesuitas.

habilitado, ás nodrizas, e ó resto do persoal, incluindo ó médico e ó sacerdote.

O expósito, despois de ser depositado no torno, era recollido pola vixilante torneira, entregándoo de inmediato á Superiora, quen o desvestirá, dando orde de realizar unha exhaustiva descripción das súas roupas, condicións físicas, idade, ou calquera outro dato que poidese servir para a súa posterior identificación. Tras ser rexistrado no libro co seu correspondente número, as súas roupas, despois de lavadas, serán vendidas, a non ser que se expresase o contrario. Posteriormente era examinado polo médico e bautizado polo sacerdote, se non o estivese. Depositado no seu berce, a superiora asignáballe a nodriza, que o alimentaría ata os tres anos, en que tiña lugar o destete e, posteriormente e ata os sete anos, responsabilizaríase da súa alimentación.

A partires dos sete anos, decidíase o seu posterior destino, xa ben ficando en calidade de profillados coa nodriza correspondente; destinándoos a outros hospicios; ou sendo recollidos novamente polos seus pais que o facían en escasas ocasións, se ben unha parte deles debido ó elevado índice de mortalidade, non chegaban ós sete anos.

Segundo os datos que puidemos obter, o establecemento que fora trasladado en 1876 ó exconvento de Santo Domingo,

permanecería no mesmo, ó igual que o Hospicio, ata o ano 1903 no que se trasladaría definitivamente ó exconvento de Xesuitas onde se fixeron abundantes obras, tanto nun coma noutro edificio. En Santo Domingo, como obras de maior entidade, realizáronse as de instalación dun lavadeiro propio, as de obtención de auga de pozo, instalación dun tendedeiro cuberto no xardín, ademais do sumideiro de saída de augas fecais e diferentes obras de pintura e adecuación interiores, e xa en 1889, a instalación eléctrica.

Igualmente, houbo de se habilita-lo novo edificio no que ata o ano de 1903 estivera instalado o Instituto da capital, facéndose obras no claustro e no vestíbulo: levantouse un corpo sobre a azotea, e construíuse un pabellón. A partires de 1924, fanse grandes melloras nas súas instalacións, como a colocación da calefacción e a adquisición de máquinas de coser e desinfectadoras, ó igual que a instalación de cuartos de baño e outras.

Nenos da Inclusa.



O persoal que administrou esta institución foi case sempre o mesmo en número desde a instauración da Comisión de Deputados e as Irmás da Caridade. O persoal reducíase ó auxiliar habilitado, a torneira, o médico e o sacerdote, o resto do persoal: Irmás da Caridade e nodrizas, tiña a movilidade correspondente ó número de nenos ingresados.

	Irmás	*Nodrizas Internas*	*Nodrizas Externas*
1878	2	4	130
1880	2	4	190
1895	3	2	298
1900	3	2	330
1903	3	2	350
1905	3	2	406
1907	3	5	445
1910	3	8	445
1912	3	10	445
1915	3	9	447
1917	2	9	435
1921	6	6	276
1923	6	6	395

Consignamos estes datos porque son moi significativos para observa-las variacións na Inclusa provincial.

Como se pode observar, o soporte base da institución radica na colaboración das nodrizas externas. No internado deberon producirse situacións dramáticas como no ano 1913, no que se contaban 30 externas e tan só 9 nodrizas internas. Unha data importante é o ano 1921, no que se introducíu o biberón, mercede ó cal se puido reducir notoriamente o número de nodrizas externas, se ben aumentando algo o numero de Irmás e de nodrizas internas.

Os medios económicos non experimentaron variación algunha no canto da súa procedencia exclusiva da Deputación Provincial.

Xa no ano 1923, aparecen novas do peche de tornos noutras inclusas, e pásase ós novos procedementos de entregas persoais e documentadas dos nenos, co que desapareceu a entrega anónima a través do torno.

A última sesión da Comisión de Deputados da Inclusa tivo lugar no 25 de marzo de 1925. A partires desta data, na Inclusa de Pontevedra coménzase a esixi-la documentación propia de c ada neno ingresado. Non obstante, o torno, ó parecer e sen que poida documentarse exactamente, se pecharía unha década máis tarde, cara o ano 1935, moi probablemente ó se crea-la "Gota de Leite". A institución seguirá mantendo o seu nome ata os anos corenta, no que comenza a se chamar "Casa Cuna" e, posteriormente, en 1955, coa súa fusión definitiva ó Hospicio, transformándose ámbolos dous no Fogar Provincial, co nome específico de departamento de Fogar Cuna, tomando novo nome ó ser integrado dentro da Cidade Infantil "Príncipe Felipe", como Centro de Maternais, a partires do ano 1976.

Vista aérea da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

4.7

CIDADE INFANTIL "PRINCIPE FELIPE"

A urxente necesidade de resolve-los problemas de espacio e de cambia-la imaxe da institución hospiciana, cambiando primeiramente o seu aspecto externo abandonando o vello edificio que fora exconvento da Compañía de Xesús na cidade, e trasladándose a outro que ademais dispuxese de amplos espacios abertos, xurdirían a partires do ano 1954, ano no que xa estaba a piques

de desaparece-la súa antiga denominación de Hospicio para transformala en Fogar Provincial. O lugar elexido para tales pretensións era a coñecida Finca de Monteporreiro que no seu tempo fora un fermoso e distinguido balneario. Inicialmente, o lugar interesaba como centro de experiencias agrícolas para os nenos do novo Fogar, aínda que todo apuntaba a situarse como ideal para a futura instalación do novo centro, a idea non obtivo o froito final agardado. Pasados uns anos, o problema de espacio seguía a acuciar, pois que en 1958 había 300 nenos internos no Fogar, polo que a Deputación tomara a decidida resolución de conclui-lo tema, como se reflexa na rápida decisión de trasladar ó desaparecido Sanatorio de A Lanzada ós nenos xordomudos, establecendo alí un colexio especial con capacidade para 70 internos. Pero esta decisión non era suficiente polo que nas sesións plenarias de 13 de febreiro e 24 de marzo de 1959, dáse aprobación definitiva ás bases para a construcción dun novo edificio destinado ó Fogar. Por estas datas, xa se intentara soluciona-lo problema coa instalación dun novo centro, só para os nenos de Maternais, na finca do pazo de Lourizán, ubicándoo cara a parte do mirador, que tampouco concluiría positivamente.

No ano 1961, o problema de espacio seguía latexante pois que existían no internado 365 nenos, pasándose así ata 1969, ano clave na evolución positiva do asunto xa que se apreciaban aires de posta ó día nas dúas institucións benéficas da Deputación, mentres no Hospital se realizan plans de modernización, as novas concepcións sobre asistencia infantil non permiten ver a estes centros como lúgubres lugares de depósito de incluseiros e hospicianos, agora inténtase face deles, centros educativos para nenos socialmente desfavorecidos. É polo tanto neste ano cando se concibe a idea dun grande centro con afán aglutinador que permita a instalación de moitos servicios comúns, acollendo ós nenos do Fogar, Fogar-cuna e ensino especial para deficientes e xordomudos. O lugar de instalación parece firmemente decidido, a Deputación dispón de 30.000 m^2 no denominado Monte Carrascal e o Concello de Pontevedra aprobaría sen ningún tipo de trabas, a cesión doutros 30.000 m^2. As visitas dos técnicos ó citado monte non o dan como lugar válido, polo que, apenas sen mediar tempo algún, se apunta como posible lugar o de Montecelo, que sería o definitivo, para o que se sinalaban 100.000 m^2 que o Concello cedería novamente sen ningún tipo de oposición.

Disposto o lugar definitivo de ubicación, en novembro do mesmo ano 1969, dáse aprobación ó anteproxecto e presuposto da que se denominou Cidade Asistencial Infantil. Por outra parte, o Ministerio de Educación e Ciencia accede a colaborar cunha importante suma á construcción das novas edificacións. En decembro do mesmo ano dáse aprobación ó proxecto definitivo que foi realizado polos arquitectos Barreiro Alvarez e Bellas Montenegro, presuposto inicial do cal ascendería a 192.176.689,39 pesetas. Ó ano seguinte, 1970, xa se coñece a importante aportación ofrecida polo Ministerio que acada os 105.508.417,13 pesetas.



Inauguración pola S.M. o Rei D. Juan Carlos de la Cidade Infantil Príncipe Felipe. 1976.



Auditorium da Cidade Infantil.

No ano 1971 lógrase traer a Pontevedra o Congreso Nacional sobre asistencia infantil. A Deputación presentará con certa euforia o seu proxecto ós congresistas, entre os que non consegue obte-la boa acollida agardada pois que o proxecto, ó parecer, non coincide coas novas concepcións deste tipo de asistencia, a orientación da cal se dirixe máis ós microgrupos de aproximación familiar que ós grandes centros de masificación. O resultado do congreso non fixo varia-las posicións da Deputación. A realidade é que o proxectado Centro iniciou a súa construcción que seguiu a un bo ritmo ata finalizalo a mediados de 1976, moi pouco antes da súa inauguración. Na súa denominación barallá-ronse varios nomes "Carmen Polo", "Francisco Franco" e "Príncipe Felipe", e aínda que en marzo de 1976 se lle asignaría como denominación definitiva "Cidade Infantil Montecelo", nome aséptico a tódolos posibles compromisos políticos, finalmente, e case nos últimos instantes, se logra a presencia das SS.MM. os Reis de España, co que o centro pasaría a denominarse definitivamente "Cidade Infantil Príncipe Felipe", procedéndose, con grande solemnidade, á súa inauguración no 26 de xullo de 1976.

A nova institución que comenzou a funcionar a primeiros de setembro cos alumnos do Fogar Provincial e Colexio de Xordomudos de A Lanzada, e co mesmo persoal de-



Centro de Maternais, na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

pendente de ámbolos dous centros, veu rexíndose polo regulamento do Fogar Provincial, cos naturais cambios acordes coa nova institución. As lóxicas deficiencias do vello regulamento obrigarían á Deputación a aprobar no pleno de 14 de abril de 1979 as Normas Provisionais de Funcionamento para a Cidade Infantil que foron contestadas polo núcleo de persoal docente, aínda que fosen ratificadas no Pleno de 19 de xullo de 1979, rexíndose por elas a pesar dos múltiples desacordos, ata a definitiva aprobación dun novo regulamento en sesión plenaria de 27 de xullo de 1984.

Por este último regulamento, defínese o Centro como unha institución de carácter educativo e benéfico-social destinada á formación, albergue e mantenemento dos nenos e mozos, extendendo a súa acción educativa a quen sen permanecer nela concurran á mesma en réxime de externado ou media-pensión, considerándose como obxectivo fundamental o proporciona-la formación completa da personalidade dos acollidos e a integración social dos mesmos.

A organización e sostenemento da Cidade Infantil son competencia exclusiva da Deputación, a excepción do regulado polos convenios feitos co Ministerio de Educación. Serán representantes da Deputación no centro, o Presidente da mesma e o Deputado Delegado que se designe.

Na súa organización interveñen como órganos de goberno, a Xunta de Promoción Educativa, o Comité de Dirección e a súa Comisión de Ingresos, a Xunta Asesora, a Comisión Coordenadora para diagnóstico e apoio á Educación e a Comisión Económica. Ademais existen unha serie de órganos unipersoais que configuran en conxunto toda a estructura organizativa da Institución, como o Director Xeral, o Administrador Xeral, os Directores dos Centros de Internado e o Director do Servicio de Diagnóstico e Apoio á Educación, xunto a algunhas xefaturas de persoal, administración e mantenemento.

A variedade de acollidos é controlada no seu ingreso a través da denominada Comisión de Ingresos que canaliza individualmente cada caso ou solicitude presentada. Esta comisión, ademais dos datos de filiación e administrativos necesarios, disporá dun informe do psicólogo e do informe social feito a domicilio e realizado polas asistentes sociais, co que, ó menos en teoría, se conseguirá que os ingresos sexan máis rigurosamente xustos.

Unha vez ingresados, os nenos pasarán segundo as súas idades ou características ós centros correspondentes: Maternais, para os menores de oito anos, Escola Fogar, para os maiores de oito e menores de 16, e Residencia de Maiores a partir dos dezasete. Os alumnos de educación especial, deficientes e xordomudos, deberán cumpri-los requisitos propios do tipo de educación que lles corresponde.

A educación impártese nos centros de Preescolar, E.X.B., Escola de Formación Profesional e centro de Educación Especial.

A convivencia cotiá reune nun só grupo ós alumnos dos centros de Maternais e Escola Fogar, indistintamente cos xordomudos, rexindo a convivencia illada para os deficientes. Hai que dicir que no presente ano e arrastrados polas novas correntes, comenzouse a estudia-las novas posibilidades que ofrece a convivencia conxunta entre tódolos nenos internos sen distinción algunha, salvando naturalmente os espacios educativos.

No canto das atencións educativas, cabe supór que se superaron moito, respecto das anteriores institucións. Como principio o Centro de E.X.B. é un centro público aberto co que loxicamente se favorece moito a convivencia. Ademais e dada a realidade social dos nenos internos que incide negativamente no seu rendemento escolar condeado en moitos casos ó fracaso, tratouse de supera-la situación coa disposición dun grupo de mestres denominados de ocio ou internos que atenden continuamente á superación destas situacións.

No terreo do social, son logros importantes, ó noso entender, dunha parte, o esforzo por desterra-la idea de centros como lugares de depósito de nenos que se abandonan sen máis esixencias. Comparativamente con anteriores situacións, o terreo avantado neste senso, debe considerarse como importante xa que nun comenzo cada ingreso se realiza por un ano, aínda que prorrogable segundo as situacións, os controis de revisión incrementáronse, e o esforzo por concienciar ós pais da necesidade de que os nenos non perdan a súa conexión familiar conseguiu que nunha grande maioría, en períodos de vaca-



Aspecto parcial da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

cións e fins de semana, os nenos saian a conviviren coas súas familias.

Doutra banda, debe recoñecerse o importante labor que desempeñan as Residencia de Maiores, como eslabón no tránsito entre a vida institucional e a integración social, a clara intencionalidade do cal é a de suavizar este paso decisivo para os xóvenes.

Non debemos olvida-las importantes atencións en orde á formación da personalidade dos nenos, case sempre irregular, que dunha parte sofren as súas problemáticas familiares e doutra a dura realidade dun internado, intentándose axudar a correxilas ou suavizalas a través da cotiá convivencia cun grupo de psicólogos que os asisten.

No resto de atencións, mantenza, vestido, instalacións, non cabe pór en dúbida o esforzo económico da Deputación, e a súa provisión de medios a esta institución superou todo o previsible, deixando patente a súa vontade de que o Centro acade as máis altas cotas posibles neste tipo de institucións.

O movemento de acollidos, pódese resumir nos seguintes datos:

Centro de Maternais

Acolle nenos dende un día ós oito anos, asistindo no horario escolar ós centros de preescolar e E.X.B., e os xordomudos ó Centro de Educación Especial.

A capacidade do internado está determinada en 130 prazas. O total, en xuño de 1985, era de 137 internos e 27 mediopensionistas, dos cales 5 internos e 7 mediopensionistas pertencen ó grupo dos xordomudos.

Centro Escola Fogar

Acolle os nenos procedentes do Centro de Maternais e aqueles de novo ingreso que non exceden os 12 anos, as idades dos cales están comprendidas entre os oito e os dezaseis, distribuíndose no horario escolar entre os centros de E.X.B. e Educación Especial para os xordomudos.

A capacidade máxima do seu internado está limitada a 270 prazas. O total das prazas ocupadas en xuño de 1985 era de 250, internos, e 54 medio-pensionistas, dos que 36 internos e 10 medio-pensionistas corresponden ó grupo de xordomudos.

Centro de Educación Especial

Acolle nenos internos de especiais características, comprendidos entre os 6 e os 16 anos, prorrogables ata os 18, recibindo as súas ensinanzas no propio Centro de Educación Especial.

A súa capacidade máxima está establecida en 120 prazas, sendo o total de ocupación en xuño de 1985 de 110 internos e 5 en réxime de media-pensión.

Centro Residencia de Maiores

Acolle mozos e mozas maiores de idade, prorrogándose por revisión anual segundo as súas situacións. Asisten a ensinanzas diversas ou ben están en período de iniciación laboral.

A súa capacidade máxima está establecida en 60 prazas, aínda que moi recentemente se plantexou a posibilidade da súa reducción a 30. En xuño de 1985, entre ambas residencias mozos/as totalizaban 49 alumnos internos e 7 medio-pensionistas.

Para a mesma data de xuño de 1985, en toda a institución computábase un total de 546 internos e 93 medio-pensionistas.

O establecemento como elemento físico, ocupa unha superficie de 141.945 m^2, nos que se concentran catro conxuntos fundamentais de edificación.

Ingresados			
	Nenos	*Nenas*	*Total*
1976	43	27	70
1977	102	73	175
1978	103	51	154
1979	91	51	142
1980	60	49	109
1981	76	50	126
1982	77	53	130
1983	95	48	143
1984	48	41	89
1985	15	12	27
(ó mes de setembro)			

1) Centro de E.X.B. e conxunto de vivendas para o profesorado. 2) Centro de Maternais, comunidade relixiosa. Centro de Preescolar, e Residencia de Alumnos Maiores. 3) Centro de Internado de Escola Fogar, Residencia de Alumnos Maiores e servicios Xerais de oficinas, Capela e Salón de Actos, Comedores... 4) Centro de Internado de Educación Especial e Centro de Ensino de Educación Especial.

Illadamente e recentemente construído (1984) encóntrase o Pabellón Polideportivo. Dispondo ademais de amplas zonas axardinadas e de xogos, e de grandes espacios ceibes.

Fóra do recinto, pero dependentes da mesma institución, existe o importante complexo de A Lanzada, zona de residencia estival moi próxima ás praias da zona, xunto a dous pisos no casco urbano da cidade, ocupados por alumnas da Residencia de Nenas Maiores, integrándose tamén na institu-

Comedores da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Aspecto parcial Cidade Infantil Príncipe Felipe.



Centro de Verán da Lanzada.


ción a Escola de Formación Profesional sita nos antigos locais do Fogar Provincial.

O persoal do Centro que comenzou a funcionar co correspondente ó de Fogar Provincial e Colexio de Xordomudos de A Lanzada, foi en progresivo aumento superando o triple co que se iniciara.

Nestes datos que ofrecemos, agrupámolo persoal en tres sectores: E) Persoal relacionado coa educación directa do neno, incluíndose os educadores becarios e os psicólogos. Por suposto, neste apartado nin en ningún outro se computa o profesorado oficial dos centros a cargo do Ministerio de Educación, aínda que perciban unha subvención da Deputación; S) Neste epígrafe recóllese ó persoal estrictamente sanitario, médicos, A.T.S. e tamén os que sen selo teñen unha adicación especial no coidado cos nenos: coidadoras, puericultoras... A.O) Baixo este epígrafe inclúese o resto do persoal tanto administrativo como de oficios, e os cargos técnicos.

Evolución do persoal				
	E	*S*	*A.O*	*Total*
1976	12	13	50	75
1976	10	16	75	101
1977	5	14	74	93
1978	10	25	134	169
1979	42	36	145	213
1980	41	33	141	215
1981	34	41	148	223
1982	59	38	151	248
1983	—	—	—	—
1984	30	39	142	211
1985	41	46	151	238

Indícase dúas veces o ano 1976, referíndose o primeiro a datos de xaneiro e o segundo de decembro. Tódolos demais anos corresponden a datos recollidos no mes de xaneiro.



O conxunto do profesorado estatal dos centros de E.X.B., Preescolar, e Educación Especial responde a unha plantilla total, en xaneiro de 1985, de 78.

Os medios económicos necesarios para o desenvolvemento do Centro son a cargo íntegro da Deputación, incluíndose no seu presuposto xeral anual. Non constan nos presupostos que examinamos, os costes do profesorado estatal, senón unicamente a subvención que perciben da Deputación.


En 1975, referímonos ó presuposto do Fogar Provincial máis 2.000.000 de previsión para a Cidade Infantil.

En 1976. Tamén son os presupostos do Fogar máis unha previsión para a Cidade Infantil de 6.000.000.



1. Canal que existe enre o Lazareto e terra firme. 2. Vista xeral do Lazareto e as illas de San Antón. Tomada dende a bahía.

(Debuxo de Monleon asegún cróquis do natural, por D. Ramón Dia)



5

SANITARIAS

5.1

EVOLUCION

Cando nos referimos á acción sanitaria da Deputación, debemos facer unha consideración fundamental para a súa comprensión, pois de todos é coñecido que este tipo de obrigación tén carácter estatal e, polo tanto, as administracións de carácter local non estaban obrigadas ó seu mantenemento e atencións. Non obstante, se matizámo-lo término en acción benéfico-sanitaria, a cuestión varía por completo, xa que a beneficencia, si foi obrigación permanente dos órganos de Administración Local, tanto Concellos coma Deputacións, e como primeira testemuña disto témo-lo Decreto de Cortes de 21 de decembro de 1821, desenrolado polas Leis de 23 de xaneiro e 6 de febreiro de 1822, que involucra moi directamente ás Deputacións neste terreo. E se ben a nosa Deputación nace co Decreto de Javier de Burgos de 1833, non tén realidade efectiva ata a súa instalación no 12 de febreiro de 1836, ano no que por R.O. de 8 de maio se restablece a vixencia das Leis citadas.

Podemos dicir que as Deputacións se limitaron a atende-las cuestións sanitarias, en canto que eran necesidades benéficas das persoas pobres ou indixentes, que non eran poucas, a xulgar pola actividade desplegada pola Deputación de Pontevedra.

Os constantes andazos do século XIX foron os que obrigaron a manter unha atención sanitaria provincial permanente por parte da administración, sendo o cólera morbo asiático o que maiores atencións esixiu.

A Deputación, desde o seu nacemento, encontrouse coa dura crise de 1835-36, á que acompañou un brote serio de cólera; brotes que se foron reproducindo ininterrumpidamente ó longo do século ata a súa práctica extinción, materializándose o seu último recordo no andazo de 1908. Desafortunadamente non foi o cólera o único andazo que asolou a nosa provincia, posto que a variola causou graves danos en 1858, reproducíndose en varias ocasións; nalgunha delas con certa virulencia. Tamén a peste bubónica paseou o seu mal polo territorio provincial, ó igual que o fixo a terrible lepra, o tifus, e as febres amarelas e, cómo non, a gripe, hoxe de apariencia inofensiva, pero que en 1915 e sobre todo en 1918, causou na nosa provincia verdadeiros estragos, orixinando numerosas baixas entre a poboación, e ata nos mesmos Médicos que a combatían, e na propia Corporación Provincial, que tivo que sofrer a de tres dos seus Deputados.

A raiba, hoxe practicamente extinguida, costou moitos esforzos á nosa Deputación que foi unha das pioneiras en España na creación dun Instituto Antirrábico.

A Deputación de Pontevedra non escatimou, dende os seus comenzos, esforzos no terreo sanitario, poñendo canle ó seu labor a




Balneario da Toxa.

través das Xuntas de Sanidade e consignando nos seus presupostos unha cantidade fixa conceptuada como "calamidades públicas". A actividade realizouse, en ocasións, con carácter incluso preventivo, como o fixo contra o cólera en 1885, ano no que se planificou con efectividade unha acción preventiva e mancomunada das catro Deputacións galegas, instalándose en Lugo un centro directivo que controlaría as tres estacións sanitarias establecidas nos tres puntos claves de confluencia de Galicia, dotando a estas estacións de persoal médico e auxiliar e do material desinfectante necesario, e custeándose tódolos gastos mancomunadamente polas catro provincias.

Houbo igualmente outras accións similares, como en 1894, coa instalación dun centro de desinfección na estación férrea de Pontevedra para control de viaxeiros e equipaxes. Antes, en 1885, xa se instalaran controis e almacéns de desinfección e fumigación nos portos de Vigo, Carril e Marín.

Foi actividade obrigada e permanente a obtención e depósitos de vacunas, sueros e desinfectantes. No 1908, ano do último brote do cólera morbo, a Deputación dispoñía en depósito preventivo 500 kilos de Hipoclo-



Interior Balneario da Toxa.

rito de Cal, 1000 kilos de Sulfato de Ferro, 100 kilos de Fluor de Xofre e 20 kilos de Acedo Férrico.

Tamén se obrigou dun xeito permanente a consignar axudas a Médicos, ó sostenemento de Médicos, Directores de balnearios, e á rehabilitación e sostenemento de Lazaretos como os de San Simón e Tambo, e incluso levando un relativo consolo ós afectados polos andazos, indemnizándoos polas roupas e enseres queimados como prevención.

Pero onde, con maior intensidade, se reflexou esta loita contra a enfermidade foi na creación e sostenemento de institucións, unhas desaparecidas a través do tempo, outras transformadas, e algunhas que permanecen en esencia como a vella institución do Hospital Provincial, aspiración moi antiga desta Deputación, ou como o Hospital Psiquiátrico do Rebullón, institución recente e de creación propia.



5.2

INSTITUTO ANTIPESTOSO

Coa penetración da peste bubónica a finais do pasado século, e tras varias teimas por consegui-los sueros necesarios, que o instituto Pasteur se negou a proporcionar porque os tiña xa comprometidos, o doutor Cobián Areal, Director do Hospital municipal e alumno do referido Instituto Pasteur toma a iniciativa e propón á Deputación a creación dun Instituto Antipestoso baixo o compromiso de proporcionar nun corto tempo os sueros necesarios. A Deputación, en sesión extraordinaria de 21 de agosto de 1899, acepta a proposta e obrígase a consignar en presuposto a cantidade de 7.500 pesetas para o seu sostenemento. Tralo compromiso, o doutor Cobián actuará de inmediato solicitando a París a adquisición dun equipo de maquinaria desinfectante. Poucos meses despois, trasládase a Porto, onde visita os centros hospitalarios deste tipo, coa finalidade de obte-loss maiores coñecementos nas técnicas que se aplican, publicando á súa volta unha memoria sobre os seus estudios na nación veciña.

Consciente da importancia do labor preventivo neste tipo de situacións, a Deputación edita 500 exemplares da obra titulada "Cartilla popular da peste bubónica", do doutor Cobián, para ser distribuída por toda a provincia.

Non podemos concretar con exactitude a desaparición desta institución, que supoñemos se asimilou dun xeito informal ó Instituto Vaccinóxeno e posteriormente ó Instituto de Hixiene.



5.3


INSTITUTO ANTIRRABICO Y ANTIDIFTERICO

Foi esta institución, outra iniciativa do incansable loitador doutor Cobián Areal, quen en 1896, tras efectuar unha viaxe a Alemania e Francia para mellora-los coñecementos sobre os tratamentos antirrábicos, propón a creación desta institución á Deputación que, en sesión de 11 de xaneiro de 1879, acorda a instalación do Instituto Antirrábico Municipal do cal era Director o doutor Cobián, co que se instalaría en Pontevedra un dos Centros deste tipo máis antigos de España.

Trala morte do doutor Cobián, en 1901, a institución continúa a súa actividade, mellorando de forma constante os seus tratamentos, facéndose merecedora, en varias ocasións, do recoñecemento e felicitacións da Corporación Provincial. Os seus acertos no tratamento ós enfermos foron acadando cotas cada vez máis altas ata chegar, no ano 1911, segundo se afirma nunha memoria enviada á Deputación, a acadar un cen por cen de éxitos nos pacientes tratados no centro.

En 1916, proponse á Deputación a instalación dun novo Instituto Provincial Antirrábico, "á altura dos actuais coñecementos" —dise— pensando en que funcionase como centro dependente do Instituto de Madrid a cargo do eminente histólogo D. Santiago Ramón y Cajal. Descoñecemos se se chegou a efectuar este vencellamento co de Madrid, pero o importante é que seguiu funcionando, acadando en 1919, baixo a dirección do doutor García Feijoo, a elaboración propia da vacuna antirrábica, conseguíndose para ese ano, 112.000 doses da mesma.

No 1925, sabemos da existencia de dous centros antirrábicos denominados Zona Sur (Vigo) e Zona Norte (Pontevedra) ós que a Deputación subvenciona, chegando a establecerse un concerto cos directores de ámbalas dúas institucións para o pago das súas actividades. Neste mesmo ano nace o Instituto Provincial de Hixiene que asumirá as reśponsabilidades nesta materia.



5.4

INSTITUTO ANTIVACCINOXENO

A loita da Deputación contra a variola canalizouse continuadamente a través da consecución das vacunas que se adquiren no extranxeiro, preferentemente en Londres.

En 1889 observámo-la existencia de dous Institutos que procuran a elaboración propia da vacuna. Estes dous centros: Pontevedra e Vigo, nese mesmo ano, solicitan da Deputación unha subvención a cambio do compromiso de elabora-la vacuna variolosa necesaria denominada "linfa vacuna". Chégase a un acordo con estas dúas institucións que finalmente se rompe, porque segundo se alega as súas vacunas resultan máis caras cás adquiridas en Londres, e ademais non está comprobada a súa efectividade ó nivel da extranxeira, de tal xeito que en 1900 se remata por seguir adquirindo a vacuna de Londres.

A pesar de todo, non se nega a capacidade da elaboración dunha vacuna autóctona como o amosa a aceptación pola Deputación (Sesión 22 abril 1903) da proposta do doutor García Feijoo da instalación en Pontevedra do Instituto Provincial para a elaboración da "linfa vacuna", que comenza a funcionar con este mesmo ano de 1903, co nome de INSTITUTO VACCINOXENO que, segundo se desprende das felicitacións que en 1918 lle fai a Deputación, obtivo moi bos resultados. No ano 1920, a Deputación, tén esta institución claramente asumida como propia pois ratifica ó seu fundador, doutor García Feijoo como tal, concedéndolle a condición de funcionario.

A institución subsiste independentemente ata o 19 de abril de 1924, no que a Corporación propón a súa supresión e, polo tanto, a súa retirada do presuposto. A partires do ano 1925, serán igualmente asumidas as súas funcións polo Instituto Provincial de Hixiene.



Antigo Instituto Provincial de Hixiene.

5.5

INSTITUTO PROVINCIAL DE HIXIENE

Coa R.O. de 20 de outubro de 1925, que aproba o Regulamento de Sanidade Provincial, créanse os Institutos Provinciais de Hixiene ós que pasarán as brigadas sanitarias, os laboratorios provinciais, e os institutos provinciais de Sanidade, sendo de obrigación mínima destes establecementos: 1) epidermioloxía e desinfección. 2) Análises (clínicos, hixiénicos e químicos). 3) Vacunacións.

A citada R.O. manda ás Deputacións Provinciais organizar e soste-los novos Centros provinciais de Hixiene.

A Deputación de Pontevedra no mesmo ano 1925, acorda unha consignación en presuposto especial para o Instituto de Hixiene que entra así en funcionamento, lográndose ademais sacar a concurso público a oferta de solares para a construcción do edificio para isto destinado.

Pero en 1927, por R.O. de 3 de marzo, libérase ás Deputacións da obrigatoriedade da súa organización e sostenemento, e en consecuencia a nosa Deputación non demora a entrega á Administración Central do recén creado Instituto, acordando en sesión de 18 de marzo de 1927, é dicir, poucos días despois do Decreto, nomear unha Comisión para a entrega do mesmo.

A partires de entón se sosterán concertos co citado Instituto, como o aprobado por ámbalas dúas entidades en 1933 (Sesión 24-8-1933), a través dos cales a Deputación se obriga ó sostenemento dos pobres da provincia atendidos en dita Institución, para que se lles proporcione o tratamento sanitario que precisen.

5.6

LOITA CONTRA A LEPRA

Aínda que tan terrible enfermidade non foi, ó menos neste período, moi numerosa no canto dos afectados, o seu repelente aspecto facíaa moi temida. En 1888 advírtese un grande incremento desta enfermidade na nosa provincia, razón pola cal, na sesión de 4 de abril, acádase o primeiro acordo da nosa Deputación co Hospital de Leprosos de Santiago, deste modo a Deputación se compromete ó abono das estancias dos enfermos pobres da nosa provincia en dito Hospital, co que tivo decote diferencias e disputas relativas ó custo da estancia e tratamento dos enfermos, sen chegar nunca a rompe-los acordos, mantendo ós enfermos alí ó seu cargo ata a actualidade.

En 1898, a zona das Rías Baixas encóntrase duramente afectada por este mal, preocupación que obriga á Deputación a encargar un estudio da enfermidade, coñecida tamén co nome de elefancia, ó profesor e doutor da Universidade de Santiago de Compostela D. Ramón Varela de la Iglesia. Só logramos documentar unha teima de creación dunha leprosería mancomunada por tres das Deputacións galegas: Lugo, Ourense e Pontevedra, —A Coruña non participaba xa que dispoñía da leprosería de Santiago—, denominando xa a esta futura institución Leprosería do Noroeste.

A mancomunidade para dita leprosería será aprobada legalmente polo Ministerio de Gobernación no 25 de febreiro de 1927, comenzándose cunhas longas xestións que non lograrían a consecución do seu obxectivo, de instalar e facer funciona-la Leprosería do Noroeste, chegándose en 1933, tras unha reunión en Ourense, á disolución da citada mancomunidade.



Leprosería de San Simón (Redondela).



Dispensario Antituberculoso (hoxe desaparecido).

5.7

LOITA CONTRA A TUBERCOLOSE

Novamente o doutor Cobián Areal será o pioneiro na loita contra a tuberculose ou peste branca.

Cobián comenza por comunicar á Deputación, no ano 1897 a apertura con carácter gratuito dunha sección no Hospital Municipal que dirixe, de tratamento antituberculoso, na que se di aplicará as técnicas do doutor Boch da capital de Prusia; pero isto só foi o preludio para que no mesmo ano solicitase da Deputación a instalación do denominado Instituto Antituberculoso para o cal, e como nel era costume, en 1898 realiza unha viaxe a Alemania, co fin de mellora-lo coñecemento das técnicas aplicables a estas enfermidades.

Outro grande loitador neste terreo foi Gil Casares, iniciador e alma do primeiro Congreso antituberculoso de A Toxa, no ano 1925, punto de partida da instalación do Sanatorio Antituberculoso de A Lanzada que levaría o seu nome.

5.8

SANATORIO GIL CASARES

A iniciativa de creación dun centro para o coidado e atención de enfermos tuberculosos, corresponde ó ilustre médico santiagués don Miguel Gil Casares, quen tras ter realizado uns estudios sobre as propiedades tera-

Nenos no Sanatorio Gil Casares (A Lanzada).

péuticas das costas galegas, pon o seu empeño en organizar para o ano de 1925 o "Congreso Antituberculoso de A Toxa", do que sairían as primeiras xestións encol da creación dun centro antituberculoso en dita zona.

Coas primeiras xestións, lógrase a creación dun Patronato ó que se denominou "Patronato do Sanatorio Marítimo Principe de Asturias" que no 1927 presiona ó Concello de O Grove ata logra-la cesión duns terreos, sitos en San Vicente e cunha extensión de 50 hectáreas, en favor de dito Patronato, por acordo do Concello de O Grove, adoptado en sesión de 15 de maio de 1927. Igualmente, se establecerá outro acordo cos veciños da zona, polo cal estes ceden o aproveitamento das augas do regueiro "Pantoura", obtendo como contrapartida a construcción dunha fonte e lavadeiro público, xunto co compromiso de emplear nas obras a realizar na construcción do Sanatorio, persoal pertencente ó Municipio de O Grove.

Con estes antecedentes iniciáronse as obras do futuro Sanatorio, correndo cos gastos o citado Patronato, que moi pronto se verá incapacitado para levar adiante por si só a tarefa que con tanto ánimo comenzara. Perante esta situación, o Patronato, que agora se denomina "Patronato do Sanatorio Marítimo Gil Casares", en honor do ilustre médico falecido no 12 de abril de 1931, vese obrigado a solicitar axuda da Deputación, que irá realizando obras de ampliación e mellora no establecemento. Xa dende estas datas, parecía entreverse unha cesión encuberta que se plasmaría na sesión do Patronato do 20 de xuño de 1933, pola que se facía cesión á Deputación de Pontevedra dos terreos, dependencias e demais dereitos, así como as obrigas contraídas. A cesión poñía tres condicións a cumprir pola Deputación: que se seguise denominando Sanatorio Miguel Gil Casares; que nel se mantivese o tratamento ós que padecesen enfermidades tuberculosas; e, finalmente, que asumise as débedas contraídas a nome do Patronato. Só a partires desta data, a Deputación asumiría as súas responsabilidades íntegras para co centro.

Os acollidos no sanatorio eran pobres nacidos na provincia, ou que levasen dez anos de residencia nela, e que padecesen enfermidades tuberculosas. Ademais tamén acollerían a aqueles outros enfermos que, non sendo pobres, o solicitasen en calidade de enfermos distinguidos.

Non se permitiría o ingreso dos enfermos incurables, considerándose con esperanza de cura: a) Tódalas formas de tuberculose, exceptuando a pulmonar; b) osteomielite aguda, úlceras atónicas, estafilocofias cutáneas e fracturas; c) Raquitismo, anemia esencial e astenia.

O réxime de internado era igual para todos, excepto no correspondente a alimentación, con dous réximes diferenciados: a) Alimentación común para os internos considerados pobres, e a cuota da cal era gratuita; e os enfermos de limitada capacidade económica con dous tipos de cuotas: clase A, a estancia diaria era de tres pesetas, e clase B, con cinco pesetas de cuota.

b) Alimentación distinguida, con dúas clases diferenciadas, os de cuota diaria de dez pesetas, e os de quince.

Estes enfermos de clase distinguida deberían pagar ademais os gastos producidos polo tratamento médico-quirúrxico.

A dirección e administración era controlada a través dun Deputado Delegado, quen facía de ponte de conexión entre o Centro e a Deputación; o seu labor era sinxelamente fiscalizador da boa marcha do Centro. Propoñía, ademais, as melloras e ampliación necesarias, e responsabilizábase da proposición de sancións ó persoal.

O réxime interno do centro era controlado polo médico director que era o xefe do establecemento de todo o relacionado coas cuestións médicas e, ademais, tiña que asumi-la responsabilidade do resto do persoal do servicio coa obriga de elabora-las memorias anuais que debía enviar á Deputación. O médico director era asistido por un médico auxiliar, que o acompañaba en tódalas visitas e operacións, e que tiña como obriga responsabilizarse de que o botiquín e quirófanos estivesen en condicións axeitadas. Tamén se encargaría de leva-lo arquivo clínico e os datos estadísticos.

O Administrador levaba a contabilidade, os rexistros de entrada e saída de enfermos, aprovisionamento de víveres e material

Antigo edificio do Sanatorio Gil Casares (La Lanzada).



quirúrxico e xeral, debendo presentar contas trimestralmente ó Deputado Delegado.

O réxime cotián dos nenos era levado por catro Irmás da Caridade, e as cuestións relixiosas por un sacerdote. Para os desprazamentos necesarios existía a disposición do centro un chófer. O centro era atendido por outro persoal auxiliar con carácter fixo: un practicante, unha enfermeira, un porteiro, e algún outro persoal que era contratado con carácter eventual.

O establecemento foi un centro de nova construcción iniciado polo Patronato e continuado pola Deputación. A súa construcción debeuse iniciar no ano 1927, pero as obras de ampliación e mellora a cargo da Deputación, que non se faría propietaria do establecemento ata 1933, realizáronse en 1931.

No ano 1951, a Deputación solicitou do Concello de O Grove uns terreos de 5.000 m², situados cara o areal co gallo de facer unha nova ampliación; solicitude que, en principio, é rexeitada polo Concello alegando o futuro turístico da zona, e as obras do futuro aeroporto de A Lanzada que se estaban a realizar con este fin.

Dous anos despois, en 1953, o Concello de O Grove accede á cesión esixindo como contrapartida a mellora dos accesos e camiños da zona.

En 1955, o Concello grovense considera a posibilidade de recupera-la totalidade do cedido, pois que, segundo alegaban, a cesión dos terreos polo Patronato á Deputación non cumpría as esixencias legais e, polo tanto, non era válida. En realidade, o que o Concello de O Grove desexaba no fondo, era unha compensación polos terreos cedidos, apuntándose xa neste ano a posibilidade dunha venda dos mesmos á Deputación, que chegou a culminar no 1963, cando xa o centro era colexio de Xordomudos e non Sanatorio.

O establecemento de San Vicente de O Grove foi sempre coidadosamente atendido pola Deputación que nunca lle escatimou medios económicos, tanto na asistencia de persoal, como no relativo á construcción e acondicionamento de locais. A institución Sanatorio Gil Casares permaneceu ata 1958, no que a Deputación obtivo unha oferta gratuita para o internado dos seus enfermos de tuberculose nos Sanatorios de Oza e San Rafael. Aceptouse rapidamente a oferta e, en sesión plenaria do 31 de xullo de 1958, decide o traslado ós citados centros dos seus enfermos acollidos no Gil Casares, co que dita institución quedou extinguida. Pero nesta mesma sesión, e para evita-las reclamacións do Concello de O Grove, decreta o traslado urxente dos nenos do Fogar Provincial, para que alí pasen as súas vacacións de verán, co que se gañou algún tempo, ata poder traslada-lo Colexio de xordomudos, a comenzos de curso.



Hospital "San Juan de Dios" (hoxe desaparecido).

5.9

HOSPITAL PROVINCIAL

O hoxe coñecido como HOSPITAL PROVINCIAL é un antigo establecemento que tivo a súa orixe nunha fundación establecida por unha veciña de Pontevedra, Dona Teresa Pérez Fiota, quen decide no seu testamento establecer unha fundación hospitalaria en favor dos enfermos pobres.

a) A Fundación Pérez Fiota

A escritura de fundación da Institución data do día 16 de xuño de 1439, feita ante o notario eclesiástico Juan Prol e entregada en San Bartolomé o Vello da entón vila de Pontevedra.

O falecemento da fundadora no 15 de decembro de 1489, dá paso ó establecemento da fundación hospitalaria. Os primeiros trámites para a creación do establecemento foron levados a cabo por unha irmá da fundadora e, o nomeado como cumpridor testamentario, crego de San Ciprián de Aldán, D. Márcos Fernández. A irmá da testadora, como usufructuaria de tódolos bens e rendas, e o crego, como cumpridor, exercerán a administración inicial do hospitalillo que se ubicará nunha das casas, da Correría, que Dona

Teresa Pérez Fiota deixara a tal fin. Descoñecémo-las datas de falecemento des-tes dous primeiros administradores, pero presumimos que non durarían moito dada a avanzada idade dos mesmos.

O que si sabemos é que moi pronto pasaría a administración a mans da Cofradía "Corpo de Deus", da que o hospitalillo tomou o nome, aínda que posteriormente mudou polo de "Corpus Christi". A Cofradía "Corpo de Deus" accedeu á administración por expreso desexo da fundadora.

Resulta difícil precisar nestes primeiros momentos, o réxime de funcionamento da institución, xa que a súa fundadora non estableceu norma algunha no seu testamento, agás o consignado na escritura testamentaria, redactada en idioma galego, na que se di que se crea un hospital para pobres enfermos, impóndolle como condicións o que sexan limpos, que non se embriaguen, e que non promoveran liortas nin pendencias.

Quizais como consecuencia desta falta de normas xurdiría o pleito de 1530, entre o Vicario da Cofradía e o Procurador do hospitalillo, a partires do cal se establecería a primeira regulamentación da institución, orientada máis cara o control de fondos e a súa administración, que á atención dos propios enfermos.

Ata finais do século XV a citada Cofradía mantivo os seus poderes na institución que seguiu denominándose Corpus Christi. Supomos que o abandono por parte da Cofradía motivou a posterior entrega da institución ós seus novos titulares, os Irmáns de San Xoán de Deus.

b) Hospital San Xoán de Deus

A transferencia á Orde dos Irmáns de San Xoán de Deus, produciuse con certa solemnidade nas casas do Concello, comparecendo os rexidores e a xusticia local quen realizaron o acto de entrega sen se atopar presentes os representantes da Cofradía de Corpus Christi, que probablemente non compareceron por simple desleixo. A transferencia oficial prodúcese o día 4 de outubro de 1597, tendo lugar a sua entrega efectiva ó ano seguinte.

Coa nova administración prodúcese parellamente unha nova regulamentación, pola que os Irmáns de San Xoán de Deus haberían de presenta-las súas contas ó arcebispo de Santiago, estableceéndose ó mesmo tempo unha orde de preferencia no canto dos enfermos asistidos. Acolleríanse na institución, en primeiro lugar, os veciños da Vila, en segundo termo ós dos arredores e pertencentes á xurisdicción de Pontevedra e, finalmente, ós peregrinos do camiño de Santiago.

Cos Irmáns de San Xoán a institución cobrou moito prestixio, aumentou os seus bens e rendas a través das donacións, e a súa actuación no Hospital que por entón levaba o seu nome, foi longa e recoñecida.

c) Hospital Municipal

Os Irmáns de San Xoán levaron a fundación ata o século XIX no que se verán directamente afectados polas Leis desamortizadoras do Ministro Mendizábal. —O R.D. de 25 de xullo de 1835 adxudicaba os patrimonios dos conventos suprimidos á amortiza-


ción da débeda pública, ó que se sumará o Decreto ampliador de 8 de marzo de 1836— que daban definitivamente ó traste coa súa administración.

Concretamente, a R.O. de 2 de outubro de 1836, dispón que o Hospital continúe aberto a cargo da administración do Concello que tomará a súa dirección en outubro de 1838, a raíz dunha reclamación efectuada pola Xunta Municipal de Beneficencia e o propio Concello, e dirixida á S.M. no 14 de febreiro do mesmo ano.

No ano 1848, prodúcese unha refundición no que se chamou Grande Hospital, e por R.O. de 20 de xuño de 1849 o Hospital é clasificado como municipal.

As dificultades do Concello pontevedrés para poñe-lo edificio nas condicións mínimas de adecentamento, provocaron no mesmo, un estado de ruína total, que lles obrigou a ter que traslada-los seus enfermos ó grupo escolar da cidade.

A Corporación Municipal tomou entón a decisión de derruba-lo vello "Hospital de San Xoán de Deus", non sen toma-las prevencións, a que a presión popular contrario ó derrubamento, o obrigaba; e por iso, coa complicidade da noite, no mes de xuño, un día ás catro da madrugada, dá comenzo a súa demolición. Ante a forza dos feitos consumados, os pontevedreses, unha vez máis, víronse privados doutro monumento testemuña da nosa historia, sen que fosen atendidas as súas protestas reflexadas na prensa da época, ó igual cás do Arcebispo de Santiago, que declaraba que o feito poidera constituír unha violación dos dereitos eclesiásticos, pe-



dindo a inmediata suspensión do derrubamento e esixindo as correspondentes responsabilidades. A pesar de todo, o derrubamento non se detivo.

É necesario recoñecer que, en troques, o Concello de Pontevedra fixo grandes esforzos en orde á consecución dun novo edificio para o Hospital, que o levaría ó máis alto grado de endeudamento, acadando en 1897, o resultado final desexado coa recepción das obras do novo hospital.

Xuntamente co novo edificio, estréase un novo regulamento, aprobado pola Corporación en xuño de 1897, nel declárase que é competencia exclusiva do Concello tanto o goberno como a administración do Hospital, e por el, regúlanse con amplitude as funcións de tódolos implicados. Tamén se define que nel poderán ingresar tódolos enfermos pobres do distrito municipal con preferencia e, a continuación, os que procedan doutros distritos, abonando os respectivos Concellos as estancias e, finalmente, tódolos particulares que o desexen mediante o pago correspondente.

As dificultades do Concello para mante-la institución en condicións axeitadas, provocou que, en 1920, por unha R.O. de 11 de outubro, se dispoña a incautación do Hospital pasando a súa administración a un Patronato no que obtén un amplo control a Deputación Provincial.

A reclamación que efectúa a Corporación Municipal obtén resultados positivos e, por outra R.O. de 30 xuño de 1922, ordénase novamente o traspaso da administración e goberno do Hospital ó Concello, dando cumprimento á sentencia do Tribunal Supremo de 6 de xuño do mesmo ano.

Coa devolución da dirección e administración do Hospital ó Municipio, o Concello establece un novo regulamento, dirixido esta vez á sección administrativa da Beneficencia Municipal, que remodela a súa dirección e administración sen que se efectúen cambios no réxime do propio centro.

O Concello non encontrará os medios necesarios para soste-la institución, que tantos esforzos lle custara no pasado, polo que, finalmente, e tras unhas xestións iniciadas no ano 1926, o Grande Hospital pasará, de forma definitiva, por R.O. de 1º de maio de 1928, á Administración Provincial.

d) Hospital Provincial

A R.O. citada, de 1º de maio de 1928, transferirá o Hospital á Deputación Provincial, outorgándolle a cualificación de Patrono administrativo, e sentenciando que a Fundación Pérez Fiota e o Grande Hospital son a mesma institución.

As aspiracións da Deputación de dispór dun Hospital "Provincial", orixinaron un senfín de intentonas a partir de mediados do pasado século. A primeira data do ano 1851, na que a Corporación Provincial propón a súa creación, teima frustrada por dúas razóns: a primeira, o alto custo que representa a súa participación desde 1844 no mantenemento do Hospital de Santiago (Hospital dos RRCC), a segunda, os fortes gastos comprometidos na construcción de estradas. A este primeiro intento seguírono outros en 1856, 1858, 1864, 1867, 1872, 1874 e 1877. A parti-

S.r el Hospital de S.n Juan de Dios



Contestando el S.r D.n Diego Loguer Ballesteros ala carta de 17 de Febrero corr.te que este Ayuntamiento Recomendó la esposicion de esta Junta de Beneficencia, dice ala corporacion lo siguiente.

" Con la apreciable comunicacion de esa Respetable corporacion, he recibido la copia dela esposicion dirigida á S.M. por la Junta de Beneficencia de esa Capital en solicitud de que se prorroga asu disposicion el Edificio que fue Hospital de S.n Juan de Dios con todas sus Rentas y Documentos de pertenencia y correspondiendo como debo ala honra que ese Cuerpo Municipal me ha dispensado en el mismo hecho de pedir mi coadyubacion, y deseoso siempre de contribuir ala Consecucion de cuanto directa e indirectamente pueda redundar en beneficio de mi Dios, no solo me presto desde luego con la mas eficaz solicitud acontribuir al buen exito de aquella justa y bien entendida pretension en cuanto dependa del ramo, cuia direccion me esta confiada, sino que fuera de el emplearé con igual resolucion cuantos recursos obren dentro de mi posibilidad hasta conseguir el apetecido objeto - Acerca pequeña peticion dela decidida buena voluntad con que estoy dispuesto siempre a admitir gustoso cualesquiera clase de encargo que esa Ilustre corporacion tenga a bien confiarme, debo añadir aun, que en desprarme, no solo no debe tener el mas ligero inconveniente sino que al Contrario puede quedar persuadida de que tiene completamente los deseos de su apasionado afectisimo S.S. y paisano Q. S.S. M. B. "

Lo que traslado á V.S. para su conocimiento.


Dios gue. á V.S. m.s a.s Pontevedra Marzo 17. de 1838.

Lopez Bagueiro

S.r D.n Jose Junta de Beneficencia de esta Ciudad.

res de 1888, prodúcese un cambio de signo, a Deputación decide envia-los enfermos pobres ó seu cargo ó Hospital de Pontevedra. A partires de entón, os esforzos dirixiranse a controla-lo Hospital Municipal, comenzando a Deputación a intervir nos seus asuntos. No ano 1891, a idea de construír un novo Hospital, obtén un forte apoio da Deputación, que se compromete, coa entón nada despreciable cantidade de cen mil pesetas. Dous anos despois iniciaráse a construcción que non finalizará ata 1897, aínda que naturalmente as obras de ampliación continuaron durante longo tempo.

Xa antes da apertura do novo centro, o Concello adoptará a decisión por un acordo de 1896 de cedə-lo Hospital e a súa administración á Deputación Provincial, pero a Deputación decide pensalo e medi-las súas posibilidades para logo acordar non acepta-la rápida e unilateral decisión da Corporación Municipal que, a pesar da negativa, insistirá novamente en 1899, ameazando esta vez con non aceptar no Hospital os enfermos en-





Vista aérea do actual Hospital Provincial.

viados pola Deputación. As ameazas non teñen efecto e a Deputación, ó ano seguinte, esixe coñece-la situación e esixe a redacción dun novo regulamento; finalmente se chega a un acordo de compromiso a través da formación dunha Comisión Mixta de Deputados e Concellais, presidida polo Gobernador. Esta decisión provoca os remorsos do Concello que decide aumenta-las cuotas, dando lugar a unha pequena batalla entre ámbolos dous organismos, que leva á Deputación a dictar ríxidas normas para os seus ingresados, chegando a nomear en 1905 un inspector para o control de ingresos e baixas. A situación vaise soportando ata 1913, no que xorde unha nova proposta de cesión por parte do Concello, pero a Deputación continúa na súa indecisión.

A partires de 1914, as intencións ou desexos das dúas Corporacións invírtense e é a Deputación quen expresa o seu desexo de asumi-lo Hospital, argumentando que, en realidade, o novo Hospital foi construído en grande parte a costa das súas subvencións, e que ademais paga ó persoal e abona cantidades excesivas polos seus enfermos que son o 90% dos acollidos, co que lle conviña a aceptación de cesión da institución. Pero é agora cando o Concello non parece telo moi claro, outorgando como única concesión en 1916 a constitución dunha Comisión Mixta Concello-Deputación.

No 1920, a Deputación formula acusacións ó Concello no senso de que tén o Hospital como medio para conseguir uns ingresos que logo non serán utilizados no Hospital, chegando a califica-lo abandono do mesmo como de "...bochornoso espectáculo..."

Así as cousas, a Deputación consegue que se chegue á incautación do establecemento por R.O. de 11 de outubro do mesmo ano, á que xa nos temos referido, e que se lle ceda a administración e control a través dun Patronato composto por tres Deputados, o Alcalde e un Xefe Militar, e do que será Presidente un dos tres Deputados. O Concello, como xa vimos, recurre ó Supremo e obtén a devolución cunha sentencia favorable no 1923, e un posterior R.D. ordenando esta devolución. Mantense esta situación durante tres anos, a partires dos cales comenzan novas xestións e conversacións que, iniciadas en 1925, chegan ata 1928, ano definitivo de entrega do mesmo á Deputación e á súa conversión en GRANDE HOSPITAL PROVINCIAL.

O proceso seguido pola Deputación para esta definitiva cesión parte da aprobación das bases propostas na sesión plenaria do 27 de agosto de 1926. No 1º de marzo de 1928, o Ministerio da Gobernación promulga unha R.O., a efecto de entrega da administración á Deputación e, posteriormente, por outra R.O. de 21 de maio, acepta as modificacións esixidas pola Deputación relativas ós seus dereitos e deberes. Definitivamente, na sesión plenaria de 2 de xullo de 1928, se acepta tal cesión e ademais se aproba o novo regulamento que haberá de rexi-la institución hospitalaria, comprometéndose á vez ó pago, en favor do Concello, e en calidade de indemnización, da cantidade de 608.520,47 pesetas.

Coa aprobación do novo regulamento no mesmo ano no que se efectúa a cesión, a Deputación é responsable directa do goberno, dirección e administración da institución, nacendo para iso dúas novas figuras que se denominaron "Deputados Visitadores", delegados da Deputación no Hospital. Estes visitadores, que deben a nominación á súa obriga de visitar diariamente a institución, asumen o ún a responsabilidade da dirección técnica, facendo de Xefe de tódolos servicios do establecemento e, polo tanto, dos seus empregados, e polo que presume no regulamento, dito Deputado visitador deberá reunir ademais a condición de ser Médico. O outro Deputado visitador terá como responsabilidade directa a dirección administrativa, debendo levar persoalmente a xerencia do centro e a xefatura do persoal adscrito a estes servicios.

Non podemos precisar con exactitude a desaparición destes dous delegados visitadores que, posteriormente, se transformarían nun único delegado, como na actualidade, sen funcións de dirección, nin técnicas, nin administrativas, senón como simples representantes da Deputación en dito organismo; de calquera xeito, sabemos que en 1937 aínda existían e que no regulamento de 1953 xa aparecera a figura dun Médico Director, elexido entre os do mesmo centro e con capacidade directoria propia, ó igual que sucederá co Administrador que será un funcionario técnico da escala técnico administrativa e coas responsabilidades propias



Hospital Provincial, Antiga Sala de Mulleres.


da administración do centro. Esta estructura copular do Hospital veuse mantendo ata a actualidade, é dicir, ata 1985 no que ademais do Deputado Delegado, o Director e Administrador, se introduciu unha nova figura, a de Director Xerente, como responsable máximo e coordenador de ambas direccións, técnica e administrativa.

A iniciativa de construcción do actual edificio tivo a súa orixe en 1891, ano no que presenta o proxecto ó que a Deputación colabora cunha importante subvención, cantidade que foi amplamente rebasada con posteriores subvencións de ampliación e mellora, ata 1928, ano de cesión do Hospital. A partires de entón tampouco se escatimarían aportacións para a súa ampliación e mellora chegando ata as máis recentes construccións.

Certamente sería moi longo e mesmo ocioso reflexar tódalas reformas habidas no edificio, xa que practicamente foron continuas pero si mentar algunhas das mais significativas, tanto na orde de instalación coma na de ampliación e mellora de espacios.

Neste senso, existen dúas etapas ben diferenciadas, unha ata 1966-67, e a outra a partires de entón, anos nos que se plantexou definitivamente unha modernización do Hospital en xeral e, polo tanto, das súas instalacións.

Respecto da edificación, este primeiro período a partires de 1930, redúcese á realización dun proxecto de ampliación sobre todo do pabellón central e que afectaría ó peche de galerías, casa de autopsias, portería, pabellón de tuberculosos, crónico-contaxiosos, a sala das Irmás da Caridade,



Horta no Antigo Hospital Provincial.

mellora de cubertas e terraza e, en 1937, a construcción dun novo pabellón.

A partires de 1939, realízanse unha serie de melloras nas instalacións custeadas, en boa parte, polo grande benefactor do Hospital, o Conde de Cabanelas, a quen no recoñecemento das súas valiosas aportacións, se lle pon, en 1940, nos xardíns do Hospital unha escultura na súa memoria, realizada por Asorey, e ademais se lle dá o seu nome a un dos pabellóns.

En 1954, tiveron lugar as expropiacións dos terreos colindantes con Joaquín Costa coa intención de ampliación dun novo pabellón adicado a infecciosos.

Respecto das instalacións e mellora de medios técnicos podemos mencionar como significativas a da creación dun servicio de Raios X, necesidade que xa se plantexou no 1928, e que non se iniciou ata 1932 coa saída a concurso da aparataxe, non póndose en funcionamento ata 1938.

No 1930, dáse apertura a un consultorio de carácter gratuito e público para o tratamento de enfermidades venéreas e sifilíticas.

No 1931 créase, igualmente, un dispensario estomatolóxico.

No 1933, adquírese unha estación de desinfección para o Hospital, e no 1935, apróbanse as bases para a concesión dun servicio de traslado de cadavres do Hospital ó Cemiterio.


No 1939, plantéxanse a instalación de calefaccións e a construcción dun depósito de augas.

No 1940, a conta dos fortes donativos do Conde de Cabanelas, lévase adiante unha ampla mellora nas adquisicións de material quirúrxico e de desinfección para a nova sala de operacións e outros materiais necesarios. No 1941, establécese provisoriamente o servicio Neuro-Psiquiátrico e, neste mesmo ano, instálase un servicio completo de Raios X, coa adquisición dun "gabinete completo". No ano 1952, plantexouse a adquisición

dun equipo de radioterapia que se impón en 1953-54, aínda que tivese unha suspensión provisoria en 1955 por certos temores ós perigos que supón. No ano 1955 sácase a concurso a instalación de ascensores, tan necesarios para os accesos ás distintas prantas. No 1957, realízase o proxecto de regulamento de ambulancias provinciais.

A segunda etapa corresponde ó período coñecido como de modernización do Hospital e que non se produce ata os anos claves de 1967-68, tendo como punto de partida o ano de 1965 no que xa se plantexa o grave problema que supón a escasez de espacio, a correspondente autorización para o comenzo das obras máis necesarias (Sesión de 25-11-1966).

A partires de 1967 xa se fala dunha primeira fase de ampliación, nela inclúense, a construcción dun novo pabellón e a reforma da sala de xinecoloxía. No 1968, coménzase por cambia-la cara exterior do edificio adecentando as súas fachadas, principiando así a florece-los proxectos de verdadeira modernización, xa cun apoio económico a través de subvencións da dirección Xeral de Sanidade, De aquí nace o proxecto para a construcción dun edificio para a escola de





Galerías no Antigo Hospital.

Corporación Provincial nomea entón unha ampla Comisión para que estudie a posibilidade de construcción dun novo edificio hospitalario.

A Comisión e, en definitiva, a Corporación Provincial, inclínanse finalmente pola ampliación e mellora do actual edificio, solicitando da Dirección Xeral de Sanidade a axudantes técnicos sanitarios que se aprobará en 1969, ano clave no que tamén se inicia a instalación de cociñas de propano e se propoñen as adquisicións de aparatos de respiración artificial e un equipo de radiodiagnóstico, e como base da modernización, dáse comenzo á adaptación das salas boxes, comenzando polas de Sta. Catalina e S.

Agustín, separando ós enfermos por grupos reducidos a través de mamparas e cortinas, evitando así aquela imaxe masificadora de salas de 22 a 24 enfermos.

Os anos 1970 a 1974 serán unha continua superación en toda orde de cousas e, en especial, no que se refire á utilización de novos materiais e técnicas modernas, como as seguintes adquisicións: respirador volumétrico, electrocardiograma, equipos modernos de quirófano, novos aparatos Raios X, instálase un grupo electróxeno propio e un incinerador... etc. Tamén se instalan calefaccións, os ascensores montacamillas, e a centralilla telefónica.

As obras obteñen un empuxe decisivo na ampliación, urbanízanse os accesos e como obra primordial intercomunícanse entre si os distintos bloques, sácase a concurso a residencia de becarios internos e instálase a escola de enfermeiras e a cafeteria. Fanse reformas nas salas de consulta, garda e dirección, corredor do sotarrego e sala de espera. Refórmanse os cuartos de baño e offices, e óbrase nas terrazas e galerías.

Tamén se reforman as salas, O Carme, Sta. Catalina, S. José, S. Agustín, S. Roque e Sta. Lucía, ademais da sala adicada á comunidade de Irmás da Caridade, sala de uroloxía, laboratorio, radioterapia, pediatría, depósito de cadávres, sala de autopsias, sala de raios X, quirófanos, e engádeselle un piso á de maternidade, e a construcción da de "coidados intensivos".

Os anos seguintes foron dunha continua mellora e incluso ampliacións ata a construcción en 1984 dun novo bloque hoxe paralizado.

O Regulamento de 1928 di que serán admitidos tódolos enfermos da provincia, unha vez xustificada a súa pobreza, pero ademais deberán entraren todos aqueles que procedan de orde xudicial ou gubernativa, e aqueloutros que, por urxencia en operación, por padeceren enfermidade infectocontaxiosa ou ben, aquelas mulleres encontradas na vía pública que tivesen síntomas de parto.


O Regulamento de 1953 resulta máis explícito neste senso, nel dise que o Hospital terá como misión a prestación de asistencia médico-quirúrxica ós enfermos de tódalas idades, dun e doutro sexo, naturais ou veciños da provincia, que sexan pobres ou que, sen selo legalmente, satisfagan as cuotas que para estes casos sinalan as ordenanzas provinciais. Asistiranse as seguintes enfermidades: medicina xeral, ciruxía xeral, tisioloxía; traumatoloxía; obstetricia e xinecoloxía; oftalmoloxía; otorrinolaringoloxía; dermatoloxía; laboratorio e análises e transfusións.

As atencións no que se refire ó factor numérico dos asistidos, sufriron un forte e favorable cambio a partires do ano 1928, pois de 156 camas dispoñibles, pasouse a 300. Máis espectacular foi o efecto conseguido a través da modernización e ampliación dos anos 68-69, pola que se chegou á cifra de 500 camas dispoñibles. Naturalmente na actualidade, e na maior consideración á intimidade dos enfermos e dos servicios necesarios, o número de camas reduciuse a 437 para agosto de 1985. Certamente podería sorprender este fenómeno de reducción de camas cando, na actualidade, se superaron

en moito as atencións, tendo aumentado paulatinamente o número real de atendidos.

Entre outras razóns, para poder explicar este fenómeno temos que olla-los datos estadísticos que ofrecemos.

Ademais das melloras técnicas nas actividades curativas, a Deputación veuse obrigada a exercitar unha loita seria por ofrecer un cambio cualitativo na institución, tratando de ceibala da súa identificación como asilo,



no que os enfermos, sobre todo os anciáns, facían esforzos por non abandonala. En tal loita non obtería resultados efectivos e con-

tundentes ata a xa repetida época de modernización, a partires do ano 1968. Nos primeiros anos, as medias de estancia por en-



fermo chegaron, incluso, a acada-los 90 días por ano e paulatinamente fóronse reducindo ata os 40 de 1966, xa en 1969 se chegou a reducir á importante media dos 14, chegándose a conseguir no 79, os 9 días, media aproximada que se mantén nestes últimos anos.

Se comparamos cos datos de enfermos ingresados que, dende 1928 a 1956, oscilaban entre os 3000 e 4000 e que en 1969 pasou, por efectos da ampliación e convenios con outros organismos sanitarios, á importante cantidade de 9.309, e xa no 1973, a 13.305, chegándose ós 12.629 no pasado ano de 1984, acadando a cota máxima no 1982, con 16.306.

O réxime de internado dos enfermos non parecía ser moi malo, cando menos, a xulgar por ese permanente desexo de permanecer na institución. O vestido e alimento, durante a permanencia do enfermo era proporcionado exclusivamente pola institución que exercía controis de prohibición sobre a entrada allea de alimentos. Como anécdota podemos mencionar que nos primeiros anos, o Hospital dispoñía dalgunhas cochiqueiras onde mantiña algúns porcos para a súa cría e posterior sacrificio que serviría de alimento ós seus enfermos. Houbo melloras paulatinas na mantenza dos enfermos, hoxe un aspecto moi coidado na institución. O réxime xeral de hixiene e limpeza foi outro dos maiores logros do Hospital. Pola contra, o réxime de visitas, naturalmente e por razóns estrictamente sanitarias, foi endurecéndose.

Ata o ano de 1928, no que o Hospital pasou a depender definitivamente da administración provincial, sabemos que as atencións respecto do seu persoal parecían escasas. A institución, no seu réxime interno, era levada por un Médico Director e un Auxiliar, algún persoal Subalterno e as 13 —en 1928— Irmás da Caridade, as cales soportaban practicamente todo o peso da institución.

A Deputación, nos últimos anos, subvencionaba parte deste persoal e ademais mantiña a figura do Médico inspector que tiña como misión o control sobre a entrada de enfermos a cargo de fondos provinciais, que supoñía practicamente o 100%. No último ano de 1928, figuraban con este cargo o Doutor Sobrino e o Doutor Marescot.

Coñecemos como as primeiras prazas sacadas a concurso pola Deputación, en 1928, as de dous Médicos Auxiliares, ocupadas polos Doutores Fontoria e Pintos.

A partires de entón fóronse cubrindo prazas, constatando a primeira de Director en 1930 en favor do Doutor Marescot, ata os anos claves da modernización e ampliación da institución que se produce a partires de 1967-72 no que a ampliación de enfermos asistidos a través dos acordos coa Seguridade Social e a modernización iniciada, esixiron naturalmente un aumento parello no persoal.

A partires dos anos oitenta, producirase un aumento espectacular no que respecta ó persoal Médico e Auxiliar, tendo unha grande incidencia, nas cifras presentadas, o grande número de Médicos Becarios que en 1980 chegou ata 40, e o notorio aumento do sector de enfermería (A.T.S., Auxiliares de Clínica).

A baixa nas cifras correspondentes ó persoal médico neste último ano corresponde á supresión de Becarios e o paso á súa condición de Médicos Adxuntos laborais contratados.

Máis elocuentes cós nosos comentarios son os datos que ofrecemos, nos que únicamente significámo-los anos de maior incidencia.

	1929	*1940*	*1967*	*1972*	*1980*	*1985*
1) Cadro Médico	6	8	17	32	119	100
2) Auxiliares	9	10	13	50	154	372
3) P.Ad e de Oficio	23	49	107	101	164	172
Totais ano:	38	67	137	183	437	644

No primeiro apartado inclúese exclusivamente o persoal técnico do Cadro Médico.

No segundo incluímos ó farmacéutico e Persoal Auxiliar: auxiliar farmacia, enfermeiras, A.T.S., matronas, auxiliares de clínica, etc.

No terceiro grupo, inclúese o persoal administrativo, subalterno e de oficio.

En ningún caso se inclúe a Comunidade de Irmás da Caridade.


Xa mencionamos que nos últimos anos da administración municipal do Hospital, a institución foi sostida practicamente polos fondos proporcionados pola Deputación, conceptuados por estancias de enfermos a cargo da beneficencia provincial, case o 100% dos hospitalizados, por subvencións concedidas ó persoal e polas fortes sumas aportadas na construcción e reforma do novo edificio.

O Grande Hospital Provincial tén no aspecto económico etapas fundamentais.

Unha primeira etapa, o presuposto da cal foi aumentando máis lenemente desde o inicial para 1929, por un total de 218.077 pesetas, ata acadar en 1965, 13.334.038 pesetas. A partires de 1967/68, anos clave da modernización e ampliación, hai unha nova etapa na que os gastos teñen un grande despegue pero que, a partires de 1968 se ven, á vez, suavizados, se temos en conta os ingresos proporcionados polos enfermos da Seguridade Social, que no primeiro ano de 1968 teñen grande incidencia se comparámo-lo presuposto de gastos de 23.222.925 pesetas co de ingresos de 18.448.911 pesetas (dato proporcionado polo Hospital). Naturalmente este foi un ano excepcional, posteriormente irían medrando moito as diferencias entre os gastos e os ingresos, que en 1975 ascendía en gastos a 159.713.705 pesetas, mentres que os ingresos eran de 69.515.816 (dato proporcionado polo Hospital).

O cambio cualitativo efectúase a partires deste ano, pois, se para 1968 tiña de gastos os 23.222.925, para 1970, case se triplica con 59.742.200 pesetas, e para 1975, xa conseguidas as ampliacións e modernizacións, acádanse os 159.713.705.

Unha terceira etapa, que coincide fundamentalmente cun importantísimo aumento de persoal, producirase a partires do ano oitenta, no que se acada o presuposto de 732.663.379 pesetas para chegar na actualidade a rebasar ampliamente o milleiro de millóns, tendo para 1984, 1.280.623.806 pesetas.



O Hospital Provincial tivo a súa vocación docente, practicamente desde os seus comenzos, pois xa no ano 1928 eran permitidas as prácticas de Médicos e estudiantes na institución pero, ademais disto, con viaxes de coñecementos ó extranxeiro e charlas de réxime interno, non houbo algo realmente relevante ata a mencionada época de modernización. Será entón, a partires de 1967, cando se establece unha Comisión de Cultura no Hospital que acadaría logros de grande importancia. En orde a conferencias, actividade permanente despois destes anos, houbo algunhas de grande relevancia, como as pronunciadas polo Doutor Barraquer e o Doutor Castroviejo, ou as de extranxeiros como a do profesor Garrone, Catedrático de Psiquiatría da Universidade de Xenebra, ou a do profesor Chiarí, Catedrático da Universidade de Viena, que realizou, por vez primeira neste centro, unha operación de prótese de cadeira, intervención transmitida en T.V. por circuito pechado.

A conexión coa Universidade de Santiago foi, igualmente, estreita. En 1969 celebráronse no noso Hospital uns cursos para alumnos da Facultade de Medicina de dita Universidade, lográndose chegar ata un total de 10 cursos realizados, nos que a Deputación, ademais, aportaba unhas reducidas becas para cada alumno que se integraba neles.

En 1975, a Facultade de Medicina de dita Universidade declararía ó Hospital de Pontevedra como Colaborador Asociado á Facultade, enviando 30 alumnos por ano a realizalo curso rotatorio.



Fachada actual do Hospital Provincial.

En 1973 comenzaría a funciona-la Escola de Enfermería, transformándose, posteriormente, en 1978, en Escola de Diplomados de Enfermería.

Tamén realizou, en colaboración coa Asamblea Provincial da Cruz Vermella, un "curso de Damas da Cruz Vermella".

En orde á investigación, crearíase unha Biblioteca Médica, e publicándose tamén interesantes traballos, nos volumes "Anais do Hospital" dos anos 1978 e 1981.



Vista parcial do Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón.

5.10

HOSPITAL PSIQUIATRICO DO "REBULLON"

Se ben, ata a entrada en vigor da R.O. de 1º de abril de 1846, non estaban obrigadas as Deputacións a consignar nos seus Presupostos partidas para gastos de asistencia a dementes, a preocupación da Deputación de Pontevedra en orde a prestar este tipo de asistencia ós necesitados da súa provincia, é case tan antiga coma a creación e establecemento da propia Deputación, pois xa na sesión de 2 de outubro de 1841, aproba o pago das estancias dun natural da Provincia no Hospital de Dementes de Valladolid, estable-

cemento no que se producirán outras moitas estancias de enfermos psíquicos ó seu cargo, ó longo do século XIX.

Na sesión do 22 de decembro de 1843, noméase unha Comisión para o estudio dunha proposta-iniciativa da Deputación de Lugo en orde a que as catro Deputacións galegas establezan ó seu cargo "unha casa para curar e custodia-los pobres dementes de Galicia". Na sesión inmediata de 12 de xaneiro de 1844 e sobre o particular referido, a Deputación de Pontevedra propón que o Centro de Dementes de Galicia se instale en Santiago de Compostela, dentro do Hospital Xeral. Pero o feito certo foi que as iniciativas e propostas en orde á creación do Centro Rexional para o que hoxe chamamos Asistencia Psiquiátrica non fructificaron, e a Deputación de Pontevedra continuou pagando e enviando ós seus enfermos ó Hospital de Dementes de Valladolid, co que estableceu un Convenio no 26 de novembro de 1847, no cal se fixan as obrigacións e dereitos das dúas Entidades.

Este Convenio tén plena efectividade e subsiste ata que, en 1873, o Hospital Psiquiátrico de San Baudilio de Llobregat formula, con carácter oficial, unha oferta á Deputación para a atención dos enfermos da provincia de Pontevedra, que é aceptada, suscribindo un novo Convenio con dito Hospital de San Baudilio, quedando sen efecto o, ata entón vixente, co Hospital de Valladolid, sendo trasladados os acollidos dependentes da Deputación de Pontevedra, o mesmo ano 1873, dende Valladlid a San Baudilio de Llobregat.

O Convenio co Hospital Psiquiátrico de San Baudilio, vixente con efectos plenos ata o ano 1885, é discutido a partires de dito ano no que se inicia unha ruptura entre as dúas Entidades, que se fai efectiva cando no ano 1899 a Deputación Provincial adopta o acordo de traslada-los enfermos internados no Hospital de San Baudilio a unha nova institución psiquiátrica creada en Galicia: o Sanatorio de Conxo de Santiago de Compostela, a Administración do cal é controlada a través do nomeamento de inspectores, e a partires do ano 1891 polas catro Deputacións Galegas; situación que non se altera ata o ano 1930, no que as Deputacións se plantexan a posible adquisición do Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, sen que cheguen a acadar ningún acordo definitivo a pesar das múltiples xestións e reunións celebradas, polo que subsisten os acordos establecidos dende un principio entre a Deputación de Pontevedra e o Sanatorio de Conxo.

Hai un novo intento por parte da Deputación para ter un Sanatorio Psiquiátrico propio no ano 1932, ó se acorda-la solicitude ó Consello de Ministros da incautación do Colexic dos Xesuitas de Camposancos, para instalar no mesmo un Psiquiátrico de carácter provincial. A este proxecto únense no ano seguinte de 1933 as restantes Deputacións de Galicia para dar ó mesmo un carácter rexional, e a este fin celebran na Coruña unha reunión na que insisten ante o Goberno na incautación do Colexio de Camposancos, sen que se chegase a conseguir.

Nesta orde de cousas, e no canto das obrigacións das Deputacións sobre o parti-

cular, a Orde de 9 de febreiro de 1899, dispoñía que "os dementes pobres dos Manicomios estarán a cargo da Provincia de onde son veciños", pero na esfera estatal non se acomete nin determina unha verdadeira política asistencial psiquiátrica, e as Deputacións Provinciais han resolve-lo problema polos seus propios medios, ben mediante creación de Centros propios, ou pagando a asistencia dos enfermos internados en Centros alleos.

Unha vez que o Hospital de Pontevedra pasa a ser Provincial, créase dentro del, e a partires do mes de xaneiro de 1941, unha Unidade de Asistencia Psiquiátrica, con 12 camas, baixo a dirección dun Médico da especialidade que, loxicamente, resultaba insuficiente para atende-las necesidades da Provincia, polo cal a Deputación tiña que seguir enviando ós enfermos a Centros asistenciais doutras Provincias, preferentemente ó de Conxo.

No desexo de buscar unha solución mediante a creación dun Centro propio, a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión do 25 de novembro de 1966, acorda solicitar do Estado a cesión do Sanatorio Antituberculoso "O Rebullón", propiedade da Dirección Xeral de Sanidade co fin de axeitalo para Instituto Psiquiátrico. A partires desta data, sucédense un conxunto de acordos corporativos que van propiciando a creación do futuro Hospital Psiquiátrico Provincial de "O Rebullón", sendo os máis importantes, e por orde cronolóxica, os seguintes:

28-9-1967. Solicítase da Dirección Xeral de Sanidade creto para realiza-las obras de readaptación do Sanatorio "O Rebullón" e convertilo en Sanatorio Psiquiátrico, e para a dotación de material e mobiliario do mesmo.

27-6-1968. Dáse conta da Resolución da Comisión Coordenadora Hospitalaria, aprobando o anteproxecto para Sanatorio Psiquiátrico de 200 camas en "O Rebullón", e concedendo unha subvención.

31-10-1968. Solicítase da Dirección Xeral de Sanidade unha subvención de 1.500.000 pesetas para as instalacións médico-quirúrxicas do Sanatorio Psiquiátrico.

Encárgase ó Arquitecto D. José Barreiro Vázquez a confección dos proxectos técnicos do Sanatorio Psiquiátrico.

30-1-1969. Apróbase definitivamente o proxecto de ampliación do Sanatorio cun presuposto de subasta de 64.239.085 pesetas.

28-8-1969. Apróbase Moción sobre habilitación e pronto funcionamento do pabellón construído no Sanatorio Psiquiátrico "O Rebullón" para 200 prazas de homes, e noméase unha Comisión para redacción do seu Regulamento.

31-3-1970. Apróbanse as obras da primeira parte da segunda fase do Sanatorio "O Rebullón".

24-9-1970. Apróbase presuposto adicional para ditas obras.

30-11-1971. Cómprase ó Concello de Mos unha parcela de 4,15 hectáreas do mon-

te de utilidade pública ''Común de Tameiga'', onde se empraza o Sanatorio Psiquiátrico ''O Rebullón'', por un importe de 864.192 pesetas.

26-9-1972. Acéptase a cesión gratuita que fai o Estado á Deputación dos edificios do antiguo Sanatorio Antituberculoso ''O Rebullón'', situados no término Municipal de Mos, co compromiso de seren destinados á construcción e instalación dun Sanatorio Psiquiátrico, conforme coa Resolución correspondente da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

30-1-1973. Apróbase a Acta de ocupación dos terreos para ampliación do Sanatorio, e a creación do cadro de postos de traballo necesarios para poñer en funcionamento o mesmo.

27-3-73. Outórganse becas para un curso especial de Coidadoras Psiquiátricas a realizar no Centro de Toén.

26-6-1973. Facúltase á Presidencia para designar con carácter temporal ó Administrador e Subalternos do Sanatorio Psiquiátrico ''O Rebullón'', a fin de vixila-los edificios próximos a seren entregados.

27-6-1974. Apróbase a Acta de recepción de suministros para o Sanatorio.

26-11-1974. Noméase Director do Sanatorio Psiquiátrico ''O Rebullón'', para actuar a partires do 1º de abril de 1975 a D. José Teijeiro Rois, quen o desempeña por un breve período de tempo, sucedéndoo D. Arturo Rey Rodríguez, que na actualidade continúa como Director de dito Centro.

O ingreso do primeiro paciente no novo Psiquiátrico de ''O Rebullón'' e no réxime ''de día'' prodúcese en 1975 e, ó se inicia-lo ano 1976, ábrese a primeira unidade de hospitalización total. Con anterioridade foran realizados os correspondentes traballos de posta a punto do Centro, que xa ó finaliza-lo ano 1974, tiña unha plantilla de 79 persoas.

No 1975, o equipo psiquiátrico do novo Centro, tén como misión primordial forma-lo persoal auxiliar de enfermería, inexistente no país, e atender á nacente organización psiquiátrica intentando cubri-lo obxectivo de permiti-lo desenvolvemento do sistema asistencial da Deputación sen sobrecargas incapacitantes, concertando co Psiquiátrico de Conxo un traslado escalonado de pacientes, e tendo en conta a cercanía do norte da Provincia co Psiquiátrico de Conxo, concertar unha asistencia total para dita zona norte co mesmo, e prestar asistencia directa desde ''O Rebullón'' á zona sur da Provincia de Pontevedra.

Ó se producir, en xullo do ano 1976, o incendio no Sanatorio de Conxo, prodúcese a primeira repatriación de pacientes da Provincia de Pontevedra dende aquel Sanatorio ó Psiquiátrico Provincial ''O Rebullón''. No 1977, o equipo psiquiátrico de ''O Rebullón'', faise cargo do servicio de Psiquiatría do Hospital Provincial e procede á remodelación de dita Unidade.

Dende comenzos de 1980, o Hospital Psiquiátrico Provincial ''O Rebullón'', dispón dos medios que se sinalan, e presta os servicios que se enumeran:

a) Psiquiátrico Rebullón, con 108 camas en funcionamento, e 300 prazas potenciais: 8



Vista parcial do Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón.

unidades de 22 camas cada unha; 3 unidades de 25 camas cada unha; 2 unidades de 15 camas; un Hospital de Día; un Centro de Día; un Fogar Protexido.

b) Un Hospital de Día con 12 prazas de promedio (polo que o total actual do Rebullón é de 120 prazas).

c) Un Servicio de Psiquiatría do Hospital Provincial cunha Unidade de Hospitalización de 12 camas. Atende ás dúas marxes da ría de Pontevedra, a Bisbarra de Pontevedra, e Pontevedra núcleo urbano.

d) Unha Escola de Auxiliares Psiquiátricos, que impartiu 3 cursos de Auxiliares diplomados polo Ministerio de Sanidade e Seguridade Social, de 30 alumnos cada un.

e) Dispensarios no Hospital Provincial, e ademais en Cambados, Cangas, A Garda, Tui e Ponteareas, en todos eles coa colaboración dos Concellos respectivos.

f) Asistencia a asilos: Pontevedra, Tui, Cambados.

g) Consultas intrahospitalarias ou interconsulta para o Hospital Provincial.

h) Hospital asociado á Universidade de Santiago para o ensino, tén xa admitido alumnos rotatorios do último curso de Medicina e ás Enfermeras das Escolas Universitarias de Enfermería de Pontevedra e de Vigo.


Dende a súa concepción e posta en marcha, o sistema creouse con vocación de servicio público, —os seus profesionais están con adicación exclusiva—, e con pretensións organizativas de eficiencia. O obxectivo é ofrecer á colectividade os froitos do progreso psiquiátrico, en canto este permite actuacións científicas positivas, cun forte compromiso social, e con toda a cautela das lecciónes histórico-críticas e o respeto á libertade. Os equipos que traballan no sistema asistencial psiquiátrico da provincia, están animados polo estilo e filosofía comunitaria, con tódalas súas consecuencias: sectorialidade e responsabilización, prevención e promoción da saúde, actuación no extrahospitalario con —e por— equipos interdisciplinarios.

Nos gráficos que a continuación se adxuntan resúmese a evolución de servicios prestados en canto a hospitalizacións, estancias e consultas, e a da súa plantilla de persoal, e presupostos.


HOSPITAL PSIQUIATRICO "O REBULLON"

AÑOS	HOSPITALIZACIONES	ESTANCIAS	CONSULTAS
1976	141	8.271	1.695
1977	187	14.733	1.752
1978	216	22.572	1.807
1979	306	31.416	2.411
1980	328	33.277	3.696
1981	256	34.603	4.437
1982	403	35.313	5.125
1983	391	35.721	5.843
1984	388	36.308	7.094

HOSPITAL PSIQUIATRICO O REBULLON
PLANTILLA DE PERSONAL



HOSPITAL PSIQUIATRICO O REBULLON
PRESUPUESTOS





6

EDUCATIVAS

das primeiras en formarse en provincias, e tamén os cargos correspondentes ás subas graduais dos mestres que asumirían os fondos provinciais ata o ano 1925.


A partires do ano 1926 iniciouse na Deputación un importante plan, en colaboración cos concellos, de reparación e construcción de novas Escolas que duraría ininterrumpidamente, ó menos ata 1940, e que supuxo unha grande mellora nas instalacións escolares da provincia.

A participación actual en ensino primario é moi minguada, reducíndose ó sostenemento do Centro de E.X.B. e Preescolar da Cidade Infantil e a ocasionais colaboracións sen incidencia algunha.

No que respecta ó segundo ensino e ensinos especiais, o labor foi sobre todo no pasado século dunha grande transcendencia.

Non temos máis que olla-lo desenvolvemento das institucións que vos expoñemos para darse inmediata conta do importante papel que a Deputación tivo co sostenemento e iniciación do Instituto, as Escolas Normais de Mestres, a Escola de Artes e Oficios, a Escola de Agricultura e a Escola de Xordo-Mudos de A Lanzada, hoxe as tres últimas desaparecidas.

Tamén é de grande relevancia a súa participación nos ensinos profesionais que florecen nos anos trinta e nos que formou parte dos patronatos das recén instaladas Escolas de Formación Profesional de Pontevedra, Vigo e A Estrada, ás que outorgaba subvencións. Tamén por eses anos colabora con subvencións coa Escola Pericial de Comercio de Vigo e coa Escola de Artes e Industrias da







JUNTA PROVINCIAL

DE PRIMERA ENSEÑANZA

DE PONTEVEDRA.

mesma cidade. Ten unha importante intervención no ano 1932, presionando para instalar en Vigo unha Escola de Aparelladores.

Actualmente sostén ó seu cargo a Escola de Formación Profesional do "Fogar Provincial", a Escola de Enfermería ou A.T.S., o Centro de Educación Especial da Cidade infantil "Príncipe Felipe" e a Escola de Canteiros de Poio.

No relativo ó ensino universitario a participación da Deputación foi moito máis indirecta, manténdose a un nivel de simple apoio moral e político.

No pasado século, a máis ampla participación é de presión política nas altas esferas centrais.

En 1867, coa reforma universitaria, a Literaria de Santiago perderá algunhas cátedras, aínda a pesar dos apoios obtidos polos órganos provinciais da rexión e en especial o de Pontevedra que o intentou con verdadeiros esforzos que resultaron ineficaces.

En 1868 a Deputación tomaría un dos poucos acordos de cooperación económica, consignando nos seus presupostos 800 escudos para o establecemento na Universidade Compostelana dos doctorados nas Facultades de Dereito Civil e Canónico, Medicina e Farmacia.


En 1880 a Deputación diríxese a Madrid para intentar o restablecemento das Facultades suprimidas que non parecen ter éxito a pesar do poder político da nosa cidade. En 1899 prestará un novo apoio á nosa universidade solicitando a non supresión da Escola de Veterinaria e a Facultade de Dereito. Na mesma posición de apoio político reclamará de Madrid en 1910 que a instalación da Cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa se fixese en Santiago e non en Madrid como se pretendía.

En 1914 acordarase interesar ó Ministerio na creación das Facultades de Ciencias e Filosofía e Letras.

O resto das colaboracións non teñen transcendencia algunha, se exceptuámo-los acordos de entidade colaboradora da Universidade, do Hospital Provincial, para as prácticas de alumnado e profesorado, e a importante participación na instalación e sostenemento da Universidade Nacional de Educación a Distancia na capital de Pontevedra, e a continuada loita que se está levando a cabo para a consecución na nosa cidade da Escola Superior de Belas Artes e a de Enxeñeiros Forestais de Lourizán.

Tamén temos que facer referencia ó importante fracaso obtido coa marcha da nosa provincia da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Para lograr unha maior visión do que supuxo esta participación da Deputación no terreo educativo é preciso un detenemento no desenvolvemento das institucións que vos presentamos.



6.2

INSTITUTO DE SEGUNDO ENSINO

Antes da instalación do Instituto, o segundo ensino na capital sostíñase a través dunha fundación na que se impartían clases de gramática, a cargo dun presbítero exclaustrado, D. Miguel Barros, que fora instalado para as súas ensinanzas no exconvento da Compañía de Xesuitas dende o ano 1830, por acordo do Concello da capital que era o administrador de dita fundación. Esta fundación sabemos que mantivo os seus ensinos ó menos ata 1842.

En 1842 documéntase o establecemento dun colexio situado na rúa da Palma, rexido por D. José Mª Villar, que solicitou o apoio da Deputación para manter ó profesorado do seu colexio no que se impartían ademais dos ensinos das primeiras letras, clases de latinidade, debuxo e lingua francesa, e que se ampliarían a matemáticas, filosofía e outras, se tivera contado co apoio suficiente que non puido acadar.

O máis inmediato antecedente do Instituto é o Colexio Oficial de Humanidades de

Pontevedra, dependente da Universidade Literaria de Santiago que iniciara os seus ensinos no ano 1843, instalándose no mesmo exconvento da Compañía de Xesús e pasando en 1844 a un edificio da rúa Peregrina por ocuparse o seu local por "as quintas". A dirección do Colexio de Humanidades estaba a cargo de D. Francisco Barcia Gómez quen en 1844 solicita axuda da Deputación para que se lle dispoña dos locais precisos, e faino en ton ameazante insinuando que en caso de negativa marcharía a outros pobos que insistentemente o solicitan, engadindo "e chore Pontevedra o seu infortunio".

A formación dun Instituto xa estaba en marcha, incluso a Deputación recibira un programa básico para a súa creación elaborado polo profesor D. Antonio Santos Burillo. A solicitude para a súa creación é obra do Concello da capital apoiado por un grupo de cidadáns, e que ten resposta oficial na R.O. do 30 de outubro de 1845, pola que se concede a Pontevedra o Instituto de Segundo Ensino.

A proposta de creación levaba parella o seu sostenemento entre os cidadáns e as rendas das fundacións e obras pías existentes que administraba o Concello, que xunto ós ingresos recibidos de matrículas e exames servirían para o seu mantenemento, e o déficit correspondente, cargaríase a conta de fondos provinciais.

Á hora de presupostar, a realidade foi moi diferente xa que tódolos ingresos non acadarían a cubri-lo 12% do total de gastos.

O Instituto absorberá o Colexio de Humanidades e nomearase ó seu director, Francisco Barcia, como director do mesmo. Así, o día 19 de novembro de 1845, ten lugar a apertura do Instituto, pronunciando o discurso inaugural o Sr. Xefe Político da Provincia, instalándose no exconvento de Xesuítas onde se atopaba a Escola Normal de Mestres. Créase unha Xunta Inspectora composta por un individuo da Deputación, outro do Concello, e dous veciños de recoñecido prestixio.

O ensino coménzase coas cátedras de historia, xeografía, matemáticas, historia natural, física e química e debuxo.

A Deputación non soportaría moito tempo a carga presupostaria que lle supuña o mantenemento da nova institución, polo que xa en 1847 prantéxase o reclamar unha solicitude de rebaixa de categoría a terceira, que se acumularía á solicitude definitiva de suspensión feita en 1849 e 1850, fundamentándose en que a institución está practicamente sostida á súa costa e o pobo atópase demasiado gravado para soster dita carga, apoiándose na existencia do outro Instituto na cidade de Tui (de terceira categoría), que non ten costes provinciais algúns pois está a cargo de fondos municipais; pola contra en Pontevedra a aportación do Concello é nula, —sendo máis beneficiado na porcentaxe de alumnos que o disfrutan, de 84, 50 son da capital— a súa aportación redúcese a unha misérrima parte correspondente as rendas e beneficios das fundacións e a aportación da suscripción dos cidadáns que no conxunto de gastos non veñen a significar nada.


Tamén serviu de argumentación á Deputación a proximidade da Universidade de Santiago que dispoñía dun prestixiado Insti-

YNSTITUTO PROVINCIAL DE SEGUNDA ENSEÑANZA


de

PONTEVEDRA.

FACHADA PRINCIPAL.



PLANTA PRAL.



Esplicacion.

1 Secretaria
2 Despacho del Director
3 Sala de recibimiento
4 Pasillo
5 Comedor
6 Cocina
7 Dormitorio del criado
8 Paso al corredor
9 Comun y escusado
10 Dormitorio
11 Pasillo
12 Dormitorio
13 Pasillo
14 Dormitorio
15 Despensa
16 Gabinete
17 Biblioteca
18 Cuarto del mayo
19 Cuarto de labor
20 Corredor
21 Gabinete de Historia natural
22 Gab. de Física
23 Cátedra
24 Academia de Dibujo
25 Ruinas

Escala de 1 por 100 para la fachada.
Escala de 1 por 200 para la planta.


Jose M. Ortiz


tuto, pero de nada serviron todos estes argumentos pois había de seguir sostendo a institución moitos anos máis.

A partires de entón, a Deputación, pareceu asumi-la institución, que foi mellorando na súa dotación de cátedras e incluso se crea nel un centro de internado que xorde dunha proposta en 1862, pero que non terá a súa apertura ata 1867, e que duraría ata o ano 1882 en que se clausura, ó parecer por falta de espacio, xa que á Deputación impónselle a dotación dun local adecuado onde se instalase a Audiencia, non atopando mellor solución que os locais que ocupaba o citado colexio de internado.

En 1878 aceptase a creación dunha escola de comercio e outra de náutica, como elementos anexos ó Instituto. A escola de nautica foi unha aspiración moi vella da nosa cidade pois cónstanos que xa en 1838, o día 1º de decembro iniciouse unha academia de náutica, que dirixía o piloto pontevedrés Felipe Bouza y Fredis que se autotitulaba pomposamente "piloto de Europa e América" e que conseguira do Concello, instalarse, como non, no exconvento de xesuítas onde impartía clases de aritmética, xeometría, trigonometría plana e esférica, logarítmica, cosmografía e pilotaxe. No ano 1840 recurre á Deputación coa finalidade de conseguir a instalación da escola nautica apuntando posibles fondos de participación a través de arbitrios da Mariña. Desexos que non se verían realizados ata, como xa dixemos, o ano 1878, descoñecendo nós, cal foi o seu desenvolvemento a partires de entón.

Tamén no mesmo Instituto, no ano 1880, se instalará unha estación e observatorio me-





Actual Instituto de Pontevedra.

teorolóxico que ten unha grande acollida entre o profesorado. Anteriormente no ano 1878, instalouselle un xardín de aclimatación para experiencias agrícolas.

A pesares dos esforzos de superación, coas dotacións de máis cátedras, as adquisicións de materiais precisos, as reformas e melloras nos locais, e certa satisfacción nos niveis alcanzados polo alumnado; no ano 1888, a Deputación, que sostivera integramente, e non sen certa satisfacción, esta institución, imponse graves dúbidas sobre as súas obrigas de sostela, tanto que incluso dubida da súa obriga de proporciona-los locais. De tal xeito, no ano 1889, con motivo da elaboración do presuposto, deixan de consigna-los gastos de segundo ensino, asumindo unicamente os correspondentes ó mantenemento do local, refugando incluso a póliza de seguro que afectaba ó local do Instituto. A partires de entón non haberá consignacións fixas nos presupostos provinciais, tan só aparecerán eventualmente e con carácter de subvención.

A única vinculación permanente será o acondicionamento e sostenemento do local que se mantivo ata principios de século, momento en que o Instituto se traslada ó edificio construído polo Estado para Escola de Artes e Oficios permanecendo nel ata o ano 1930, en que tivo lugar o ansiado traslado ó novo Instituto que agora se chama "Valle Inclán".



Casa do Barón (Pontevedra) hoxe Parador do Turismo.


6.3

AS ESCOLAS NORMAIS

a) Escola Normal de Mestres

Coa instalación en Madrid da chamada Escola Normal da Corte no ano 1837, estableceuse a obriga a provincias de enviar á Escola Central un grupo de alumnos sostidos a cargo do correspondente presuposto provincial. A Pontevedra corresponderíalle enviar dous destes alumnos que chamaban pensionistas, facéndoo cumpridamente ata a instalación na cidade da Escola Normal propia.

Xa a R.O. do 21 de xullo de 1838 sobre Instrucción Pública recomendaba a instalación en provincias de Escolas Normais. Pontevedra foi das primeiras en respostar á chamada, e tan só dous anos despois, e por R.O. do 13 de decembro de 1840 disponse o establecemento na capital da Escola Normal


ESCUELA NORMAL SUPERIOR
DE
MAESTROS DE PRIMERA ENSEÑANZA
DE LA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Núm. 67.

Reg.º en 6.ª en 5.ª 17 folio 13 v.º

Tengo la honra de remitir a V.S. por duplicado las liquidaciones de gastos e ingresos del presupuesto de esta Escuela correspondiente al ejercicio terminado de 1873 a 1874, sin que haya lugar a formación del adicional, como V.S. podrá ver por el resultado de las mismas.

Dios ge a V.S. m.a.
Pontevedra 1.º 6. de 1875.
El Director.
Mariano Requeni

Sr. Vice-presidente de la Comisión provincial.

de Mestres. D. Castor Araujo y Alcalde, que fora alumno pensionado pola Deputación na Escola Central da Corte, foi o seu máis tenaz animador, solicitando en 1842, da Deputación, o inmediato cumprimento da R.O. de 1840, propoñendo os posibles locais, presentando un presuposto e, como non, ofrecéndose como profesor.

A resposta da Deputación parte da sesión de 1º de outubro de 1842, na que se decide a formación dunha Comisión Asociada Concello-Deputación, para o seu estudio e posta en funcionamento. Esta Comisión acorda a súa definitiva instalación propoñendo como director da mesma ó seu propoñente Sr. Araujo y Alcalde e indicando os locais adecuados no exconvento dos xesuítas desta cidade.

As obras de acondicionamento dos locais efectuáronse ó longo do ano 1843, importe que ó cargo da Deputación acadou os 9.000 reais. Igualmente se aceptaba o presuposto do seu funcionamento en 22.000 reais, que se distribuían do seguinte modo: 18.000 para o pago do profesorado (Director, rexente da escola agregada, mestre segundo e eclesiástico), sendo os 4.000 restantes os correspondentes a gastos de reparacións, trebellos e libros. A distribución das cargas era moi simple, o concello aportaría 2.500 reais que lle proporcionaba a obra pía correspondente á Escola agregada, e o resto iría a cargo de fondos provinciais.

Executada a primeira decisión de traslada-la Escola agregada e integrar ó seu mestre como xerente da Normal, todo parecía disposto para a súa posta en funcionamento, a partir da súa pretendida apertura o día 1º de setembro de 1844, e para mellora-las facilidades de incorporación do alumnado, dende o día 5 de maio e ata o día da apertura, abriríase un curso preparatorio de carácter gratuíto. Poucas veces a administración, cando toma unha iniciativa deste tipo, ten todo tan previsto e perfectamente disposto, e curiosamente, nesta ocasión, o fracaso foi realmente desolador, ninguén, absolutamente ninguén, acudira á chamada

do preparatorio e, máis aínda, finalizado o ano todavía non deran comenzo as clases, comenzando a xurdir un cúmulo de dificultades que a punto estiveron de dar ó traste coa iniciativa; dunha parte o Concello négase a reintegrar ós fondos da Escola Normal, os 2.500 reais procedentes da obra pía da Escola, alegando que ía en contra dos expresos desexos do seu fundador, os partidos xudiciais entre os que a Deputación pensaba distribuí-las aportacións, negaron a súa obriga a corresponder, e por se non fosen suficientes as dificultades, facíase obrigatorio aumentar no presuposto a consignación precisa para a dotación dun secretario, que se omitira na elaboración do presuposto da Escola.

Con todo a Escola tivo a súa apertura en abril de 1845, aínda que pouco duraría a ledicia, pois en 1847 o Estado iniciaba unha reorganización xeral destas Escolas, ocasión que a Deputación aproveitaría para alivia-las súas cargas, solicitando a súa posible supresión. Os informes que se mandan a Madrid sobre as condicións da nosa Escola son en todo punto favorables, polo que non se chega á súa supresión, aínda a pesar dos novos intentos da Corporación Provincial nos anos 1849 e 1850. A través dos informes enviados pola Escola a Madrid coñecemos o labor realizado por ela ata o momento, e a situación da mesma en 1848, no que se dicía ter producido 10 mestres superiores e 24 elementais e que asistían na data 15 alumnos; 6 aspirantes a mestres superiores, 3 a elementais e 4 asistentes ás clases de gramática, aritmética e xeometría sen que se adicasen ó maxisterio. A partires do ano 1850 a Deputación pareceu asumi-la Escola e ó parecer sen demasiado disgusto, pois poucos anos despois, en 1860, instalaría a Normal de Mestras, igualmente ó seu cargo, e incluso a partir de 1864 asumiría como propias as Escolas anexas ás Normais, chamadas escolas modelos, para impartir nelas os novos sistemas e métodos de ensino.

A partir de 1867 volven os malos tempos e a sombra da supresión volve aparecer, e nesta ocasión con éxito, xa que ambas Escolas quedan suprimidas e os seus presupostos son postos a disposición do Gobernador Civil para o seu uso na resolución dos problemas considerados como de primeira urxencia. Supoñemos que nesta ocasión a supresión non obedeceu ós desexos da Corporación Provincial a xulgar polo escrito enviado á mesma, en agosto de 1868, polo exdirector da suprimida Escola, felicitando e agradecendo á Deputación os seus esforzos en favor da educación. En novembro de 1868 ambas Escolas están funcionando novamente, e incluso en 1869 apróbase a instalación na normal dunha Escola de Adultos e o desenvolvemento é case liñal, sen problemas de grande trascendencia, a non ser adecuacións e cambios de local, disputas sobre o profesorado, ou sobre a obriga do sostenemento das Escolas modelos anexas ás Normais.

A desconexión da Deputación coas Escolas comenza a partir de xuño de 1890 en que o Estado recoñece como propias as atencións ó segundo ensino e ás Escolas Normais. Claro que este recoñecemento referíase máis ben ás cuestións de organización e planificación das súas ensinanzas, xa

que na realidade a administración provincial seguirá sosténdoas cos seus presupostos e ademais o Estado recollerá os ingresos que éstas produzan co que o problema se agrava, e así ó chegar a 1896, ano en que o Estado pretende mellorar cunha reforma as condicións das nosas Escolas esixindo unha maior presupostación, a Deputación replicará que non é posible tal pretensión xa que é o Estado o que debera prestar un maior apoio pois se o presuposto para ese ano era de 13.250 pesetas para a Escola de Mestres, esta produciríalle ó Estado un beneficio, polos conceptos de matrículas, exames, timbres e outros, de 27.231 pesetas, o que lle parecía a todas luces inxusto e desequilibrado. A resposta do Ministerio de Instrucción é que as Deputacións, por R.O. do 15 de outubro de 1898, terán a capacidade e autoridade para determina-lo número e a categoría das Escolas que desexan manter ó seu cargo. Hábil resposta do Ministerio que leva á Deputación a declarar ás súas dúas Escolas como elementais ata que o seu presuposto lle permita elevalas a superiores, como pretendían instalarse coa reforma. O descontento do profesorado, e naturalmente dos seus alumnos, ben manifestado, pola rebaixa da que foi sempre Escola Superior, tivo eco na Deputación que en sesión de 28 de outubro de 1901, non só devolve a categoría de superior á de Mestres, senón que eleva á mesma condición, e por primeira vez, á de Mestras.

Pouco podemos aportar ó seu posterior desenvolvemento e relación coa Deputación, a non ser que o Estado fíxose cargo do profesorado a partir de 1907, e polo tanto a Deputación só aportaba locais e pago de material, ademais do persoal administrativo que lle correspondese, situación que debeu chegar ata o ano 1925 no que a Deputación deixou de presupostar incluso para sostenemento das Xuntas de Instrucción Pública.

A ubicación da Escola presentousenos como un pequeno rompecabezas que non conseguimos encaixar por enteiro co que nos remitimos a proporciona-los datos coñecidos.

Sabemos que a Escola Normal de Mestres instálase no seu nacemento nos locais da Compañía de Xesús e que debeu permanecer alí ata 1867 en que se tomou a decisión do seu traslado a unha casa propiedade do seu director, o Sr. Regueral, que non logramos ubicar. En xaneiro de 1878 dispónse pola Deputación que se fagan os estudios e os planos precisos para a instalación dun novo local que sirva para ambas Escolas e que ademais se xestione a adquisición dos terreos necesarios.

No ano 1879 decídese a prórroga e aumento por aluguer da casa propiedade de D. Manuel Lemos Bazán, edificio do que se di é un dos principais da cidade.

En 1886, apróbase a renovación de arrendamento cos que son os seus novos propietarios, Sres. García e Campo.

En 1891, faise un novo contrato para trasladarse á Casa do Barón da Casa Goda tendo como prazo ata xuño de 1892.

En 1900 efectúase o pago do arrendo da Casa Escola que vencera o 30 de xuño dese ano en favor de D. Román Mugartegui, e en xullo de 1902, este mesmo señor, reclama á Deputación unha conta por reparos dos des-



Promoción finais de século. Escola de Mestres.



Antiga Escola Normal hoxe Delegación de Educación e Ciencia.

perfectos deixados na que foi Casa Escola da súa propiedade.

No ano 1901 comenzábase definitivamente a Escola Normal de Mestres e de Artes e Oficios con cargo a fondos do Estado, pero a realidade é que non poderían trasladarse a ela ata 1930 en que finalizado o Instituto, os alumnos do bacharelato abandonan o edificio que para Escola Normal se construira, polo que ata a data, sabemos estivo ubicada na rúa Riestra ó menos dende 1918, ó lado da que foi imprenta Paredes, onde tamén estivera o Goberno Militar antes da súa supresión.

Dende 1930 ata 1964 permanecería no seu propio local, edificio próximo ó pazo da Deputación, para pasar ata onde se atopa na actualidade, na beiramar, na avenida de "Buenos Aires".

b) Escola Normal de Mestras

Cando a Escola Normal de Mestres levaba 15 anos en funcionamento, xorde unha nova proposta á Corporación, mantida polo Gobernador Civil da provincia na que sostiña o seu afán e necesidade de mellora-lo ensino para a muller, pola que se aprobaría, en sesión de 9 de agosto de 1860, a creación

dunha Escola Normal de Mestras, para a que se consignaba en presuposto a cantidade inicial de 12.000 reais, pobre consignación, se a comparamos cos 22.000 reais que esixira a Escola de Mestres para a súa instalación no ano 1845.

A desconcertante diferencia obedecía a varias razóns. O local e o Director, nos seus comenzos, era o mesmo que para a Escola de Mestres, e ademais non disporía de profesor eclesiástico nin de escola anexa co que os gastos se reducían nunha boa porcentaxe. Cuns custos tan baixos a Escola seguíu o seu curso sen apenas dificultades ata 1867, en que xunto á Normal de Mestres se vería suprimida, para reiniciarse a finais do ano seguinte de 1869, ano en que a Deputación se faría cargo da escola modelo de prácticas para nenas. O alumnado feminino cobrará un certo aumento, facendo xurdi-la necesidade dunha regulación adecuada, aprobándose o seu Regulamento en outubro de 1869 e unha posterior reforma en 1870, ano en que disporá de directora ó seu cargo.

Para 1890, na lei de presupostos do 29 de xuño, o Estado recoñecía como propias as obrigas sobre as Escolas Normais, aínda que, como xa dixemos, na realidade seguirían a cargo dos presupostos provinciais.

No intento de Reforma Xeral, en 1868, que proporía unha importante elevación dos presupostos para a Escola de Varóns, no caso da de Mestras declarábase, pouco menos, que escandalosa, pois, pretendía elevar a 13.250 pesetas, as 6.062 que tiña presupostadas para ese ano. Naturalmente esta importante alza viría xustificada pola elevación de Escola Elemental a Superior.

Da Deputación xurdiría a mesma resposta que para a de Mestres, argumentando que o excesivo aumento non parecía lóxico xa que o Estado ingresaba por vía da Escola 14.691 pesetas co que debería asumir parte do gasto.

A resposta estatal en 1896 reducíuse a conceder ás Deputacións a facultade de elixi-lo número e categoría de escolas que puidese soster cos seus presupostos, co que as posibilidades de supera-la categoría da Escola viñéronse abaixo, aínda que non por moito tempo xa que a Deputación acabaría, en 1900, por dar aprobación á Escola Superior de Mestras.

O Estado que seguíu ingresando boas sumas procedentes das Escolas acabaría por acceder ós permanentes rogos da Deputación, incorporando ó seu presuposto xeral de 1907 o pago do profesorado da Escola. Obtida resposta positiva co profesorado, en 1908, intentouse que asumira o pago dos locais pero non resultaría, pois o Estado xa construíra, cos seus fondos, unha Escola ampla para acoller a ambas Normais e á Escola de Artes e Oficios, que sería ocupada polos alumnos do Instituto, á espera de que se deran por acabada-las obras do seu propio Centro que se dilatarían ata 1930, ano en que definitivamente se trasladarán ambas Escolas Normais.

Co paso a Escola Superior de Mestras, o Centro gaña moito terreo no número de alumnado, chegando en 1912, á matrícula de 150 alumnas.

No canto da súa ubicación, sabemos que nun principio coexistíu coa de Mestres, nos locais do exconvento de Xesuítas, e temos como primeira nova de traslado, no ano 1872, a unha casa de propiedade de Dona Isabel Sarabia de Baeza, local que se verían na obriga de desaloxar, en 1878, por finalización do contrato de arrendamento, xurdindo, entón, a proposta da Casa do Barón, que non alcanzara éxito, manténdose nos mesmos locais, tras novo acordo de arrendamento. Permanecían na citada casa propiedade dos Baeza ata 1881, ano en que se establece un acordo co propietario D. Alejandro Mon, da súa casa sita na rúa Sarmiento, hoxe chamado Edificio Castro Monteagudo, onde está instalada unha parte do Museo Provincial, permanecendo, ininterrumpidamente nela ata o seu traslado en 1930 ó edificio próximo ó desta Deputación que hoxe ocupa a Delegación de Educación e Ciencia. Xa en setembro de 1964, trasladaríase ó edificio de nova planta que actualmente ocupa.



Antiga Escola Normal de Mestras hoxe Museu Provincial.



6.4

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

A creación deste tipo de escolas, iníciase, en España, a partires de 1824, coa creación en Madrid da Escola Conservatorio de Artes para educar ó artesán e ó fabricante. En 1832 dividíuse este ensino en tres graos, particular, xeral e especial e ademais extendeuse ás provincias. En 1855 organizouse en elemental, normal e superior, e en 1857 coa potenciación das Escolas de Enxeñeiros e o fracaso da regulación de 1855, acabou por facer fracasar de cheo estes ensinos, ata que por R.D. do 5 de maio de 1871 se establece de novo a Escola en Madrid.

O R.D. de 20 de novembro de 1876, di no seu artigo terceiro que auxiliará ás que haberanse establecer en provincias.

A Deputación de Pontevedra foi unha das primeiras en asumi-la posibilidade de instalar este tipo de ensino, aprobando a instalación da Escola de Artes e Oficios Provincial no ano 1880, a proposta suxerida polo Go-



bernador, consignando unha partida presupostaria para este primeiro ano de 5.000 pesetas. A Deputación elabora o regulamento polo que crea unha comisión inspectora da Escola, formada polo Presidente da Deputación como Presidente da mesma e, dous Deputados máis como Vocais, e o Director da Escola. A Deputación que se institúe como fundadora resérvase para sí os nomeamentos de profesorado e exames.

O primeiro ano, iníciase con ensinos de go da súa curta vida segundo se argumentaba, pola falta de medios. O seu profesorado era o mesmo do Instituto e, a súa ubicación no mesmo exconvento da Compañía de Xesús, onde parecía concentrarse todo tipo de ensinos.

No ano 1886, con motivo da decidida disposición da Deputación a restrinxi-los seus presupostos, non vacilaría en propoñer e aproba-la suspensión da Escola, xuntamente coa Escola Agrícola.

Naturalmente os implicados, que se viron sorprendidos por tan drástica decisión por xustificada unicamente no aforro presupostario, fixeron a súa inmediata aínda que inútil, reclamación, ofrecéndose incluso a impartilas súas clases con carácter de gratuidade. Pola súa parte, o alumnado, tamén ergueu a súa voz, igualmente inútil, mandando un escrito acompañado de tódalas firmas en reclamación do mantenemento da Escola. A intervención do Gobernador suspendendo os acordos da Deputación de supresión de ditas escolas, non intimidou en absoluto á Deputación que mantiña o seu decidido empeño en suprimilas, facendo un recurso contra, a supresión dos seus acordos polo Gobernador, e a R.O. do 5 de agosto de 1886 pola que se lle obrigaba a reface-lo presupostо e manter consignación para a Escola.

Finalmente a Deputación gaña o recurso e suspende sen máis a Escola, non sen antes manifesta-las súas razóns, referíndose á inutilidade dos froitos obtidos, e apelando ó abuso que supuño, sobre as moi excesivas cargas dos atribulados cidadáns, sobre as que pesaba o seu mantenemento.

Tal vez coa finalidade de suaviza-la súa ríxida posición coa Escola, no ano 1889 dá a súa aprobación a unha importante subdo País de Pontevedra, de tal xeito, que se decide patrocina-la creación dunha nova Escola á que chamará Escola de Artes e Oficios, Música, Canto e Declamación. A Deputación non negará tampouco a súa subvención. A Escola coa amplitude dos seus ensinos logrará unha grande acollida, tanto que en 1896 o Ministerio accedera á construcción, con fondos enteiramente do Estado, dun novo edificio para albergar nel a citada Escola, acabado felizmente no ano de 1905. O edificio citado é o que actualmente ocupa a Inspección de Ensino, polo que anteriormente pasaron, case dende a súa inauguración, o Instituto e posteriormente en 1930 a Escola Normal de Mestres.
actualmente ocupa a Inspección de Ensino polo que anteriormente pasaron, case dende a súa inauguración, o Instituto e posteriormente en 1930 a Escola Normal de Mestres.

A Deputación só volvería sobre este tema moi recentemente, neste ano, na loita por conseguir para a nosa provincia a instalación da Escola Superior de Belas Artes, aínda hoxe sen resolver.



Edificio Colexio Xordo-Mudos da Lanzada.

6.5

COLEXIO DE XORDO-MUDOS DE A LANZADA

A Lei de Instrucción Pública de 1857 recomendaba a creación de colexios de Xordomudos e cegos de distrito universitario, polas provincias. O rector da Universidade de Santiago comunicaría, en marzo de 1862, á Deputación de Pontevedra o seu desexo de levar a efecto dito colexio. En 1863, confeccionaránse as bases que se recollerán no regulamento que terá a súa aprobación un ano despois; tomadas as disposicións precisas inaugurarase o colexio o día 1 de xullo de 1884. A este centro acudirán tódolos nenos da nosa provincia durante case unha centuria, e aínda hoxe se manteñen en dito colexio

un número determinado de prazas costeadas pola nosa Deputación.

As relacións que a Deputación mantivo co rectorado foron máis ou menos aceptables, ata a década dos cincuenta en que comenzaron as diferencias de criterio respecto á financiación do centro e ós métodos anticuados que rexían o colexio.

A desconfianza da Deputación levou a que unha comisión inspeccionara as condicións do centro santiagués; a escura e mala imaxe traída polos comisionados puxo en marcha a iniciativa de crear un centro especializado que se instalará no Fogar Provincial a partires do ano 1952.

Para a posta en marcha do centro mandouse a Deusto a tres Irmáns da Caridade a que aprenderan as novas técnicas deste tipo de ensino especializado.

O colexio comenzaría a funcionar cun total inicial de 24 alumnos, con 12 prazas para nenos e as outras 12 para nenas. As responsables de impartir dito ensino eran unicamente tres Irmáns da Caridade. O prestixio adquirido polo centro en base ás novas técnicas aplicadas e a necesidade que tiña a Deputación de ocupa-los locais de A Lanzada, desaloxados pola extinción do sanatorio Gil Casares, fixo que en xullo de 1958 se instalase definitivamente o Colexio de Xordo-Mudos de A Lanzada.

A instalación do novo centro foi realizada nun tempo record, sen apenas preliminares, as razóns son ben sinxelas xa que os locais estaban dispostos para un internado, o persoal que existía para as atencións do sanatorio era na súa maioría preciso para o novo centro, e polo tanto permaneceu no mesmo e practicamente cos mesmos cometidos. A que realmente variaba eran as funcións do centro que agora estaba dedicado a ensino especializado e non a curacións.

Primeras aulas de Xordo-mudos no Hospicio.



O plan de ensino para os acollidos era certamente ambicioso, baseado enteiramente no método Montesori de vocalización adquirido en Deusto, descalificando o método da comunicación mímica ata entón aplicado en Santiago. Como complemento, o centro dispoñía de 6 aparatos micro-ampliadores de apoio á aprendizaxe. O sistema parecía obter bós resultados xa que segundo se dí nunha nota de dito centro de 1959, tódolos alumnos saídos de dito colexio alcanzaran un posto de traballo.

O colexio tiña unha capacidade para 60 alumnos, distribuídos a mitades entre ambos sexos, tendo como límite os 80. Para o seu ingreso limitábase a idade a un máximo de 12 anos.

O ensino de nenas programábase dende os 7 ós 21 anos, distribuído en tres graos. Os dous primeiros graos comprendían ensinos de vocalización e as materias comúns ó ensino xeral. O terceiro grao estaba orientado a completa-lo ensino profesional de corte e confección, xéneros de punto, bordado, servicio doméstico.

O ensino de nenos abarcaba dende os 7 ós 14 anos, distribuído en dous graos, ambos de vocalización e pronunciación e de materias comúns. Superado-los 14 anos trasladábanse ó Fogar Provincial onde recibían ensino profesional a cargo dunha persoa especializada nas materias de artes gráficas, carpintería, zapatería, panadería, peluquería, ata a idade de 20 anos como máximo.

O edificio, xa dixemos, era o anteriormente dedicado a sanatorio antituberculoso e como internado que foi non precisou de grandes transformacións. O problema grave a resolver foi contentar ó Concello de O Grove que co cambio de funcións do centro e a supresión do sanatorio, atopou unha razón máis para a súa reclamación por incumprimento das cláusulas de cesión ata acada-lo ano 1964 que a Deputación adquire a propiedade a través dunha escritura de compra por un valor de 800.000 pesetas. A partires da compra fánse no centro obras de adaptación e acondicionamento de certa importancia, permanecendo a institución ata 1976, en que pasou a ser un centro de vacacións estivais para os nenos da Cidade Infantil ''Príncipe Felipe''.

A estructura e número do persoal que atende ó colexio será practicamente a mesma que a do sanatorio, experimentando variación soamente nas Irmáns do Internado que agora eran persoas especializadas no ensino que se precisaba. Polo demais o centro dispoñía igualmente dun Director médico, o mesmo do sanatorio, ó igual que o resto do persoal que permaneceu nos seus postos, soamente cambiaría a figura do administrador que agora sería o mesmo que exercía como tal no Fogar Provincial.

A procedencia dos fondos, era enteiramente da Deputación Provincial ata a extinción ou integración de dito centro no Complexo da Cidade Infantil ''Príncipe Felipe'' que tivo lugar no ano 1976.



Antigo Centro de Formación Profesional.

6.6

ESCOLA DE FORMACION PROFESIONAL

O actual Centro de Formación Profesional ''Fogar Provincial'' é unha entidade que ten dados os primeiros pasos dende moi atrás, dende o século pasado, xurdida no seo doutra institución denominada entón Hospicio e Fogar Provincial, na que os hospicianos saían diariamente, fóra da institución, exercer como aprendices dun oficio nos varios talleres de carpintería, zapatería e xastrería, repartidos pola cidade. Deste xeito ''aprendendo'' non só preparaban o seu futuro, senón que contribuían ó seu propio sostenemento. As libretas nominais de contas que chegaron ata nós refléxanno-la mecánica seguida. Os hospicianos eran contratados polos distintos mestres de talleres a través da propia institución e o seu xornal era entregado a ésta, que absorvía un cuarto do total para os gastos de manutención; das outras tres partes restantes deduciríanselle os gastos persoais de vestido, calzado (debendo presentar factura do gasto efectuado)

e o resto sobrante que era moi pouco, acumulábase á súa libreta persoal de aforro forzoso. Este duro mecanismo sostívose longo tempo, ó menos ata mediados do presente século, no que se iniciaron certos cambios de comportamento polos que se fixo prevalece-lo interés polo educacional sobre o económico, abríndose un camiño cara a iniciación teórica en primeiro lugar, para posteriormente pasar á actividade profesional. A institución benéfica, sentíu entón, a necesidade dun ensino propio cuns talleres propios, co que no ano 1952 inícianse as primeiras solicitudes á Deputación, que en 1953 se transforman na adquisición duns teares para o ensino de confeccionado de alfombras e a maquinaria e material preciso para a instalación dun taller de artes tipográficas, no que, ademais, se puidera edita-lo Boletín Oficial da Provincia. Con estes dous talleres iniciaríase o ensino profesional que paso a paso foi aumentando nos distintos oficios. Os talleres de confección de alfombras apenas subsistiron unha década, polo contrario o taller de imprenta sostívose a pleno rendimento, gracias ó seu primeiro e case único cliente, as oficinas da Deputación e a edición do seu boletín. Proba do seu rendimento é a importante suma que supuxo a adquisición en 1955 dunha linotipia traída de Londres que se licitaría pola cantidade de 300.000 pesetas. Non sufriron a mesma sorte outros talleres (ós que se dotou con máis pobreza), como o material adquirido para os talleres de mecánica no ano 1961, optándose por materiais de segunda man, ou o total de 10.500 pesetas invertidos en materiais para o taller fotográfico.


O ensino impartido neste período tiña consideración de iniciación e de carácter privado, e non tendo ningún recoñecemento oficial, non permitía ós seus alumnos a continuación noutros centros oficiais. Esta situación determinou que en 1969 o centro solicitase o recoñecemento oficial dos seus ensinos baseándose na súa capacidade e disposición en material, espacio e persoal para impartilas con carácter oficial. Así o recoñecería o Ministerio de Educación e Ciencia que por resolución do 30 de xuño de 1970, clasificaría ó Centro de Formación Profesional Industrial "escola Fogar" de Pontevedra, como centro oficial non autorizado, de formación profesional industrial, dependente da iniciativa privada, aínda que apoiado con subvencións estatais.

A partires de entón o plan de estudios a desenvolver oriéntase cara un só curso de iniciación e un segundo curso de aprendizaxe reducido exclusivamente á especialidade de artes gráficas. O persoal que figuraba no cadro a presentar era: un director, secretario, xefe de taller, xefe de estudios, un bibliotecario, interventor, habilitado administrativo e un subalterno, xunto co seguinte persoal docente: un profesor para cada unha das seguintes materias, matemáticas, lingua, xeografía e historia, ciencias, relixión, debuxo, francés, F.E.N. e educación física e catro mestres de talleres de artes gráficas, mecánica, radio, electricidade e carpintería. Naturalmente, como sucede en moitas ocasións, o que se pretende a través do escrito formalmente en papeis, difire en moito da propia realidade e este é un claro exemplo diso, a meirande parte do personal debemos

Centro de Formación Profesional recentemente inaugurado.

dicir que se referían a persoal xa existente no Fogar que compartirían o seu tempo cos ensinos profesionais.

Para a rexiduría deste novo centro, en certa maneira recoñecido, a Deputación crearía unha fundación co seu propio patronato que ademais presentará uns estatutos, na sesión do 30 de abril de 1970, nos que se definiría á institución como unha fundación pública de servicio, constituíndo un establecemento público de carácter docente e con personalidade xurídica propia, sendo o seu obxectivo o do ensino profesional de iniciación ou preaprendizaxe. A Deputación



exercerá a tutela desta fundación a través da súa ampla participación no Patronato, quen deberá dicta-las normas precisas para o seu goberno e administración e o réxime polo que se ha rexer. Tamén neste senso a realidade difería sobre o papel xa que tanto o estatuto como o patronato non chegaron nunca a te-la aprobación superior e a escola seguíu funcionando dun modo particular ata que, acreditada pola Orde Ministerial de 9 de decembro de 1975, se transforma en Centro de Formación Profesional de Primeiro Grao. No ano 1976 que seguíu á Orde Ministerial non tivo a Escola o tempo suficiente para poñela á altura da legalidade, tendo que esperar ó curso seguinte de 1977-78 para establecerse en plenas condicións.

Os ensinos a impartir, a partires deste definitivo recoñecemento como escola oficial, serían as mesmas especialidades de administrativo, electricidade, mecánica e artes gráficas (composición), ampliándose en 1978 ás especialidades de auxiliar de clínica e en artes gráficas (reproducción fotomecánica). A organización e adecuación da escola trouxo un respetable aumento no alumnado o que animou ó centro a solicitar novamente do Ministerio a súa transformación, esta vez, en Centro de Formación Profesional de Segundo Grao e a autorización a impartir clases de acceso ou cursos de ensino complementario, como as especialidades de laboratorio, de análise clínico, anatomía patolóxica, radiodiagnóstico e ra-

dioterapia na rama sanitaria e reprodución foto-mecánica na rama de artes gráficas.

A partires do ano 1980 impartiranse os seguintes ensinos:

Primeiro Grao:

— Administrativo.
— Auxiliar de clínica.
— Composición.
— Reprodución foto-mecánica.

Acceso Segundo Grao:

— Laboratorio de análise clínico.
— Anatomía patolóxica.

Co cambio producido no ano 1978 sobre todo no persoal docente integraríase ó centro un bo número de alumnado que iría aumentando moi apreciablemente como podemos observar a través deste diagrama.

Anos	*Número de alumnos matriculados*
1978	97
1979	145
1980	179
1981	197
1982	258
1983	260
1984	277

En canto a persoal a escola dispón actualmente dun total de 25 ensinantes dos que 17 son licenciados, e o restante ten cualificación de especialistas. Á cabeza do centro un director que xunto cun xefe de estudios e un secretario compoñen o persoal propio da escola.

Os fondos económicos que a sustentan poceden case enteiramente da Deputación Provincial, respetando a subvención outorgada polo Ministerio de Educación e as recaudacións propias dun centro de ensino.

1979	9.740.634
1980	14.387.115
1981	15.213.737
1982	16.625.041
1983	33.675.155
1984	42.362.224
1985	35.356.000
1986 (previsión)	37.500.000

A ubicación deste centro, que permaneceu inamovible dende os seus primeiros momentos ata a actualidade, sitúase nunha parte do antigo Fogar Provincial, nas edificacións contiguas ó ex-convento de Xesuitas da capital, a pesares de terse aprobado nunha ocasión o seu traslado a un edificio de nova planta que se está a construir na Cidade Infantil "Príncipe Felipe".



Edificio da Escola Universitaria de enfermeiras.

6.7

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA

a) Creación.

O Real Decreto do 23 de xullo de 1977 dispuxo que as Escolas de Axudantes Técnicos Sanitarios haberían de se transformar en Escolas Universitarias de Enfermería, me-



Aula da Escola Universitaria de Enfermeiras

diante a súa adscripción a unha Universidade, sinalando como último prazo para manifestarse o curso 1978-79.

Como queira que o Hospital Provincial viña colaborando na formación práctica do alumnado nunha Escola de Axudantes Técnicos Sanitarios, titularidade que correspondía á Asamblea Provincial da Cruz Vermella, e a Asamblea Nacional deste Organismo non estimou oportuno asumi-la responsabilidade desta transformación, a Excma. Deputación Provincial, conscente da importancia da Escola e aproveitando a coxuntura que se lle ofrecía para enriquece-lo acerbo docente e cultural da provincia ó dotala dun Centro Universitario, non dubida en facerse cargo desta Escola, e para iso adopta o correspondente acordo plenario o 29 de agosto de 1978, e o 10 de novembro seguinte o Consello de Ministros aproba a creación da Escola Universitaria de Enfermería da Deputación de Pontevedra, na que se comenzou a impartir clases, correspondentes ó curso 1978-79, o día 11 de decembro, cubrindo así as distintas etapas de creación da Escola nun tempo record.

b) Patronato

Posta en funcionamento a Escola, a Deputación, constituíu a mesma en Fundación Pública, dotándoa de independencia para un mellor funcionamento, sendo aprobado-los Estatutos polos que se rexe a fundación na sesión do Pleno da Deputación do 30 de xaneiro de 1979. En ditos Estatutos establécese como órgano de goberno da Escola Universitaria de Enfermería, un Patronato formado polo presidente da Excma. Deputación Provincial como Presidente; como Vocais o Director da Escola e dous membros da Corporación Provincial designados por ela; dous representantes da Universidade de Galicia designados polo Rectorado; o Director do Hospital Provincial; dous representantes de Organismos ou Entidades que podan colaborar ós fins da Escola, elexidos polos restantes membros do Patronato e un representante dos alumnos elexido por estes. O Secretario do Patronato serao o Subdirector-Xefe de Estudios da Escola.

c) Medios materiais.

A Escola Universitaria de Enfermería instalouse nun edificio do antigo Fogar Provincial, sito na rúa Padre Amoedo, que, despois das necesarias obras de adaptación, conta coas seguintes instalacións:

Primeira planta; Secretaría, dúas aulas para prácticas, aula magna empregada para as clases de primeiro curso, sala de estar para os alumnos de 1º, servicios, despacho de Dirección e laboratorio dotado do material adecuado.

Segunda planta; aula para 2º curso, sala de estar e servicios correspondentes, aula para 3º curso, sala de estar e servicios, biblioteca e aula especial dotada do máis moderno material didáctico.

d) Medios persoais

A plantilla de persoal da Escola de Enfermería componse dun Director, Ca-

tedrático da Facultade de Medicina; un Subdirector-Xefe de Estudios, un Secretario, vinte profesores das distintas asignaturas cursadas na Escola, nove profesores de clases prácticas, dous Oficiales e un Auxiliar Administrativo, dous porteiros e unha limpadora.

e) Horario

As clases teóricas viñéronse impartindo sempre en xornada de mañá e as prácticas pola tarde.

Dende xaneiro de 1985 invertíronse os términos con obxecto de favorece-lo axuste e estructuración dos novos horarios do Hospital Provincial, xa que a case totalidade do profesorado pertence á plantilla deste Centro.

f) Especialidades

Aínda sen regulamentar o Decreto do 23 de xullo de 1977, que encomenda ó Ministerio a estructuración dos estudios de especialización, a Escola ven impartindo clases extraordinarias, para os alumnos de 3º curso, nas especialidades de Oftalmoloxía, Dermatoloxía, Uroloxía, Odontoloxía e Otorrinolaringoloxía.

Asimesmo e co fin de completa-la formación integral dos alumnos, prográmanse conferencias sobre temas concretos a cargo de profesores alleos á Escola e de recoñecido prestixio no tema de que se trate.

A entrega de Diplomas ós alumnos que acaban os seus estudios faise tódolos anos nun acto solemne e público no Salón Nobre do Pazo Provincial, coincidindo coa festa de fin de curso, na que imparte a última lección un Catedrático da Universidade.

A evolución da Escola Universitaria de Enfermería da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, en canto a presupostos, matrícula e diplomas conferidos reflexámola no seguinte gráfico:

ESCUELA DE ENFERMERIA

ALUMNOS			PRESUPUESTO		
CURSO	MATRICULADOS	DIPLOMADOS	AÑO	TOTAL	DIPUTACION
78-79	62		1979	11.940.000	10.000.000
79-80	107		1980	17.700.000	14.500.000
80-81	148	23	1981	17.700.000	15.500.000
81-82	147	38	1982	19.000.000	16.662.500
82-83	148	44	1983	21.200.000	18.350.000
83-84	153	36	1984	22.500.000	19.818.000
84-85	174	45	1985	25.500.000	21.000.000



Apertura do Curso da Uned. Pontevedra.

6.8

CENTRO REXIONAL DA "UNED"

O Centro Rexional da Universidade Nacional de Educación a Distancia, foi creado por Orde Ministerial de 27 de febreiro de 1973, en base ó Convenio suscrito entre o Rectorado da UNED e as Entidades promotoras: Deputación Provincial de Pontevedra, Concello de Pontevedra e Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra. Encádrase dentro la Lei Xeral de Educación que no seu artigo 47.1 prevé a creación da modalidade de ensino a distancia a nivel universitario. Este precepto faríase realidade coa creación da Universidade Nacional de Educación a Distancia de acordo co Decreto 2310/1972 de 18 de agosto, que regula a súa organización e funcións, e no que se prevé o establecemento de centros rexionais, como dependencias propias da Universidade, necesarios para o cumprimento das súas funcións, e o ámbito territorial poderá non coincidir cos actuais distritos universitarios, concretamente o ámbito territorial do Centro pontevedrés será, ó menos, o da Rexión galega.

Para facer frente ás necesidades dos Centros Rexionais segundo establece o referido Decreto, é imprescindible a constitución dun Patronato que se comprometa a subvencionar tódolos gastos de instalación e sostenemento de acordo co convenio que se estableza coa UNED. No apartado 2º do Convenio para crea-lo noso Centro rexional, sinálase "A Deputación asumirá o papel de Entidade promotora responsable plena, frente ó Ministerio de Educación, ata tanto non se constitúa o Patronato correspondente".

No Patronato da UNED de Pontevedra, dado o seu carácter rexional están representadas ademais das Entidades promotoras anteditas, entidades públicas e privadas das catro provincias galegas. A meirande parte do presuposto do Centro é custeado polas Entidades Promotoras, aínda que tamén contribúen Entidades e persoas privadas de moi variada índole: Fundación Barrié de la Maza, Celulosas S.A., Banco Central, etc., por mencionar algunhas.

A constitución do seu primeiro Patronato prodúcese o 11 de outubro de 1973.

Presidente, o da Deputación. Vocais Natos: o Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, o Director do Centro Rexional e o Director Xeral da Caixa de Aforros de Pontevedra. Vocais designados pola Universidade a Distancia. Outro vocal designado polo Presidente da Excma. Diputación Provincial, e Vocais designados polas Entidades Promotoras: Representante da provincia de Lugo, Presidente da Deputación de Ourense e Presidente da Deputación de A Coruña, e Secretario o Abogado do Estado.

A UNED instálase de forma provisoria no edificio social da Caixa de Aforros de Pontevedra. No ano 1977 prodúcese unha tentativa de traslado ó antigo Fogar Provincial, lugar onde lle sería construído un novo edificio, tentativa que non prosperará. No ano 1984 por acordo do 27 de xullo, a Deputación de Pontevedra merca un solar de 21.900 metros cadrados á Caixa de Aforros Provincial sito en Monteporreiro, coa finalidade de cedelo á UNED para que á súa vez a Xunta de Galicia constrúa o esperado Centro, onde poder asentarse de forma definitiva.

As posibilidades, que á xente traballadora ou de escasos recursos e con inquietudes, ofrece este tipo de educación a distancia, xustifican o éxito da UNED en todo o ámbito nacional, que experimenta en poucos anos un crecemento notable do seu alumnado, rondando no momento actual, e nas dez carreiras que imparte a nivel de estado, os 100.000 alumnos. Para o Centro de Pontevedra e curso académico 83-84 a cifra é preto dos 2.000.

A importante función social que cumpre este Centro, xustifica sobradamente o crecente apoio económico, que dende o seu nacemento veu prestándolle a Deputación, aportación que é a máis elevada de cantas percibe.

Evolución da aportación económica da Deputación ó presuposto da UNED, segundo datos facilitados por dito Centro:

1974	4.154.000
1975	5.127.963
1976	6.232.900
1977	9.214.218
1978	10.352.504
1979	11.000.000
1980	12.500.000
1981	17.500.000
1982	19.700.000
1983	23.000.000
1984	24.500.000
1985	28.000.000



Mosteiro de Poio. Escola de Canteiros.

6.9


ESCOLA DE CANTEIROS

Dende a súa iniciación, a Escola de Canteiros de Pontevedra, hoxe Fundación Pública da Excma. Deputación de Pontevedra, estivo instalada no monumental Mosteiro de Poio, en locais cedidos dentro do mesmo pola Comunidade dos RR.PP Mercedarios que rexenta dito Mosteiro.

A vida desta Escola é moi breve, se temos en conta que abríu as súas aulas e talleres o 15 de xaneiro de 1979. Os obxectivos que deron lugar á creación da Escola de Canteiros, podemos agrupalos en xerais, primarios e secundarios. Entre os xerais, figura o de dar continuidade ó oficio de Canteiro, tradicional nesta provincia onde tantos ilustres "arginas" naceron e souberon extende-lo seu oficio e a súa arte por toda a xeografía da península ibérica e aínda alén das súas fronteiras, prestixándoo. Como fins primarios, o de ensinar como traballa-la pedra e o de estimula-la vocación artesanal e artística cara o traballo en pedra. No canto dos secundarios: a creación de postos de traballo en canteiría: dispor dun colectivo de profesionais que podan traballar na restauración de monumentos, nas empresas da construcción que o soliciten e no taller artesanal da Escola; conservar e promociona-la arquitectura tradicional e a escultura popular no seu propio entorno, ó igual que a creación dun centro de investigación e tratamento da pedra.

Na súa etapa inicial a Escola de Canteiros de Pontevedra, foi unha creación do Ministerio de Cultura, a proposta da súa Delegación Provincial, e rexeuse por un Patronato que presidía o Delegado Provincial de Cultura e no que se integraban representacións dos sectores educativo-culturais, entre eles un representante da Excma. Deputación Provincial. O presuposto da Escola nos seus tres primeiros anos de andadura, cubríuse coa subvención do Ministerio de Cultura, como fundamental, e desapareceu en 1981 polo que, ó carecer de recursos, a Escola tiña que pecha-las súas portas a partires do 1º de xaneiro de 1982. Perante os perxuicios que no orde educativo-cultural produciría dito peche en canto á pervivencia dun oficio que acadou a súa máxima expresión nesta provincia, os membros do Patronato solicitaron da Excma. Deputación Provincial que se fixese cargo da Escola, e ésta, como en casos semellantes fixo con outros centros e institucións, dos que a súa historia se conta neste libro, acolleu a Escola de Canteiros para evita-la súa desaparición, facilitándolle os medios económicos precisos para continuar un labor apenas principiado.

Xa con anterioridade, e dende o mesmo ano do seu comenzo, a Deputación estableceu Becas para os alumnos da Escola que inicialmente foron seis de 50.000 pesetas, que logo se transformaron en dez de 100.000 pesetas cada unha. Na sesión do Pleno Provincial do 18 de marzo de 1982 acordouse integrar na Deputación a Escola de Canteiros,



Taller da "Escola de Canteiros".



Taller da "Escola de Canteiros".


habilitando para o seu sostenemento en dito ano 1982 a cantidade de 5.000.000 de pesetas; e que se procedese á tramitación do expediente para converte-la Escola nunha Fundación Pública dependente da Deputación. A aprobación dos Estatutos fíxose inicialmente na sesión do Pleno do 31 de xullo de 1982, sendo sometidos a información pública por anuncio inserto no BOP nº 220 do 23 de setembro de dito ano, e aprobados definitivamente e por unanimidade na sesión plenaria da Deputación do 3 de novembro de 1982.


O Patronato da Escola, con domicilio legal na Deputación Provincial, ten como órganos de goberno e administración a Xunta Rectora, da que é Presidente o da Deputación, e o Consello Executivo Permanente, que preside o Deputado-Presidente da Comisión de Acción Social, que é á súa vez Vicepresidente da Xunta Rectora, formando parte desta como Vocais, representantes de distintos organismos culturais e educativos e da Corporación Provincial.


O plan de estudios da Escola comprende tres cursos, e ó acabalos outorgase o título de Canteiro. Os que obtiveran este título e cursen dous anos máis na Escola traballando con aproveitamento nos talleres da mesma, accederán ó de Mestre Canteiro. O calendario é o mesmo do curso lectivo oficial con sete horas diarias de clase e o profesorado imparte ensinanzas de Debuxo técnico e artístico, Construcción, Canteiría, Historia da Arte, Modelado e Escultura. A proxección desta Escola de Canteiros ó exterior nos

dous últimos anos foi notable, con celebración de diversas exposicións e viaxes de estudios. Os primeiros catro títulos de Mestre Canteiro, ós alumnos que fixeron con aproveitamento os cinco cursos precisos para a súa obtención, foron entregados no acto de clausura de curso, do 27 de xuño de 1985, e igualmente os once primeiros títulos de Canteiro, ós alumnos que completaron na Escola os tres cursos esixidos para o seu outorgamento.

A súa evolución a partires da súa fundación e nas ordes docente e económica, resúmese nos seguintes gráficos.










7

CULTURAIS

A Deputación Cultural é un afeito apelativo no que esta Deputación parece sentirse comodamente asentada e, aínda que non fora éste o único terreo no que interveu con certa relevancia, incluso posiblemente non o máis notable, a verdade é que tanto a educación como a cultura en xeral, a xulgar polos feitos, foron preocupacións constantes das distintas Corporacións que se foron sucedendo, lográndose unha maior popularidade no eido das Belas Artes, campo no que mereceu do cidadán as maiores louvanzas. Aínda que non tan recoñecidamente actuou, tamén con notable acerto, nos sectores das letras, divulgación cultural, investigación, ... como poderemos observar ó longo deste recorrido.





Alfredo Souto

7.1


BECAS E PENSIONS

A miúdo coméntase o fenómeno da institucionalización das becas de Belas Artes, reseñando os anos 1925-26, coa Corporación de D. Daniel de la Sota, como punto de partida desta fermosa parcela da Deputación. Pois ben, o fenómeno das Belas Artes é unha vella aspiración que nos leva moitos anos atrás, concretamente ó 1862 coa creación das primeiras pensións para o perfeccionamento das Artes nas capitais de Madrid e Roma intentando a súa superación en 1880 coa creación e sostenemento da Escola de Artes e Oficios de Pontevedra.

Reflexamos aquí parte da sesión do 18 de agosto de 1862 por entender que é o primeiro testimonio claro neste senso. "...Desexosa a Deputación de dar fomento na súa provincia ó cultivo das Belas Artes e desexosa sempre, no límite das súas facultades, de atender ós que por falta de recursos e que con xenio e aplicación se ven imposibilitados de seguir con éxito a carreira artística, sinalou a pensión de nove mil reais anuais por tempo de tres anos para facer os seus estudios en Madrid e outros tres mil reais para que ultime os seus estudios en Roma...".



Manuel Angel.



Carlos Sobrino.

É esta pois a primeira institucionalización das pensións ou becas que ben souperon aproveita-los seus primeiros coñecidos beneficiarios, Juan Sanmartín e, o excelente tallista, inexcusablemente esquecido, Mariano Cousiño. Por esta época o panorama artístico de Galicia estaba dominado polo costumbrismo de Federico Guisasola que non só arrastraba con forza ós nosos creadores senón ás institucións como a nosa Deputación, que en 1878 mercaralle un cadro de Alfonso XII polo que lle abonaría tres mil reais.

O desexo de todo artista de supera-las súas fronteiras, fixo viaxar a París e a Roma, co favor das pensións concedidas a Juan Sanmartín, a quen tamén se apoiou para visita-las grandes exposicións universais da época. Cunha viaxe á Exposición Universal de París de 1872, iniciará tamén, a súa primeira conexión coa Deputación ó extraordinario escultor e tallista Mariano Cousiño que posteriormente recibiría un especial mimo da Deputación, outorgándolle incluso, unha beca vitalicia a cambio da difusión e ensino da súa boa arte na cidade de Pontevedra.



Fernando Campo.




Francisco Asorey.




Fernando Acuña.

No ano 1883 subvencionarase ó pintor José Serra, á vez que se lle concede unha pensión para o perfeccionamento das artes no extranxeiro a Manuel Angel, razón pola que o pintor, regalaría á Deputación o cadro de Pardo de Cela no Castelo da Frouxeira que hoxe ocupa o seu lugar na Sala de Xuntas deste Pazo.

Cara finais de século veranse favorecidos os pintores, Benigno López Sanmartín, a quen máis tarde se lle encargará a realización dos retratos dunha boa parte dos Presidentes que hoxe forman a chamada Galería de Presidentes desta Deputación; o tamén pintor Adolfo Vázquez doaría á Deputación un óleo dos restos de Santo Domingo, e, José García Negreira que en 1895 comenza os seus estudios en Madrid para que logo se prorrogara a súa pensión para perfeccionarse en Roma.



Antonio Medal.



Luis Villafinez.

Subvencionaríanse os bos traballos de Alfredo Souto Cuero, pai do que máis tarde foi un dos máis importantes innovadores da pintura galega, Arturo Souto, ó igual que as pinturas de Ramón Rivas Llanos, sen esquece-lo encargo feito en favor do escultor José Martínez Barciela para esculpi-lo busto do insigne pontevedrés D. Eugenio Montero Rios, polo que percibirá mil pesetas.

Xa comenzado o presente século terá a súa representación a fértil familia dos Campo-Sobrino, sendo becados para estudios en Madrid, o escultor Fernando Campo e o pintor Carlos Sobrino.

É reseñable o sorprendente comportamento da Deputación para ca organización da Exposición Rexional de Santiago, á que se lle outorgará a nada despreciable cantida-



Arturo Souto.



Camilo Nogueira.




Uxio Souto.

de de 20.000 pesetas, sobre todo, se temos en conta que nos referimos ó ano 1908.

O ano 1910 é un ano de recollida de boas colleitas, outorgándoselle ó pensionado escultor Fernando Campo a terceira medalla de honra da Exposición Nacional de Belas Artes da Corte, na que tamén se concede un posto de honra de mención en favor doutro pensionado pontevedrés, D. Carlos Sobrino. Ó ano seguinte prodúcese outra grande satisfacción, esta vez, a cargo do xenial violinista Manolo Quiroga, a quen se lle concede o grande premio do conservatorio de París polo hábil manexo do violín cunhas mans que tamén souberon empregar con destreza a arte do debuxo.

Os éxitos de Fernando Campo levaranlle, en 1914, a acadar unha beca para perfeccionarse en Roma, ó mesmo tempo que empeza como pensionado para Madrid outro grande escultor, Francisco Asorey. Algúns



Fernando Pintos.



R. Rivas.




José Sesto.

anos despois iníciase, aínda que con máis modestia, o tallista Alejandro Cabanelas, pensión que se lle destina para estudios en Santiago de Compostela.

Abrirán a dourada época da nosa arte dos anos vinte, dúas figuras importantes, o pintor Antonio Medal e o entón xoven xordo-mudo que lograría grandes éxitos, o escultor José Mª Acuña.

a) Daniel de la Sota e unha Corporación para a renovación.


Coa Corporación de D. Daniel de la Sota iniciase un forte impulso en tódolos eidos culturais, destacándose dous feitos de especial transcendencia no terreo das artes, dun lado a creación do Museo Provincial, con esforzos, iniciativas e logros que foron e son escepcionalmente incuestionables, e doutra banda a nova regulamentación e definitiva institucionalización das becas para artistas,




Roxelio Lorenzo.



Laxeiro.



Virginio Blanco.



L. Pintos Fonseca.

órbita na que xirará o máis importante grupo renovador da arte galega.

A década 1925-1935 será recoñecida como a época dourada dunha xeración que abriría os camiños cara unha renovación do bo facer artístico en Galicia, iniciada cos primeiros becados que saíron daquela memorable sesión do 18 de febreiro de 1926, levada por aquela relevante Comisión formada por Alvaro Berasategui, Castelao, Eduardo Castedo, Losada Diéguez e Gaspar Masó.

Segundo se dicía, con aqueles novos prantexamentos tratábase de "...amparar e ordenar en senso artístico esa iniciación perfectamente acusada nalgúns xóvenes nados na provincia que levados da súa inspiración creadora, poñían no barro, a madeira, o lenzo ou o pentagrama anceios de beleza e esperanzados esforzos de progreso artístico. E non podían esquecer que moitas veces restando enerxías ó inxenio, a carencia de medios poñía nestes namorados da beleza e da armonía as sombrías notas dun pesimismo que era preciso destruir. Porque á provincia impórtalle tanto como a eles a realización




Manuel Colmeiro.

das súas aspiracións, pois a súa gloria, se algún día chegasen a merecela, cubriría por igual a súa frente como a xenerosa axuda de quen lles houbera estimulado...''.

Desta primeira fornada de becarios do vinteseis sairían: L. Martínez Villafínez, G. Taboada Infante, A. Alén Buceta, Carlos Maside e o xa mencionado José Mª Acuña, pero desta importante etapa sairían moitos máis e tamén de significada importancia como: M. Torres, A. Souto, M. Colmeiro, Laxeiro, V. Blanco, xunto a outros máis, aínda que de menor recoñecemento como Uxío Souto, G. Sesto, Castro Arines, E. Fernández Rodal, M. López Campos, M. Longa, B. Quinteiro, C. Nogueira, J. Jamardo, V. Prado y Salas, I. Senra, e Pérez Rey.

b) Guerra e posguerra, silencio e lenta recuperación.


O forte empuxe da xeración renovadora verase truncado no ano 1935, ano de supresión das becas, no que xa se presaxiaba a triste realidade dos tres anos fraticidas, nos que como parecía natural, o silencio presidiu o mundo da arte.



Carlos Maside.



Manolo Torres.




Aramburu Nuñez.

A partires do ano corenta, partindo do novo corpo que agora formaban as becas orientadas nun senso paternalista e partidista, comenzan a reincorporarse algúns dos antigos becarios que trataron de reemprende-lo camiño, aínda notándose grandes e importantes ausencias testimoniamos nestes anos a Paisa, Rivas Briones, Manuel Cortés, Rogelio Lorenzo, Alvaro Montes e os reaparecidos con becas ou axudas Rodal, Laxeiro, Quinteiro, V. Blanco e Rafael Alonso.

Entre os anos cincuenta e sesenta integraranse como becarios Aramburu, A. Guerra e Fernando Pintos, manténdose, Rivas Briones, Rafael Ubeda, e Rafael Alonso con algún tipo de subvención.

A década dos setenta experimenta un novo e forte impulso integrado no colectivo Atlántica que formarán filas na chamada avangarda dos oitenta con Mantecón, Freixanes, Lamazares e Moldes.

Nesta década dos setenta tamén se integrarán ó grupo de becados, Manolo Caballero, Martínez Vilanova, Víctor Osorio, Silva Núñez e Manuel Soenga.



Rafael Alonso.




Rafael Ubeda.


7.2

BIENAIS DE ARTE

No pasado mes de agosto celebrouse a decimoséptima das Bienais de Artes Plásticas, cumprindo, ano a ano, co compromiso de manter na nosa provincia o delicado latexar da creación artística, compromiso que como xa coñecemos non se reducíu exclusivamente ás bienais ás que aludimos senón tamén ás pensións e becas de pasadas Corporacións que no presente culminarían con estas mostras de arte, recoñecidas como un dos acontecementos de maior transcendencia no mundo artístico do territorio nacional.



1ª BIENAL
PROVINCIAL
DE ARTE
PONTEVEDRA 1969
30 julio - 20 agosto DIPUTACION PROVINCIAL


I BIENAL
REGIONAL
DE ARTE
1 al 30 de Agosto
Diputación Provincial
PONTEVEDRA 1970


EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL
AGOSTO 1971
I
BIENAL
NACIONAL
DE
arte
pontevedra



2ª BIENAL
REGIONAL
DE ARTE
AGOSTO-72
DIPUTACION PROVINCIAL
PONTEVEDRA


II BIENAL
NACIONAL
DE
arte
agosto-73
DIPUTACION PROVINCIAL
PONTEVEDRA


BIENAL
internacional
de
ARTE
pontevedra
exema diputación provincial


III Bienal nacional de arte
PONTEVEDRA
agosto 1975
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL


II BIENAL
PONTEVEDRA
agosto 1976
internacional
de
ARTE
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL


IV BIENAL NACIONAL DE ARTE
PONTEVEDRA AGOSTO 1977
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL


EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL
AGOSTO 1978
III BIENAL INTERNACIONAL DE
arte
pontevedra


V BIENAL nacional de ARTE
PONTEVEDRA
agosto 1979
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL



BIENAL INTERNACIONAL DE LAS ARTES PLASTICAS
PONTEVEDRA
Agosto, 1980
EXMA. DIPUTACION PROVINCIAL


VI BIENAL NACIONAL DE LAS ARTES PLASTICAS
PONTEVEDRA
agosto 1981
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL


5ª bienal internacional de arte
excma. diputacion provincial
pontevedra-agosto
1982


Bienal
de Arte
1983
Diputación de Pontevedra
1 de Agosto al 5 de Setiembre


DIPUTACION DE PONTEVEDRA
XUNTA DE GALICIA
VI BIENAL INTERNACIONAL DE ARTE


EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL
8ª BIENAL NACIONAL DE ARTE


LAXEIRO
1934 / 1963
VII BIENAL NAC. DE ARTE
AGOSTO
DIPT. PROV. PONTEVEDRA



Iris Lázaro.


A afortunada idea de establece-las bienais, xurdíu case como unha necesidade nacida das exposicións que se viñan xa celebrando no Palacio Provincial, formadas por aqueles xóvenes aspirantes ás becas que se ofrecían, cumprindo así as bases do concurso que lles esixían amosasen publicamente as súas capacidades creativas, debendo ademais, revalida-las obras presentadas coa elaboración "in situ" dalgún dos seus traballos. Os seleccionados nestas exposicións serían os futuros becados para o estudio e perfeccionamento nas súas respectivas artes.

Pareceu, entón, que resultaría interesante reunir nunha exposición conxunta toda a arte contida na nosa provincia, dando lugar así, á I Bienal Provincial de Arte 1969.

Esta primeira Bienal foi organizada coa importante colaboración da Delegación de Información e Turismo de Pontevedra e a Caixa de Aforros Provincial, sumándose en

posteriores edicións o Concello de Vigo e a Fundación Barrié de la Maza con participacións económicas nalgúns premios dos outorgados. Actualmente a Deputación responsabilizase por enteiro da súa organización e dotación.

Do día 20 de xullo ó 20 de agosto, como estaba previsto, tivo lugar a exposición ó público, aínda que a súa clausura houbo de prorrogarse ata acaba-lo mes, polas esixencias dos innumerables visitantes. Este foi un dos acertos, o de lograr atraer a eses dous públicos, o de veraneantes que por esas datas inundan as nosas costas e ese outro público que anualmente festexa as súas festas patronais durante case todo o mes de agosto.



Carmen Rojas.

Quesada.



A solemne apertura do día 20 de xullo coa presencia das autoridades locais, foi superada na súa clausura a cargo do entón Ministro de Información e Turismo.

Para segui-la exposición presentouse ó público un, modesto pero ben realizado, catálogo, onde figuraban os autores participantes e as súas correspondentes obras.

Nesta primeira ocasión convócase ós artistas que traballan as distintas técnicas de óleo, acuarela, debuxo, grabado e escultura, tendo un amplo eco de participación polo que se fixo preciso unha previa e ríxida selección pola que se presentaron ó público un total de 72 pinturas e 18 esculturas, obras realizadas por 56 autores, acompañadas dunha



Rafael Ubeda.

importante colaboración do escultor Piñeiro que cedeu dezaoito das súas máis fermosas esculturas.

O resultado final foi, o éxito, sorprendente, tanto para os organizadores como para o público, de maneira que algunha prensa local calificaríao como o maior acontecemento en Pontevedra nos últimos 25 anos.

A partires desta primeira Bienal e ata a última poderíamos resumi-la súa evolución en tres etapas fundamentais.

a) Unha primeira etapa ata o ano 1977, que podemos calificar de continua superación. O efectivo esforzo por amplia-lo espacio territorial, superando localismos; da Iª Bienal Provincial de 1969, pasouse en 1970 a Iª Rexional, e, en 1971, a Iª Nacional, intercalándose as dúas últimas, ata 1974, en que tivo lugar a Iª Internacional; a partires de entón alternaranse, as Nacionais e Internacionais. Simultaneamente iranse introducindo melloras parciais, supérase a pulcritude das montaxes, acádase grande calidade nos



Buciños.



P. Elorriaga Urtiaga

catálogos, que en numerosas ocasións obrigou a repetir edicións, auméntase o valor dos premios. Nacen actividades complementarias, como son, a celebración, a partires de 1972, das EXPO, exposicións posteriores a cada Bienal, nas que se reunía unha ampla mostra dos artistas galardonados de cada ano, que se acoplarían ás Bienais ata o ano 1982 no que desapareceron.

Foi importante a novidade aportada pola Bienal de 1973, coa concesión dun matase-los especial, outorgado pola Dirección Xeral




Solla.

Antonio Heredero.



Rivas Briones.



de Correos que se mantivo, anualmente e ata a última edición de 1985.

b) Unha segunda etapa, dende 1977 a 1981, que se pode calificar de decadente. A partires do ano 1977, a crítica empeza a esixir algo máis das Bienais, que, entran nun período de estancamento, repetición e de baixa calidade. Cuestiónase a validez dos concursos competitivos, a obxetividade dos tribunais seleccionadores, e fálase de amiguismo e estatismo en xeral. Nas edicións de 1978 e 1979 sucede algo semellante, e extrémase a acritude das críticas. Consciente da situación, a Deputación nun intento de superarse, integra ós artistas na elaboración dunhas novas bases que se traducen na supresión dos premios en metálico, quedando só a concesión de tres medallas con carácter de honra e asúmese o compromiso de adquisición de obras expostas por valor de ata 1.000.000 de pesetas. Os cambios introducidos nesta Bienal de 1980, non convencerían a ninguén chegándose na edición de 1981 ó que a prensa consideraría como un "estrepitoso fracaso das Bienais", sucedéndose o ataque frontal da crítica e outros comentarios que apuntaban á súa morte.



Aramburo Nuñez.




Rafael Alonso.

c) Na terceira etapa o sobresaínte será o seu impacto a nivel nacional.

A reacción da Deputación ante o fracaso da última Bienal de 1981, non se fará esperar, replantéxase a situación cun verdadeiro espírito renovador, que concluirá nunha serie de novas posicións: participación, na organización, de persoas relevantes na cultura alleas á Deputación; supresión definitiva de premios e medallas; cambio do espírito competitivo polo didactismo; incorporación da avangarda da arte; complemento das Bienais con actividades paralelas, conferencias, proxeccións, actos culturais... e inclusión de exposicións monográficas na honra ós exbecados da Deputación. Unha exposición especial na que se outorgarán dous premios-becas de 300.000 pesetas cada unha, abrirá unha nova posibilidade ós "xóvenes valores".

O cambio, en 1982, supuxo un grande impacto no público, o agotamento dos catálogos ás 48 horas da súa apertura, e as máis de 100.000 persoas que, pasaron a visitala, son unha testemuña clara do éxito do enfoque dado a esta nova etapa, que convertirá a Pontevedra na "capital de verán da Arte Nacional".



Jesús Buisán Ibor.


Nuñez



Manolo Quiroga violinista becado por la Diputación.

7.3

AS OUTRAS ARTES

Aínda que as artes plásticas foron as privilexiadas nas atencións da Deputación, tampouco faltaron os apoios ás outras artes polas que faremos un breve recorrido.


a) Música

No terreo da música, no que a sorte non quixo proporcionar-nos abundantes figuras, pero que o esforzo verase ben compensado cos éxitos do xenial violinista Manolo Quiroga.

Que teñamos constancia, a primeira conexión da Deputación co medio musical, parte do compositor Ricardo Pérez, quen, supoñemos polo apoio recibido, dedicou á Deputación, en 1881, a súa composición "Recordos Xuveniles". Posteriormente, en 1883, concederase unha pensión para estudios superiores no Real Conservatorio de Madrid, a Ramón Salazar, e outra para o Conservatorio de París, en 1888, a Humberto González, iniciándose como pensionista, no ano seguinte, a pianista Josefa de la Hoz.

Xa en 1903, cando o virtuoso neno Manolo Quiroga tiña só once anos, se lle outorgara a primeira pensión para os seus estudios no Conservatorio Superior de Madrid, onde se faría discípulo do notable profesor José del Hierro. Posteriormente, en 1909, pasará ó Conservatorio de París, onde nunha selección de 300 aspirantes acadaría o número un. A circunstancia de ser extranxeiro impedíulle presentarse ó concurso parisino ata transcurri-los dous anos regulamentarios, ó cabo dos cales acadaría o primeiro grande premio de París instituído polo insigne Sarasate. A consecución deste premio valeríalle o recoñecemento do seu pobo natal, Pontevedra, que o recibiría cunha grande festa popular, incluídos xigantes e cabezudos, e unha solemne recepción no Teatro Principal da capital.

A partires de entón, M. Quiroga, recorrería as principais capitais de Europa e os EE.UU. despertando unha grande admiración, que tamén soubo recoñecer a nosa Deputación, nomeándoo, en 1946, Artista Pensionado Vitalicio.



Houbo, naturalmente, outros artistas que se integraron ó favor das pensións. No primeiro tercio do presente século integraranse, como pensionistas, en 1906, a pianista Carmen Negrao Blein, en 1915 na arte do canto, Isaura Villaroz, e en 1918, a nena Africa López outra grande virtuosa do violín.

A partires do ano vintecinco pensionarase unha longa lista de aspirantes artistas da música que chegan ata a actualidade, manténdose no presente ano de 1985, cinco becados, tanto para o Conservatorio Superior de Madrid como para as súas filiais.

A importante transformación sufrida nos anos 1981 e 1982 no terreo cultural, afectou, en boa medida, ás artes musicais principiándose o que se denominou, en 1981, Primeiro Plan Cultural, polo que se pretendeu facer un labor preferente de expansión cara tódalas zonas da provincia e en especial as rurais. Ó citado plan deu lugar ós primeiros convenios que se estableceron entre a Deputación e un conxunto de Bandas de Música, Grupos Folklóricos e Masas Corais, polos que estes comprometíanse facer un determinado número de actuacións, de asistencia gratuita, percibindo a cambio unhas determinadas sumas compensatorias do seu traballo.


No primeiro convenio de 1981, participaron cinco Bandas de Música con cincuenta actuacións, dez Masas Corais con cento cincuenta, e oito Grupos Folklóricos cun centenar. Afortunadamente, estes plans, tiveron a súa continuidade ata a actualidade, aumentando moito o volume de participación, consignándose para o presente ano de 1985 a cantidade de 20.075.600 pesetas.

Foi un grande ano, tal vez irrepetible, o de 1982, no que ademais dos convenios correspondentes, e a través do chamado Plan Adicional, fixéronse tres interesantes ciclos musicais:

1) Ciclo de Música Contemporánea. Neste ciclo pretendeuse un encontro coa música de avangarda, aglutinándose nun amplo repertorio, dende a música instrumental á vocal, pasando pola electroacústica, que unido a unhas sesións de cine experimental, celebraríase nas cidades de Vigo e Pontevedra.

2) Ciclo Enrique Macías. O obxectivo fundamental deste ciclo foi o de prestar apoio e difundi-lo labor dun compositor da nosa provincia que xa, en 1981, lograra un dos premios de investigación que esta Deputación outorga.

3) Ciclo de Concertos de Órgano. Celebráronse no inmellorable marco do Mosteiro dos Pais Mercedarios de Poio, un total de cinco concertos a cargo do organista Mi-



guel del Barco Gallego, catedrático e director do Real Conservatorio Superior de Madrid. A grande aceptación entre o público destes concertos, fixo que este ciclo continue celebrándose nos anos seguintes.

b) Teatro

O teatro, a pesares de estar notablemente arraigado na nosa cultura, non acadou unha presencia significativa entre as accións da Deputación, ata os xa mencionados plans culturais que arrancan de 1981.

No pasado século, a única solicitude coñecida, é a realizada por Hipólito Fernández no ano 1885, a fin de iniciar estudios superiores en Madrid, de Arte Lírico-Dramático, que ademais sería denegada pola Corporación.

No presente século, exceptuando algunhas colaboracións feitas nos anos de posguerra, a través do SEU, subvencionando o teatro universitario, e as pequenas aportacións ós coñecidos Festivais de España dos anos sesenta, nada significativo coñecemos ata chegar ós xa mencionados plans culturais dos anos 1981 en adiante, nos que tamén se tivo en conta o teatro, canalizándose as colaboracións a través de convenios polos que se acordaban subvencións a diferentes grupos, segundo número de actuacións comprometidas e que eran de asistencia gratuita ó público. Estes convenios tiveron continuidade ata o presente ano, no que se estableceron acordos con trece grupos teatrais, nas súas dúas modalidades de profesionais e aficionados ou escolares, para os que se presupostou unha cantidade moi próxima ós catro millóns de pesetas.

Tamén, o chamado Plan Adicional ou Complementario de 1982, tivo unha grande incidencia no mundo do teatro, organizándose o I Festival Internacional de Teatro, festival que se celebrou durante cinco días consecutivos e simultáneamente nas cidades de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía, levándose gratuitamente ó público un total de dezasete representacións teatrais, nas que se incluía como novedade o teatro ó aire libre cunha especial dedicación ó público infantil. Os diferentes grupos procedían de Galicia, Valencia e Madrid e os extranxeiros de Francia e os EE.UU.

c) Cine

A arte da imaxe viva, o cine, foi aínda menos afortunado, despertando un certo receo entre as institucións oficiais, co que o xenial invento dos Lumiere, houbo de esperar algún tempo para que lle fora recoñecido o seu espacio entre as artes.

A única mención que coñecemos, dentro do pasado século é puramente anecdótica e casual e refírese ó ano 1899, no que o delegado dos Lumiere, Luis Martínez, houbo de ser internado por conta da Deputación, ó sobrevirlle un estado de tolería, no transcurso dunha proxección en Pontevedra, celebrada a só tres anos de ter sido estreado "tan extraño aparato" no Salón Indien de París.


Fora dunha subvención outorgada en 1919 á empresa Galicia-Films para a realización dunha película de paisaxes e monumentos e algunhas esporádicas subvencións a cine-clubs, nada máis podemos aportar neste campo.

d) Fotografía

Polo que respecta á imaxe morta, a fotografía, a maior aportación coñecida é a realización anual do Concurso-Exposición fotográfico polo que se outorgou un grupo de premios ás mellores fotografías presentadas en dita exposición pública. Estes concursos-exposicións veñen celebrándose dende o ano 1973 sen que ata o momento parezan ter logrado rebasa-lo listón do puramente aficionado.

Tivo, sen embargo, unha moi boa acollida entre o público, a chamada exposición "Vinte anos da Vida Pontevedresa", que realizada no propio Pazo Provincial, conseguíu reunir un importantísimo número de fotografías, cedidas na súa grande maioría polo "Diario de Pontevedra, periódico desta cidade.

Coa intención de rematar este longo capítulo dedicado ás artes, debemos dicir, que coa finalidade de promover inquedanzas neste terreo, a Deputación, no ano 1983, aprobaría as bases dun convenio a celebrar coa "Asociación de Fomento da Expresión Plástica e Artística de Pontevedra" para contribuir ó desenrolo dun taller de Expresión, para o que se concedeu unha aportación de tres millóns de pesetas.



7.4

PUBLICACIONS E BIBLIOTECAS

A política bibliotecaria da Deputación tivo a súa aprendizaxe, no século pasado, a través da Biblioteca de Pontevedra, coa que mantivo estreita vinculación durante un longo período da súa historia, como expoñemos no seu capítulo correspondente. Xa máis recentemente este labor canalizouse a través do Centro Provincial Coordenador de Bibliotecas e a partires dos últimos seis anos por medio da súa propia biblioteca especializada, institucións ás que tamén lles dedicamos capítulo aparte.

Ademais desta acción que podemos considerar institucional, a Deputación interveu dunha maneira activa e directa en apoio do libro e publicacións xa dende moi antigo.

a) Publicacións

Excluíndo a publicación do Boletín Oficial da Provincia, iniciado a mediados do ano 1834 a cargo do impresor Manuel Mª Vila, ó que ben podemos considerar como ''incunables'' de Pontevedra, os primeiros testimonios que atopamos, en canto a publicacións se refire, móstransenos a partires do ano 1862 coa subvención outorgada a Hipólito Padui para a publicación da obra titulada ''Opúsculo sobre o Azufrado das Viñas'' ou co compromiso de imprimir, en 1864, a obra de Antonio Valenzuela Ozores ''In Re Rustica Opera Ne Plinio'', á que ademais, a Deputación, outorgara o ''Premio Agrícola'' por un valor de 10.000 reais.

A partires de entón iríase formando unha política de apoio ás publicacións, que, aínda que de xeito informal, fora adquirindo carácter tradicional, acadando os seus mellores momentos entre os anos 1880 e 1910, ano, este último, en que se operou unha acción restrictiva do que segundo se dicía ''...víñase facendo con demasiada prodigalidade'', co que se comenzaría un empobrecemento nesta actividade, actuándose a partires de entón, dun xeito aillado e en moitas ocasións condicionado ós intereses políticos de cada momento, non volvendo recupera-la esplendidez daqueles últimos anos do pasado século e os primeiros do presente.

Houbo nestes últimos anos unha lenta recuperación sen terse logrado aínda un criterio uniforme ou definido, actuándose con pautas semellantes ás do pasado, é dicir, apoiando esporádicamente determinadas publicacións e a través da adquisición dun determinado número de exemplares ou ben asumindo a súa impresión.

Para aproximarnos a unha idea do que foi esta actuación trataremos de moldear ese conxunto de actividades, respostándonos a tres preguntas claves:

1) ¿A quen chegaron estas axudas?

Dun xeito xeral prestábase colaboración preferente ós autores da provincia e ós galegos, ó igual que se fai actualmente. A maioría natural destes autores correspondía ó profesorado do Instituto, das Escolas Normais ou das propias como a Agrícola, instaladas na provincia, aínda que tamén, por suposto, Profesores da Universidade e outros de recoñecido prestixio como Murguía, Valle-Inclán... etc.

2) ¿Qué temas foron os elexidos?

Nesta cuestión podemos dicir que a única liña máis ou menos definida foi a da segunda mitade do século pasado, na que os temas elexidos orientábanse cara asuntos de educación primaria, investigación agrícola e estudios médicos e sanitarios. Posteriormente incluíronse temas históricos, literarios e artísticos e máis recentemente a banda está aberta a tódolos temas que podan resultar de interés, económico, social e cultural, pero sempre no ámbito territorial de Galicia e cunha certa preferencia ó da provincia.

3) ¿Cómo se estableceu a colaboración?

O sistema con que se operou presentábase en varios tipos diferentes de acción. O maioritario é o da adquisición dun determinado número de exemplares, en calidade de subvención, para a publicación dunha determinada obra, variando entre vinte e trescentos como norma xeral, o número de exemplares adquiridos, sen que podamos determinar criterio algún na fixación deste número de exemplares, acadando os maiores volumes os referidos a materias escolares. Naturalmente hai casos atípicos que chegan nos seus extremos entre os dous e os mil exemplares. Os mil exemplares son os da obra "El Apóstol Santiago", adquiridos en 1878. Hai outros moitos exemplos como en 1892, con cen exemplares á obra "Río Lérez" de Celso García de la Riega; en 1894, con cento sesenta exemplares, a de Torcuato Ulloa "Arlequinadas"; en 1900, a obra "Burbujas" de Rogelio Lois; en 1900 e 1903, respectivamente as obras "Cenizas" e "Sonata de Otoño" de D. Ramón Valle-Inclán, tamén en 1903 con setenta exemplares a obra de Victor Saiz Armesto titulada "Análisis y ensayos"; en 1905, con cento cincuenta exemplares, as obras "Cuentos Humorísticos" de Enrique Labarta Pose e "Flor de Santidad" de D. Ramón Valle-Inclán e no mesmo ano con doce exemplares "Problemas de filología comparada" de A. Amor Ruibal.

Naturalmente foron moitas máis as obras e autores coñecidos que participaron destas colaboracións, como Cuveiro, Baldomero Lois, Sara Lorenzana, Rogelio Lois, Hipólito Codesido, Pérez Constantí... etc.

Outra das fórmulas empregadas era a través da simple subvención, sobre todo naquelas obras pendentes de publicación, como en 1867, a obra de Emilio Couto Salud "Aforismos morales..." dotada con corenta escudos; en 1870, a de Emilio Alvarez Giménez "Estudio sobre las faltas del Lenguaje que se cometen en Galicia" dotada con cento cincuenta pesetas; ou as obras de Gerardo Alvarez Limeses "Versos Morales" a de Jaime Solá Mestre "Todo Malo" e a de Ni-

colás Laborda "Historia de Vigo", dotadas con mil pesetas en 1891; e con cincocentas pesetas, en 1897, a obra "La Gallega" de Celso García de la Riega...


En ocasións ofrecíanse ambas posibilidades a elección do propio autor, como en 1880, a Nicolás Fernández pola súa obra "Reconquista de Vigo" ofertándolle cincocentas pesetas de subvención ou a adquisición de douscentos cincuenta exemplares.

Outras fórmulas, xa de menor uso, era a suscripción previa á publicación, dun determinado número de exemplares, como se utilizou na obra "Estudios sobre la época Céltica en Galicia" de Leandro Saralegui y Mendivia, cunha suscripción de vinte exemplares, ou en 1875, a de Darío Ulloa "Bibliografías Gallegas" con oitenta exemplares; ou a suscripción, en 1900, con dez exemplares, da Revista "Galicia Histórica", dirixida por Antonio López Ferreiro.

Pouco usada no pasado pero de maior uso na actualidade, é a fórmula de cubrir enteiramente a publicación, como se fixeron, 1880, a obra titulada "Caldo Gallego", ou en 1903, "Galicia Antigua" de Celso García de la Riega, en 1920, a publicación conxunta, Concello e Deputación, das obras completas de Concepción Arenal, e máis recentemente, en 1983, a obra "Barcos en Galicia" de Gaspar Massó.

Outro método, aínda que o menos usual, foi o de pensionar ós escritores, como se afirma na sesión do 4 de abril de 1873 en que se di ter pensionado a escritores como Martínez Padín e Murguía.


Manuel Murguía é un caso insólito, batendo tódolos records de colaboración e pa-



sando por todo tipo de modalidades incluíndose a de dotación dun soldo, caso único que coñecemos.

Murguía inaugurará en 1860 as subvencións a escritores, concedéndoselle nesta data unha pensión de catro mil reais por cada un dos dous anos que se lle outorgan para a realización da súa dilatada obra "Historia de Galicia".

En 1864 subvenciónase e adquírenselle exemplares da obra "Diccionario de Gallegos Célebres". En 1872, debido ó retraso que sofre a publicación do seu terceiro tomo da Historia galega que está facendo e pola que viña percibindo unha subvención continuada, a Deputación decide reclamarlle as



cantidades percibidas incluso levándoo ó xulgado. Naturalmente esta actitude foi soamente momentánea xa que en 1882 aínda se lle concederá unha nova subvención para remata-la súa obra "Origen de los foros y causas de su decadencia", e en 1885 outórgaselle o nomeamento de Cronista de Galicia polo que a Deputación lle libra un soldo anual de mil duascentas cincuenta pesetas. Seguirá recibindo axuda na continuación da súa "Historia de Galicia" publicando o seu terceiro tomo, en Barcelona en 1889, e reclamando o seu soldo ata as publicacións do seu cuarto e quinto tomo, publicando nese tempo parcialidades "Regionalismo" en 1890, aparecendo os primeiros cadernos do cuarto tomo en 1891 e en 1895 adquiríndoselle douscentos cincuenta exemplares da obra "Eufrosa". Finalmente en 1913 subvenciónarase con mil pesetas a publicación do quinto tomo da súa historia galega, á vez que se acorda facerlle unha homenaxe de toda Galicia polo cumprimento dos seus 80 anos, dez anos antes do seu falecemento no 1 de febreiro de 1923.

Non foi tan afortunada a súa dona Rosalía de Castro, a máis grande poetisa galega de tódolos tempos, á que a súa timidez e humildade non lle permitían as habilidades do seu home, da que tan só temos constancia nunha ocasión, por unha solicitude feita pola Sociedade de Amigos do País no ano 1884, un ano antes do seu falecemento, pola que se pide a adquisición de cincuenta exemplares da obra "A Orillas del Sar", engadindo que non o pide ela pola súa excesiva modestia aínda que "hoxe vive pobre e enferma no seu retiro de Padrón...". A resposta da Deputación é, naturalmente afirmativa, engadindo que nunca deixará no olvido ós seus ilustres.

É moi probable que se pregunte ó lector que facía a Deputación cos exemplares que adquiría. A resposta é que, dende un principio, o que fixo foi repartir ós Deputados dos correspondentes partidos estes libros que á súa vez repartirían entre as escolas do seu distrito ou ben entre os Concellos ou bibliotecas segundo fose a súa temática. Algo semellante se fai actualmente distribuíndose entre escolas, bibliotecas, centros culturais ou organismos oficiais.

Para rematar este capítulo imos mencionar unha importante iniciativa nacida no



Antiga Biblioteca Pública Provincial.



ano 1984 pola que se estableceu un plan de promoción do libro a través da entrega de pequenas bibliotecas básicas e lotes de libros, a fin de estimula-la lectura tanto nos centros rurais como escolares. Esta primeira iniciativa outorgaría, en 1984, 16 bibliotecas básicas cun valor de 4.418.680 pesetas e 75 lotes de libros por valor de 1.790.250 pesetas.

b) Biblioteca de Pontevedra

Na Instrucción para o goberno e admi-

nistración das provincias dada en R.D. de 30 de novembro de 1833, no seu capítulo XII, alude ás bibliotecas públicas e Museos, onde se exorta ós Xefes Políticos a instalar nas súas respectivas provincias estes establecementos a través das compras de bibliotecas malvendidas de falecidos célebres das localidades, adquisicións de libros de autores locais... de tal xeito que poidan suministra-los primeiros libros para a formación dunha Biblioteca Pública.

A Biblioteca de Pontevedra nace ó amparo de dúas institucións educativas instaladas uns anos antes, referimonos ó Instituto e a Escola Normal de Mestres. Segundo coñecemos por Villamil, a Biblioteca de Pontevedra, se formaría cos fondos procedentes dos mosteiros suprimidos por efectos da desamortización, ubicándose no ex-convento da Compañía de Xesús da cidade, onde tamén se atopaban as dúas institucións antes citadas. A apertura parece que tivo lugar o día 2 de febreiro de 1849 aínda que en realidade para esa data a Biblioteca non estaba disponible, segundo se desprende dun comunicado dado polo Director do Instituto D. Santiago P. Pardo, con data 8 de abril do mesmo ano, quen fora o peticionario da instalación da Biblioteca, no que se di "... que non se lle entregou máis biblioteca que unha porción de libros... libros que veñen quedar en número insignificante de obras e aínda éstas incompletas, sendo o resto enteiramente inútiles, pois están reducidas a polvo e montóns de papel, sen que ata a data ingresaran nin máis bibliotecas nin máis libros procedentes de conventos suprimidos, nin por outro conducto..." Engade ademais que se estaba procedendo á organización coa formación de índices realizados por dous catedráticos. Queixase igualmente da imposibilidade de face-lo labor por non ter instaladalas estanterías correspondentes.

Esta pobreza con que, ó parecer, se iniciou a Biblioteca, parecía en principio razonable pois o efecto desamortizador incidíu con maior rigurosidade nos inventarios de xoias que nos documentais e bibliográficos, como se recoñece na Instrucción ós Gobernadores dada en R.O. de 28 de xuño de 1859 "... Malograda a coxuntura de conservar e distribuir con acerto os tesouros que nos seus arquivos e bibliotecas encerraban os Mosteiros e conventos suprimidos, é de grande importancia garda-los últimos despoxos...".

Por outra banda os seus primeiros presupostos deberon ser moi menguados xa que figuraban en conxunto con outros gastos do presuposto do Instituto que á súa vez estaba a cargo dos fondos provinciais.

Non dispoñemos de novas precisas sobre o desenvolvemento da mesma ata o ano 1868, tan só coñecemos que permaneceu anexa ó Instituto e ubicada no mesmo convento de Xesuítas. En sesión de 3 de marzo de 1868 e a proposta do Ex-Deputado D. Indalecio Armesto Laegando "...Tendo en conta que unha das necesidades máis imperiosas é a de instruir ós pobos..." a Deputación acepta a instalación dunha Biblioteca Provincial no Instituto de Segundo Ensino, fixando no seu presuposto 800 escudos anuais para as súas atencións e nomeando ó proponente como responsable da mesma e de inicia-los traballos de inventariado. Inda-

Reglamento de la Biblioteca Provincial.

Título 1º

De la dependencia y gobierno exterior de la Biblioteca.

Capítulo 1º

Art.º 1º La Biblioteca es un establecimiento provincial que está bajo la inmediata dependencia de la Diputacion, la cual consignará en sus presupuestos las cantidades que estime oportunas para el personal y material científico y administrativo del mismo.

Art.º 2º Las cantidades consignadas para material científico, no podrán aplicarse al administrativo, ni al personal, sino que deberán invertirse íntegras en el objeto á que se destinan.

Art.º 3º Una Comision compuesta del Presidente de la Diputacion y dos Diputados tendrá á su cargo la alta inspeccion de la Biblioteca.

Art.º 4º La Direccion y gobierno facultativo y administrativo interior del establecimiento estará á cargo de un profesor facultativo de filosofía y letras del Instituto de segunda enseñanza, que llevará el título de Bibliotecario.

Art.º 5º Por ahora, y sin perjuicio del aumento del personal que exijan las necesidades del establecimiento, prestará servicio en este un portero-mozo de limpieza.

Capítulo 2º

De la Comision Inspectora.

Art.º 6º Son facultades de esta comision: 1º Entender en todo lo relativo á las adquisiciones que hayan de hacerse para la Biblioteca, y en las necesidades relativas al personal y



lecio Armesto manterase ó frente un curto tempo xa que en sesión de 28 de abril de 1870 destituéselle por atoparse fora o interesado e nomease para continua-los seus traballos como bibliotecario ó Deputaddo D. Francisco Fernández Anciles, quén debería inventaria-los libros e obxectos adquiridos cos 9.000 reais gastados do total dos 12.000 presupostados ó efecto para o ano 1870.

A partires de entón, a preocupación da Deputación pola institución faise máis patente, iniciando obras para a habilitación do local en 1872 e rematándoas no 1874, autorizando a compra de enseres e efectos necesarios para o seu funcionamento no 1873, e adquirindo abondosa bibliografía.

No ano 1875, ténse a intención de declarala de carácter público. Os fondos teñen un grande incremento proporcionado polas adquisicións continuadas, a chegada no 1875 de cinco caixóns de libros traídos de Madrid, a adquisición dun lote de libros a Dona Clotilde de Limeses e a integración dun importante legado, en 1879, que totaliza 174 volumes. Tamén se coida a mellora dos fondos, autorizando a Deputación a encuadernación dun total de 200 tomos en malas condidiones.

Vólvense a realizar obras de mellora no local nos anos 1879 e 1881 e ademais dóta-

selle dun Auxiliar. A Biblioteca semella ter uns bons momentos que culminarán en 1884 co nomeamento dunha Comisión da Deputación para a redacción dun regulamento que terá a súa aprobación en sesión de 1 de abril de 1884.

Defínese a Biblioteca como un establecemento provincial baixo a inmediata dependencia da Deputación e será rexida por unha Comisión Inspectora formada polo Presidente da Deputación como Presidente e por dous Deputados como Vocais, correspondendo ó Bibliotecario, Catedrático do Instituto, asumi-la dirección, goberno e administración da mesma.

Noméase como Bibliotecario ó Catedrático do Instituto, Varela de la Iglesia, e dótase dun Auxiliar e Porteiro. Definitivamente, ábrese ó público cun horario de 9 a 14 en invierno e de 10 a 14 durante o verán, pero ademais por acordo expreso da Deputación determínase a súa apertura durante unhas horas pola noite para posibilita-la asistencia dos obreiros.

Regúlanse os préstamos, non permitindo a asistencia a domicilio e responsabilizando ós lectores dos deterioros causados. En definitiva, regulaméntase a Biblioteca.

A Dirección da Biblioteca a cargo de Varela de la Iglesia mantense ata o seu falecemento en 1886, sustituíndoo o Catedrático D. José María Berasategui que cesa en outubro de 1894, no que se nomea con carácter de provisionalidade a D. Álvaro Berasategui.

Os fondos bibliográficos seguen a se incrementar, por adquisicións, algúns dona-

tivos e algúns caixóns máis recibidos de Madrid; do seu volume total, nada podemos precisar, tan só que en 1884 non alcanzara os 5.000 volumes, a partir dos cales sería obrigado nomear un bibliotecario do corpo facultativo do Estado. Aínda que sabemos que en 1887 xa se daban por finalizados os índices completos, elaborados por dous contratados especialmente para o traballo. Para a adquisición de novos volumes e coa finalidade de aforrar e recorta-los seus presupostos, a Deputación impuxo unhas normas restrictivas para as compras que consideraba ata agora feitas con excesiva alegría.

Xa no último lustro do século, procédese a reformas trascendentais. Nos presupostos da Deputación as consignacións van a favor da Biblioteca Nacional e na sesión da Deputación de 29 de novembro de 1898 dáse coñecemento do nomeamento pola Dirección Xeral de Instrucción pública de Bibliotecario a favor de D. Manuel Feijoo Poncet, cesando como tal D. Juan Alvarez Alvarez e D. Alvaro Berasategui ó que pasan a arquiveiro co soldo duplicado.

A partires de entón, a Deputación parece perde-lo control sobre o centro, aínda que segue constatándose consignacións para obras, material e adquisición de libros, incluso en 1899 é aprobada unha partida para o pago de moblaxe da Biblioteca.

A situación do local a comenzos de século parece lamentable, considerada en situación de ruína, co que se determina o traslado ó Palacio Provincial no ano 1907.

Para este ano, consta como Xefe da Biblioteca D. Enrique Zaratiegui. O volume dos seus fondos, coñecidos por efecto do traslado, acadaba a cifra de 8.000 volumes, e seguen a se constatar consignacións para adquisición de libros.

No ano 1919, sesión de 21 de outubro, a Deputación acorda solicitar axuda ó Ministerio para reformas e compra de volumes, argumentando que ata o momento tódolos gastos da Biblioteca están a cargo da Deputación. Parece que a Biblioteca se mantivo instalada no Palacio Provincial ata o ano 1920, no que se traslada a unha Sala próxima ó Arquivo da Delegación de Facenda, onde permanecería ata o ano 1931, no que se traslada ó actual Instituto Provincial Valle-Inclán, entón recén inaugurado, despois de moitos anos de espera, e de aí pasaría definitivamente, no ano 1953, á denominada casa do Barón, actual Casa de Cultura, e por certo moi próxima a trasladarse a un novo edificio recentemente aprobado para a súa construcción.

Non podemos determinar con claridade en que momento se desvencellou a Deputación da institución pero supomos que a partires do seu traslado en 1920 a Facenda, aínda que mantivese subvencións esporádicas.

Sabemos que en 1927, ano no que lle propón a adquisición do diccionario enciclopédico Espasa, se deixa claro o desvencellamento coa Biblioteca de Pontevedra, pois que declaran que se reservan a súa adquisición para a época na que se instale unha futura Biblioteca na Deputación. No 1933, co gallo da xubilación do Arquiveiro e Bibliotecario da Deputación D. Alvaro Berasategui, a Deputación ordena que se investigue se

existiu biblioteca da propia Deputación, e neste caso que se averigue onde foi parar.

E, definitivamente, en sesión da Deputación de 13 de setembro de 1941, acordase facultar á Presidencia para adquiri-los libros indispensables para a formación dunha Biblioteca no Arquivo da Deputación.

c) Biblioteca da Deputación.

Xa no apartado adicado á Biblioteca de Pontevedra, nos temos referido ó vencellamento desta e da Biblioteca Provincial, chegando nalgúns momentos a seren unha soa. Aquí referirémonos á actual Biblioteca da Deputación Provincial.

A partires do ano 1953, no que o último profesional Bibliotecario o Sr. Villaamil, cesou como tal para ocupa-lo seu destino en Madrid, a Biblioteca da Deputación, encontrábase dispersa entre a Biblioteca de Pontevedra, onde foran depositados unha parte dos seus fondos e a propia Deputación, cunha parte de exemplares mesturados no seu propio Arquivo e a outra esparexida entre as distintas oficinas da mesma.

Coa marcha de Villaamil, o abandono da Biblioteca foi absoluto, co que o extravío de volumes foi en aumento ata chegar ó ano 1977, no que se cubriría novamente, cun profesional técnico a praza vacante que deixara Villaamil. A partires de entón, comenzouse un labor de agrupación dos escasos restos existentes, non chegándo a reunir máis que un par de centos de volumes. Coa intención de refacer unha Biblioteca propia, adquiríronse os materiais necesarios e acondicionouse o seu local, non acadando un presuposto propio ata o ano 1979, que aínda sendo escaso, logrou posibilitar unha futura biblioteca.

A actual Biblioteca encóntrase ubicada no propio Pazo Provincial, situada na ala esquerda do piso superior do mesmo, unida fisicamente ó seu arquivo. Ocupa unha superficie aproximada de 70 m^2, accedendo a ela a través dun ascensor.

No momento no que redactamos este apartado, en novembro de 1985, a Biblioteca encóntrase en pleno traslado á pranta inferior do pazo, a un local próximo á súa entrada posterior.

Esta Biblioteca, aberta ó publico en xeral, está concebida cun carácter de Biblioteca especializada, encamiñada fundamentalmente a cubri-las necesidades da propia administración, pero dispoñendo dun servicio de lectura e préstamos que se extende por un igual ós administrados, dispondo dos medios básicos dunha organización bibliotecaria e tendendo a unha modernización progresiva, con inclusión de medios informáticos.

Os fondos bibliográficos, que actualmente rebasan os tres mil volumes, dacordo co dito, oriéntanse en tres direccións definidas: Dunha parte, temas puramente administrativos e lexislativos, cunhas boas colección actualizadas, cos que se pretende cubri-las necesidades básicas da administración, e doutra, ó se-la Deputación un organismo encravado na Comunidade Autónoma Galega, dispón dun fondo básico adicado preferentemente ós estudios de investigación en orde á economía, socioloxía, medicina e sa-

nidade, artes e literatura, de Galicia. Finalmente, dispón dun amplo e actualizado grupo bibliográfico de Historia Moderna e Contemporánea, en función da asistencia necesaria ós fondos documentais do seu arquivo.

Logrouse reunir, ademais, unha ampla serie de folletos locais, unha sección de revistas que supera os trescentos títulos e unhas excelentes coleccións de publicacións oficiais que describimos:

—Gaceta de Madrid e Boletín Oficial do Estado; 1835 a 1860 en cinta microfilm e 1862 a 1985, salvando lagoas, no orixinal.

—Boletín Oficial das Cortes Xerais e Diario de Sesións das Cortes e do Senado: só dos anos 1983 e 1984.

—Boletín Oficial do Parlamento de Galicia: Completo no Orixinal.

—Diario de Sesións do parlamento de Galicia: completo no Orixinal.

—Boletín ou Diario Oficial da Xunta de Galicia: completo no Orixinal.

—Boletín Oficial da provincia de Pontevedra: 1835 a 1939, en cinta de microfilm e 1940 a 1985 en orixinal.


d) Centro Provincial Coordenador de Bibliotecas.

A Deputación de Pontevedra, desexando aporta-la súa axuda á creación dunha rede bibliotecaria na provincia, establece en 1963 un concerto coa Dirección Xeral de Bibliotecas para crea-lo Centro Provincial Coordenador de Bibliotecas, asistido na parte técnica, polo persoal do corpo facultativo e Auxiliar de Bibliotecas destinado na provincia, e na parte económica, pola aportación da Deputación consistente no 1,805 por mil dos seus presupostos ordinarios e polos 2/3 da cantidade aportada pola Deputación que efectúa a Dirección e no seu caso a Subdirección Xeral do ramo.

Nos vintedous anos transcurridos desde a súa creación, o Centro Provincial Coordenador de Bibliotecas evolucionou na forma que se expresa no gráfico e mapa que se insertan a continuación, pasando de 7 bibliotecas en 1963 a 29 ó finalizar 1984, ás que hai que engadir 31 axencias de lectura. No período sinalado o número de volumes existentes nestas bibliotecas pasou de 16.608 a 99.915, e o de lectores de 25.893 a 145.798, mentres o número de lecturas incrementou desde 47.330 a 472.077. No que se refire ós presupostos do Centro, as sesenta e seis mil seiscentas sesenta e seis pesetas do presuposto de 1963, convertíronse nos nove millóns cento sesenta e seis mil seiscentas sesenta e seis pesetas do de 1984.

En 1980, o Goberno do Estado transfire á Comunidade Autónoma de Galicia as competencias sobre Bibliotecas Públicas Municipais e Centros Provinciais Coordenadores, asumindo a Subdirección Xeral de Bibliotecas da Xunta de Galicia as competencias anteriormente exercidas polas Dirección Xeral de Bibliotecas e o Servicio Nacional de Lectura. As aportacións do Centro Provincial Coordenador ás bibliotecas integradas no mesmo, ademais da asistencia técnica e fondo bibliográfico, consisten en suscripcións a

RED PROVINCIAL DE BIBLIOTECAS



1970

8. CRECIENTE
9. BAYONA
10. REDONDELA
11. PUENTECALDELAS
12. TUY
13. LALIN

1975

14. MARIN

1980

15. MONDARIZ
16. SILLEDA
17. FORCAREY
18. NIGRAN
19. BUEU - BELUSO
20. BARRO
21. ISLA DE AROSA

1984

22. LA GUARDIA
23. MORAÑA
24. RIBADUMIA
25. SOTELO DE MONTES
26. SOTOMAYOR - ARCADE
27. PUENTECESURES
28. CUNTIS
29. PRISION PROVINCIAL

1963

1. POIO
2. VILLAGARCIA
3. CALDAS DE REYES
4. LA ESTRADA
5. EL GROVE
6. VIGO
7. LAS NIEVES

CENTRO PROVINCIAL COORDINADOR DE BIBLIOTECAS

AÑO	BIBLIOTECAS
1963	7
1970	13
1975	14
	22
1984	29

AÑO	VOLUMENES
1963	16.608
1970	20.203
1975	62.448
1980	81.181
1984	99 915

AÑO	LECTORES
1963	25.893
1970	78.221
1975	129.092
1980	155.863
1984	145.798

AÑO	LECTURAS
1963	47.330
1970	101.590
1975	267.380
1980	212.293
1984	472.077

AÑO	PRESUPUESTO
1963	66.666
1970	561.923
1975	1.160.600
1980	2.952.837
1984	9.166.666

prensa e revistas nun promedio de quince títulos por biblioteca, moblaxe, máquinas de escribir, ficheiros, material de oficina, catálogo, etc. Tamén promoveu e colabora na celebración da Festa do Libro o día 23 de abril, con reparto de premios consistentes en lotes de libros ós nenos lectores que concurren ós concursos de redacción sendo os seus traballos seleccionados.

No estudio biblioteconómico realizado polo equipo técnico do Centro Provincial Coordenador de Bibliotecas, contémplase a creación de Bibliotecas Públicas en tódolos términos municipais da provincia que aínda non dispoñen deste servicio cultural básico, e completa-la rede bibliotecaria provincial con axencias de lectura e o establecemento dun servicio de bibliobuses que percorra os centros de poboación (parroquias e aldeas) máis alonxados das bibliotecas.

7.5

ESTUDIOS E INVESTIGACIONS

A ninguén se lle escapa o feito de que en España, o sector de estudios experimentais e investigación foi, e aínda o é hoxe, un dos sectores máis sacrificados. Neste senso, a Deputación de Pontevedra, orientou a súa acción nos sectores básicos da nosa economía, a agricultura, gandería e forestación, os aspectos médico-sanitarios, e en insignificante medida, a industria.

A Deputación, que recoñecera á agricultura como o sector básica para a subsistencia dos galegos, amosou unha especial preocupación pola súa mellora e modernización, como se traduce constantemente nas sesións da súa Corporación para a que non escatimou medios, por exemplo, para enviar representacións ás Exposicións Universais, Nacionais ou Rexionais, como a de Londres de 1851, Portugal en 1865, Viena en 1873, París en 1878, Barcelona en 1882, Lugo en 1896, Santiago en 1908 ou a mesma de Pontevedra en 1880... nas que amosaba un especial interés polo coñecemento de tódolos adiantos técnicos.

O labor institucional canalizouse a través da creación e sostenemento da Escola Agrícola no ano 1872 onde se practicaron ensaios na uva, manteiga, alcohol e outros, principiando o establecemento dos primeiros viveiros de prantas (invernadeiros). Actualmente son varias as institucións apoiadas ou sostidas desde a Deputación que traballan neste terreo como a Escola de Lourizán, o Centro Experimental da Misión Biolóxica de Salcedo e as fincas dependentes do Servicio Agrícola da Deputación, de Areeiro, en Salcedo, e Mouriscade en Lalín.

De xeito máis esporádico, encontramos outras testemuñas de colaboración, sírvanos de exemplo a dotación, en 1878, dun importante premio, a aquela investigación que lograse resultados positivos contra os virus da vide, castiñeiro ou millo, o ofrecido en 1884, dentro dos Xogos Florais de Pontevedra, ó mellor traballo sobre os Montes Públicos ou, xa en 1950, a especial axuda concedida ó Profesor Vieitez Cortizo para os seus estudios de erradicación das malas herbas do campo. Tamén para a gandería houbo os seus cursos orientados ás melloras. (Véxase o apartado deste libro de agricultura e gandería).

No terreo Médico-Sanitario, tiveron especial incidencia un grupo de institucións que serviron de iniciación a importantes adiantos, como o antirrábico, pioneiro da súa materia, o antituberculoso, o antipestoso (véxase o apartado Sanidade), e xa máis recentemente no Centro do Hospital Provincial, do que periodicamente sae un impor-

tante número de traballos, algúns publicados na súa propia revista de Anais do Hospital Provincial.

No terreo industrial, en boa razón, a colaboración da Deputación foi menos significativa, xa que Galicia non se caracterizou nin se caracteriza precisamente pola relevancia neste sector. Como exemplos illados e a título ilustrativo e anecdótico, mencionamos algúns como por exemplo a convocatoria de premios en 1864, para os mellores traballos na "Mellora de canalización dos Ríos da Provincia e a utilización das súas augas", ou o premio de 1883, sobre o tema "O estado da industria na Provincia de Pontevedra e medios de mellorala". Pero estes exemplos e moitos outros que poderíamos citar non acadan un nivel de relevancia, sendo a maior contribución a este sector industrial, o esforzo realizado no sistema viario de comunicacións.

Só en 1927, encontramos unha alusión clara e directa da investigación, pola que se anuncia "a necesidade de contribuír á ampliación de estudios de investigacións nas Provincias Galegas" sen que se chegase a unha plasmación real ata 1976, ano no que se convocan por vez primeira un grupo de premios, para estes, dise, sirvan de estímulo á investigación e estudio da Provincia. Os convocados para 1976 foron:

1) Premio a un traballo suscrito por un catedrático da Universidade, os estudios do cal conteñan certa trascendencia no desenvolvemento Cultural, Social e Económico da Provincia.

2) Dous premios á investigación médica considerados de importancia para a medicina provincial.

3) Premio "Daniel de la Sota" a aquel traballo de calquera estudio que conteña certa trascendencia nos terreos social, político ou económico da Provincia.

4) Premios Xornalísticos, que se conceden a un labor destacado en favor da Provincia.

5) Premios Teses Doctorais, a temática das cales abranga o territorio provincial.


6) Premios Teses de Licenciatura, en semellantes condicións ós anteriores, sendo, estes últimos, calificados por un xurado especial da propia Universidade de Santiago de Compostela.

Co paso dos anos, algúns premios desapareceron, como "Daniel de la Sota", e os de investigación médica, os outros manteñense na actualidade con lóxicas variacións na súa cuantía e bases.

No ano 1980, produciuse unha importante variación ó se suprimi-los dous anteriormente citados, convocándose un novo e amplo grupo de premios á investigación, acompañados dunha ducia de becas para estudios específicos que, convocados no presente ano de 1985, tras algúns cambios quedan do seguinte xeito:

1) Dous premios dotados con duascentas cincuenta mil pesetas (250.000) para a investigación e desenvolvemento daqueles traballos que conteñan, claramente explicados, os criterios que permitan a súa posta en marcha.

2) Dous premios dotados con duascentas cincuenta mil pesetas (250.000) para as cien-



Traballos de investigación subvencionados pola Deputación.

cias da terra e do espacio, de aqueles traballos de calquera demarcación científica que contribuian o mellor coñecemento e aproveitamento dos recursos naturais, tanto no ámeto continental coma no marítimo.

3) Un premio dotado con duascentas cincuenta mil pesetas (250.000) para as ciencias humanísticas, en traballos sobre Historia, Arte, Arqueoloxía, Literatura, Música, Socioloxía... etc.

4) Premio "Rodríguez de la Fuente" dotado con cen mil pesetas (100.000) para aquel traballo de investigación en calquera ciencia, daqueles xovenes que non acadaron os vinteún anos de idade.

Tamén, a partires do ano 1980, se convocarían paralelamente as chamadas Becas de Investigación que seguen a se manter desde entón, dotándose ós investigadores nun número de doce, dunhas cuantías mensuais de vintecinco mil pesetas (25.000) durante dous anos como máximo, para a realización daqueles traballos que tivesen sido previamente seleccionados, o requisito básico dos cales é o de seren titulados universitarios.



Bula despachada por Inocencio X º. 1646.

7.6

ARCHIVOS

a) Arquivos da Deputación.

O Arquivo da Deputación é, loxicamente, un Servicio que nace parellamente á propia Institución Provincial, polo que, case sempre, se tivo un especial coidado, como ben o amosaba a Corporación na sesión de 19 de xullo de 1836, poucos meses despois da súa instalación, na que se pide ó Secretario "...alugue por conta da Deputación, un galeón preparado para poñer a salvo de calquera continxencia os papeis da secretaría...". A continxencia á que se alude refírese, naturalmente, ó perigo das gavillas carlistas.

Son innumerables as referencias ó Arquivo de que dispoñemos, referíndose á súa organización, fondos, materiais, locais e ó persoal profesional que o atendeu ininterrumpidamente, desde a primeira aparición en plantilla da praza de Arquiveiro en 1853 ata o cese de Enrique Villamil no ano 1955, a partires do cal, a praza, permanecería sen cubrir, ata o ano 1977 en que comenzou os seus traballos o actual Arquiveiro.

Instalado ata 1890 nos locais do exconvento dos Padres Franciscanos, e trasladándose nese mesmo ano, conxuntamente coa Deputación, ó actual Palacio da Alameda, onde permanecería ata o ano 1983, no que o Arquivo se dividiu en dúas seccións diferenciadas, ocupando, cada unha delas, un local distante entre si.

Actualmente, o Arquivo, está dividido en Arquivo Administrativo e Arquivo Histórico. O primeiro, o administrativo, situado na ala esquerda da pranta superior do Pazo Provincial, ocupando unha superficie aproximada de 70 metros cadrados e compartindo as súas oficinas coa Biblioteca contén, preferentemente, aqueles fondos documentais correspondentes ós cinco últimos anos, xunto a outros, que tendo unha maior antigüidade, teñen, por parte da administración, cotas moi elevadas de consulta.

O Arquivo Histórico, situado na pranta baixa do exconvento de Xesuitas, con acce-

so pola rúa Padre Amoedo, ocupa unha ampla superficie na que se distribúen as súas diferentes salas adicadas a oficinas, consultas, reprografía, clasificación, desinfección, depósitos e servicio de aseos. Dispón dos necesarios medios materiais e dunha boa seguridade con enreixados nas ventás exteriores de dobre ventanal e portas blindadas, con aparatos de prevención contra incendios e aparatos medidores de temperatura e deshumidificadores contra a humidade.

Con ser importante, o dispór de boas instalacións, o realmente fundamental dun arquivo son os seus fondos documentais. Para non extenderse nesta cuestión, resumiremos, dicindo que o volume maior dos seus fondos corresponde ós documentos da propia administración, é dicir, os da Deputación, desde o momento da súa instalación no 1836 ata o ano 1980, incluíndose algunhas outras series, a partires de 1750, doutros órganos absorvidos no seu momento pola Deputación, xunto a outras seccións de institucións que foron ou o son actualmente, dependentes dela, como o Hospicio, Inclusa, Hospital... Illada do contexto xeral, disponse dunha boa parte do Arquivo Familiar dos Camaño, adquirido recentemente, cunha importante documentación que vai desde o século XIV ata o XIX.



Depósito dos. Arquivo Deputación.

Ambos arquivos prestan os seus servicios, con acceso directo, a calquera cidadán que o solicite, se ben, o Arquivo administrativo está orientado a atender con preferencia ás propias necesidades da administración, e o Arquivo Histórico, ás propias da investigación e estudio.

b) Plan de organización de Arquivos Municipais

Vista a importancia histórica dos arquivos da administración local, dado que, os Concellos, tiveron unha grande influencia e poder no desenvolvemento económico e social de certos períodos da nosa historia e máis concretamente entre os séculos XII ó XVI e que aínda na actualidade desenrolan un importante papel, a Deputación, creu prestar un importante servicio, prantexándose, no ano 1982, a realización do chamado Plan de Organización de Arquivos Municipais.

O citado plan impuxérase como obxectivos fundamentais: o inventariar e ordenar, na medida do posible, cun criterio unificado, tódolos Arquivos Municipais da nosa Provincia; o de evita-la constante e indiscriminada destrucción documental que viñeran sufrindo ata o momento, tratando, ademais, de anima-lo adecuamento dos locais a eles destinados; intentar centraliza-la información base (enténdase ficheiros duplicados) nun só



Arquivos Municipales — Bueu en fase de organización.


Arquivo Municipal de Poyo organizado.



punto de traballo, neste caso o Arquivo da Deputación, coa única intención de evitar a estudiosos e investigadores inútiles desprazamentos.

Aprobado provisoriamente, en 1982, o citado plan vense desenrolando con relativa rapidez ata hoxe, facéndose os correspondentes traballos "in situ" que foran iniciados unicamente en tres arquivos, chegándose actualmente a finaliza-la organización nos Concellos de Baiona, Cotobade, Bueu, Poio, Ma rín e Vilanova de Arousa, tendo moi avanzado-los traballos nos de Tui, Redondela, Caldas de Reis, Vilagarcía, Pontecaldelas, Vilaboa e A Estrada.

Neste momento, o equipo de traballo compóñeno un total de trece Licenciados en Letras e o Arquiveiro da Deputación: tres responsables do control e execución contratados pola Deputación e os dez restantes contratados a través dun convenio INEM-Deputación.



Visita da Rexente Maria Cristina ó Museu Arqueolóxico.

7.7

MUSEO DE PONTEVEDRA

Os máis inmediatos antecedentes do Museo atopámolos na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, fundada no ano 1894, por un fato de estudiosos pontevedreses encabezado por D. Casto Sampedro y Folgar que pretendían o estudio e investigación do pasado e a instalación de obxectos antigos no que chamaron Museo Arqueolóxico. Dende os seus comenzos non lle faltou á Sociedade



Praza da leña. Edificio que máis tarde sería Museu Provincial.

o apoio da Deputación que xa na súa sesión do 18 de xaneiro de 1895 acordaría consignar nos seus presupostos unha partida fixa destinada á recén fundada institución.

Como punto de partida e lugar de ubicación dos obxectos lapidarios, elexíu as ruinas do exconvento de Santo Domingo de Pontevedra, e para o seu embelecemento e adecuación a Deputación aportaría 700 pesetas. A sección segunda da Sociedade, a burocrática e de estudios, instalouse provisoriamente no Pazo Municipal da cidade, para moi pronto, solicitar conquerir da Deputación que accedese á súa instalación nun local da planta baixa, próximo á fachada posterior do Pazo Provincial onde permanecería longos anos.

En agosto de 1896, pola Peregrina, tivo lugar a apertura ó público da primeira exposición da Sociedade, convertíndoa en verdadeira apertura ó público do Museo Arqueolóxico.

A Sociedade Arqueolóxica e o seu Museo permanecerían moi vencelladas á Deputación, sobre todo no que respecta ó soporte económico, pois en 1896 xa se comprometeu co sostenemento do xardineiro-vixiante das Ruinas, e nese mesmo ano aportaría as 700 pesetas que custou a adquisición da primeira peza importante, un torques celta de ouro propiedade de D. Carmelo Castiñeira, que sería o punto de arranque do fabuloso tesouro celta que hoxe conserva, co maior dos ceos, o Museo de Pontevedra. Ó vencellamento da Sociedade á Deputación achegaríase algo máis co nomeamento de Cronista da Provincia, en favor do seu Presidente D. Casto Sampedro y Folgar, no 1900, ó que lle asignaría unha cantidade fixa polo seu posto.

No ano de 1901 faise á Deputación unha importante oferta de adquisición dunha colección de 781 pezas antigas propiedades de D. Francisco Pazos Espez, co que se chega ó acordo de ceder en depósito a súa colección para a formación dun Museo no que a Deputación aportará o custo das rendas esixidas polo aluger dun local e o gasto de materiais precisos, por un importe non superior ás 1.000 pesetas anuais, nomeando ó seu propietario como conservador e encargado do mesmo cunha asignación de 1.500 pesetas anuais. Con este acordo funcionarían os dous museos paralelamente ata o ano 1924,



en que por falecemento do seu propietario se suprime o seu posto e crease unha soa praza de Conserxe para ambalas entidades. Parte das pezas máis importantes deste Museo privado pasarían en depósito unhas, e en venda outras, a engrosa-lo Museo de Pontevedra.

Este vencello continuado da Sociedade Arqueolóxica terá a súa culminación na fundación do Museo Provincial, iniciada nunha proposta á Deputación sostida polos señores Gaspar Massó, César Lois e Alfredo Espinosa no 30 de decembro de 1927 pola que se fundaría o MUSEO DE PONTEVEDRA, entidade creada baixo os auspicios da Deputación que se rexiría por un Patronato do que sería o seu Presidente o que o era da Deputación e como membros, o Presidente da Sociedade Arqueolóxica, o representante da Comisión de Monumentos e cinco membros máis de recoñecida preocupación intelectual, elexidos polo Presidente da Deputación a proposta do seu Patronato. O Museo constituiríase daqueles obxectos artísticos, arqueolóxicos ou históricos de interés para coñece-lo pasado da provincia, e ó seu frente estaría un Director, académico e Cronista da provincia, e un Secretario que sería licenciado en Ciencias Históricas.

Con esta proposta, impulsada polo ilustre pontevedrés, e subdirector do Museo do Prado, D. Francisco Javier Sánchez Cantón, daríase aprobación ó regulamento do Museo na sesión da Deputación do 14 de xaneiro de 1924, reunindose por vez primeira o seu Patronato o 30 do mesmo mes e ano. O corpo xestor do seu primeiro Patronato merece a súa mención:

Presidente: D. Daniel de la Sota.
Director: D. Casto Sampedro y Folgar.
Vicedirector: D. Gerardo Alvarez Limeses.
Tesoreiro: D. Raimundo Riestra. Marqués de Riestra.
Bibliotecario: D. José Millán.
Secretario: D. José Filgueira Valverde.

Xunto a eles estaban Castelao, Losada Diéguez, López de la Ballina, Novás...

As primeiras xestións orientáronse á consecución dun local acordando a adquisición da casa, situada na rúa Gregorio Hernández, hoxe Pasantería, propiedade de D. Casimiro Gómez a quen teóricamente e por escritura

se lle adquirira, xa que os cartos que lle correspondían pola venda feita invertiríanse nos primeiros arranxos da casa, ó que naturalmente accedera tras unha premeditada encerrona de amigos.

A Deputación acordaría pola súa parte unha aportación inicial de 25.000 pesetas para o seu adecuamento. Feitas con grande rapidez as primeiras obras tanto do interior como de limpeza e embelecemento das rúas para o que se trouxeron pezas do Pazo de San Román e a fonte da Peregrina, inaugúranse as salas ó público coas festas da Peregrina, en agosto de 1929.

O Museo iniciaríase cun conxunto importante de fondos procedentes na súa maioría da Sociedade Arqueolóxica, membros que se integrarán en Pleno ó Patronato do Museo, e os non menos importantes procedentes do depósito da R.A. de San Fernando e do Museo do Prado e algúns menores privados. Tamén de importancia foron os doativos de Daniel de la Sota, Casto Sampedro, Irmáns Mendoza, Ramona Sobrino, Tomás Abeigón...

Este importante camiño comezado daría como resultados os espléndidos froitos do actual Museo recoñecido como xoia exemplar.

O entusiasmo e unión acadados para a iniciación deste importante labor só se vería lixado por unha intervención da Deputación decidindo unilateralmente reforma-lo regulamento e nomear vocais sen respeta-lo establecido co que se chegaría no ano 1930 a unha crua situación de forte tensión que provocaría a dimisión dun grupo do patronato e as coléricas iras de Castelao que perdendo o control lanzou fortes improperios contra o seu compañeiro e Presidente da Deputación, na loita por librar ó Patronato dunha dependencia tan forte da Deputación. O tema solucionaríase cunha fermosísima carta do noso insigne Castelao que é unha verdadeira lección de humildade e de liberación de mezquindades persoais en favor dunha empresa común, texto que di o seguinte:

"Sr. D. Manuel Casas, Presidente da Deputación de Pontevedra. Meu distinguido amigo. Contesto á sua amable carta, data 22 do corrente. Celebro moitísimo que V. se decida a normaliza-la situación do Patronato do Museo de Pontevedra. Se nese labor lle poido ser útil, conte V. comigo. O Museo de Pontevedra é obra de importancia para a cultura deste pobo, e non sería nobre que por terquedade ou por outra calquera miséria humana entorpecésemo-la súa marcha. Non preciso facerlle historia do que ocurreu na última sesión celebrada polo Patronato, sesión borrascosa da que eu fun, ben a pesares meu, un dos protagonistas máis significados. Creín, creo e seguirei crendo que o Patronato do Museo, é un organismo autónomo respecto á Deputación, autonomía que en nada pode merma-la soberanía desta entidade provincial. D. Casto Sampedro opinaba o contrario e na discusión excedémono-los dous: él nos conceptos primeiro e eu nas palabras despois. Por ser eu o máis xoven e quizais o máis exaltado, visitei a D. Alejandro Mon en compañía do Marqués de Riestra, para que ofrecesen ó seu tío o Sr. Sampedro as miñas sinceras excusas.



Patronato do Museo Provincial 1942.

Ó mesmo tempo, en tódalas partes e diante de todos cantos me escoitaron comenta-lo asunto, signifiquei o meu sentimento por todo o ocurrido, e creo que V. mesmo foi testigo das miñas espontáneas declaracións de pesar. Con esto creo que D. Casto Sampedro ten bastante para a súa satisfacción.- Saúdalle seu sempre afectísimo e ser. que s.m.e. Alfonso R. Castelao.- Pontevedra, 29 de xullo de 1930''.

O asunto finiquítase non aceptando a Deputación a dimisión dos solicitantes e deixando en suspenso o acordo tomado que provocou a situación. Este incidente clarificaría case definitivamente a situación, que unido e xunto á guerra civil e o falecemento dos máis significados membros do Patronato: Losada Diéguez en 1929, José Millán en 1936, Casto Sampedro no 37, López de la Ballina no 38, e Alvarez Limeses no 40 levarían a D. José Filgueira Valverde á dirección, ininterrumpidamente ata a actualidade, a quen se lle debe recoñecer por ser de xusticia o seu moi importante labor en favor da Institución ata convertila nunha das máis importantes de España e a quen acompañou dende sempre a capacidade e entrega do falecido en 1981 D. Alfredo García Alén, posto que ocupa na actualidade D. Carlos Valle Pérez autor da descripción do Museo que insertamos a continuación:

''Dende a súa fundación, o Museo de Pontevedra coñeceu sucesivas ampliacións. Na actualidade, son cinco os edificios de que consta. Catro están situados no recinto monumental da cidade, moi próximos entre sí: As Casas ''Castro Monteagudo'' e ''García Flórez'', sedes centrais da entidade, ambas destacadas mostras de pazos urbanos da segunda metade do s. XVIII; o edificio ''Sarmiento'', nome co que se coñece agora ó Colexio que durante os séculos XVII e XVIII poseeu a Compañía de Xesús na cidade. O quinto edificio, ''As Ruinas de Santo Domingo'', compóñeno os restos —cabeceira e parte do cruceiro, fundamentalmente— da vella igrexa dominicana (s. XIV-XV) de Pontevedra.

Os fondos que se custodian e exiben nestes cinco edificios son dunha extraordinaria riqueza e diversidade. Na actualidade, o Libro de Rexistro supera ampliamente a cifra de 9.000, coa particularidade de que moitos números dan entrada a series completas e non a obxectos individuais. A meirande parte das veces, as pezas que se mostran ou gardan, algunhas de categoría e interés excepcional, teñen un mesmo punto de referencia: Galicia, na súa máis ampla extensión, é, como é lóxico, Pontevedra en particular. Tales premisas, sen embargo, non impiden que nas dependencias do Museo se expoñan significativos fondos doutras procedencias, tanto peninsulares como de latitudes máis lonxanas. Nesta combinación de elementos autóctonos e foráneos, de pezas extrañas e locais, radica sen dúbida, un dos maiores atractivos con que se atopan quen se achegan por primeira vez ó Museo de Pontevedra.



Edificio Castro Monteagudo. Museu Provincial.


a) O edificio Castro Monteagudo

Foi construído en 1760 por un destacado personaxe D. José de Castro y Monteagudo, latinista que ocupou o cargo de Primeiro Ministro da Provincia Marítima de Pontevedra. Foi restaurado e ampliado polo Arquitecto D. Juan Argenti Navajas.

A planta baixa deste edificio alberga salas destinadas a Prehistoria e Arqueoloxía, con series que van dende a máis remota Prehistoria ata o mundo altomedieval. De entre as numerosas pezas que cabe mencionar, merece referencia especial aquí o riquísimo conxunto de orfebrería prehistórica. Sitúanse tamén nesta planta a Sala de Cerámica popular Galega e os talleres de Carpintería e Restauración, que en breve serán trasladados a outro edificio.

No primeiro piso desta casa dispóñense as Salas dedicadas a Pintura antiga, con obras dos séculos XIV ó XVIII distribuídas en seccións diversas. Así nas tres primeiras salas mostranse pinturas sobre táboa, con mostras importantes do Mestre de Langa (finais do século XIV); Mestre de Torralba (século XV); Francisco Solibes, o Mestre de Villarroya (s. XV); Jacomart (s. XV); Bartolomé de Castro (s. XV); Juan Rodriguez de Solís (s. XVI); Pedro Berruguete (s. XVI); Juan de Borgoña (s. XVI), etc. Tamén se expoñen nestas salas numerosas obras de filiación flamenca, entre as que sobresae, sen dúbida algunha, un espléndido díptico da autoría de Quintín Metsys (comenzos s. XVI).

Outras tres salas mostran Pintura Española dos séculos XVI e XVII, comenzos destacados do taller de El Greco, Pantoja de la Cruz, Bartolomé González, Ribalta, López Polanco, Mateo Cerezo, Zurbarán, Puga, Ri-



Tesouro de Caldas.
Museu de Pontevedra.

bera, Círculo de Murillo, etc., destinándose integramente unha sala á exhibición de bodegóns con óleos de Van der Hamen, Loarte, Herrera el Mozo, Zurbarán, etc.

A pintura dos Países Baixos sitúase asimesmo nunha sala, o chamado "Salón Nobre", con obras (s. XVI-XVIII) de David de Teniers Junior, Peter Breghel, Whitos, Kalf, Snyders, Van der Kuil, Erasmus de Bie, etc., acollendo a derradeira estancia desta planta traballos de autores italianos (s. XVI-XVIII), con testemuñas moi interesantes de Carletto Veronés, El Guercino, Salvatore Rosa, Tiépolo, Lucas Jordán, Panini, etc.

Ademais do dito, esta primeira planta contén tamén unha nutrida colección de cruces e outros obxectos de orfebrería; cerámica e porcelana de distintos centros (manises, Talavera e Puente del Arzobispo, dun lado, e Sajonia, Sevres, Retiro, Alcora, etc., de outro) e Escultura Relixiosa, con pezas señeras dos séculos XVI ó XVIII, tanto españolas (dous bustos do círculo de Pedro de Mena; un fragmento dun enterro de filiación vallisoletana, do último tercio do século XVI, etc.), como foráneas, sobre todo italianas (obras de Rusconi, Nocchieri, etc.).



Sala de cerámicas y porcelanas. · Museu de Pontevedra.



Díptico de Quintín
Metsys s. XVI
Museu de Pontevedra



Edificio García Flórez
Museu de Pontevedra.

b) O Edificio García Flórez

Foi mandado construir, avanzado xa o século XVIII, por D. Antonio García Esteve Fariña e a súa dona, Dª. Tomasa Suárez Flórez. A súa restauración é obra do Arquitecto D. Robustiano Fernández Cochón, a quen se debe tamén a "ponte" que comunica esta casa co veciño Palacio "Castro Monteagudo".

Son varias as seccións que se acomodan neste edificio. Na primeira planta atópase a Sala de Azabaches, con numerosas pezas, algunhas de calidade excepcional, constituíndo o conxunto un dos máis significativos, cuantitativa e cualitativamente, existentes hoxe no mundo. Nesta mesma planta e en parte da inferior dispóñense as Salas Navais, nas que se expoñen fondos moi diversos que van dende as orixes da Mariña a recordos dos Descubrimentos, no desenrolo dos que tan alto protagonismo tiveron Pontevedra e os mariños e navegantes nela nacidos ou a ela vinculados, merecendo especial mención nesta esfera mariñeira a Sala en que se atopa o "despacho" do Almirante D. Casto Méndez Núñez, con obxectos e recordos persoais moi valiosos, téndose instalado noutra zona (planta baixa) unha expléndida reproducción da "Cámara" da fragata "Numancia", que o Almirante mandou.

A planta baixa do edificio alberga a Cociña primitiva na que se exhiben numerosos



Virxen de Terracota.
Museu de Pontevedra.

Cociña Galega. Museu de Pontevedra.








Sala de Azabaches.
Museu de Pontevedra.

útiles tradicionais neste tipo de dependencias, situándose nas súas inmediacións sendas vitrinas con materiais de cerraxería galega e da artesanía do liño e a lá; a Sala Romántica, con mobles e interesantes pinturas da época; Salas de Castelao, nas que se expoñen múltiples obras (caricaturas, debuxos, acuarelas, óleos, etc.) e recordos persoais de tan insigne artista, de quen o Museo posee a máis importante colección de orixinais, superando ampliamente a cifra de mil; Sala de Cerámica de Sargadelos, na que se dispoñen pezas que permiten segui-las fases evolutivas deste centro cerámico, e Salas de Cartografía e exemplos de arte tradicional galego.

mara de Méndez Núñez. Museu de Pontevedra.



Por último, na planta baixa atópanse ademais do xa reseñado, a Sala de Mareantes, gremio intimamente unido á historia de Pontevedra; a Capela de San Telmo, presidida por unha bela imaxe compostelana do Santo, do século XVIII, e as Salas de Escultura Relixiosa, nas que se atopan obras tan capitais como dúas figuras procedentes do pórtico da Gloria, atribuíbles, pois, ó círculo artístico do Mestre Mateo (ca. 1200); a Virxen Blanca, unha das mellores esculturas do século XVI en Galicia, asignada reiteradamente a Cornelis de Holanda (ca. 1540), ou os releves pertencentes ó antigo retablo maior da igrexa de Santa María de Pontevedra, obra de Jácome de Prado (1626).

c) O Edificio Fernández López

É o máis moderno dos que compoñen o Museo. Leva o nome de quen o costeou, un dos máis destacados mecenas da entidade. A súa inauguración tivo lugar en 1965, sendo autor do proxecto o Arquitecto D. Alfonso Barreiro Buján. Na década dos 70 ampliouse, segundo proxecto de D. Esteban Murillo.

Fachada Edificio Fernández López. Museu de Pontevedra.








Salas de Pintura. Museu de Pontevedra.

A planta baixa deste edificio está destinada a Sala de Exposicións, Conferencias e Concertos. No primeiro piso dispóñense as Salas de Pintura Española Contemporánea, cunha magnífica e selecta colección de obras que se articulan dende Goya (de quen o Museo, por outra banda, posee series de grabados e un dos máis importantes conxuntos bibliográficos reunidos en España sobre a súa obra e figura) e os seus epígonos ata os nosos días. Aquí poden verse lenzos de Alenza, Lucas, Rosales, Fortuny, Rusiñol, Domingo Marqués, Casado de Alisal, Ramón Casas, Beruete, Regoyos, Sorolla, Mir, Anglada Camarasa, Bilbao, Zubiaurre, Solana, Vázquez Díaz, Palencia e un longo etcétera.



Na planta alta atópanse as Salas de Fillos Ilustres de Pontevedra e Cartografía de Galicia, ademais das dependencias habilitadas para Investigadores, Dirección, Administración, Biblioteca, Hemeroteca, Arquivo, Arquivo Gráfico e Ficheiros. A maioría das Salas que integran a construcción restaurada na pasada década, foron dedicadas recentemente a albergar tamén parte destes servicios.



d) O Edificio Sarmiento

É a máis recente e tamén a máis ampla das cinco edificacións que compoñen o Museo. Albergou as dependencias comunitarias do antigo Colexio da Compañía. O máis destacado do conxunto, ademais do claustro, con dous pisos, é, sen dúbida, a monumental escaleira de comunicación entre as súas distintas plantas, obra feita en 1722 polo Mestre Isidro ou Isidoro López. Dende 1767, ano en que se producíu a expulsión dos xesuítas (aquí estaba nese momento o Pai Isla), ata o seu destino a Museo (a súa inauguración tivo lugar no mes de setembro de 1981) pasou o edificio por múltiples avatares. Da súa restauración e rehabilitación encargouse, con pericia exemplar, o Arquitecto D. Rafael Fontoira Surís.

A planta baixa deste edificio acolle as Salas de Prehistoria e Arqueoloxía. Nelas exíbense Grabados Rupestres, Aras, Estelas, Miliarios e distintas pezas de época altomedieval (capiteles, laudas sepulcrais, etc.).

Nas outras dúas plantas, con diferentes estancias que se articulan en torno ó claustro (as súas galerias dedícanse a exposicións temporais), dispóñense diversas Salas, en parte inauguradas no mes de agosto do presente ano. No primeiro piso atópanse as Salas de Historia da cidade; Iconografía da Virxen Peregrina, azulexos e Arte Galego do século XVIII, todas con obras señeras nos seus campos respectivos, merecendo especial



Reproducción de insculturas de Campo Lameiro. Museu Arqueolóxico no Edificio Sarmiento.



mención, pola súa significación histórica, un óleo de Gregorio Ferro, a súa versión do Cristo de San Plácido, de Velázquez, traballo que lle valeu o acceso á Dirección da Sección de Pintura da Real Académia de Belas Artes de San Fernando, á que concursaba tamén Francisco de Goya. Nesta planta instalaráse en breve a Sala de Alfarería Popular Galega.

Na segunda planta atópanse, por unha banda, tres Salas dedicadas respectivamente a Instrumentos Musicais de Galicia, Cantorais e Fonógrafo. Por outra banda, están as Salas de Arte Galego dos séculos XIX e XX, con esculturas e, sobre todo, pinturas dos máis destacados autores desas dúas centurias (Pérez Villamil, Asorey, Frau, Juan Luis, Corredoira, etc.), reservándose apartados especiais a Manuel Quiroga, con obras da súa autoría e recordos persoais, e, fundamentalmente, ós artistas pensionados pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, entre os que se atopan os grandes renovadores da plástica galega contemporánea: Torres, Souto, Colmeiro, Maside, Laxeiro, etc. Complétase a exposición con Salas dedicadas a grabado galego (o Museo posúe a colección máis importante de Galicia) e Debuxo.

Por último, resta indicar que tanto na planta anterior como na primeira se sitúan tamén os almacéns e prevese o inmediato acomodo dos talleres de Restauración e Carpintería.



Ruinas de Santo Domingo. Museu Arqueolóxico.

e) As Ruinas de Santo Domingo

Coñécese con este nome ó que resta (cabeceira e parte do cruceiro, basicamente) da antiga igrexa dominicana de Pontevedra, construída no esencial durante os séculos XIV-XV. Ata hai moi poucos anos, aquí tiña acomodo a importantísima sección Lapidar do Museo, trasladada en grande parte a outra dependencia. Na actualidade, exhíbense nesta sede enterramentos de diferentes personaxes da Baixa Idade Media, na súa maioría pertencentes á Casa de Soutomaior, que tivo neste templo o seu verdadeiro panteón; numerosos escudos nobiliarios; diversos obxectos desenterrados en excavación feitas "in situ"; pezas varias pertencentes á desaparecida igrexa de San Bartolomeu "O Vello", etc.

f) O Museo de Pontevedra Centro de Estudios

Como complemento absolutamente inseparable de todo elo, debe aludirse agora a outras facetas da actividade desenrolada habitualmente polo Museo, facendo especial fincapé no seu labor de investigación, contemplada xa nos Estatutos fundacionais. A este respecto, interesa sinalar, ante todo, que o Museo de Pontevedra forma parte da Confederación Española de Centros de Estudios Locais (C.E.C.E.L.), organismo sucesor do Patronato "José María Quadrado", pertencente, como él, ó C.S.I.C.; que posúe un riquísimo Arquivo, con fondos de interés excepcional, como os procedentes da Socieda-

de Arquelóxica, os legados Sampedro e Casal, o Arquivo de Mareantes, os Arquivos familiares dos Rodríguez Seoane, Pita Suárez Cobián, Baltar, Camba, Landín, etc., o Arquivo do Marqués da Vega de Armijo, o recentemente adquirido da Casa de Soutomaior, etc.; que conta cunha Biblioteca de máis de 51.000 volumes especializados nos máis diversos campos da Cultura Galega, así como en temas xerais de Historia, Arte ou Goya; que ten máis de 3.300 títulos de publicacións periódicas; que o seu Arquivo Gráfico supera xa as 70.000 cédulas, etc.

Todo este caudal de datos e información, cada vez máis empregado polos estudiosos, permite a realización de importantes proxectos de investigación. Neste senso, e entre outras liñas de traballo que cabe reseñar, merecen detallada mención os labores de Dirección, Supervisión, Coordenación ou Investigación directa que levan a cabo os equipos do Museo (persoal de plantilla, becarios e colaboradores) encargados da confección da Catalogación Arqueolóxica e Artística, tanto da provincia de Pontevedra (elaboración dos Inventarios de Xacimentos Arqueolóxicos, Epigrafía e Patrimonio Arquitectónico de interés histórico-artístico, tarefas ás que deben unirse ás intensas e fructíferas campañas sistemáticas de prospeccións e excavacións arqueolóxicas), senón tamén ó resto de Galicia, traballo posibilitado polo Convenio de Cooperación suscrito polo Patronato coa Fundación "Pedro Barié de la Maza, Conde de Fenosa", Froito desta relación é a publicación de importantes e sólidos estudios, tanto monográficos como de carácter xeral.



Museu Provincial. Sala de Conferencias.



Museu Provincial. Sala de Exposicións.

Outras moitas actividades sería preciso comentar para ter unha idea exacta do labor que fai o Museo cotidianamente: exposicións (celebradas xa máis de 150); organización de Seminarios, Cursos, Coloquios, Ciclos de Conferencias, etc.; programación de Concertos, algúns xa tradicionais na vida musical de Pontevedra, como o "Concerto á luz dos Candelabros", de Música en Compostela.

Rematouse de imprentar
este libro
o día 11 de Xuño de 1986,
coincidindo cos tres anos
de goberno da presente
Corporación Provincial de Pontevedra

Diputación
ntevedra
36-1986

Iren-Se

La Lanza

del
ierra
Sauido

Arbo

Portugal

Castillo de Sotomayor

Castillo de Villa-Sobroso

Pont.ª S. Payo

Redondela

Puente Areas

Sordomar

Río Miño

Río

Timón

Rande

Vigo

Bayona la Real

Monasterio
Sta M.ª la Real de Oya

La Guardia

Monte Tecla

Cangas

Islas Cies

Lugo

Sierra del Faro

Monasterio de Carboeiro

Golada

Lalín

Río Deza

Torre de Cira

Caldas de Reyes

Río Ulla

Torres del Oeste

Villagarcía

Cambados

Río Umia

Monte do Castro

Ponteareas

Río Tea

Ponteareas

Río Louro

Ponteareas

Río Verdugo

Pontevedra

Río Lérez

Sanjenjo


Marín


Bueu

Isla de Arosa

El Grove

Isla Ons




DIPUTACION PRO

A DEPUTACION de PONTEVEDRA

1836 • 1986

INCIAL